Débase recordar, asemade, que as editoriais fabrican os libros de texto seguindo os criterios que as autoridades educativas establecen, que os editan en función da rendibilidade económica e tamén “simbólica” que deles esperan obter, en función dos grupos ideolóxicos e económicos que posúen o control desa empresa editora, mais tratando de respectar o marco lexislativo que establecen o MEC e as Consellerías de Educación. Para que un libro poida ser empregado, chega co visto e prace outorgado ao proxecto do mesmo que a empresa editora presenta ao Ministerio de Educación ou á Consellería correspondente². O libro de texto é a concreción na práctica das prescricións oficiais das autoridades educativas e funciona como unha ponte entre estas e o profesorado. O profesorado, no momento no que escolle un libro, asome e acepta o currículo oficial. Un currículo imposto no que se prescinde da colaboración do profesorado que queda, deste xeito, convertido no encargado de ensinar de forma mecánica os coñecementos que un grupo de expertos considera importantes. Alguén decide e selecciona os coñecementos que se consideran imprescindibles para desenvolverse na sociedade, incluso decide que coñecementos son máis valiosos, xa que non todas as materias teñen a mesma consideración. Nesta selección de coñecementos e contidos cómpre ver a omisión dos pobres, dos marxinados, do mundo rural, das outras culturas, en definitiva dos diferentes, dos “outros”. Exclúese o conflito e preséntase unha sociedade sen problemas que debemos aceptar tal e como é. Decídese que cultura se quere transmitir e resulta ser unha cultura eurocéntrica, perpetuadora do patriarcado, centrada no mundo urbano, nos grupos sociais e nos valores hexemónicos, afastada das culturas silenciadas e das razas marxinadas. Conséguese, deste xeito, crear o que Bourdieu define como un *habitus*³,

un sistema de disposicións durables e transferibles _estruturas estruturadas predispostas a funcionar como estruturas estruturantes_ que integran todas as experiencias pasadas e funcionan en cada momento como matriz estruturante das percepcións, das apreciacións e das accións dos axentes cara a unha circunstancia ou acontecemento que el contribúe a producir.

conséguese a interiorización dun concepto de cultura que o individuo vai perpetuar.

Conta o profesorado, para cumprir coas prescricións curriculares e dese xeito propagar esa cultura prescrita, cunha ferramenta ideada para que non teña que pensar: o libro de texto, que se converte nun elemento de control sobre profesorado e alumnado. E o sistema funciona desde o momento en que a meirande parte do profesorado non é consciente deste papel de colaborador que se lle atribúe

² BOE 04/09/1998: Real Decreto 1744/1998, de 31 de xullo, sobre uso e supervisión de libros de texto e demais material curricular correspondentes as ensinanzas de Réxime Xeral.

³ BOURDIEU, Pierre (1972): *Esquisse d'une théorie de la pratique, précédé de trois études d'ethnologie kabyle*, Droz, Ginebra, 1972, p. 17.

e que desenvolve de xeito inconsciente. Estamos lonxe da pedagogía do silencio, do profesor silente, que non ausente, que guía e orienta o alumnado para que este investigue, razoe, descubra e desenvolva valores críticos ante a aprendizaxe.

Todo docente precisa ser consciente de que cando se fala de “cultura” e, en concreto desde as institucións escolares, de “diferenzas culturais”, estamos a utilizar categorías de análise e de valoración que implican, máis ou menos implicitamente, funcións políticas. As distintas culturas presentes nun mesmo territorio non comportan valoracións e funcións semellantes, senón que, pola contra, traducen relacións de poder asimétricas entre os diferentes colectivos sociais que as xeran e avalan⁴.

Por outra banda o libro de texto é tamén un elemento de enlace entre o profesorado e o alumnado, que dependen del para desenvolver a meirande parte das actividades nas aulas. No propio libro os coñecementos aparecen organizados dun xeito determinado, os obxectivos están, asemade, establecidos, aparecen modelos de actividades para alumnado e profesorado, modelos de exames de avaliación... Conforme Jurjo Torres⁵:

O reduccionismo do currículo e da función da escola é obvio, só existe o planificado e o previsto e, o que é tan ou máis importante, os docentes deben concentrarse en alcanzar os obxectivos, non en cuestionar o seu valor e, moito menos, alteralos ou substituílos.

Redúcese, deste xeito, o nivel de cualificación do profesorado que simplemente executa o que persoas alleas á súa situación educativa concreta elaboraron para que non tivese que pensar. A partir do uso que o profesorado fai do libro de texto, o alumnado asome que nel se condensan os coñecementos valiosos e lexítimos que debe adquirir.

1.3 Xustificación

A necesidade de investigar acerca dos libros de texto xustifícase polo simple feito de que son as ferramentas por excelencia nos procesos de ensino-aprendizaxe que se producen nos centros escolares, de feito son a única ferramenta nas mans do alumnado e son o primeiro e o último referente para a elaboración das tarefas escolares que se lle encomendan. Ao usarse en todas as aulas convértese nun instrumento de traballo globalizador que transmite a imaxe lexitimada e “correcta” da vida social e os modelos e as situacións que a clase dominante propón e que pode, deste xeito, converterse nun impedimento á hora de loitar contra as distintas formas de discriminación que existen na nosa sociedade.

⁴ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar*. Madrid: Ediciones Morata, p. 79.

⁵ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1998): *El currículum oculto*, Madrid: Ediciones Morata, p. 51.

Non esquezamos que non sempre están ao alcance do alumnado as novas tecnoloxías e outros recursos didácticos de interese para o desenvolvemento dun espírito crítico e o contraste da información procedente de diversas fontes. Para que o profesorado deixe de ser un mero executor da política educativa da administración, cómpre realizar análises críticas dos libros de texto e do material curricular e tratar de descubrir como se constrúen no texto os coñecementos sobre o mundo, que clase de coñecementos non aparecen de xeito explícito no texto, pero transmítense implicitamente a través da selección que nel se fai do contido icónico e lingüístico, é necesario investigar como actúa o texto sobre alumnado e profesorado. Convén lembrar que:

Un dos nosos problemas básicos, en tanto que educadores e seres políticos, consiste en empezar a captar xeitos de entender como os tipos de símbolos e recursos culturais que as escolas seleccionan e organizan están dialecticamente relacionados cos tipos de conciencia normativa e conceptual esixidos por unha sociedade estratificada⁶.

Non debemos esquecer que os feitos seleccionados nos libros non son neutros, son elixidos en función da cultura dominante e reproducen esa cultura no uso que neles se fai de textos e imaxes. Mediante a análise dos manuais adquirimos unha nova percepción da relación que existe entre o ensino das distintas materias e os prexuízos e falsidades que son transmitidas ao alumnado e ás que en grande medida contribúen os medios de comunicación, polo que a investigación de libros de texto pode considerarse unha actividade multidisciplinar na que profesionais da socioloxía e profesorado de distintas materias participan na mesma medida.

Para Gunther Kress⁷, a educación é un proceso social e cultural que, como moitos outros, implica a transmisión de valores culturais e de significados sociais, pero, a diferenza deles, no caso da educación esta transmisión é o seu obxectivo fundamental. Os medios, a publicidade, as diferentes manifestacións da cultura popular e moitas outras institucións son instrumentos da reprodución cultural; todos os procesos sociais tratan, en parte, da súa propia reprodución, porén a educación céntrase na reprodución da cultura, esa é a súa razón de ser, e aínda que todas as interaccións sociais implican demostracións de poder, no caso da educación isto vese reforzado a través dunha característica conxunción de poder e coñecemento. A educación como institución constitúese na diferenza, a diferenza de coñecemento, poder, idade e, con frecuencia, a de clase. Respecto dos *textos*⁸ das institucións educativas é importante entender que *discursos* de coñecemento, moralidade, autoridade, xénero e poder aparecen e cales son dominantes á hora de constituír os *textos*; isto pode axudarnos a identificar os contidos reais, o currículo oculto.

⁶ APPLE, Michael W. (1986): *Ideología y currículo*. Madrid: Akal, p.12.

⁷ KRESS, Gunther (1990): *Linguistic Processes in Sociocultural Practice*. Oxford University Press, pp. 1-18.

⁸ *Textos* entendidos como manifestacións dos *discursos*, tanto escritos como verbais, e do significado destes.

Nos últimos trinta anos produciuse unha transformación económico-social a escala global. No plano económico tivo lugar un cambio e pásase, da produción en masa e o consumo de bens, a unha flexibilidade na acumulación de bens. A devandita flexibilidade convértese nun concepto e unha práctica clave que abrangue, tanto a innovación tecnolóxica na diversificación da produción, como a flexibilidade do mercado laboral onde o traballo temporal e a tempo parcial vanse converter no patrón. Politicamente, o neoliberalismo establécese internacionalmente e os profundos cambios económicos dan paso a unha nova etapa postindustrial na organización do capitalismo moderno. As transformacións culturais coñecidas como postmodernismo poden considerarse a faceta cultural dos cambios económicos. Os avances na tecnoloxía da información, principalmente nos medios de comunicación, subxacen a ambas as dúas transformacións, a cultural e a económica, proporcionando novas formas de experiencia e coñecemento e novas posibilidades de relacionarse na distancia por medio da televisión e da rede. Estes cambios sociais ofrecen novas posibilidades e oportunidades para moitas persoas pero, á vez, causan graves trastornos e sufrimento na sociedade, na comunidade e individuos por destruír determinadas industrias, obrigar a millóns de persoas a emigrar, etc.

O sistema educativo non pode permanecer de costas aos cambios que se producen na sociedade e que afectan á vida cotiá da cidadanía. J. Torres⁹ fala de doce tipos de revolucións (na tecnoloxía da información, nas comunicacións, na ciencia, na estrutura das poboacións, nas relacións sociais, na economía, na ecoloxía, na política, na estética, nos valores, no traballo e ocio, no sistema educativo), que provocan importantes transformacións na sociedade e da necesidade de sometelas a análise crítica cara a determinar o modelo de educación que precisan as novas xeracións. O currículo debe ter en conta os beneficios que os logros destas revolucións aportan ás persoas pero tamén os perigos que presentan se non se afrontan adecuadamente. Moitos destes avances propician a inclusión ao tempo que xeran novas formas de exclusión daquelas persoas que non poden incorporalos á súa vida cotiá. A educación ten que ter en conta as desigualdades que isto produce na sociedade e poñer os medios para contrarrestala, afrontando retos como a alfabetización dixital de toda a poboación, a adaptación das TICs aos procesos de ensino-aprendizaxe atendendo aos intereses e necesidades do alumnado e rexeitando o mercantilismo propio das sociedades de consumo, desde a ética que debe primar o uso destes medios para evitar convertelos nun instrumento de manipulación e divulgación dun coñecemento tendencioso ao servizo dos poderes hexemónicos.

Para manter a actual orde económica, política, militar, social e cultural o propio sistema precisa controlar, censurar, aquela información considerada desde as súas atalaias como inadecuada. [...] con demasiada

⁹ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *Op. cit.* cap. I, pp. 15-208.

frecuencia convértense en redes mediáticas propagandísticas, altosfalantes de manipulación, ao servizo dos grupos que en cada momento teñen máis peso nos gobernos correspondentes e, incluso, os controlan¹⁰.

Aspectos como a situación xeográfica, as capacidades de cada individuo, o nivel educativo, a idade, o sexo, o nivel económico non deberían xustificar a exclusión de persoas e colectivos no momento de beneficiarse dos cambios; porén, e debido á interrelación entre as revolucións sociais que nunca se producen illadamente senón que se inflúen mutuamente e actúan como orixe, motor e destino a un tempo, as exclusións tampouco se producen nun único eido. A xustiza social non é allea á xustiza curricular; o currículo non debe contribuír a normalizar as exclusións, máis ben debería ser sometido a revisión permanente para asegurarse de que cumpre o obxectivo da educación: colaborar na formación integral das persoas axudándolles a coñecerse e analizarse criticamente cara a participar na co-construción dun mundo mellor.

Tanto se consideramos os cambios beneficiosos como prexudiciais, convén subliñar que son amplamente percibidos como inevitables. A complexidade e globalidade destes procesos económicos e sociais conduce a un sentimento de incompreensión, indefensión e impotencia. Porén, estes cambios son, en parte, como mínimo, o resultado de estratexias concretas exercidas por persoas concretas coa finalidade de acadar uns obxectivos concretos nun sistema concreto. Constatamos, pois, que determinadas formas sociais xeradas por persoas e que, igualmente, poden ser cambiadas por persoas, son aceptadas como se fosen naturais. Xorde, neste contexto, a necesidade de realizar análises críticas que non só iluminen este mundo no que vivimos senón que tamén nos amosen que alternativas potenciais sen explotar existen, como acentuar os aspectos que melloran a vida do ser humano e como mitigar os que son prexudiciais. É neste mesmo contexto e no marco da teoría crítica onde proxectos de investigación como o que se promove nesta tese atopan lexitimidade e xustificación.

O texto impreso permite a súa análise en dous niveis, o do contido explícito e lexítimo desde a perspectiva institucional, e o do contido implícito, o currículo oculto, os valores que implicitamente sobreentendemos e asociamos ao contido lingüístico e icónico. Convén recordar que a reprodución da cultura hexemónica se dá no que se di, no que se manifesta, pero tamén no que se omite.

Unha xustificación máis personalizada da tarefa que emprendo a través desta tese vén determinada pola miña condición de docente e, como tal, de persoa comprometida coa educación ao tempo que interesada en contribuír á construción dunha sociedade máis xusta tamén mediante o exercicio profesional. As persoas que temos a oportunidade de ensinar a mocidade (e aprender dela) colaborando na súa formación temos, tamén, a responsabilidade de preguntarnos se o que estamos

¹⁰ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *Op. cit.* pp. 26-27.

a facer responde ás necesidades e expectativas dos destinatarios, se todos os elementos que interveñen na nosa actividade docente son respectuosos coas persoas consideradas individual ou colectivamente, sen exclusións. Sen dúbida as respostas a estas preguntas conducen necesariamente a pór en cuestión tanto o papel que estamos a desempeñar no proceso ensino-aprendizaxe como as ferramentas didácticas que utilizamos e a forma como, docentes e discentes, interactuamos con elas e entre nós. Para co-construír unha sociedade máis xusta cómpre adoptar unha actitude de compromiso cunha educación crítica que favoreza a xustiza curricular da que fala J. Torres¹¹:

A xustiza curricular é o resultado de analizar o currículo que se deseña, pon en acción, avalía e investiga tomando en consideración o grao no que todo o que se decide e fai nas aulas é respectuoso e atende ás necesidades e urxencias de todos os colectivos sociais; axúdalles a verse, analizarse, comprenderse y xulgarse en canto persoas éticas, solidarias, colaboradoras e corresponsables dun proxecto máis amplo de intervención sociopolítica destinado a construír un mundo máis humano, xusto e democrático.

As aulas son unha pequena representación da sociedade na que están inmersas, unha sociedade plural, policultural, na que todas as persoas que a integran teñen algo que aportar ao proceso de reconstrución e mellora da mesma; por iso é importante que todos os colectivos e todas as culturas estean representadas, que se lles recoñeza a súa propia identidade e se lles dea voz nos materiais curriculares, sempre desde a normalidade á que se chega a través do respecto á diferenza, valorando os aspectos positivos e fuxindo de representacións deturpadas, estereotipadas ou anecdóticas. Os materiais curriculares non poden estar ao servizo dos intereses hexemónicos, non deben ser vehículos de transmisión dos patróns culturais que o poder político queira impor.

A través do compromiso cunha educación crítica é factible destapar o currículo oculto, evidenciar o poder oculto nos modelos culturais que os libros de texto propoñen; ao tempo que co-analizamos eses modelos contribuímos a abrir a mente do noso alumnado capacitándoo para enfrontarse ao futuro como persoas adultas autónomas, libres e solidarias, respectuosas consigo mesmas e cos demais. Só desde o respecto será quen de convivir, de comprender e aceptar as diferentes opcións persoais (crenzas, sexualidade, etc), de compartir os espazos, oportunidades e recursos, de enfrontarse á diversidade cultural, étnica, social e lingüística que un mundo cada vez máis globalizado e diverso pon ao seu alcance. Esa diversidade está xa presente na familia e nas institucións escolares que, sendo as primeiras unidades de socialización e de convivencia coas que se enfronta unha persoa e que condiciona a maneira como, no presente e no futuro, a persoa interactúa coa sociedade na que vive, teñen a responsabilidade de xestionar con eficacia, sabedoría e xustiza a pluralidade, reducindo as tensións, desequilibrios e conflictividade que poida xerar.

¹¹ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *Op. cit.* p. 11.

Canto ás institucións educativas e, por inclusión, ao profesorado, a responsabilidade é maior por ser, en moitos casos, o primeiro lugar de encontro cos “outros” polo que é necesario favorecer unha convivencia que non derive en desencontro, pois o alumnado entra xa cunha bagaxe cargada de comportamentos estereotipados e prexuízos de clase, racistas e discriminatorios fomentados pola familia e pola propia sociedade a través dos medios de comunicación e, cómpre dicilo, dos propios sistemas educativos; para contrarrestalos é necesario visualizalos como veñen facendo colectivos e organizacións que loitan polos dereitos humanos, pola igualdade de xénero, contra o colonialismo, contra o abuso do poder político ou económico, etc; loita na que tamén cómpre recoñecer a contribución das persoas que, a través dos seus traballos de investigación, axudan a crear un espazo común: o da discusión cara a espertar/satisfacer inquietudes que comprometan a cidadanía na tarefa de co-construír un mundo mellor cultivando a curiosidade da que fala J. Torres¹²:

A curiosidade é a clave do pensar, polo tanto é preciso reivindicar a non indiferenza ante o Outro, algo que pasa tamén por reivindicar un espazo no que estar xuntos, no que poida facerse realidade o dereito á diferenza, pero nunca a diferenza de dereitos.

Teremos fracasado se como profesoras e profesores non somos quen de impulsar no noso alumnado, desde o coñecemento, a análise e a reflexión crítica, comportamentos non individualistas e unha comprensión de si mesmos como seres sociais, cuxa existencia vén refrendada pola existencia do outro, uns e outros membros indispensables e necesarios na construción dunha sociedade máis xusta, sensible e democrática.

1.4 Obxectivo da tese

O obxectivo inmediato deste proxecto de investigación, encadrado na liña da análise crítica dos contidos, é facer unha análise crítica do contido dos materiais didácticos utilizados nunha aula de inglés de 4º de ESO, profundar especialmente na análise icónica e lingüística do libro de texto e pescudar sobre a presentación que nel se fai dos temas socioculturais. Pretendemos probar a hipótese de partida e reflexionar sobre a nosa práctica pedagóxica como profesionais do ensino comprometidas/os coa formación de persoas críticas. Concíbese esta tese como un estudo de caso que nos conduza a intervir no proceso ensino-aprendizaxe cara a co-construír co noso alumnado unha sociedade máis xusta, enfrontando o currículo oficial ao currículo oculto e evidenciando o poder agochado que converte as aulas en escenario da transmisión de valores socioculturais vinculados ao sistema. Para conseguilo establecemos outros **obxectivos máis específicos**:

- Pór de manifesto as ocultacións, estereotipos e diversas formas de discriminación agochadas na selección de contidos.

¹² TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *Op. cit.* p. 270.

- Constatar a utilización real dos libros de texto nas aulas da ESO (con que modelos didácticos se traballa e con que consecuencias)
- Observar, analizar e valorar como se transmiten no contexto da aula os contidos socioculturais do mundo anglosaxón, como interactúan alumnado e profesorado entre si e co manual obxecto de análise no proceso de creación de significados.
- Probar a correlación existente entre a hexemonía lingüística do inglés e a hexemonía socio-política e cultural de determinados países e modelos políticos, económicos e sociais.
- Intervir no proceso ensino-aprendizaxe, proporcionando aos axentes implicados nel unha listaxe bibliográfica como base documental que facilite o seu exercicio profesional e o desenvolvemento de futuros proxectos de investigación; elaborar e pór a disposición do profesorado elementos que posibiliten a análise crítica do material curricular: fichas, táboas, cuestionarios e este propio traballo de investigación.

Nunha primeira fase documental, de cara a establecer un paralelismo entre a hexemonía do inglés no sistema educativo e a hexemonía lingüística nunha comunidade, país, etc., analízanse **os aspectos socioeconómicos e a súa relación coa expansión das linguas** (cap. 2), a relación entre o poder económico e político e a globalización lingüística, a contribución da educación, a través da exclusión e da imposición, na perda da identidade cultural e lingüística.

A aceptación, por unha banda, da existencia dunha conexión natural entre a lingua falada polos membros dun grupo social e a súa identidade e, pola outra, de que os membros dun determinado grupo, que senten que a súa identidade cultural e política está ameazada, tenderán a concederlle unha especial importancia ao mantemento da súa lingua, lévanos a profundar, nesta fase documental, en **traballos de investigación centrados no imperialismo lingüístico** (cap. 3) como os de, entre outras/os, David CRYSTAL (1987, 1997, 2001, 2003), Rosina LIPPI-GREEN (1997), Donald MACEDO (2005), Alastair PENNYCOOK (1994, 1998), Robert PHILLIPSON, (1992, 2003, 2010), Tove SKUTNABB KANGAS & Robert PHILLIPSON (1995) ou Tove SKUTNABB-KANGAS (2002).

Nunha segunda fase documental, descríbese o marco teórico no que se inscribe a cuestión a analizar (cap. 4) que comprende **anteriores análises de manuais** onde podemos distinguir obras xenéricas que recollen pautas para a análise de libros de texto, como é o caso da guía de Falk PINGEL (2010) que, aínda que centrada no estudo de manuais de historia, adianta a importancia da análise de manuais de linguas estranxeiras baseándose na información cultural que transmiten e no feito de

que conforman a imaxe que o alumnado ten do país; *ou obras específicas*, orientadas ao estudo de trazos racistas, de clase ou sexistas como, entre outras, as de Marina SUBIRATS (1993), Marina SUBIRATS e Amparo TOMÉ (1992), Rafael GRASA (1988a, 1988b), Andrée MICHEL, (1987) a de Gentil PUIG I MORENO (1996), sobre estereotipos etnoculturais, ou a tese de doutoramento de Silvina PARICIO TATO (*Los aspectos socioculturales en el currículum de Francés como lengua extranjera. De los condicionantes externos a la realidad del aula.* 2002), realizada baixo a dirección do profesor Jurjo TORRES SANTOMÉ e centrada no estudo dos aspectos socioculturais no currículum do Francés como lingua estranxeira.

Profundamos na técnica da **análise de contido** (Cap. 4) coa análise e lectura de traballos, como os de, entre outras/os, Laurence BARDIN (1986), Klaus KRIPPENDORFF (1997, 1982) ou Robert Philip WEBER (1990). Esta técnica permitiunos, mediante os procedementos de categorización e codificación, manexar a ampla cantidade de datos coa que se traballou nesta tese e obter a información descritiva necesaria para pasar a unha etapa posterior de análise en profundidade recorrendo á metodoloxía cualitativa.

Pensando na identidade cultural como nas distintas identidades ás que a persoa se adscribe, dependendo das circunstancias e dos interlocutores, ou nas categorías que as distintas sociedades empregan para clasificar a súa poboación, entroncamos cos **traballos pertencentes á análise crítica do discurso** (Cap. 5) como os de, entre outras/os, Norman FAIRCLOUGH (1989, 1992, 2001), Norman FAIRCLOUGH, Giuseppina CORTESE & Patrizia ARDIZZONE (2007), Gunther KRESS (1990), James Paul GEE (2005a, 2005b), Sigfried JÄGER (2001), Teun A. VAN DIJK (1999, 2001) ou Ruth WODAK e Michael MEYER (2003). Os **traballos que ofrecen exemplos de estudos de caso e de diversas técnicas de análise cualitativa** (Cap.5) como os de, entre outras/os, Marcus BANKS (2010), Michael BASSEY (1999), Norman K. DENZIN (1978), Norman K. DENZIN e Yvonna S. LINCOLN (1994, 2008), Uwe FLICK (2004), E.G. GUBA e Y.S. LINCOLN (1985, 1989), Steinar KVALE (2010), S.B. MERRIAM, (1988), M.B. MILES e A.M. HUBERMAN (1994), Helen SIMONS (2009), Robert STAKE (1980, 1998), H.F. WOLCOTT (1994) ou Robert K. YIN (2009), proporcionannos as ferramentas necesarias para constatar como funcionan nas aulas os manuais, que uso fan deles alumnado e profesorado e como interpretan os contidos que neles se inclúen.

Achegámonos á dimensión sociocultural a través dos aspectos lingüísticos e extralingüísticos nos libros de texto de linguas estranxeiras e analizamos a evolución na metodoloxía do inglés, familiarizándonos, tamén, nunha terceira etapa documental, cos **traballos de persoas que investigan a relación da lingua co contexto e coa cultura ou da lingua coa identidade cultural** (Cap. 6) no proceso de ensino-aprendizaxe dunha segunda lingua; nos últimos vinte/vintecinco anos, a

importancia do contexto e da cultura no proceso de ensino-aprendizaxe véñse desenvolvendo desde distintas perspectivas cuxas orixes se atopan, en parte, na teoría e na práctica do ensino de linguas e que responden, en grande medida, ao recoñecemento da significación política e social do ensino de linguas. Os avances en termos do contido do ensino de linguas, a énfase nos actos de fala, nas funcións da linguaxe e na análise de necesidades conduciron a un recoñecemento dos discentes como actores sociais que se relacionan dun xeito específico coa lingua que aprenden; a maneira de relacionarse vén determinada polas condicións socioculturais e políticas nas que están inmersos. O contexto así entendido convértese nun concepto complexo, como o concepto cultura. Nesta liña de investigación atopamos os traballos de, entre outras/os, autoras/es como Claire KRAMSCH (1996, 1998), ou Michael BYRAM (1988, 1998, 2008), que engaden unha dimensión sociocultural á análise dos manuais. Michael BYRAM parte dun concepto máis antropolóxico de cultura, o estudo de linguas estranxeiras debe enfocarse como un xeito de entrar noutro modo de vida diferente, perspectiva que senta as bases dunha educación multicultural coa aceptación da alteridade. A cultura non se concibe illada, como unha quinta destreza, senón que está detrás de cada acto de comunicación e forma parte mesma da linguaxe que é o instrumento por excelencia da interacción social; Claire KRAMSCH sostén que é necesario evitar reducir a cultura a uns trazos estereotipados e que hai que contar cos factores xénero, raza, idade e clase social. Mantén, a autora, que existen diversas “culturas auténticas” dentro dunha mesma sociedade dependendo das distintas variables contextuais e que cómpre transcender o ensino pragmático adoptando un enfoque crítico que evite a perspectiva do turista-consumidor.

Enfrontamos os aspectos máis prácticos da tese noutras dúas fases: a análise icónica (cap. 7) e lingüística (cap. 8) dos materiais didácticos xa mencionada e o estudo de caso (cap. 9); a través da análise crítica do discurso queremos deixar constancia do tipo de inglés que os manuais transmiten e ver que papel xoga esta linguaxe na estruturación das relacións de poder na sociedade e, mediante o estudo de caso, considerando a aula como un contorno onde non só se reproducen senón que tamén se crean significados, observar como profesorado e alumnado usan os manuais, e analizar criticamente como son tratados os contidos socioculturais. En ambas as dúas praxes tómase o personaxe como unidade de análise e establécense os obxectivos, metodoloxía, criterios de selección do material, das imaxes e dos textos a analizar, fórmulanse as categorías temáticas e elabóranse os documentos necesarios para a recollida de datos (cap. 6). O último nivel de concreción ocúpao o estudo de caso ou informe de investigación (cap. 9) que se encadra nunha perspectiva cualitativo-interpretativa, e co que tentamos constatar, mediante os métodos e técnicas propios da investigación cualitativa, como interactúan profesorado e alumnado co libro de texto na transmisión e aceptación dos contidos socioculturais; que contidos xorden desta interacción e durante a mesma;

como co-constrúen alumnado e profesorado a realidade sociocultural; que contidos culturais emerxen durante a interacción do profesorado co libro de texto e se estes contidos teñen o libro como única fonte ou proceden, igualmente, da experiencia vital da profesora. Para isto aplicamos as técnicas propias da investigación cualitativa: observación, entrevistas e análise de documentos. Procédese, finalmente, a tirar as conclusións da tese (cap. 10).

A diferenza doutros traballos, non nos limitamos á análise e detección dun único trazo discriminatorio. Podemos dicir, asemade, que a contextualización xeográfica deste traballo de investigación, Galicia, é unha novidade, pois a única investigación similar realizada nesta comunidade, a tese de doutoramento de Silvina Paricio, xa citada nos antecedentes deste traballo, a diferenza desta investigación sobre o inglés, está centrada no estudo do francés como segunda lingua; novidade é, igualmente, o enfoque que, neste traballo de investigación, se adopta no que respecta á hexemonía político-económica como determinante da hexemonía lingüística do inglés, o que nos conduce á análise da política plurilingüista da Unión Europea e das súas consecuencias na Comunidade Autónoma de Galicia, que se recolle no estudo de caso que constitúe a última parte do Cap. 3 desta tese. A existencia dun traballo similar permite, ademais, comparar as conclusións de ambas as dúas investigacións a fin de comprobar se o enfoque no ensino de linguas estranxeiras, no que atinxe aos contidos socioculturais, é o mesmo ou se ten variado desde que se realizou o outro estudo. Tamén podemos considerar novidade a materia proposta para estudo, a Lingua Inglesa, xa que os traballos mencionados anteriormente como “análises previas de manuais” céntranse, na súa maioría, no estudo de libros de ciencias sociais, ou na análise dun único trazo discriminatorio. Ningún se ocupa do ensino da materia de inglés como lingua estranxeira, nin realiza o estudo do contido de manuais de inglés coa finalidade de constatar: como se transmiten os valores dos grupos hexemónicos a través das ocultacións de calquera colectivo ou situación que implique cambio ou conflito; como, a través do contido dos manuais, se transmite unha imaxe deturpada da realidade e os valores, ideas e coñecementos que os grupos dominantes consideran os adecuados; como, asemade, a transmisión da cultura se limita a unha serie de trazos estereotipados desde unha perspectiva de turista-consumidor, o que impide aproveitar o estudo dunha lingua estranxeira como unha oportunidade para emprender unha educación multicultural coa aceptación da outridade.

CAPÍTULO 2: INFLUENCIA DOS FACTORES SOCIOECONÓMICOS NA EXPANSIÓN DAS LINGUAS AO LONGO DA HISTORIA

2.1 Introducción

Desde unha perspectiva lingüística, considérase que as linguas xorden como froito da necesidade humana de comunicación polo que o seu dominio se converte nun valioso instrumento ao facilitar a relación entre as persoas. Desde unha perspectiva económica¹³, o conxunto das actividades de produción, circulación e distribución dos medios de vida na sociedade, que forman a súa estrutura económica, precisa dunha lingua común que posibilite ditas actividades. Conforme Adam Smith a lingua é unha necesidade na procura de benestar e de desenvolvemento económico; no seu libro *Teoría dos sentimentos morais* especula sobre o nacemento das linguas

Dous salvaxes, a quen nunca se lles ensinou a falar, pero que foron criados afastados da sociedade, comezarían, de xeito natural, a formar esa linguaxe coa que se esforzarían en facer os seus desexos intelixibles entre eles, emitindo certos sons cada vez que quixeran nomear determinados obxectos¹⁴.

O feito de que as distintas rexións do planeta posúan diferentes recursos e de que algunhas delas carezan do que noutras abunda, levounas a especializarse na produción de determinados bens coa finalidade de intercambialos por outros. Prodúcese, pois, derivada das necesidades comerciais, unha inevitable relación entre as distintas poboacións, que implica o contacto entre as linguas. Para Adam Smith é o egoísmo das persoas o que xera riqueza e benestar social, polo que considera que, rexéndose pola lei da oferta e da demanda, estas competirán por conseguir as maiores ganancias nos intercambios de mercadorías. As linguas como instrumentos necesarios desta actividade económica serán utilizadas para facilitala, así, a lingua que mellor posibilite as relacións económicas prosperará, e aquela menos útil quedará relegada. Se aceptamos o egoísmo como motor da economía, as linguas, como instrumentos desta loita por acadar os maiores beneficios, competirán expandíndose ou declinando ao ritmo da hexemonía económica das sociedades.

A organización das sociedades en función da xerarquía económica supuxo, en todas as épocas, a necesidade de instruír as persoas nunha lingua determinada para reforzar as relacións produtivas. Este tipo de organización social promoveu a expansión dos idiomas en función das institucións socioeconómicas e, á vez, definiu a forma en que as persoas debían empregar a linguaxe dentro delas. Porén, nun principio, a lingua escrita foi unicamente patrimonio das elites dominantes e o seu posterior espallamento a outros grupos sociais respondeu a intereses económicos. Nos núcleos sociais pequenos, organizados en función da posición dentro da familia e da posesión de terra, a formación das persoas facíase por aprendizaxe e eran as autoridades relixiosas as encargadas do control social e da estandarización da lingua. Nas sociedades máis avanzadas a instauración de sistemas educativos para estender, entre outras cousas, a aprendizaxe das linguas, responde á visión

¹³ BORT, Antonio (2009): *Principios de microeconomía*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces. p. 6.

¹⁴ SMITH, Adam (1774): *The theory of moral sentiments*. The Fourth Edition. London: Printed for W. Staham. p. 437.

organizativa dos que ostentan o poder económico e político. A expansión do ensino regrado e, consecuentemente, das linguas prodúcese, dun xeito sistemático, no contexto das relacións imperiais e coloniais co obxectivo de lexitimar e perpetuar a estrutura social e transmitir as súas regras e preceptos.

Cando grupos de falantes que usan linguas diferentes entran en contacto, existe a probabilidade de que unha lingua se expanda en detrimento doutras, a análise histórica parece confirmar que isto non só é unha probabilidade, senón un feito evidente que levou, entre os miles de linguas existentes no mundo, ao ascenso dunhas e ao descenso e desaparición doutras. A análise do fenómeno do dominio dunhas linguas sobre outras pon de manifesto, consonte Ronald Wardhaugh¹⁵, a existencia de factores que inciden na expansión ou recesión dunha lingua, os que, conxunta ou individualmente, adquiren maior ou menor importancia en función das circunstancias. Porén, tras cada un destes factores existe, normalmente, unha motivación económica.

Para Wardhaugh, a primeira condición necesaria para que unha determinada lingua poida penetrar no territorio doutras é a oportunidade xeográfica que facilite a migración e o movemento das poboacións, e conduza, deste xeito, ao contacto entre as distintas linguas. A xeografía e a facilidade nas comunicacións son, sen dúbida, factores esenciais para pór en contacto poboacións que usan distintas linguas. Pero, ademais, é necesario considerar que os motivos que impulsan as persoas a moverse duns a outros lugares da terra son, primordialmente, económicos, relacionados ou co comercio e coa necesidade de encontrar rexións mellores para vivir ou coa necesidade de someter outras zonas para beneficio económico dos invasores.

Outro factor a ter en conta é o efecto que exercen os grandes núcleos de poboación, xa que neles os problemas da diversidade lingüística tenden a ser eliminados. As capitais e grandes núcleos comerciais convértense en centros culturais, económicos, sociais, e de goberno que tenden a influír e dominar as áreas rurais próximas. Convén, igualmente, considerar a influencia da racionalidade económica neste aspecto, xa que é a que goberna o funcionamento dos grandes centros comerciais e de negocios que funcionan nas cidades e núcleos de poboación importante. Tal feito necesariamente impón a uniformidade de normas e lingua. O maior peso económico e comercial das grandes urbes impón a hexemonía lingüística sobre zonas dispersas con menos poboación.

Wardhaugh considera, asemade, que a conquista militar é outro factor esencial no proceso de espallamento dun idioma, sendo a cotío as incursións bélicas o instrumento que leva a unha lingua a difundirse nunha determinada dirección, debido a que a conquista militar dun territorio conduce ao seu control político, e este manifesta a súa influencia mediante a elección que fai da lingua ou linguas

¹⁵ WARDHAUGH, Ronald (1987): *Languages in Competition*. Nova York e Londres: Basil Blackwell & André Deutsch, pp. 6-16.

que serán empregadas na educación, na administración e nas leis. Cómpre entender que o poder militar das nacións está en relación directa coa súa capacidade económica; deste xeito, a posibilidade de expansión dunha lingua por medio de exércitos organizados e mariñas estará nas mans das nacións que economicamente poidan soportar os custes das operacións militares. O nacemento de clases guerreiras nas antigas sociedades xorde do feito de que canto maior é o número de persoas dominadas polo grupo gobernante, maior é o número de escravos dispoñibles ou de terras suxeitas a tributo, é dicir, a cultura da guerra e da conquista tivo sempre o obxectivo de acadar riqueza tanxible, pero ao mesmo tempo criou castas guerreiras que tiñan como razón da súa existencia o estado de guerra, polo que moitas das accións expansivas non foron motivadas pola utilidade¹⁶.

A relixión, igualmente, pode constituír un elemento importante no proceso de difusión ou declive dun idioma, xa que o principal vehículo de espallamento das propias ideas relixiosas é a lingua oral ou escrita. O prestixio histórico e cultural dun determinado idioma pode, asemade, chegar a ser o factor que decida a eclipse doutra lingua considerada menos importante. A relación entre o grao de difusión dunha lingua e os factores relixiosos e de prestixio histórico e cultural deixa entrever unha conexión co nivel económico da sociedade xa que o sostemento e desenvolvemento de castas sacerdotais e intelectuais xurdiu como consecuencia da capacidade produtiva dos pobos para permitir que parte dos seus membros se puidesen dedicar a actividades non produtivas. A análise histórica reflicte que as linguas alcanzaron o seu maior prestixio no momento de maior prosperidade económica dos pobos dos que xurdiron.

A persistencia e dependencia de antigos vínculos coloniais moito despois da desaparición dos imperios que deron lugar a eles, o que se coñece como neocolonialismo, inflúe, tamén, no nivel de difusión das linguas. Neste caso, ademais das relacións de dependencia antes mencionadas, é necesario considerar as cuestións do prestixio cultural e histórico da lingua dos colonizadores, as antigas linguas coloniais seguen sendo as linguas do prestixio e do poder, da mobilidade e da oportunidade e do privilexio. Igualmente resulta evidente que o colonialismo, como factor de difusión das linguas, ten unha estreita relación coa capacidade económica dos países, xa que as nacións colonizadas teñen unha estrutura social e un poder militar inferior ao das colonizadoras que poden custear exércitos e mariñas poderosas que lles permiten manter o dominio nas zonas colonizadas e tamén universidades nas que crear un coñecemento lexitimador da súa superioridade intelectual moral e social; un exemplo sería a construción do discurso eurocéntrico que lexitimou a explotación e as invasións.

¹⁶ SCHUMPETER, Joseph A. (1965): *Imperialismo y clases sociales*. Madrid: Editorial Tecnos, p. 98.

A pesar de que os factores que determinan a expansión das linguas interactúan entre si de maneira complexa, E.G. Lewis¹⁷ considera que encaixan en catro categorías:

1. As actitudes que as persoas adoptan respecto das linguas ameazadas e das que as ameazan.
2. As relacións entre os falantes das diferentes linguas: a súa relación xeográfica e histórica e as consecuencias que desas relacións se derivan.
3. Un grupo de factores entre os que atopamos os económicos, demográficos, educativos, de mobilidade etc.
4. Factores ideolóxicos relacionados coas crenzas políticas, culturais ou relixiosas e como isto afecta ás linguas que entran en contacto.

Estes factores individual ou colectivamente determinan que as persoas elixan deixar unha lingua e adoptar outra ou que se resistan a renunciar ao seu idioma.

A pesar da influencia destes factores no plano social, para Wardhaugh¹⁸ a decisión individual dun falante de adoptar unha lingua determinada, tanto se é froito da súa elección como se o é da imposición, prodúcese ben porque lle ofrece algunha vantaxe, ou ben porque responde a unha necesidade política, social, cultural, educativa ou relixiosa. Podemos considerar, polo tanto, que a utilidade é o motivo primordial que conduce á adopción dunha lingua, o que vincula a expansión da mesma ao poder económico.

A expansión dunha lingua apóiase na unidade dos poderes políticos, relixiosos e militares; o dominio lingüístico derivado das conquistas militares precisa da protección dunha nación economicamente forte que o poida manter e expandir e, á vez, de estabilidade política. A actual distribución a nivel mundial das linguas máis faladas, como o inglés, o árabe, o español, o chinés, o francés ou o ruso, é a consecuencia das conquistas militares e ocupacións que conduciron á adopción da lingua dos invasores debido aos beneficios que lles reportaba aos falantes. A situación actual das linguas indica que cando unha comunidade de falantes triunfa economicamente no escenario internacional, a súa lingua triunfa. David Crystal escribe, respecto da lingua inglesa, que hai razóns complexas que apuntan a motivos de índole económica:

Unha lingua non se converte en global debido ás súas propiedades estruturais intrínsecas, ou pola amplitude do seu vocabulario, ou porque teña sido o vehículo dunha grande literatura no pasado, ou porque se asociou, nun tempo, a unha grande cultura ou relixión. Sen dúbida todos estes son factores que

¹⁷ LEWIS, E.G. (1982): *Movements and agencies of language spread: Wales and the Soviet Union compared*, en Cooper (1982), pp. 217-59.

¹⁸ WARDHAUGH, Ronald (1987): *Op. cit.* pp. 1-20.

poden levar a alguén a aprender unha lingua, pero ningún deles só, ou conxuntamente con outros, pode asegurar a difusión mundial dunha lingua¹⁹.

2.2 A lingua na antigüidade

A historia amosa que non existiu ningunha sociedade sen fala. Para organizar a vida social, calquera grupo de persoas desenvolveu unha forma de comunicación oral. A lingua escrita, porén, non xurdiu en moitos pobos ou, para unha maior precisión, a invención da escritura sucedeu contadas veces na historia da humanidade²⁰. Á diferenza da fala, a lingua escrita precisa de instrución adecuada para abordar o seu uso, é dicir, unha persoa non educada no coñecemento da escritura terá vetado o acceso ao contido dun documento, neste sentido pódese dicir que a escritura pode ser utilizada como un poderoso instrumento de control social por dar acceso ao coñecemento só a aqueles que sexan instruídos para descifrar o contido dun documento²¹.



Figura 1: Rexións de nacemento das primeiras linguas e alfabetos da antigüidade. Fonte: <<http://www.unizar.es>>

A invención da lingua escrita representou unha grande vantaxe para os estamentos de goberno con respecto á comunicación oral, xa que permitiu exercer o poder desde a distancia mediante o establecemento de leis e estándares para administrar rexións remotas. Deste xeito, o documento escrito converteuse nun medio de control social e, ao mesmo tempo, nunha eficaz maneira de

¹⁹ CRYSTAL, David (1997b): *English as a Global Language*. Cambridge: Cambridge University Press, p. 9.

²⁰ BLOOMFIELD, Leonard (1933): *Language*. New York: Holt, Rinehart & Winston, p. 13.

²¹ SENNER, Wayne (2001): *Los orígenes de la escritura*. Mexico: Siglo XXI Editores, S.A. de CV. p. 18.

controlar os intercambios comerciais, créditos, préstamos, etc., é dicir, permitiu abordar a economía dun xeito máis complexo e eficaz.

Os vestixios históricos indican que a aparición da civilización trouxo aparellada unha maior dificultade na organización económica. Isto levou a impulsar a unificación dos pesos e das medidas e tamén a especialización das actividades laborais, nacendo, entre outras, profesións específicas como médico, enxeñeiro ou arquitecto. As civilizacións máis antigas coñecidas teñen en común que se desenvolveron preto de ríos fértiles (o Éufrates, o Nilo e o Río Amarelo), onde os habitantes podían producir máis do que necesitaban. Aos sumerios débémolles inventos, como a roda e o arado, que permitiron aumentar a produción de alimentos; isto conduciu á creación de mercados que levaron a unha maior especialización do traballo e á planificación da agricultura. A economía na sociedade sumeria organizábase nos templos onde se planificaban os proxectos comunais e tiñan lugar os intercambios de mercadorías. Destes intercambios mercantís xurdiu a necesidade de facer rexistros, que, á vez, orixinaron a aparición da escritura.

Os restos arqueolóxicos encontrados en Mesopotamia corroboran que a maioría dos documentos tratan de asuntos económicos relacionados con vendas, contratos, préstamos e diarios de mercadores. A necesidade dos poderes políticos e relixiosos de levar rexistros administrativos dos regos, a drenaxe e a produción agrícola impulsou o uso de pictogramas, gravados en táboas de arxila antes do 3000 a. de C., que, co tempo, se converteron no sistema de escritura cuneiforme. A medida que a organización da economía, restrinxida nun principio ao servizo dos templos, evolucionou cara a unha maior liberdade de empresa, as táboas de arxila serviron para rexistrar contratos e intercambios comerciais máis amplos que se fixeron obrigatorios por lei. Pero a instrución na escritura non podía darse a todos, xurdindo así a profesión dos escribas, que se encargaban de levar os rexistros e a contabilidade dos homes de negocios²².

O aumento da alfabetización nas antigas cidades de Babilonia foi, por tanto, impulsado pola economía. O comercio fixo necesarios o mantemento de rexistros, os impostos e a organización da produción; asemade, o comercio espallou a escritura de Mesopotamia por outras terras. Baixo o dominio dos acadios, as cidades sumerias gañaron máis influencia e, consecuentemente, a comunicación escrita fíxose indispensable para o goberno²³. A vida cívica empezou a estar suxeita á lei, e a necesidade do control das relacións económicas cobrou importancia.

²² CHIERA, Edward (1938): *They Wrote on Clay*. Chicago: University of Chicago Press, p. 67.

²³ HAWKES, Jaquetta e WOOLEY, Leonard (1963): *Prehistory and the Beginning of Civilization*. New York: Harper and Row, p. 504.



Figura 2: Asentamentos sumerios e acadios e desenvolvemento da escritura cuneiforme. Fonte: <<http://www.unizar.es>>

No ano 1792 a. de C. Hammurabi chega ao trono na cidade de Babilonia desde onde iniciou unha política de expansión e conquista dos estados veciños até converterse en rei de Mesopotamia. Tras a dominación militar, Hammurabi abordou a unificación das leis dispersas polo imperio nun único código e nunha única lingua escrita tallada en bloques de basalto que se colocaron ao longo de todo o imperio. Seguindo a vontade divina, o código trata de establecer a orde social e asegurar a prosperidade económica do reino, regulando os salarios, os prezos, os honorarios, a actividade laboral, a responsabilidade dos profesionais e a actividade mercantil, incluído o comercio marítimo. A lingua escrita convértese nun instrumento do poder establecido para conseguir obxectivos económicos, tal como se pode ler ao principio das leis:

Foi entón cando Anu e Enlil ordenaron a Hammurabi, príncipe piadoso que teme aos deuses, para que proclamase xustiza na terra, para que destruíse a maldade e a perversidade, para que evitase que o forte oprima ao débil, para que se erixa como Shamash sobre toda a humanidade, iluminando a terra; eles conságraronme, para que mellore o benestar da miña xente.

[...]

E así, cando Marduk me encargou dirixir a xente para que se comportasen correctamente, puxen **na lingua do país a lei e a xustiza e así fomentei a prosperidade das xentes**²⁴.

A lingua escrita máis antiga do mundo nace como instrumento do poder político, relixioso e económico. Mesopotamia, situada nun enclave de rutas comerciais, era xa un importante campo de

²⁴ RICHARDSON, Mervyn (2004): *Hammurabi's Laws*. London: T&T Clark International, pp. 29-41.

actividade de mercadores que intercambiaban mercadorías procedentes da India e de Extremo Oriente co Mediterráneo e o Norte de África²⁵. As constantes referencias do código de Hammurabi á actividade mercantil reflicten a importancia que tiña o traballo dos mercadores na prosperidade económica do reino e, consecuentemente, a necesidade do poder político, militar e relixioso daquela época de asegurar o correcto funcionamento do comercio cunha lei escrita na lingua do imperio máis próspero do seu tempo.

O sumerio converteuse na lingua de máis valor do mundo e foi o modelo de lingua escrita no seu tempo. Conseguiu, con isto, unha enorme capacidade competitiva sobre outras linguas; grazas ao artificio da escritura e a súa utilidade económica e comercial o sumerio logrou expandirse e dominar outras linguas de xeito que, cando os acadios dominaron a economía e accederon ao goberno, tiveron que aprender a escribir a súa lingua co sistema sumerio. O contacto das dúas linguas deu lugar a unha situación de bilingüismo, na que o sumerio, por ser a referencia escrita, funcionaba como lingua de prestixio. O sumerio serviu como recurso de desenvolvemento doutras linguas e, consecuentemente, estas adoptaron moitas palabras sumerias, polo que se expandiu a través delas²⁶.




Figura 3: Rexións da expansión exipcia e da súa lingua. Fonte: <<http://www.unizar.es>>

²⁵ LIU, Xinru y SHAFFER, Linda N. (2007): *Connetions Across Eurasia: Transportation, Communication, and Cultural Exchange on the Silk Roads*. New York: McGraw Hill.

²⁶ OPPENHEIM, A. Leo (1964): *Ancient Mesopotamia: Portrait of a Dead Civilization*. Chicago: University of Chicago Press, p. 249.

Sobre o terceiro milenio a. de C. o pobo exipcio, tamén, inventaba outra maneira de escribir e, aínda que os vestixios sinalan que foron os motivos económicos os que levaron a tal invención, a maioría dos documentos encontrados están relacionados co culto relixioso, o que nos leva a aceptar que este foi un dos principais factores que influíu na vida dos antigos exipcios. Os lingüistas aseguran que era difícil aprender o sistema de escritura exipcia, o que o converteu nun idioma só accesible para unha elite interesada en manter o seu estatus a custa da ignorancia da maioría que quedaba destinada aos labores máis duros. Este impedimento e o pouco interese dos exipcios polo comercio exterior conduciu ao confinamento da súa lingua ás ribeiras do Nilo²⁷.

Porén, a máis grande expansión lingüística da antigüidade non foi promovida polos imperios mellor organizados política e militarmente da época como Exipto ou Mesopotamia, senón polo interese económico dun pobo de mercadores, os fenicios, asentados nunha encrucillada comercial na costa do actual Líbano e con pouco poder militar, se os comparamos cos seus veciños. Este pobo orientou a súa actividade ao comercio marítimo con todas as rexións costeiras do Mediterráneo e do Mar Negro chegando até a costa atlántica da Península Ibérica e do Norte de África. Estableceron colonias estratexicamente situadas para os seus fins comerciais que serviron de puntos permanentes de abastecemento para os navíos durante as súas longas viaxes. Pódese dicir que as travesías dos fenicios deron lugar a nexos perdurables en toda a súa extensa zona de influencia, non só comerciais senón tamén culturais e lingüísticos. Para aumentar a eficacia da súa actividade económica inventaron un alfabeto que mellorou e simplificou o sistema de xeroglíficos e a escritura cuneiforme. O sistema alfabético desenvolvido polos fenicios tivo na simplicidade a súa maior virtude; foi, precisamente, esta simplicidade, que o facía doado de aprender, o que fomentou a súa expansión. Non pode dicirse que as propiedades estruturais da escritura fenicia fosen o factor determinante do seu nivel de expansión con respecto ao sistema cuneiforme ou xeroglífico, cuxo coñecemento estaba circunscrito aos escribas; en realidade, foron as necesidades creadas pola expansión do comercio as que levaron á invención dunha linguaxe útil e de máis doada aprendizaxe para os mercadores, que eran xente con menos tempo para aprender a lingua que os escribas e sacerdotes.

O espallamento da lingua fenicia dedúcese do feito de que o seu alfabeto foi, dun ou doutro xeito, a base dos alfabetos grego, latino, cirílico, hebreo e árabe, incluso algúns estudosos consideran que tamén deu orixe a algúns idiomas do continente asiático. Neste sentido, o alfabeto fenicio foi a escritura de máis difusión no mundo. Polo contrario, outras linguas da época baseadas na escritura

²⁷ CHILDE, Gordon (1941): *Man Makes Himself*. London: Watts, p. 187.

cuneiforme e exipcia, asociadas ao poder político, relixioso e militar de imperios moito máis poderosos que os fenicios, non conseguiron a difusión que tivo a lingua dos mercadores²⁸.




Figura 4: Rutas do comercio fenicio e da influencia da súa lingua. Fonte: <<http://www.oocities.org>>

É necesario resaltar, igualmente, que a grande expansión fenicia non gardaba relación coa súa capacidade militar; de feito, unha das principais causas da súa caída foi a súa inferioridade militar con respecto aos seus veciños. Para os fenicios, a guerra e a existencia dun exército poderoso para adquirir territorios non foron necesarias, de feito, é a debilidade militar das cidades fenicias, puxantes centros económicos da época, debido aos beneficios da súa expansión comercial, o factor que decidiu a súa decadencia por mor dos ataques dos grandes Estados Mesopotámicos que querían conseguir saída expedita ao mar co obxectivo de controlar o lucrativo comercio marítimo²⁹. Dado o estado de comercio libre que imperaba naquel tempo na maior parte do Mediterráneo, a expansión pola forza só parece necesaria cando non hai igualdade de concorrencia aos mercados. Isto conduce a pensar que a existencia de comercio libre, mercados abertos, e concorrencia igual ás materias primas fan innecesaria a tendencia á dominación e ao imperialismo³⁰.

²⁸ COULMAS, Florian (1989): *Writing Systems of the World*, Basil Blackwell. Oxford, pp. 158-177.

²⁹ GÓMEZ PANTOJA, Joaquín (2009): *Historia Antigua (Grecia y Roma)*. 2ª edición. Barcelona: Editorial Ariel, p. 32.

³⁰ KEMP, Tom (1987): *Theories of imperialism*. Londres: Dobson Books, p. 95.



Figura 5: Zonas de influencia do comercio e da lingua grega e fenicia no século VI a. de C. Fonte: < <http://www.escolar.com> >

Paralelamente á actividade comercial marítima dos fenicios comezou no Mediterráneo, a partir do ano 1200 a de C., a dos gregos que empezaron a fundar colonias, estendendo a súa fala e difundindo o seu alfabeto aos pobos indíxenas do interior. Como resultado de intereses comerciais, prodúcese esta colonización que dará como resultado a expansión dos distintos dialectos gregos polo Mediterráneo. O alfabeto grego foi tomado do fenicio e mellorado coa introdución de vogais o que facilitou o rexistro dos intercambios comerciais:

Todo isto supón un feito fundamental: a invención do alfabeto grego, que é un derivado do semítico setentrional, ao que engade, como se sabe, os vogais. Probablemente foi o invento dunha soa persoa (ou, se houbo varios alfabetos, só un se difundiu) e tiña finalidades comerciais. Debe de provir dalgún lugar no que gregos e fenicios convivían, de Al Mina (quizais o antigo Posideion, na costa de Siria), Rodas ou Creta, sobre todo. Os intercambios comerciais realízanse moito máis facilmente deixando documentos escritos e hai documentación disto aínda que sexa de data máis tardía, tamén no caso da transmisión do alfabeto grego a Occidente³¹.

A medida que se incrementaba o tráfico comercial e a vida política e intelectual, o alfabeto grego difundíase máis rapidamente e permitía anotar e arquivar intercambios comerciais, documentos políticos e privados e, tamén, compoñer obras literarias. Os gregos tomaron o sistema gráfico dun pobo estranxeiro e déronlle unha amplitude moito maior que o simple uso administrativo e comercial, o que contribuíu á súa extraordinaria difusión con respecto á lingua fenicia.

Asimilando as técnicas da navegación e da construción naval dos fenicios, os gregos dominaron o comercio marítimo no Mediterráneo Oriental. A necesidade de importar trigo dos grandes centros de produción da época, situados principalmente en Exipto e as rexións do Mar Negro, foi o principal

³¹ ADRADOS, Francisco R. (1999): *Historia de la lengua griega*. Madrid: Editorial Gredos, p. 67.

motivo que levou os gregos a fortalecer o comercio marítimo, que cobrou grande importancia na súa economía. O crecemento do volume de comercio acentuouse durante a época helenística e levou ao desenvolvemento de técnicas financeiras para mellorar o sistema mercantil. Paralelamente ao dominio do comercio e á crecente prosperidade económica dos gregos, a súa lingua empezou a espallarse axudada polos contactos coas numerosas colonias dispersas polo Mediterráneo, desde o Mar Exeo até Marsella. As cidades gregas non exercían control político sobre as súas colonias senón que baseaban a súa relación nos lazos comerciais que fixeron que os distintos dialectos gregos se unificasen e se convertesen na *lingua franca*³² do mundo Mediterráneo Oriental e Oriente Próximo.

Este proceso de difusión universalista explícase polas circunstancias históricas, a partir da creación da Liga Marítima ateniense do 477 a. de C. (e a segunda de 377 a. de C.). O reino de Macedonia, o imperio de Alexandro, os reinos dos diádocos, as Ligas etolia e aquea, xunto a outras alianzas e hexemonías, precisaban de linguas comúns.

[...]

Pero todas as koinaí e todos os dialectos gregos acabaron por ser desprazados pola koiné xónico-ática tras un período de diglosia. Esta tivo tamén que loitar con diversas linguas non gregas (exipcio, arameo, licio, latín, etc.), xa aceptando elementos seus, xa subministrándolles préstamos, xa facéndoas desaparecer³³.

Na outra marxe do Mediterráneo a antiga colonia fenicia, Cartago, en pugna constante polo control das colonias gregas, converteuse, a partir do século VI a. de C., nun próspero imperio mercantil marítimo, aproveitando as factorías e asentamentos fundados polos fenicios e transformándose na primeira potencia económica do Mediterráneo Occidental. A actividade mercantil no Mediterráneo quedou así monopolizada, por unha banda, polos gregos e, pola outra, polos cartaxineses, situación que impedía o desenvolvemento económico do emerxente estado romano.

Medio milenio antes de Cristo a península itálica estaba ocupada por pobos dispersos en cidades estado. Roma tiña nas súas orixes gran dependencia económica e política dos seus veciños do Norte, os etruscos. A lingua dos romanos era similar á deste pobo, que, á vez, tiña un modelo de escritura con letras do alfabeto grego. No século III a. de C. os romanos dominaban a Italia peninsular, estendendo a lingua latina polos territorios conquistados mediante unha política de colonización que lles concedía terras aos seus militares, unha vez retirados, para que se instalasen como colonos. Este tipo de ocupación fixo que se estendera facilmente o latín e que se convertese, tamén, na lingua do poder na península italiana. Os desexos de expansión comercial e económica de Roma estaban freados por prósperos mercadores afincados en Cartago, posuidores dun grande poder naval. Roma

³² N de la I. *Lingua franca* enténdese no sentido da definición adoptada pola UNESCO nunha publicación do ano 1953, editada en París, na que a define como “unha lingua utilizada por persoas de linguas maternas diferentes para poder comunicarse entre si”.

³³ ADRADOS, Francisco R. (1999): *Op. cit.* p. 67.

viuse na obriga de asinar sucesivos tratados cos cartaxineses que non eran beneficiosos para os seus intereses económicos; as súas ansias de expansión económica e comercial levarana á creación dun poder militar superior ao dos seus veciños. A expansión de Roma como potencia económica tivo que abordar, tanto a eliminación do poder de Cartago, como a dos monarcas dos estados helenos, o que levará ás Guerras Púnicas contra Cartago, no ano 264 a. de C., e ás Guerras Macedónicas e contra Siria a partir do ano 197 a. de C., consolidándose deste xeito o Imperio Romano³⁴. Ao final da República, a cidade de Roma era a máis grande do mundo dominando todo o Mediterráneo. Como non dispuña de suficiente produción propia, comezou a depender das mercadorías e da produción doutras partes do imperio para sustentar a súa numerosa poboación de máis dun millón de habitantes. Neste contexto o comercio converteuse nunha actividade esencial, ás veces nun asunto de Estado e o seu desenvolvemento viuse favorecido pola política de unificación das leis e da moeda, pola paz imposta polos exércitos e mariñas e, polo idioma. O latín, lingua da cidade máis populosa do seu tempo, expandiuse pola acción dos exércitos e consolidouse como *lingua franca* ao ritmo da crecente actividade mercantil polas rotas comerciais terrestres e marítimas do Imperio.



Figura 6: Mapa das rexións de influencia do imperio romano e do latín no século II d. de C. Fonte: <http://www.xtec.cat/~jarrimad/roma/>

Italia era multilingüe, na zona que agora ocupa Francia a maioría falaba linguas celtas, na Península Ibérica falábanse, tamén, linguas celtas, ademais de linguas lígures e vasco, no Norte de África

³⁴ MOMMSEN, Theodor (2003): *Historia de Roma*. Volumen 3. Madrid: Turner Publicaciones, p.27.

linguas bérberes, fenicio, exipcio, etc. Porén, a existencia de múltiples linguas nas rexións do imperio non impediu a expansión do latín, lingua adoptada por aqueles que desexaban dedicarse a actividades comerciais. Co paso do tempo moitas persoas comezaron a aprender o latín abandonando a súa lingua materna nun intento de conseguir mellores postos de traballo.

Probablemente, un factor aínda máis importante foi o feito de que en tempos de paz as economías da maioría das provincias melloraron. O tráfico e o comercio aumentaron, as cidades existentes expandíronse, e fundáronse outras novas. A xente de negocios encontrou pronto uso para o seu dominio do latín falado e a miúdo tamén necesitaban lelo e escribilo. Nas cidades probablemente non foi necesario tanto tempo para que o latín fora a principal lingua. En moitos lugares creáronse escolas, e a lingua das escolas era o latín, e, ás veces, o grego, pero nunca outras linguas locais³⁵.

2.3 As ideas económicas e a súa relación coa lingua na Idade Media e Moderna

Coa invasión das tribos do Norte produciuse a caída do Imperio Romano o que provocou a súa disgregación en pequenos estados feudais illados por temor aos seus veciños. Este desmembramento político, xunto coa propagación do Islam tras a morte de Mahoma no ano 632, causa unha ruptura comercial nas rexións do Imperio³⁶. A fractura da economía vai seguida dun paulatino abandono da unificación lingüística representada polo latín; o latín, lingua dominante, empeza a evolucionar agora de forma independente dentro de cada rexión de Europa. O número de persoas capaces de ler e escribir diminúe durante os séculos VII e VIII, época na que a maioría das rexións carecían dun sistema escolar e dun sistema de administración público³⁷. O nivel de mobilidade da poboación baixa e nesta situación vanse producindo cambios lingüísticos, xa que a necesidade dunha lingua común desaparece, o que leva a que os habitantes das distintas zonas deixen de entenderse entre si. Na zona do Norte e Centro de Europa adóptanse linguas da familia xermánica mentres que, en Francia e nas penínsulas Ibérica e Itálica, o latín se converte nas linguas romances co desenvolvemento de sistemas escritos a partir do século XI en Francia e do século XIII en España e Italia³⁸.

³⁵ JANSON, Tore (2004): *A Natural History of Latin*. New York: Oxford University Press, p. 46.

³⁶ BRESC, Henri, GUICHARD, Pierre e MANTRAN, Robert (2001): *Europa y el Islam en la Edad Media*. Barcelona: Editorial Crítica S.L., p. 28.

³⁷ HUNT, Edwin S. e MURRAY, James M. (1999): *A History of Business in Medieval Europe, 1200-1550*. New York: Cambridge University Press, p. 50.

³⁸ JANSON, Tore (2004): *Op. cit.* p. 92.



Figura 7: Principais linguas nas rexións do imperio romano ao seu desmembramento. Fonte: obtido da web

As ideas económicas medievais no mundo cristián estaban fortemente influídas pola relixión, que consideraba o comercio unha actividade pouco honrada; a principios do século V, Santo Agostiño asociaba a actividade comercial ao pecado e, na mesma liña, Santo Ambrosio consideraba que o mar non fora creado para navegar por el, senón para gozar da súa beleza ou para obter alimento, pero non para comerciar. Estas ideas, xunto á disgregación dos centros comerciais e á asociación da actividade dos mercadores coa fraude, coa avaricia e con outros pecados, conxelaron a actividade económica nas rexións de crenza cristiá. O pensamento relixioso no mundo islámico actuou de xeito totalmente diferente; de feito, Mahoma, fora un mercador, polo que esta crenza relixiosa, asumida polos poderes políticos, impulsou a actividade mercantil favorecendo a creación de extensas redes comerciais que abarcaron desde China e o Océano Índico até o Atlántico e o Mediterráneo³⁹. Ao comezo da Idade Media, a auxe do comercio no mundo islámico promoveu a expansión da lingua árabe, mentres que a conxelación da actividade mercantil nas rexións cristiás provocou a diversificación do latín en múltiples linguas.

A expansión do Islam promoveu un grande aumento do comercio nas súas zonas de influencia; Debido á relación da economía coa relixión, nestas rexións desenvolvéronse durante centos de anos as normas, estándares, leis, prácticas e sistemas de goberno islámicos que rexeron a actividade

³⁹ SIMÓN SEGURA, Francisco (1987): *Historia económica mundial y de España*. Madrid: UNED, p. 23.

mercantil. A actividade económica e o traballo debían executarse segundo estipulaba o Corán; deste xeito, foron os mercadores os que levaron o Islam a moitas partes do Este de África, á India e a Indonesia, e , xunto á relixión, a lingua do Corán.




Figura 8: Espallamento do comercio e da lingua árabe debido ao islam. Fonte: <<http://www.zonu.com/images/>>

Os asentamentos comerciais no mundo islámico ofrecían prosperidade, e o manexo da lingua árabe e a conversión ao Islam fixéronse necesarios para aqueles que querían participar das lucrativas redes comerciais dos musulmáns, xa que pasaban a recibir un trato especial nas institucións administrativas e nas cortes islámicas. Os mercadores musulmáns levaron con eles as súas leis comerciais, a aritmética, para facilitar a contabilidade das súas finanzas, as moedas de metal, para facilitar os pagamentos e acumular a riqueza e, tamén, para facilitar a comunicación e os intercambios, levaron o árabe que se converteu na *lingua franca*. Mombasa e Mogadishu en África, e Calcuta, Malaca e Cantón en Asia, convertéronse en centros comerciais baixo control musulmán⁴⁰. O intenso multilingüismo de zonas como a costa este de África favoreceu a implantación do árabe por parte dos mercadores musulmáns; a influencia desta nas linguas autóctonas deu lugar á aparición do *suahili*. Nun principio esta lingua escribíase con letras árabes; o *suahili* incorporou numeroso vocabulario procedente do árabe e, como os mercadores árabes tamén usaron o *suahili*, esta lingua expandiuse converténdose na lingua comercial en toda a rexión que abarcaba Tanzania, Kenya, Uganda, Mozambique, Congo, Ruanda, Burundi, Somalia e Cimbabue. Un caso similar sucedeu tamén

⁴⁰ BALTA, Paul (2006): *Islam: civilización y sociedades*. Madrid: Siglo XXI de España Editores, pp. 109-118.

coa lingua malaia durante a época do Sultanato de Malaca, que se converteu na lingua comercial e, consecuentemente, expandiuse por toda a zona⁴¹.

A decadencia do latín como lingua do comercio e a necesidade de relacións comerciais no Mediterráneo deu orixe á aparición dunha lingua utilizada polos mercadores e mariños denominada *sabir*, que era unha mestura de castelán, portugués, francés, turco, árabe e grego. Suponse que nun principio o *sabir* adoptou termos do latín para irse adaptando, de seguido, á evolución das linguas romances, en especial, do italiano, catalán, occitano, castelán e portugués⁴².

A partir do século XII, no Norte de Europa a Liga Hanseática, que empezou sendo unha asociación de mercadores para converterse nunha de cidades, comeza a desenvolver operacións mercantís. A Liga chegou a dominar o comercio no Mar do Norte e no Báltico dispoñendo de barcos propios e de flotas de barcos de guerra para protexerse contra a piratería.



Figura 9: Principais rexións comerciais da Liga Hanseática. Fonte: obtido da web

O obxectivo da Liga era expandir e protexer os lazos comerciais dos seus asociados. Esta asociación de mercadores e comerciantes viña utilizando unha mestura de latín, inglés, holandés, francés e italiano para as súas operacións mercantís. A diversidade lingüística destes levou á expansión do baixo alemán como *koiné* do comercio no Norte de Europa; paulatinamente, convértese en lingua dominante nos Países Bálticos e en Finlandia. Aínda que a lingua escrita da Liga era o latín, o idioma da fala era, maioritariamente, o alemán, que se propagou por unha ampla zona, desde Bruxas e

⁴¹ COULMAS, Florian (1992): *Language and Economy*. Oxford: Blackwell Publishers, pp. 192-198.

⁴² HOLM, John A. (1989): *Pidgins and Creoles*. Cambridge: Cambridge University Press, p. 607.

Colonia no oeste, até Königsberg e Reval no este. Tal difusión debeuse, especialmente, a que os mercadores que controlaban o comercio de longa distancia formaban unha elite homoxénea con relacións de parentesco⁴³.

As Repúblicas Italianas coma Xénova, Florencia e, especialmente, Venecia amosan que o comercio é a vía da prosperidade económica⁴⁴. A partir de mediados da Idade Media, a burguesía medra en número e importancia nos países de Europa adoptando as organizacións e técnicas de negocio dos mercadores italianos. En Europa xorden comerciantes que chegan a acumular inmensas fortunas, como a familia Welser e a Fugger en Alemaña, que financiaban a Papas e Reis, a familia florentina Medicis, que chegou a ser a máis rica de Europa, o comerciante Jaques Coeur, francés, que chegou a xuntar unha riqueza que representaba a quinta parte das rendas do Rei de Francia etc⁴⁵.

A puxante clase burguesa estimula cambios nas estruturas sociais feudais na procura dun sistema de poder absoluto e centralizado nas nacións que arbitre a economía e, paralelamente, inflúe no pensamento económico dos teóricos cristiáns, de xeito que, no século XIII, o teólogo Santo Tomé de Aquino amosa, na súa *Suma Theologica*, certo grao de aceptación do oficio de mercador⁴⁶. Burgueses e monarcas absolutos teñen intereses comúns; os primeiros, coas súas ganancias no comercio, financian o sostemento de exército e funcionarios, mentres que a monarquía pode liberar a actividade mercantil das múltiples trabas que os réximes medievais impuñan. España e Portugal inician esta tendencia política animados polo descubrimento de novas rotas marítimas comerciais que son explotadas como monopolio da coroa. A prosperidade do comercio inflúe nos debates relixiosos sobre a moralidade da actividade mercantil que culminan coa liña de pensamento do teólogo dominico Francisco de Vitoria, quen considera un dereito das nacións o comercio con Ultramar⁴⁷. Cun enfoque similar, un dos pais da reforma protestante, o teólogo francés Calvino, considera que a navegación comercial non debe ser condenada sen motivo, xa que exportar e importar mercancías é beneficioso para o ser humano⁴⁸.

España, como potencia deste período histórico, reflicte a necesidade dunha política unificadora e centralista como esixencia das emerxentes estruturas económicas; así, os Reis Católicos impoñen autoridades e clero de Castela nas institucións de goberno e eclesiásticas doutras rexións da Península. Esta política leva aparellado o establecemento do castelán como lingua administrativa e de cultura, co resultado da asociación das outras linguas da Península coa fala dos estamentos

⁴³ DOLLINGER, Phillipe (1970): *The German Hansa*. California: Stanford University Press, pp. 262-265.

⁴⁴ CONTAMINE, Philippe, BOMPAIRE, Marc, LEBECQ, Stéphane e SARRAZIN, Jean-Luc (2000): *La economía medieval*. Madrid: Ediciones Akal S.A., p. 180.

⁴⁵ DOBB, Maurice (2005): *Estudios sobre el desarrollo del capitalismo*. México: Siglo XXI Editores, p. 227.

⁴⁶ ROTHBARD, Murray N. (2011): *Economic Controversies*. Alabama: Ludwig von Mises Institute, p. 149.

⁴⁷ DOUGLAS A., Irwin (1998): *Against the Tide: An intellectual History of Free Trade*, Princeton University Press, p. 21.

⁴⁸ DOUGLAS A., Irwin (1998): *Op. cit.* p. 20.

sociais baixos, o que axuda á expansión lingüística do castelán en detrimento das demais. Esta dinámica lingüística tivo inspiradores que promoveron a lingua de Castela, como o xuriscoconsulto aragonés Micer Gonzalo García de Santamaría, quen no prólogo da súa obra *Las vidas de los santos religiosos* expón:

Y porque el real imperio que oy tenemos es castellano y los muy excelentes rey e reyna nuestros señores an escogido como por asiento e silla de todos sus reynos el reyno de Castilla, deliberé de poner la obra presente en lengua castellana, porque la habla comunmente más que todas las otras cosas sigue al imperio, y cuando los príncipes que reynan tienen muy esmerada y perfecta la habla, los súbditos esso mismo la tienen. Ay aliende esso en la misma Castilla, como son diversos reynos en uno ayuntados, algunas tan groseras y ásperas lenguas como es Galizia, Vizcaya, Asturias y Tierra de Campos, que ni aquellas ni lo muy andaluz es avido por lenguaje esmerado, ca, lo uno, de muy grueso y rudo se pierde y, lo otro, de muy morisco en muchos vocablos a penas entre los mismos castellanos se entiende⁴⁹.

As ideas de Gonzalo García lexitiman a lingua de Castela e deslexitiman as dos demais reinos e introducen o tópico da “ lingua como compañeira do imperio”, que seguirá o ilustre gramático Antonio de Nebrija, autor da primeira gramática dunha lingua vulgar europea orientada á promoción do castelán en menoscabo das outras linguas da Península Ibérica. A imposición lingüística do castelán, neste tempo, non se levou a cabo de forma expresa por parte do poder, senón que foi unha consecuencia das prácticas de dominio político coa participación da Igrexa Católica que se acentuaron, especialmente en Galicia, pola importancia económica que a explotación dos seus recursos tiña para o reino castelán⁵⁰.

Pola súa parte, a monarquía portuguesa tamén viña promovendo o idioma portugués, cunha produción gramatical inaugurada coa publicación da *Gramática da lingoagem portuguesa* de Fernando de Oliveira no ano 1536; un dos grandes impulsores foi don Duarte, autor de numerosas traducións e obras nesta lingua. Este autor propón que Portugal, posuidor dun imperio, emule o proceder dos imperios da antigüidade promovendo o ensino da lingua portuguesa⁵¹.

O proceso de ordenación da unidade política e lingüística en Francia concrétase coa Ordenanza de Villers-Cotterêts, impulsada polo Rei Francisco I o 10 de agosto de 1539, que aborda unha reforma gobernativa, dos asuntos eclesiásticos e da administración de xustiza, e establece o uso do francés como idioma das institucións de xustiza, dos contratos e das leis para evitar a confusión lingüística; isto elimina o uso do latín e doutras linguas de Francia nos documentos oficiais, facendo a administración máis accesible á poboación. A devandita ordenanza tamén alcanza a regular a actividade económica prohibindo as asociacións de artesáns e comerciantes para limitar a súa

⁴⁹ NARBONA JIMENEZ, Antonio (2009): *La identidad lingüística de Andalucía*. Sevilla: Centro de Estudios Andaluces, p. 175.

⁵⁰ GARCÍA NEGRO, María Pilar (1991): *O galego e as leis: aproximación sociolingüística*. Pontevedra: Edicións do Cumio, p. 208.

⁵¹ MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia S.A., pp. 154-185.

capacidade reivindicativa. París, sede da coroa, empeza a dominar a vida económica de Francia ao ser o lugar onde as máis importantes familias de mercadores e banqueiros establecen os seus cuarteis xerais⁵². A primeira obra sobre gramática francesa publicouse no ano 1550 por Louis Maigret e a expansión do francés verase favorecida coa invención da imprenta.

En Inglaterra, a conquista normanda no ano 1066 transformou o inglés, durante dous séculos, na lingua das clases baixas; porén, a nobreza e as clases altas usaban o francés, que se converte nunha marca social de distinción. Nun primeiro momento, a diferenza lingüística reflectiu unha diferenza étnica; logo, persoas de orixe inglesa deberon atopar vantaxoso aprender francés, co que a diferenza pasou a ser de tipo social. No 1204, coa perda do ducado de Normandía polo rei Xoán, prodúcese a ruptura dos vínculos nobiliarios co continente, feito que dará lugar a que o uso do inglés se estenda durante o século XIV entre as clases altas. A importancia económica da clase traballadora medra, debido á escaseza de man de obra causada pola *Black Death* e, consecuentemente, a importancia da lingua inglesa que esa clase fala. O *Statute of Pleading* representa un paso decisivo na restitución da lingua inglesa como lingua propia do país ao establecela como a lingua a usar en todos os procedementos legais⁵³.

En Italia o dialecto que empezou a impoñerse desde o século XIV foi o dunha das repúblicas máis puxantes economicamente, Florencia, favorecido polas obras de Dante Alighieri e a creación, no século XVI, dunha asociación de intelectuais florentinos chamada *Accademia de la Crusca* co fin de enriquecer e normalizar a modalidade dialectal da Toscana⁵⁴.

O proceso de estandarización da lingua holandesa tamén comezou a finais da Idade Media debido á influencia da lingua das tribos escandinavas asentadas no ducado de Burgundia e tamén do dialecto falado en Anveres⁵⁵.

En Alemaña, a unificación e estandarización da lingua tropezo coa dificultade da división política do territorio en diferentes estados. A pesar da publicación da tradución da Biblia por Martín Lutero no ano 1534, a división administrativa e os conflitos relixiosos, frearon a expansión do dialecto ao que foi traducida aínda que, co tempo, chegaría a se converter na base do alemán estándar⁵⁶. En Austria

⁵² WARTBURG, W.v. (1991): *Problemas y métodos de la lingüística*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, pp. 359-360.

⁵³ BAUGH, Albert C. e CABLE, Thomas (1984): *A history of the English language*. 3rd. Edition (revised). Londres: Routledge & Kegan Paul, pp. 107-157.

⁵⁴ REYES CANO, Rogelio e VILA VILAR, Enriqueta (2003): *El mundo de las academias*. Sevilla: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Sevilla, p. 112.

⁵⁵ HERVÁS, Lorenzo (1802): *Catálogo de las lenguas de las naciones conocidas*. Volumen III. Madrid: Imprenta de la Administración del Real Arbitrio de Beneficiencia, pp. 95-96.

⁵⁶ DELISLE, Jean e WOODSWORTH, Judith (2005): *Los traductores de la historia*. Colombia: Editorial Universidad de Antioquía, pp. 37-41

establecéronse as leis dos Habsburgo no ano 1438 pasando a empregarse a lingua dos austro-bárbaros en todos os documentos imperiais⁵⁷.



Figura 10: Mapa de linguas en Europa na Idade Moderna. Fonte: <eurominority.org>

O uso por parte de Lutero e os reformistas do alemán, o holandés ou o inglés, en vez do latín, conduciu ao éxito da expansión das súas ideas ao captar, co uso que fixeron das linguas populares, unha audiencia máis extensa que a dos discursos da lingua da igrexa católica, o latín. En xeral, os protestantes promoveron por Europa a utilización das linguas vernáculos para facilitar a conversión da poboación. A clase burguesa empezou a educarse nestas linguas estandarizadas e, á vez, desenvolveu novas maneiras de comercio e, así, as emerxentes linguas vernáculos convertéronse nas linguas da economía e, paulatinamente, das elites sociais⁵⁸.

As ideas da Reforma tiveron implicacións directas na economía xa que estableceron unha conexión entre a “ética protestante” e unha maneira de dirixir os asuntos mundanos de xeito aceptable aos ollos de Deus, o que, en opinión do sociólogo Weber conduciu a un estilo racional de afrontar os negocios que levou ao progreso do sistema capitalista ao eliminar o estigma moral que excluía a prosperidade da salvación. Este sociólogo, baseándose na análise de numerosos textos relixiosos, entende que a ideoloxía cristiá anima as persoas na súa vida cotiá a realizar un traballo eficiente

⁵⁷ KORFF, Barón de (1845): *Historias de Alemania, Prusia y Austria, desde los tiempos mas remotos hasta 1840*. Barcelona: Imprenta de A. Brusí, pp. III y IV.

⁵⁸ BURKE, Peter e PO-CHIA HSIA, R. (2010): *La traducción cultural en la Europa moderna*. Madrid: Ediciones Akal, p. 43.

pero non a gozar dos seus beneficios, e estes dous factores combinados, é dicir, a adquisición de riqueza e gozar dela, foron o fundamento da acumulación de capital e do seu investimento⁵⁹.

A partir do século X as linguas europeas foron aparecendo e expandíndose gradualmente, ao ritmo do desenvolvemento socioeconómico; de feito, este fenómeno coincide coa transición da idade media á modernidade, é dicir, coa emerxencia da economía capitalista. Tal coincidencia leva a pensar na existencia dunha asociación do mundo material co das ideas conformado pola linguaxe. Este punto de vista é compartido pola teoría marxista, que entende que o idioma é a reificación da conciencia e, polo tanto, pertence á esfera do mundo material⁶⁰.

Coa instauración en Europa dos estados monárquicos absolutos, as medidas de protección da economía empezan a ter un desenvolvemento político sistemático. Os novos descubrimentos xeográficos ensancharon as posibilidades de comercio para os mercadores, pero as ideas económicas desta época baseábanse en que a capacidade comercial e de riqueza no mundo era limitada, polo tanto, aumentar o volume de comercio dunha nación suporía recortar unha cantidade equivalente das outras, é dicir, que o aumento de riqueza dun país, só se podería facer a expensas do prexuízo da capacidade comercial doutros países. Este concepto levou, inevitablemente, á rivalidade entre as nacións polo control do comercio, especialmente o marítimo. Estas ideas económicas denominadas *mercantilismo* plasmáronse en prácticas políticas, similares en todos os países de Europa, que tiñan como obxectivo acrecentar a riqueza do Estado, no que a economía se orientaba a aumentar a forza política e militar do soberano⁶¹.

Neste contexto ideolóxico as colonias debían ser explotadas en beneficio da metrópole proporcionando materias primas e consumindo manufacturas. O comercio marítimo, exercido por mercadores privados, quedaba baixo o monopolio das coroas. Así, en España e Portugal organizouse a través da Casa de Contratación de Sevilla e da Casa das Indias de Lisboa; no Reino Unido, Francia, Dinamarca, Suecia, Rusia e Holanda creáronse compañías comerciais con amplos poderes de colonización outorgados polos soberanos⁶²; a Compañía Neerlandesa das Indias Orientais estableceuse no ano 1602, sendo a primeira corporación multinacional no mundo que recibiu o monopolio das actividades coloniais en Asia, en competencia co monopolio da coroa portuguesa,

⁵⁹ WEBER, Max (2008): *La ética protestante y el espíritu del capitalismo*. Barcelona: Península, pp. 126-129.

⁶⁰ IVES, Peter (2004). *Gramsci's Politics of Language: Engaging the Bakhtin Circle and the Frankfurt School*. Toronto: University of Toronto Press, p. 6.

⁶¹ HERNANDEZ MARTIN, Miguel A. (1988): *La intervención del sector público en la economía y su actividad empresarial*. Salamanca: Europa Artes Gráficas S.A., pp. 31-33.

⁶² SIMÓN SEGURA, Francisco (1987): *Op. cit.* pp. 133-145.

para o que á empresa holandesa se lle adxudicaron poderes similares aos dun goberno: declarar a guerra, negociar tratados, acuñar moeda e establecer asentamentos coloniais⁶³.

O *mercantilismo* protexe as actividades comerciais propias da nación; o feito de ter que recorrer a comerciar con outros países considerárase indicio de decadencia e de debilidade polo que queda suxeito ao control do poder político e militar do soberano. O control do comercio marítimo, esencial para a prosperidade das metrópoles, conduciu a enfrontamentos entre nacións rivais o que supuxo a caída dunhas e a emerxencia doutras⁶⁴. As linguas dos imperios da época espállanse ao ritmo da capacidade económica e militar das nacións.

Neste contexto económico, a lingua adoptada polos estamentos de poder para administrar as novas posesións de ultramar espállase en competencia coas de nacións rivais, converténdose o seu nivel de difusión en reflexo do grao de poder. Como escribiu Antonio de Nebrija no prólogo da súa gramática dirixida á Raiña Isabel de Castela:

[...] después de que vuestra Alteza metiese debajo de su iugo muchos pueblos bárbaros e naciones de peregrinas lénguas, e con el vencimiento aquellos tenían necesidad de recibir las leyes quel vencedor pone al vencido, e con ellas nuestra lengua, entonces por esta mi arte podían venir en el conocimiento della, como agora nosotros dependemos el arte de la gramática latina para deprender el latín. Y cierto así es que solamente los enemigos de nuestra fe que tienen ya necesidad de saber el language castellano: mas los vizcaínos, navarros, franceses, italianos y todos los otros que tienen algun trato y conversación con España y necesidad de nuestra lengua, si no vienen desde niños a la desprender por uso: podrán la más aína saber por esta mi obra⁶⁵.

As linguas de Europa convertéronse nas linguas das nacións, e este fenómeno debe entenderse como unha necesidade económica máis que ideolóxica. Os novos sistemas produtivos de corte capitalista precisaban da estandarización dunha lingua para que todos os membros da sociedade inmersos nos procesos económicos puidesen alcanzar os fins de educación e formación que estes procesos esixían. Canto máis nacional se volve o mercado, e canto máis dominan os asuntos económicos a vida social, máis xente deberá aprender e entender os procesos produtivos⁶⁶. As mercancías son producidas en maior cantidade para o mercado onde se determina o seu valor e onde a lingua se transforma no instrumento necesario para acordar os intercambios. O comercio relaciona xentes de distintos sitios que precisan entenderse entre si para o que a homoxeneidade lingüística se converte nunha necesidade.

⁶³ CAIRNS, Trevor (2006): *Europa descubre el mundo*. Madrid: Ediciones Akal, p. 81.

⁶⁴ BROSSARD, Maurice (1974): *Historia marítima del mundo*. Madrid: Edimat libros, p. 371.

⁶⁵ DE NEBRIJA, Antonio (2009): *Gramática de la lengua castellana*. Barcelona: Lingua ediciones S.L., pp. 16-17.

⁶⁶ GELLNER, Ernest (1983): *Nations and Nationalism*. Oxford: Blackwell, p. 21.

A exportación de linguas europeas reflicte o fenómeno das relacións económicas dos mercadores de Europa na época do mercantilismo. A partir do ano 1500 os europeos van dominar o mundo, poucas sociedades conseguirán resistirse á colonización, entre as que o logran atópanse a chinesa ou a xaponesa. África Occidental quedará relegada a simple subministradora de man de obra escrava, os europeos non precisaron ocupar eses territorios para facerse cos escravos que necesitaban nas colonias de América pois eran os propios africanos os que vendían a outros nativos.

A escola e a instrución na lingua dos colonizadores convertéronse en elementos esenciais das políticas coloniais e serviron como instrumentos da política de dominación e de expansión da lingua das metrópolis. En xeral as escolas primarias céntranse na socialización nas linguas e valores europeos en detrimento das culturas indíxenas⁶⁷.




Figura 11: Principais redes de comercio colonial e de expansión das linguas europeas na Idade Moderna. Fonte: obtido da web

Os españois fixéronse cargo das estruturas de goberno das sociedades organizadas existentes en América para orientalas aos intereses económicos dos colonos. No ano 1532 empezaron a empregar man de obra inca nas minas de ouro e prata. A educación usouse como unha ferramenta para estender o control da Coroa sobre a poboación india e orientouse a conseguir que os dirixentes incas fosen formados en escolas de caciques dirixidas por xesuítas⁶⁸. En Lima e Cuzco, os nenos dos nobres indios ían a estas escolas onde, manténdoo illados das súas comunidades, aprendían o español. Os fillos de colonos españois e os seus descendentes, así como as masas indias, recibiron unha

⁶⁷ MEMMI, A. (1965): *The Colonizer and the Colonized*. Boston: Beacon Press, p. 105.

⁶⁸ O'NEILL, Charles E. e DOMINGUEZ, Joaquín M^a (2001): *Diccionario histórico de la Compañía de Jesús*. Madrid: Universidad Pontificia Comillas, pp. 1206-1207.

educación moi limitada durante o período colonial, xa que o Goberno nas colonias opúñase ao ensino masivo por consideralo innecesario; non obstante, a educación superior para as clases máis altas desenvolveuse rapidamente contando co beneplácito da Coroa, que a vía como unha forma de proporcionar os profesionais que a colonia necesitaba e, igualmente, como unha maneira de aumentar a hispanización⁶⁹.

Nos Estados Unidos, Canadá e Australia as colonias empezaron a funcionar copiando as estruturas económicas e sociais da metrópole. A educación estaba descentralizada, en xeral ocupábanse dela fundacións privadas, e cada colonia encargábase do ensino dos seus nenos. Unha grande parte da forza de traballo, en especial no sur dos Estados Unidos, nutríase de escravos que non tiñan acceso ás escolas. A poboación negra quedou relegada ao último chanzo da estrutura social xerárquica das colonias.

Os xesuítas colaboraron coa Coroa portuguesa no Brasil. Os indios brasileiros foron cristianizados polos xesuítas e integrados na clase inferior da estrutura colonial para traballar nas facendas. A oposición destes indios ao tipo de traballo que se lles asignaba obrigou a abastecer o mercado laboral con man de obra escrava importada de África, que, a diferenza dos indios, non recibiu instrución escolar. As escolas monopolizadas polos xesuítas en Brasil tiñan dous sistemas distintos: un para a poboación indíxena e outro para a elite colonizadora⁷⁰.

En Asia os ingleses competiron con portugueses e holandeses pola hexemonía colonial. Na India os monarcas mongois amosáronse interesados polo transporte marítimo nas condicións ofertadas polos portugueses, que estaban dispostos a pagar importantes tributos por comerciar en exclusiva con Europa. Pouco a pouco os ingleses foron desprazando a portugueses, holandeses e franceses e, no ano 1700, a Compañía xa tiña a súa propia base militar e centro de comercio en Fort Williams desde onde iniciaron a conquista da India. A Compañía das Indias apoiou nun primeiro momento unha educación europeizante mediante misioneiros que crearon escolas onde a aprendizaxe se desenvolvía en inglés. Porén, os dirixentes da Compañía Británica das Indias Orientais déronse conta de que a súa permanencia na India tiña que basearse no consentimento da súa presenza por parte dos poderes locais, o que só podía lograrse mediante a tolerancia respecto da relixión e cultura dos hindús⁷¹. Isto conduciu a que o apoio a este tipo de instrución cesase cando empezaron a ter problemas cos indíxenas que rexeitaban as imposicións relixiosas. Para aplacar as elites locais, o ensino nas zonas controladas polos ingleses entrou nunha fase de orientalismo impartíndose na lingua autóctona.

⁶⁹ CASTRO FERNANDINI, Juan (1939): *Legislación escolar en Perú*. Lima: Editorial Autería, pp. 18-26.

⁷⁰ GADOTTI, Moacir (1998): *Historia de las ideas pedagógicas*. México: Siglo XXI Editores, p. 65.

⁷¹ SAID, Edward W. (1990): *Orientalismo*. Madrid: Libertarias/Prodhufo.

[...] Xurdiron dúas correntes de pensamento: unha liderada por H.H. Wilson que apoiaba o ensino orientalista e a outra que lideraba Trevelyan, ao que máis tarde se uniu Lord Macaulay, que defendía unha educación anglófona. Os orientalistas argumentaban que a intención orixinaria da *Charter Act* de 1813, que concedía un *lakh* de rupias anual, era promover o ensino orientalista e, polo tanto, eses cartos non deberían ser investidos con ningunha outra finalidade. Por outra banda, o ensino orientalista era o mellor para os orientais e o que máis se adecuaba as súas inclinacións e aptitudes. Ademais, calquera esforzo a prol da promoción do ensino anglófono podería danar seriamente as empresas privadas de Pathshalas e Madarsas. Os orientalistas consideraban que a literatura sánskrita e árabe non era inferior á literatura inglesa. Existían grandes tesouros culturais no pensamento hindú antigo que a India non podía permitirse descoidar⁷².

2.4 O liberalismo económico e a política lingüística

A pesar dos logros das políticas mercantilistas, a principios do século XVIII empezaron a xurdir, especialmente en Inglaterra, argumentos a favor do libre comercio promovidos por comerciantes adiñeirados que vían restrinxida a súa actividade mercantil pola operación das compañías estatais que actuaban en réxime de monopolio nas colonias. Tamén avogaban polo establecemento de réximes abertos, sen restricións, e por liberar o comercio do control estatal.

Proporcionaron unha base teórica a estes movementos os estudos de Adam Smith, filósofo escocés da Ilustración e fundador da ciencia económica, quen na súa obra *Unha investigación sobre a natureza e causas da riqueza das nacións*, publicada no ano 1776, fai unha loanza do libre comercio que, considera, promoverá o progreso social. Os réximes proteccionistas dos estados son criticados duramente por Smith, quen xulga absurdo fomentar unha produción nacional de bens podendo conseguilos máis baratos doutros países. Continuou esta liña teórica con grandes economistas como David Ricardo e John Stuart Mill.

En Europa, a finais do século XVIII e principios do XIX, estase a practicar con novas formas de produción industrial que se experimentan por primeira vez en Inglaterra. Esta transformación, estimulada pola introdución de novas formas de obtención de enerxía, como a máquina de vapor, desenvolveuse nun espazo de tempo relativamente curto. Cambia, tamén, neste período, a distribución da poboación europea xa que as maiores oportunidades económicas duns países respecto doutros conducen a importantes fluxos migratorios dentro dos propios países, entre as distintas nacións e entre estas e as colonias⁷³. O capitalismo liberal logrou nun século crear un

⁷² JAYAPALAN, N. (2005): *History of Education in India*. New Delhi: Atlantic Publishers and Distributors, pp. 54-55.

⁷³ CAMERON, Rondo e NEAL, Larry (2005): *Historia económica mundial. Desde el paleolítico hasta el presente*. 4ª edición. Madrid: Alianza Editorial, pp. 215-220.

aparato de produción capaz de satisfacer as necesidades da poboación a un nivel sen precedentes na historia da humanidade até ese momento.

Aínda que a corrente doutrinal propugnada por Adam Smith deixa clara a necesidade de instaurar políticas de liberdade de comercio entre os países, establece dúas excepcións ao xogo da libre importación de bens e servizos: a primeira é que debe existir reciprocidade na liberalización, considerando lícito responder con políticas arancelarias ás medidas proteccionistas doutro país; a segunda refírese á mariña mercante xa que entende que esta é vital para a defensa, dado que pode ser mobilizada e “armada” en caso de conflito bélico. Smith defende as restritivas Leis de Navegación que prohiben aos barcos estranxeiros operar nos portos británicos. Nesa época, aínda que Gran Bretaña era xa a primeira potencia naval do mundo, os mercantes holandeses ofertaban transporte máis competitivo e barato que os barcos británicos. A postura defendida por Smith respecto da flota mercante é antieconómica, pero el considera que a defensa militar da nación está por encima do seu progreso, establecendo, dese xeito, unha conexión entre o poder económico e o poder militar⁷⁴.

Por unha banda, suxire Smith que para conseguir un maior nivel de riqueza é necesaria a eliminación de fronteiras que limiten o ámbito de acción dos mercadores británicos pero, pola outra, entende que Gran Bretaña, como nación, debe conservar e promover un poder político e militar superior ao das outras nacións o que implica que o interese da nación debe prevalecer sobre a liberdade dos axentes económicos. Este nacionalismo, que non varía respecto á época mercantilista precedente, empézase a percibir tamén nas linguas, coa aparición de movementos a prol da estandarización⁷⁵.

Smith promove, igualmente, a especialización mediante a división do traballo para aumentar a produtividade. Esta idea foi desenvolvida posteriormente de forma máis precisa por David Ricardo coa *teoría da vantaxe comparativa*, na que defende, de xeito máis científico, a especialización das nacións na produción económica para mellorar o comercio internacional. O discurso promovido polos economistas clásicos favorece, por unha banda, o libre comercio internacional e, pola outra, a homoxeneización interna das nacións para asegurar a súa vantaxe na libre concorrencia internacional. Esta lexitimación dos ideais de homoxeneidade no campo da economía que impregna os discursos das nacións europeas leva a interpretar a homoxeneidade étnica, cultural e lingüística como algo positivo e a diversidade como algo negativo. As prácticas discursivas sobre planificación

⁷⁴ SMITH, Adam (1961): *Indagación acerca de la naturaleza y las causas de la riqueza de las naciones*. Madrid: Aguilar, pp. 401-402.

⁷⁵ WHITE, George W. (2007): *Nation, State, and Territory: Origins, Evolutions, and Relationships*. Volume I. Maryland: Rowman & Littlefield Publishing Group, Inc. p. 178.

lingüística empezan a presentar a homoxeneidade das linguas como característica dos países máis estables e desenvolvidos economicamente⁷⁶.

Durante a época mercantilista os idiomas europeos espallados por todos os continentes, vanse adaptando ás necesidades socioeconómicas dos novos falantes e, ao mesturarse coas linguas das poboacións autóctonas das colonias, evolucionan rompendo coa tradición das metrópoles. Xorden, neste momento, os idiomas crioulos que moitos expertos consideran linguas comerciais, xa que foi o comercio o que deu lugar á súa existencia; de feito, a palabra inglesa *pidgin* coa que se designan este tipo de formas dialectais procede da palabra *business*, adulterada pola pronunciación dos chinos, esta etimoloxía relaciona, polo tanto, *pidgin* co comercio⁷⁷.

En certas condicións, en especial en sociedades cunha grande diversidade lingüística e dificultades para definir unha lingua materna, o *pidgin* convértese nun instrumento de máis valor que a lingua da metrópole; deste xeito, estas modalidades lingüísticas adquiriron gradualmente a calidade de primeiras linguas e foron, así, transmitidas á seguinte xeración. Estes procesos orixinaron as linguas crioulas, palabra derivada do español *criollo*, utilizada para designar á poboación branca nacida e criada nas colonias, significado que se estendeu á súa lingua. As linguas crioulas e *pidgins* difundíronse polo mundo alá onde os mercadores europeos estableceron tratos mercantís con xente doutros continentes; do contacto cos españois xorde en Filipinas o *chavacano* e o *palanquero* en Colombia, o *africaans* debeuse á influencia holandesa en Sudáfrica, etc.⁷⁸.

Consideran moitos autores que a actividade marítima na época do mercantilismo económico foi un factor importante na creación destas variedades lingüísticas. Cómpre ter en conta que as numerosas tripulacións, necesarias para manexar os barcos mercantes de vela naquela época, procedían de diferentes países dado que, nas nacións con moita flota, non chegaba coa man de obra do propio país; os barcos españois enrolaban frecuentemente tripulantes portugueses, italianos, flamencos e alemáns, e, por exemplo, a Compañía das Indias Orientais de Holanda pasou, de ter 2000 mariñeiros no ano 1610, a 8500 no ano 1680, polo que, frecuentemente, tivo que enrolar nos seus barcos persoal escandinavo e alemán⁷⁹. A mestura de persoal de distintas linguas e o argot náutico fixo que

⁷⁶ FISHMAN, J. (1968): Some Contrast between Linguistically Homogeneous and Heterogeneous Polities, en FISHMAN, J.,FERGUSON, C.e DAS GUPTA, L. *Language Problems of Developing Nations*. New York: Wiley, p. 60.

⁷⁷ JESPERSEN, Otto (1964): *Language: Its Nature, Development and Origin*. New York: W.W. Norton and Co., p. 222.

⁷⁸ PAULSTON, Christina Bratt (1988): *International handbook of bilingualism and bilingual education*. Connecticut: Greenwood Press, p. 36.

⁷⁹ FISHER, Lewis R. (1994): *The Market of Seamen in the Age of Sail*. Research in Maritime History Nº 7. Saint Johns-Newfoundland, p. 24.

a bordo dos buques mercantes se formaran dialectos de entendemento entre eles que se espallaron aos portos onde recalaban⁸⁰.




Figura 12: Principais rutas comerciais e de expansión das linguas europeas na época do mercantilismo. Fonte: <<http://www.public.iastate.edu/>>

Os idiomas europeos difundíronse polo mundo ao ritmo da expansión comercial adaptándose ás necesidades das zonas onde se implantaban e desviándose dos das metrópoles. Estas desviacións plasmadas en linguas crioulas e *pidgins* ameazan a unidade lingüística que o comercio precisa, polo que comezaron a xurdir accións nas metrópoles tendentes a estandarizar os idiomas das nacións europeas⁸¹. En Francia fundouse a Academia Francesa, no ano 1635, coa misión de fixar a lingua e facela máis pura e comprensible para todos. O mesmo proceso tivo lugar en España coa fundación da Real Academia Española, no ano 1713, baixo o auspicio da Coroa. O propósito desta institución foi o de fixar as voces e vocábulos da lingua castelá na súa maior propiedade, elegancia e pureza; tal finalidade vese representada no emblema formado por un crisol no lume coa lenda *limpia, fija y da esplendor*, que reflicte o obxectivo de combater todo canto alterase a elegancia e pureza do idioma. Estas accións contra a impureza idiomática non só sucederon na metrópole, senón tamén nas propias colonias que, unha vez independizadas, fundaron similares institucións durante o século XIX

⁸⁰ HANCOCK, I. F. (1976): Nautical Sources of Krio Vocabulary. *International Journal of the Sociology of Language* 7, pp. 23-26.

⁸¹ ROMAINE, Suzanne (1992): *Language, Education and Development: Urban and Rural Tok Pisin in Papua New Guinea*. New York: Oxford University Press, p. 20.

como a Academia Colombiana (1871), a Mexicana (1875), a Salvadoreña (1876), a Venezolana (1883), a Chilena (1885), A Peruana (1887), etc.⁸²

En Inglaterra o movemento cara á estandarización da lingua levouse a cabo coa publicación do dicionario da lingua inglesa de Samuel Johnson no ano 1755 que, aínda que non era o primeiro publicado en Gran Bretaña, mellorou a todos os precedentes en contido e influíu no norteamericano Noah Webster quen elabora outro dicionario en 1806, proclamando, deste xeito, a independencia lingüística de Inglaterra⁸³.

As tendencias económicas que se plasman en políticas liberais corren parellas a unhas políticas lingüísticas máis extremas de estandarización e unificación dentro das principais potencias⁸⁴.

En España, coa instauración da dinastía dos Borbóns, dáse un xiro radical que rompe coa tradición permisiva existente con respecto ás outras linguas da Península, en especial en Cataluña. Filipe V, tan pronto accede ao trono, publica unha serie de decretos denominados de *Nueva Planta*, polos que se obrigaba a usar o castelán como lingua administrativa, o cuarto destes decretos, despachado o 16 de xaneiro de 1716, afectaba exclusivamente a Cataluña e impoñía como lingua oficial o castelán con aplicación obrigatoria en escolas e xulgados. A política de uniformidade lingüística para conseguir beneficios económicos convértese nun asunto de goberno. Unha idea desta necesidade imposta polos poderes económicos dedúcese do escrito cursado, no ano 1716, polo fiscal xeral do *Consejo de Castilla*, José Rodrigo Villalpando aos correxidores que actuaban nas terras sometidas:

A importancia de facer uniforme a lingua recoñeceuse sempre por grande, e é un sinal de dominación e superioridade dos Príncipes ou nacións; sexa porque a dependencia e adulación queren compracer e enxalzar, afectando outra natureza coa semellanza do idioma, ou sexa porque a suxeición obriga coa forza. Os efectos que desta uniformidade se seguen son moi beneficiosos, porque se facilita a comunicación e o comercio; únense os espíritos divididos ou contrarios polos xenios; e enténdense e obedecen mellor as Leis e Ordes⁸⁵.

Esta tendencia reforzaríase máis tarde, no ano 1857, coa lei Moyano, que foi o fundamento do sistema educativo en España impoñendo o castelán no ensino primario⁸⁶. Contrariamente a esta política restritiva no uso das linguas, no mundo económico adóptanse outro tipo de medidas, conque, no ano 1778 abólese a exclusividade do comercio con América a través da Casa de

⁸² TORRES TORRES, Antonio (2005): *El español en América*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona, p. 17.

⁸³ ROLLINS, Richard M. (1980): *The Long Journey of Noah Webster*. USA: University of Pennsylvania Press, p. 125.

⁸⁴ LOCHER, Mirian A. e STRÄSLER, Jürg (2008): *Standards and Norms in the English Language*. Berlin: Walter and Gruyter, pp. 134-135.

⁸⁵ Actes del XIII Conceyu Internacional de Llingües y Cultures amenazaes (1987): Academia de la Llingua Asturiana. Uvieu (24-26 de xunetu), p. 44.

⁸⁶ CRIADO DELGADO, Buenaventura (1994): *La educación en la España contemporánea (1789-1975)*. Madrid: Ediciones Morata, pp. 261-269.

Contratación de Sevilla, permitindo aos comerciantes cataláns realizar expedicións sen depender de ningún asentador castelán.

A política lingüística española seguía o exemplo de similares medidas do modelo centralista francés que se acentuaron co ascenso ao poder político da clase burguesa tras a Revolución. Un dos propósitos máis firmes dos revolucionarios foi o de impoñer o francés como lingua oficial e única para todos os franceses, xa que para algúns teóricos, a supervivencia de linguas e dialectos rexionais representaba un vestixio do Antigo Réxime. Ao ser a República unha e indivisible, non cabe para o ensino en Francia outra lingua que o francés, debendo eliminarse os *patois* como vestixio da barbarie dos séculos pasados, co que, o 8 de *pluvioso* do ano II, a proposta do Comité de Salvación Pública aprobouse un decreto que impuña o francés nas rexións de fala alemá, bretoa, italiana ou vasca, para o cal se enviarían mestres en lingua francesa porque –dicían- “o federalismo e a superstición falan bretón; a emigración e o odio á República fala alemán; a contrarrevolución fala italiano e o fanatismo fala vasco”. Os intereses económicos e os da revolución da nova burguesía gobernante concordan cunha política lingüística tendente á unificación que acaba coa transixencia precedente dentro do Estado⁸⁷.

De xeito similar, en Gran Bretaña, o consentido plurilingüismo residual de épocas pasadas empeza a representar un obstáculo para o avance do sistema económico capitalista e para a produción industrial. Inglaterra é a zona máis industrializada o que provoca unha forte demanda de man de obra desde outras zonas menos desenvolvidas. En rexións como Gales, o fluxo de poboación provocou un acusado impacto sobre a supervivencia do galés, un idioma celta, con tradición literaria, falado por máis da metade da poboación e cunha alta porcentaxe de monolingüismo. O goberno británico consideraba que esta fala entorpecía o desenvolvemento económico e, para atallar efectos negativos deste idioma sobre a produción industrial, encargou a unha comisión governamental, no ano 1846, que analizase o estado da educación no País de Gales; estimou esta comisión que a lingua galesa era un motivo de atraso e unha barreira para o progreso moral e para a prosperidade comercial da xente. Un artigo publicado en 1867 en *The Times* dános unha idea da percepción da diversidade lingüística como un impedimento ao desenvolvemento económico que tiñan os estamentos de poder:

A lingua galesa é unha maldición de Gales. A súa existencia e a ignorancia do inglés veñen excluindo, e aínda agora exclúen, á xente galesa da civilización dos seus veciños ingleses. Un Eisteddfod (festival literario e musical anual galés) é unha das máis maliciosas e egoístas manifestacións do sentimentalismo que podía facerse. É simplemente un estúpido atranco ao progreso natural da civilización e á prosperidade. Se é desexable que os galeses falen inglés, é unha tolería monstruosa alentalos ao cariño pola súa antiga lingua.

⁸⁷ CERTEAU, Michel de, JULIA, Dominique e REVEL, Jaques (2008): *Una política de la lengua*. Mexico: Universidad Iberoamericana, p. 277.

Non só a enerxía e o poder, senón tamén a intelixencia e a música de Europa veñen principalmente de fontes teutoas, e esta glorificación do mundo celta, se non fora pedantería, sería pura ignorancia. Canto antes desaparezan os especialistas da cultura galesa da faciana da terra, mellor⁸⁸.

A redución do número de falantes, o illamento xeográfico, a marxinação política, o baixo desenvolvemento económico da zona, a estigmatización da lingua e a necesidade da poboación de falar o inglés, como idioma dominante, por motivos laborais, foron factores que comprometeron o mantemento da lingua galesa⁸⁹.

O fenómeno da unificación lingüística nas distintas nacións non foi froito dunha casualidade, senón o resultado dun proceso económico máis amplo, impulsado polos intereses da nobreza tradicional asociada á emerxente burguesía que prosperaba baixo a protección dos estados. Tal como manifesta María Pilar García Negro referíndose á imposición do castelán nos territorios de Galicia

Expansión comercial, moeda única, lingua única, son faces do mesmo proceso de conformación do Estado moderno e esixencias da adaptación á ordenación capitalista que se realizan co sacrificio de todo o que resulta 'inarmónico', por diferente e peculiar, dentro desta lóxica. Os intereses dunha clase social, dun modo de produción, dunha estrutura estatal unitaria e violentadora das nacións peninsulares fican así metonimicamente sublimados no interese xeral de toda a cidadanía⁹⁰.

As aplicacións das novas ideas económicas fanse notar nas relacións comerciais entre as nacións, de xeito que, ao finalizar o século XVIII, a administración colonial e o control mercantil de España e Portugal en América Latina tivo que dar paso a un comercio aberto con outros países. Gran Bretaña, potencia industrial emerxente, obtivo acordos de libre comercio con produtores independentes de América Latina, onde as institucións educativas se reformaron para adaptarse aos modelos franceses e ingleses reflectindo os ideais capitalistas, aínda que na práctica os estudos seguiron como en tempos coloniais nas mans da Igrexa.

Nos Estados Unidos, despois da independencia, cada estado ocupouse da educación de forma independente. Nos estados do sur tratábase de formar a elite branca mediante o ensino privado. Nos estados do Norte existiu un ensino primario orientado a que a xente aprendese a ler e escribir; porén, tamén existían escolas privadas para as clases altas onde se preparaban para o ensino universitario; ademais, algúns grupos eclesiásticos organizaron escolas públicas para educar os pobres. En Massachusetts organizouse o primeiro ensino público oficial, que serviría de modelo para outros estados. Tratábase dun ensino clasista que servía como instrumento para que as clases

⁸⁸ SYKES, Bryan (2006): *Blood of the Isles: Exploring the Genetic Roots of our Tribal History*. London: Bantam Press, p. 41.

⁸⁹ WARDHAUGH, Ronald (1987): *Op. cit.* p. 81.

⁹⁰ GARCÍA NEGRO, María Pilar (1991): *Op. cit.* p. 214.

dominantes puidesen civilizar as outras, co que se aseguraban de que a sociedade seguiría sendo soportable e ordenada⁹¹.

A política colonial británica tamén deu un xiro co liberalismo económico. Nunha das súas colonias máis representativas, a India, abolíronse os poderes de negociación da Compañía Británica das Indias orientais, que quedou relegada á función dun órgano administrativo onde se permitiu traballar a empregados indios, sempre e cando tivesen formación inglesa. Esta dinámica de adestramento en lingua inglesa das clases máis cultas e gobernantes, para evitar calquera subversión revolucionaria, foi impulsada por Macaulay. Os ingleses non inculcaron aos nativos estudos de tecnoloxía, ciencia ou economía, senón que se centraron no ensino da literatura e da filosofía británica, familiarizándoos co vocabulario do dereito e da administración. En xeral, fíxose pouco coa educación de masas e o gasto do goberno inglés cos hindús, en consonancia coas ideas imperantes do liberalismo que consideraban que o goberno non debía gastar excesivamente en ensino, foi mínimo⁹².

2.5 A internacionalización da economía e o efecto nas linguas

As políticas liberais durante o século XIX impulsaron o movemento internacional de mercancías, de persoas e de capital, o que levou a controlar a economía fóra das fronteiras das nacións. Aínda que a inversión de capital no estranxeiro e os movementos de poboación duns países a outros viñan producíndose desde séculos atrás, no XIX e principios do XX alcanzaron un nivel sen precedentes. Arredor de 60 millóns de persoas deixaron Europa para establecerse noutros continentes⁹³. Os lazos culturais e humanos desta emigración promoveron a internacionalización da economía e o movemento inversor de capital entre países; nesta etapa Gran Bretaña, o país con máis inversión no estranxeiro, financiaba empresas de ferrocarrís e minería en Estados Unidos, Latinoamérica e outros países. Os mecanismos de inversión precisaban de medios institucionais para transferir fondos dun país a outro: mercados de divisas, mercados de accións, bancos centrais e privados, axentes de bolsa, etc. A propiedade industrial e a competencia precisaron pronto dunha nova regulación⁹⁴.

As mesmas forzas económicas que noutro tempo impulsaron a eliminación dos réximes feudais e a constitución de monarquías absolutas en nacións fortes, levan agora á creación dun mundo económico internacionalizado no que as convencións e os pactos internacionais serán os instrumentos necesarios para o correcto funcionamento do novo sistema económico.

⁹¹ KATZ, Michael (1971): *Class, Bureaucracy and Schools*. New York: Praeger, p. 9.

⁹² KRISHNASWAMY, N. e KRISHNASWAMY, Lalitha. (2006): *The Story of English in India*. New Delhi: Cambridge University Press, p. 52.

⁹³ ISAACS, Ann Katherine (2007): *Immigration and Emigration in Historical Perspective*. Pisa: Pisa University Press, p. 110.

⁹⁴ CAMERON, Rondo e NEAL, Larry (2005): *Op. cit.* pp. 339-341.

A internacionalización dos intereses empresariais plasouse na *Convención de París de 1883*, na que se pactou, por unha banda, a represión da competencia ilícita e, pola outra, a protección ultranacional dos inventos, das marcas de fábrica, dos nomes comerciais e das referencias de orixe e procedencia de mercancías. O dereito marítimo, até o momento articulación interna tradicional do dereito mercantil das nacións, entrou nunha nova fase de regulación dependente de ámbitos supranacionais⁹⁵.

Gran Bretaña, líder a nivel industrial e no transporte marítimo –case a metade da flota mercante mundial ostentaba pavillón británico- vese lexitimada para impor e internacionalizar as súas normas e institucións que servirán de modelo para outros países; xunto con Francia promoven varias conferencias internacionais en materia de transporte marítimo, base esencial do comercio. Londres e París converteranse en centros líderes da nova política internacionalista plasmada en convencións sobre seguridade do transporte, comunicacións telegráficas, comunicacións por cables submarinos, meteoroloxía, etc. A necesidade das potencias económicas de internacionalizar as leis das distintas nacións levou, a finais do século XIX, á creación de organismos non gobernamentais como a *International Law Association* e o *Comité Marítimo Internacional*, que promoveron políticas de estandarización e unificación das normas comerciais mediante a planificación de conferencias diplomáticas⁹⁶.

As diferenzas na regulamentación laboral adoptada polas nacións máis industrializadas por esixencia das presións sociais internas tiñan efectos económicos negativos para as empresas desas nacións por ter que competir coas de países cunha lexislación laboral menos estrita. A pesar de que as doutrinas liberais eran contrarias a que os Estados legislasen o traballo, fíxose necesario o establecemento de acordos internacionais que sentaran as bases dunha lexislación común en materia sociolaboral, o que se concretou na *Conferencia Internacional de Berlín* de 1890. Este labor de uniformización da actividade laboral levou a constituír en París, no ano 1900, a *Asociación Internacional para a Protección Legal dos Traballadores*, que sería a precursora da *Organización Internacional do Traballo* (OIT) creada despois de finalizar a Primeira Guerra Mundial. O traballo desenvolvido de cara a alcanzar pactos internacionais non obedeceu a razóns idealistas, senón que existiron outros motivos tales como a comunidade de intereses, a necesidade de concorrer nos mercados e o desenvolvemento de grandes empresas de tipo capitalista⁹⁷.

Londres e París lideran este internacionalismo seguidas dunha potencia emerxente, os Estados Unidos de América. A hexemonía destes países a nivel internacional e o retraso doutras potencias na

⁹⁵ GALGANO, Francesco (1981): *Historia del derecho mercantil*. Barcelona: Editorial Lai, p. 70.

⁹⁶BUTLER, Geoffrey e MACCOBY, Simon (2003): *The Development of International Law*. New Jersey: The Lawbook Exchange, pp. 488-502.

⁹⁷NAKAGAWA, Junji (2011): *International Harmonization of Economic Regulation*. New York: Oxford University Press, p. 171.

súa capacidade económica conduciu a que o inglés e o francés se convertesen nas linguas dos convenios e dos pactos internacionais. O francés foi a lingua internacional da diplomacia até a conclusión da Primeira Guerra Mundial, momento en que o inglés alcanzou a paridade durante as conferencias de paz do *Tratado de Versalles*⁹⁸. Inglés e francés convertéronse nas linguas oficiais da *Liga das Nacións* e da *Corte Internacional de Xustiza*, porén, a presenza dos Estados Unidos marcou o inicio do declive do francés como lingua dominante.

A finais do século XIX, as potencias europeas asocian o seu dominio colonial á grandeza da nación; os imperios coloniais en Asia e África representan poder e prestixio e enriquecen o carácter e a gloria nacional. Os defensores das políticas imperialistas enxalzan a enerxía dos exploradores, aventureiros, soldados, misioneiros, comerciantes e administradores que estenden polo mundo a influencia de Europa, impulsando o cambio social e económico dos países non europeos. Ao finalizar a Primeira Guerra Mundial, as rivalidades entre as potencias europeas pola expansión colonial fanse evidentes, en especial entre Gran Bretaña, Francia, Alemaña e os Estados Unidos. Neste contexto os lazos anglo-americanos decantan, en detrimento das outras potencias, o ascenso de Norteamérica, que é partidaria dunha política colonial de autodeterminación, á que se adhíren os británicos. En palabras do representante británico:

Con Alemaña practicamente apartada durante unha xeración debemos tratar con Francia. Francia é unha grande potencia militar. Coñecemos o carácter da política francesa no pasado, e a que levarán na próxima xeración. Francia pode ser o noso gran problema, e paréceme que deberíamos acercarnos aos americanos. Esa é a política que debemos seguir [...] América non está fóra de xogo senón que ten proxección de colonización no mundo, baixo a dependencia da Liga das Nacións [...] e os principios de autonomía e autodeterminación⁹⁹.

Durante o século XIX o imperio británico, tras a vitoria contra Napoleón, controlaba e defendía os seus extensos dominios axudado da tecnoloxía do barco de vapor e das redes de comunicacións que, a finais do século, unían por telégrafo Gran Bretaña con América, Asia e Australia. Neste contexto, o idioma inglés constitúese nunha importante ferramenta, especialmente para as grandes empresas británicas con intereses comerciais nas populosas rexións de Asia. A política lingüística británica na India oriéntase a modernizar o país educando unha pequena parte da poboación que actuará como intérprete entre o poder colonial e o resto dos habitantes. As palabras do intelectual británico Lord Macaulay, no ano 1834, formulan con claridade os obxectivos da política educativa na colonia, que terá unha grande influencia no resto do Imperio Británico.

⁹⁸ PEI, Mario (1968): *One Language for the World*. New York: Biblo and Tannen, p. 102.

⁹⁹ ROGER LOUIS, W. (2006): *End of British Imperialism*. Nova York: St Martin's Press, p. 282. Discurso do Presidente Wilson citado en RogerLouis, W.

É totalmente imposible que cos nosos limitados medios nos aventuremos a educar a toda a poboación. Debemos, polo momento, formar uns grupos de persoas que sirvan de intérpretes entre nós e os millóns que gobernamos; grupos hindús de sangue e de cor, pero ingleses nos gustos, nas opinións, na moral e na cultura¹⁰⁰.

O resultado desta política foi que, en toda a rexión da India, o inglés se converteu na lingua da administración e do comercio. O coñecemento e manexo da lingua inglesa era a porta ao progreso social e aos beneficios económicos, converténdose nun elemento esencial para o funcionamento das colonias inglesas con relacións mercantís cos colonizadores¹⁰¹.

Nun principio, seguindo os ditados de Macaulay, a política lingüística na India excluía a lingua autóctona buscando educar unha elite por medio do idioma inglés; porén, a finais de século, decántase por que a educación primaria da poboación sexa no idioma vernáculo; os poucos que continuasen coa secundaria terían que facelo en inglés, é dicir, a instrución na lingua local era unha fase previa para acceder a un tipo de instrución de status máis alto, que se impartiría en idioma inglés.

Este sistema educativo implantouse, asemade, noutras zonas do imperio; non estaba baseado en sentimentos altruístas, senón que a finalidade do mesmo era beneficiar os intereses mercantís británicos. Estas intencións obsérvanse con claridade no texto dun despacho, do ano 1854, que a xefatura da *Compañía das Indias Orientais* dirixiu ao Gobernador Xeral no que expresa as metas educativas nas colonias referíndose á educación na cultura británica a través do idioma

Este coñecemento ensinará aos nativos da India os magníficos resultados do traballo e do capital, permitiralles emularnos no desenvolvemento dos vastos recursos do seu territorio, guiaraos nos seus esforzos e, gradualmente, pero, con seguridade, daralles vantaxes que irán acompañadas dun aumento da riqueza e do comercio; e, ao mesmo tempo, aseguraranos a nós un maior subministro dos produtos que os nosos fabricantes necesitan e que despois serán consumidos por persoas pertencentes a todas as clases sociais¹⁰².

A política lingüística inglesa nas colonias continuou nesta liña durante as primeiras décadas do século XX, claramente orientada a mellorar a eficacia da nova forza laboral no traballo.

O sistema colonial enmárcase nun contexto de explotación capitalista, onde o discurso lingüístico permite entrever estratexias de poder, lei e disciplina empregadas para a construción de persoas dominadas. Tales estratexias promoven, por unha banda, a educación en inglés dunha elite para

¹⁰⁰ PENNYCOOK, Alastair (1998): *English and the Discourses of Colonialism*. Londres: Routledge, p. 78.

¹⁰¹ MISRA, B.G. (1982): *Language Spread in a Multilingual Setting: the Spread of Hindi as a Case Study* in Cooper 1982a, p. 150.

¹⁰² RAHIM, SA (1986): *Language as Power Apparatus: Observations on English and Cultural Policy in Nineteenth-century India*, en *World Englishes* 5 (2/3), p. 236.

mover a administración colonial e, pola outra, un discurso que promove o sostemento dun status, orientando a maioría da poboación ao rendemento laboral e ao consumo. A principios do século XX, a confianza no Imperio, a crenza na superioridade británica como potencia económica e o seu desenvolvemento cultural, fixeron que os británicos pensaran que a súa cultura e lingua eran superiores ás das outras nacións¹⁰³.




Figura 13: Rexións de expansión da lingua inglesa. Fonte:<www.wikipedia.org>

Gran Bretaña liderando o pensamento occidental transmite, coa súa lingua, unha cultura das relacións internacionais, unha forma de actuar con respecto ao desenvolvemento, á modernización e á educación. Este control cultural sobre os colonizados converte o Terceiro Mundo en economicamente dependente do Primeiro.

O colonialismo impuxo o seu control sobre a produción de riqueza mediante a conquista militar e a subseguinte ditadura política. Pero a súa área máis importante de dominación foi o universo mental dos colonizados, o control a través da cultura, de como as persoas se vían a si mesmas e á súa relación co mundo. O control económico e político non pode ser efectivo nin completo se carece do control mental. Controlar a cultura das persoas é controlar as súas ferramentas de autodefinición en relación cos demais. Para o colonialismo isto engloba dous aspectos do mesmo proceso: por unha banda, a destrución, ou a infravaloración deliberada da cultura dos pobos, da súa arte, das súas danzas, das súas relixións, da súa historia, da súa xeografía, da súa educación, da súa fala e da súa literatura e, pola outra, a dominación da súa lingua pola das nacións colonizadoras¹⁰⁴.

Como xa se indicou anteriormente, para a promoción da lingua francesa no exterior creouse en París a *Alliance Française* no ano 1883. A política educativa de Francia nas súas colonias

¹⁰³ CROWLEY, Tony (1989): *The Politics of Discourse: the Standard Language Question in British Cultural Debates*. London: Macmillan, p. 75.

¹⁰⁴ NGUGI, Wa Thiong'o (1985): *The Language of African Literature*, *New Left Review* 150: March/April, p. 118.

presenta diferenzas acusadas respecto da británica. Os franceses promovían unha misión civilizadora totalmente intolerante co uso dos idiomas vernáculos en calquera etapa educativa; orientaban o ensino a que os nativos aprendesen a falar a lingua da metrópole con esmero¹⁰⁵.




Figura 14: Rexións de influencia da lingua francesa. Fonte: <www.wikipedia.org>

Tanto nas colonias do Mundo Árabe como nas da África Subsahariana e da Indochina, os poderes coloniais franceses promoveron un sistema educativo que ignorou as tradicións locais. As posesións ultramarinas estaban baixo a xurisdición directa de París, e as mesmas leis do ensino rexían en todo o imperio francés. Este deseño percíbese nas afirmación do Ministro de Educación Pública, Rambaud, quen en 1897 di referíndose a Alxeria:

A primeira conquista de Alxeria foi acometida militarmente e rematada en 1871 cando Kabilia foi desarmado. A segunda conquista consistiu en facer que os nativos aceptasen os nosos sistemas administrativo e xudicial. A terceira conquista conseguírase mediante a escola, que nos debería asegurar o predominio da nosa lingua sobre os idiomas locais, inculcando aos musulmáns a nosa idea do que é Francia e do seu papel no mundo, substituíndo a ignorancia e o fanatismo pola noción simple e precisa da ciencia europea¹⁰⁶.

A pesar de que as prácticas educativas inglesas e francesas eran diferentes, a ideoloxía de ambos os dous imperios perseguía similares fins económicos relacionados coa educación na lingua das metrópoles¹⁰⁷.

¹⁰⁵ PAGE, Melvin E. (2003): *Colonialism: An International Social, Cultural, and Political Encyclopedia*. California: ABC-CLIO, p. 221.

¹⁰⁶ COLONNA, F. (1975) : *Instituteurs algériens: 1883-1939*. Alger: Office des publications universitaires, p. 40.

¹⁰⁷ MAYO, Marjorie (2000): *Cultures, Communities, Identities: Cultural Strategies for Participation and Empowerment*. Wiltshire: Pelgrave, pp. 92-93.

A principios do século XX, os Estados Unidos de América, convertidos xa nunha potencia económica e industrial, non precisaron dunha política lingüística oficial que regulase a imposición dun idioma oficial no seu territorio, como sucedeu coas nacións europeas, que tiveron que deseñar plans de acción específicos para protexer a pureza e integridade do idioma nacional. Os Estados Unidos conseguiron un notable desenvolvemento económico e paralelamente un alto nivel de monolingüismo e un exacerbado nivel de patriotismo expansionista.

O monolingüismo norteamericano respondeu a un sentimento asimilador que erradicou as linguas indíxenas e outros idiomas levados ao seu territorio por ondadadas de emigrantes. A imposición do inglés nos EE. UU. responde á adopción dunha postura similar á dos colonizadores europeos que trataron de erradicar o uso das linguas africanas da vida institucional, mediante sistemas educativos que empregaban idiomas europeos para desvalorizar as linguas e culturas autóctonas¹⁰⁸.

Algúns estudosos argumentan que o feito de que a constitución americana omitira calquera referencia sobre a imposición dunha lingua oficial é un indicio de que se consideraba a lingua como un asunto de decisión individual; porén, outros entenden que o feito de que o texto constitucional estea redactado en inglés é sinal de que a política lingüística da nación debía basearse na imposición do inglés, isto parecen confirmalo as declaracións de Benjamin Franklin, quen amosa o seu desacordo coa postura dos colonos alemáns que seguían ensinando aos seus fillos alemán en vez de inglés. De todos os xeitos, a ambigüidade sobre a política lingüística nos Estados Unidos nos seus comezos como nación reflicte que o tema da unificación da lingua non era, naquel tempo, unha esixencia prioritaria desde o punto de vista económico.

Aínda que algúns estados publicaban documentos oficiais en linguas minoritarias, o Congreso dos Estados Unidos rexeitaba facelo sistematicamente. Algúns estados autorizaron a educación bilingüe, mentres outros daban instrucións para utilizar só o inglés. As respostas dos séculos XVIII e XIX sobre a diversidade lingüística foron moldeadas polas cambiantes forzas económicas, políticas e sociais máis que por ideas sistemáticas sobre a lingua¹⁰⁹.

A principios do século XIX a diversidade lingüística era tolerada, de xeito que a Constitución de Lousiana de 1845 promoveu o bilingüismo permitindo o ensino do alemán; en California, igualmente, aceptouse oficialmente o bilingüismo na Constitución de 1849. Non obstante, a finais de século, debido aos problemas lingüísticos provocados polas chegada continua de emigrantes, a postura cambiou promovendo, de xeito cada vez máis acusado, o uso do inglés¹¹⁰. Theodore Roosevelt iniciou unha política de monolingüismo en 1918, ao obrigar as masas de emigrantes a aprender o inglés para

¹⁰⁸ MACEDO, Donaldo, DENDRINOS, Bessie e GOUNARI, Panayota (2005): *Lengua, ideología y poder*. Barcelona: Editorial Graó, p. 29.

¹⁰⁹ OVANDO, Carlos J. (2003): Bilingual Education in the United States: Historical Development and Current Issues en *Bilingual Research Journal* 27/1, 1-24, pp. 3-4.

¹¹⁰ JONES, Mari C. e SINGH, Ishtla (2005): *Exploring Language Change*. New York: Routledge, pp. 110-111.

identificarse como americanos, baixo a ameaza de que, se nun prazo de cinco anos non dominaban a lingua inglesa, serían devoltos ao seu país de orixe¹¹¹.

A política americana de imposición do inglés foi aplicada en Filipinas despois da independencia de España, no ano 1898; como exemplo disto, a carta enviada polo cooperador Pardo de Tavera ao Xeneral Douglas MacArthur resulta esclarecedora:

Despois de establecer a paz, todos os nosos esforzos centraranse en americanizarnos, para deste xeito poder estender o coñecemento da lingua inglesa en Filipinas, de maneira que, mediante a súa acción, poidamos adoptar tamén os seus principios, os seus costumes políticos e a súa civilización excepcional e que a nosa redención sexa completa e radical¹¹².

A mesma política educativa foi exercida en Porto Rico no ano 1905, onde se ditaminou que o ensino nas escolas públicas debía impartirse en inglés a fin de converter as escolas portorriqueñas en organismos de adoutramento da xuventude nos ideais americanos¹¹³.

A expansión da lingua e da cultura inglesa promovida polo imperio británico e o ascendente poder económico dos Estados Unidos que, despois da Segunda Guerra Mundial, se converteu nunha potencia económica e militar sen rival na escena internacional, transformaron o inglés na lingua hexemónica.

¹¹¹ SPOLSKY, Bernard (2004): *Language Policy*. Cambridge: Cambridge University Press, p. 98.

¹¹² CONSTANTINO, Renato. (1978): *Neocolonial Identity and Counter-Consciousness*. London: Merlin Press, p. 67.

¹¹³ LÓPEZ LAGUNNE, M. (1989): *Bilingüismo en Puerto Rico: Actitudes Sociolingüísticas del Maestro*. San Juan: M.I.S.C.E.S. Corp. p. 17.

CAPÍTULO 3: O IMPERIALISMO LINGÜÍSTICO DO INGLÉS E A SÚA INFLUENCIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

3.1 Introducción

A análise da distribución das linguas no mundo na actualidade lévanos a pensar na existencia dunha relación entre o grao de pobreza de determinadas nacións e o multilingüismo existente no seu territorio, de feito, os estados monolingües occidentais teñen, en xeral, un nivel de riqueza superior ao dos estados multilingües doutras rexións do mundo. A partir da devandita relación, podería deducirse que a diversidade lingüística frea o desenvolvemento económico, mediante, por exemplo, a diminución da mobilidade ocupacional, a redución do número de persoas dispoñibles nun determinado sector da economía, a diminución da eficiencia ou a paralización da difusión de innovacións técnicas. Se ben a lingua é un valor importante para o desenvolvemento socioeconómico, a existencia de varias delas parece converterse nun entorpecemento.

Consonte J.H. Greenberg:

[...] o aumento na comunicación inherente a unha grande produtividade económica e a unha máis ampla organización política conducirá á difusión dunha lingua franca, sexa propia ou importada, o que dará lugar a un bilingüismo xeneralizado e, en último termo, á desaparición de todas as linguas coa excepción dunha única e dominante ¹¹⁴ [...]

A investigación de Jonathan Pool¹¹⁵, desenvolvida en 133 países reflicte a existencia dunha significativa correlación non lineal entre o nivel de riqueza dos países, medida polo produto interior bruto por persoa e ano, e a súa diversidade lingüística, medida pola porcentaxe de poboación que usa a lingua máis falada no territorio. Os resultados obtidos neste estudo amosan que non existen países prósperos cun alto nivel de diversidade lingüística; non obstante, no grupo dos países con alto nivel de monolingüismo, tal correlación non é clara, xa que existen nacións monolingües pobres e ricas. Esta relación lévanos a pensar que non parece viable que un país pobre poida pasar a ser rico mantendo un alto nivel de fragmentación lingüística no territorio, pero tal relación tamén pode ser interpretada no sentido de considerar que os axentes que interveñen no desenvolvemento económico dun país inflúen para que nel predomine o monolingüismo. No contexto desta relación entre o monolingüismo e a prosperidade económica é necesario considerar que o poder utiliza á escola como un elemento importante na promoción da unificación da lingua. Existen estudos que establecen relacións entre o nivel de escolarización e o grao de riqueza facendo ver, ademais, que as sociedades máis ricas e cun maior grao de escolarización teñen un sistema político democrático de

¹¹⁴ GREENBERG, J.H. (1956): The Measurement of Linguistic Diversity, en *Language*, 32:110 (Nº I) cit. en POOL, Jonathan. National Development and Language Diversity en *Advances in the Sociology of Language*. Ed. Joshua A Fishman (The Hague: Mouton, 1972), vol. 2, p. 225.

¹¹⁵ POOL, Jonathan (1972): National Development and Language Diversity en *Advances in the Sociology of Language*. Ed. Joshua A Fishman (The Hague: Mouton, 1972), vol. 2.

estilo occidental¹¹⁶. Outras investigacións determinan que as persoas de países con ingresos máis elevados posúen, igualmente, un nivel medio de escolarización máis alto, o que pode conducirnos a pensar que canto maior é o período de escolarización, máis monolingüismo e maiores ingresos por persoa atoparemos¹¹⁷.

A lingua escrita, a escritura, fai un idioma tanxible, visible, e permite ampliar o alcance da comunicación, o contacto en ausencia dos falantes, polo que, tanto a nivel individual como social saber escribir marca unha diferenza, os que posúen esta destreza sitúanse nun nivel superior aos que carecen dela. Hai tempo que a UNESCO vén sinalando que o nivel de analfabetismo está directamente relacionado co nivel de pobreza dos países. Segundo esta correlación, igual que se podería afirmar que a persoa con máis instrución é a persoa con máis probabilidades de ser rica, tamén se podería extrapolar que o país coa taxa de analfabetismo máis baixa debería ter os ingresos por persoa máis altos. Non obstante, non se pode afirmar de xeito categórico que un alto nivel de alfabetización asegure o progreso, xa que a historia occidental mostra que os logros da industria en séculos pasados tiveron lugar cunha alta porcentaxe de analfabetos. Aínda que na actualidade a maior riqueza económica a posúen os países cun maior nivel de alfabetización, non debe considerarse que a alfabetización impulse o desenvolvemento económico, senón que as rexións máis desenvolvidas do mundo demandan persoas máis formadas e alfabetizadas para aumentar o cada vez máis esixente aparato produtivo¹¹⁸.

Os anteriores estudos baséanse no actual estado de expansión das linguas e na situación económica presente fóra do contexto histórico. A conclusión de que a mellora do nivel económico empuxa á unificación e universalización das linguas é, para outros teóricos, obxecto de controversia xa que non comparten a idea de que a diversidade lingüística teña que conducir ao retraso político e económico dunha rexión. Tobe Skutnabb-Kangas¹¹⁹ non considera o plurilingüismo como un factor cunha influencia negativa na economía, incluso razoa que pode ser rendible desde un punto de vista económico.

O primeiro argumento que presenta é o maior grao de creatividade e innovación que presentan as sociedades con máis diversidade lingüística e cultural, pois son capaces de xerar máis coñecementos e ideas que aqueles países cunha maior uniformidade na súa cultura. É certo que a uniformidade promove a industrialización, pero nunha etapa post-industrial convértese nun inconveniente. Neste

¹¹⁶ COLEMAN, James (1965): *Education and Political Development*. Princeton: Princeton University Press, pp. 19-20.

¹¹⁷ HARBISON, F. & MYERS, C. (1964): *Education, Manpower and Economic Growth*. New York: McGraw-Hill.

¹¹⁸ COULMAS, Florian (1992): *Op. cit.* p. 213.

¹¹⁹ SKUTNABB-KANGAS, Tove (2002): *Why Should Linguistic Diversity Be Maintained and Supported in Europe? Some Arguments*. Dispoñible en <www.coe.int/t/.../linguistic/.../Skutnabb-KangasE> *Guide for the Development of Language Education Policies in Europe. From Linguistic Diversity to Plurilingual Education*. Reference Study. University of Roskilde. Language Policy.

sentido a educación centrada na obtención dun alto nivel de plurilingüismo conduce á obtención de capital cultural, lingüístico e de coñecemento, que pode ser intercambiado por outro tipo de capital na sociedade da información.

O segundo argumento económico en defensa do plurilingüismo susténtase na diferenza de custes entre a inversión necesaria para a comunicación física (infraestruturas), que leva ao movemento de bens, e a inversión para a comunicación “mental” (aprendizaxe, tradución, interpretación, etc.) resultado do uso de distintas linguas. Ao feito de que os custes desta última son moito máis baixos, hai que engadirlle que neste cálculo non se teñen en conta os custes de externalización para a sociedade, que no caso da comunicación física se traducen en danos medioambientais, mentres que a comunicación por linguaxe non externaliza custes tanto se é monolingüe como plurilingüe. Desde esta perspectiva o sostemento económico das ferramentas para a comunicación e a aprendizaxe das linguas locais é beneficioso xa que a xente recibe, crea e intercambia ideas con maior facilidade na lingua que coñece¹²⁰.

Outro tipo de razoamentos a favor do plurilingüismo baséanse na idea de que a hipotética extensión dunha única lingua, falada por todos os habitantes do planeta, suporía que o coñecemento dese idioma carecería de valor, como unha mercadoría que está ao alcance de calquera. Neste sentido a inversión na aprendizaxe dunha lingua común sería, a longo prazo, menos beneficiosa que investir no coñecemento de varias linguas e o grupo dos plurilingües veríase favorecido por unha estrutura de pensamento máis flexible, innovadora e creativa que o grupo dos monolingües.

A defensa da diversidade lingüística desde a perspectiva da economía de mercado encontra serios impedimentos debido a dificultade de dar un valor económico á lingua que xustifique o investimento público na súa promoción e conservación. Esta dificultade conduce a moitos especialistas do mundo da cultura a sospeitar de calquera tipo de contribución que poida chegar do mundo da economía. Non obstante, existen argumentos de tipo social que inevitablemente inflúen na economía, numerosos teóricos entenden que impulsar o monolingüismo nun estado plurilingüe require inversión e, polo tanto, é unha medida antieconómica que, ademais, vai contra os dereitos humanos, xerando tensión social que conduce a prexuízos de tipo económico¹²¹. Porén, a decisión de impulsar as materias con contido “cultural” e, en concreto, o multilingüismo, segue sendo controvertida á hora de adoptar resolucións estritamente económicas. O concepto económico do valor da diversidade lingüística fundaméntase na economía do benestar; é dicir, se a sociedade desexa facer o

¹²⁰ PATTANAYAK D. P. (1988): Monolingual Myopia and the Petals of the Indian Lotus: Do Many Languages Divide or Unite a Nation? In Skutnabb-Kangas T & Cummins J. (Eds) *Minority education. From shame to struggle*. Clevedon, UK: Multilingual Matters, pp. 379-389.

¹²¹ SKUTNABB-KANGAS, Tove e PHILLIPSON, Robert (1995): *Linguistic Human Rights. Overcoming Linguistic Discrimination*. Berlin: Mouton de Gruyter, p. 4.

mellor para maximizar o nivel de benestar dos individuos, a inversión de fondos públicos na diversidade lingüística convértese nun asunto de decisión política que transcende o valor práctico inmediato.

A preservación dunha lingua minoritaria non ten, ás veces, un valor tanxible; o feito de que das políticas de conservación desa lingua non se deriven beneficios económicos fai que o investimento non pareza razoable se se compara con outros alternativos como , por exemplo, en infraestruturas de transportes. Porén, convén non esquecer que a lingua é unha parte esencial da herdanza dunha comunidade, moldea e constrúe a súa identidade do mesmo xeito que a aparencia física, polo que a súa conservación debe valorarse da mesma maneira que se fai con outras herdanzas culturais e medioambientais. Os beneficios e vantaxes que se derivan da existencia dunha lingua minoritaria non son sempre relevantes desde unha perspectiva de mercado, e teñen que ser considerados desde outro punto de vista.

Unha aproximación teórica á valoración monetaria dunha lingua podería facerse de xeito similar á análise de custes-beneficios dunha visita a un ben cultural, estimando a diferenza entre o que se está disposto a pagar e o custe real (gastos de viaxe, tempo de viaxe e gastos de entrada); non obstante, este tipo de teorizacións económicas seguen sendo inadecuadas para valorar os beneficios que pode reportar a existencia dunha lingua. Outro tipo de métodos utilizados para valorar economicamente o multilingüismo derívanse das técnicas da análise de mercado, unha ferramenta amplamente utilizada para predicir o comportamento dos consumidores ante un novo ben, coas que se estima o valor que un consumidor asocia cun produto determinado para descubrir dese xeito as preferencias da xente por unha mercadoría que aínda non está no mercado¹²². Este tipo de teorizacións que xa son aplicadas en certos estudos culturais, poderían empregarse, igualmente, para valorar, por exemplo, programas de ensino que promovan a diversidade lingüística¹²³.

Sexa o mundo plurilingüe ou monolingüe, cómpre aceptar que a lingua ten unha inevitable relación coa economía, aínda que sexa difícil atribuírlle un valor monetario. Se aceptamos que a lingua é un valor que incide na economía das sociedades organizadas, entón será necesario considerala un obxectivo de interese para os gobernos. En palabras de Jonathan Pool, a lingua é unha ferramenta controlada pola autoridade.

Non é o canón senón a palabra o símbolo da autoridade. As actividades gobernamentais máis frecuentes son falar, escribir, escoitar e ler. Se Lindblom está no certo acerca do que os gobernos fan, entón a palabra non é só un símbolo senón tamén unha ferramenta da autoridade. Se as palabras son ferramentas da

¹²² LOUVIERE, Jordan e HENSHER, David (1982): On the Design and Analysis of Simulated Choice or Allocation Experiments in Travel Choice Modeling. *Transportation Research Record*, 890, pp. 11-17.

¹²³ NOONAN, D. (2002): *Contingent Valuation in the Arts and Culture: An annotated bibliography*, report to The Cultural Policy Center, University of Chicago.

autoridade, entón a lingua, que permite ás persoas producir palabras, debe ser unha ferramenta que fai ferramentas da autoridade. E, se a linguaxe é una máquina de ferramentas na industria da autoridade, entón deberíamos esperar que as persoas pelexen polo control da lingua¹²⁴.

O interese do poder pola lingua nace do feito de que é unha das prácticas sociais máis importantes á hora de adquirir, aprender ou modificar ideoloxías. Os discursos conteñen ideoloxía no sentido en que contribúen a soste ou reestruturar as relacións de poder; non temos que asumir, necesariamente, que as persoas sexan conscientes das dimensións ideolóxicas das súas prácticas discursivas, a ideoloxía que conteñen as convencións pode ser máis ou menos asumida como natural ou automática polas persoas ás que pode resultarlles difícil entender que as súas prácticas lingüísticas cotiás poidan ser ideolóxicas¹²⁵. A loita polo control da lingua á que se refire Pool é real e sucede cada día, tendo os políticos como principais protagonistas. Os que teñen o poder político úsano para ter poder sobre a lingua, e aqueles que teñen poder sobre a lingua úsano para conseguir poder político¹²⁶.

Para Antonio Gramsci¹²⁷, as escolas forman parte do sistema e contribúen a manter a hexemonía ideolóxica, mediante a que os individuos son adestrados no sostemento do *status quo*. Na actualidade as escolas son o instrumento esencial para a instrución e fomento das linguas. Non resulta difícil percibir a necesidade institucional e gubernamental de control sobre as linguas se consideramos o que se inviste en programas educativos relacionados coas mesmas: programas de educación bilingüe e plurilingüe, plans de potenciación de linguas estranxeiras, plans de promoción e exportación da lingua propia, etc. Son, precisamente, as políticas de fomento e difusión da lingua propia dun determinado país noutro as que permiten desvelar o interese en que a lingua dun territorio poida penetrar noutras partes do mundo, unha nova faceta do imperialismo que se desenvolve nun escenario onde a capacidade económica das nacións para afrontar os custes da promoción exterior das súas linguas decidirá o nivel de triunfo con respecto aos competidores; deste xeito, canto máis rico sexa un país, máis posibilidade ten de impoñer a súa lingua fóra das súas fronteiras.

É neste escenario onde o inglés, como lingua falada polos países que conxuntamente representan o maior poder económico do planeta, impón a súa hexemonía sobre as demais nacións despois dunha longa imposición interna¹²⁸. O inglés é promovido na actualidade por numerosas institucións, especialmente americanas e británicas, entre as que destaca o *British Council*, institución fundada en

¹²⁴ POOL, Jonathan (1993): Linguistic Exploitation en *International Journal of the Sociology of Language*, 103, 31-35, p. 31.

¹²⁵ FAIRCLOUGH, Norman (1992): *Discourse and Social Change*. Polity Press in association with Blackwell Publishers. U.K., pp. 86-91.

¹²⁶ EDELMAN, Murray (1977): *Political Language: Words that Succeed and Policies that Fail*. New York: Academic Press.

¹²⁷ GRAMSCI, Antonio (1994): *Letters from prison*, edited by Frank Rosengarten, Columbia University Press.

¹²⁸ LIPPI-GREEN, Rosina (1997): *English with an Accent*. London: Routledge, p. 63.

1934 que recibe grandes subvencións do goberno do Reino Unido. No ano 2010 recibiu 211 millóns de libras para o fomento da lingua e cultura inglesa pola mundo. Paralelamente, os Estados Unidos dedican fortes investimentos a través de fundacións privadas e teñen varias axencias dedicadas á expansión do inglés, entre outras a *Agency for International Development*, a *United States Information Agency* e a *Peace Corps*.

A promoción do idioma alemán no exterior realízase, principalmente, a través do *Goethe-Institut* fundado en 1951 como sucesor da *Deutsche Akademie*. Esta institución desprega a súa actividade por todo o mundo, fomentando o coñecemento da lingua alemá e cultivando a colaboración cultural internacional. Dispón dunha rede de centros, sociedades culturais, salas de lectura e locais de exames e aprendizaxe do idioma alemán que lle permiten operar en 136 países. O Ministerio de Asuntos Exteriores alemán destina case o 50 por cento do orzamento dedicado á cultura á promoción exterior da lingua alemá a través do *Goethe-Institut* e da *German Academic Exchange Service*, entre outras axencias¹²⁹.

A expansión da lingua francesa no exterior é froito dunha política de investimentos promovida polo goberno francés; son a *Alliance Française* e o *Haut Conseil pour la francophonie*, entre outros organismos, os que se ocupan de fomentar o uso do francés noutros países. A *Alliance Française* creouse no ano 1883 en París, na actualidade dispón de 1040 centros en 136 países onde se ofrecen cursos de francés e se difunde a cultura francesa e francófona. O presidente Mitterand, no ano 1986, encargouse de promover o movemento francófono que se converteu nun importante instrumento para estender o idioma francés e contrarrestar a hexemonía do inglés a nivel internacional. Se se considera o investimento económico, pódese dicir que o francés é a lingua que recibe máis promoción desde os estamentos de goberno, despois do inglés¹³⁰.

O español é promovido internacionalmente a través do *Instituto Cervantes*, que dispón de centros espallados polos cinco continentes. No ano 2010 dispuña dunha rede de 75 centros en 42 países e de 718 centros de exame en 107 países. O *Instituto Cervantes* é unha institución pública española creada no ano 1991 co obxectivo de promover a difusión da lingua e da cultura española e hispanoamericana. O seu consello de administración está integrado por representantes dos Ministerios de Asuntos Exteriores, de Educación e Ciencia, de Cultura e de Economía e Facenda. No exercicio económico do ano 2010, o orzamento do Instituto ascendeu a 103 millóns de euros; o 86

¹²⁹ BYRAM, Michael (2004): *Routledge Encyclopedia of Language Teaching and Learning*. London: Routledge, p.244.

¹³⁰ BYRAM, Michael (2004): *Op. cit.* pp 24-25.

por cento desta cantidade foi sufragado mediante subvencións estatais e o resto cos ingresos que xera o organismo coas súas actividades docentes e culturais¹³¹.

Contrariamente a este fomento, por parte dalgúns estados, da difusión e expansión das súas linguas polo mundo, as linguas faladas nos países máis pobres carecen de promoción. A realidade reflicte que son os países con economías máis desenvolvidas os que amosan un maior interese por competir no mercado internacional das linguas. Esta loita evidencia que a expansión dos idiomas non é, na actualidade, un fenómeno aleatorio, senón que responde a un deseño político que permite ver a procura de obxectivos distintos aos dunha simple promoción cultural. Por unha banda, as devanditas relacións entre a lingua, o poder e a economía e, pola outra, a desigualdade actual na distribución da riqueza, levan a considerar os principios da teoría clásica marxista que entende que os modernos estados capitalistas xorden das relacións da produción e se ocupan de protexer e reproducir o dominio dos poderes hexemónicos dentro das nacións. Desde esta perspectiva, nas modernas sociedades capitalistas o Estado non pode considerarse unha institución aséptica senón un instrumento reprodutor da estrutura de clases que intervirá na economía e na educación das persoas, orientando esta á preparación en roles que optimicen o rendemento dos medios de produción¹³².

A institucionalización dos sistemas educativos en occidente, ten unha evolución histórica que corre parella á constitución de grandes empresas de corte capitalista durante a Revolución Industrial. Esta conexión histórica suxire que a función das escolas é, primordialmente, satisfacer os intereses dos promotores do modelo de industrialización e disto dedúcese que os proxectos curriculares, contidos, materiais didácticos e actitudes de profesorado e alumnado non son cuestións neutrais; é dicir, todas as prácticas e políticas educativas que se nos presentan baixo o aspecto da neutralidade, réxense polos mesmos principios que inspiran os modelos económicos.

Os grupos sociais e gobernos conservadores e tecnocráticos intentarán en todo momento favorecer a creación e recreación dun discurso científico e ideolóxico que xustifique e lexitime a necesidade do seu destino como grupo dirixente. Polo mesmo, á hora de propoñer e razoar os seus modelos educativos tratarán de elaborar todo un marco teórico e uns prototipos de prácticas que nunca cheguen a alterar de forma substancial o mantemento das actuais estruturas desa sociedade¹³³.

As actuais prácticas económicas neoliberais, nas que os beneficios e o consumo son os pivotes que sustentan a realidade, precisan da lingua para manexar o discurso do mercado e poder controlar a crítica e a controversia. Neste contexto socioeconómico, o fomento da unificación dunha lingua a

¹³¹ PEREIRA, Juan Carlos (2009): *La política exterior de España (1800-2003): historia, condiciones y escenarios*. Barcelona: Editorial Ariel, pp. 245-250.

¹³² CARNOY, M. (1982): *Education, Economy and the State* en Apple (ed.): 79-126, p. 95.

¹³³ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1998): *Op. cit.* p. 15.

través dos sistemas educativos pode considerarse como un obxectivo necesario para que poida ser utilizada nos medios de comunicación como instrumento de estandarización do pensamento social, aspecto este imprescindible para a eliminación da tensión social e, consecuentemente, para o sostemento e lexitimación da expansión do sistema produtivo occidental que asegure o benestar mantendo as desigualdades. En palabras de Herbert Marcuse:

Este tipo de benestar, o da superestrutura produtiva que descansa sobre a base desgraciada da sociedade, impregna os “mass media” que constitúen a mediación entre os amos e os seus servidores. Os seus axentes de publicidade configuran o mundo da comunicación no que a conduta “unidimensional” se expresa. A linguaxe creada por eles avoga pola identificación e a unificación, pola promoción sistemática do pensamento e da acción positiva, polo ataque concertado contra as tradicionais nocións transcendentales¹³⁴.

3.2 A expansión das linguas na globalización da economía

Pouco antes de finalizar a Segunda Guerra Mundial, o prestixioso economista británico John Maynard Keynes concibía unha orde internacional regulada, sen renunciar aos beneficios que podía xerar o comercio internacional. Altos funcionarios americanos e británicos, dirixidos por White e por Keynes respectivamente, mantiveron diversas reunións para establecer un novo sistema económico mundial, tratar o tema da reconstrución, unha vez que finalizase a guerra, e ordenar os intercambios internacionais de mercadorías mediante a creación dunha organización dedicada a xestionar a redución de obstáculos aos intercambios internacionais de mercancías; estes encontros concluíron co *Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio* (GATT)¹³⁵.

O novo mercado mundial precisaba de institucións que operasen internacionalmente e que o regulasen por encima das fronteiras nacionais, polo que, tras a constitución da ONU, se creou o *Banco Mundial*, un organismo especializado na asistencia financeira e técnica aos países en desenvolvemento; na mesma época creouse, tamén, o *Fondo Monetario Internacional* co fin de promover políticas monetarias e de comercio internacional. Ambas as dúas institucións, con sede en Washington, serán as bases da promoción da globalización económica.

Tras a Segunda Guerra Mundial e por primeira vez na historia do modo de produción capitalista, créanse institucións que aspiraban a regular non só as economías nacionais, senón tamén o mercado mundial. Dotouse a este dun marco institucional, co sistema monetario de Bretton Woods, a organización de comercio mundial (GATT) ou, máis adiante, desde comezos dos 50, as comunidades económicas rexionais (en Europa). Era o requisito previo para que a desigualdade de desenvolvemento dentro do bloque dos

¹³⁴ MARCUSE, Herbert (1994): *El hombre unidimensional*. Barcelona: Ariel, p. 115.

¹³⁵ DIAZ MIER, Miguel Angel (1996): *Del GATT a la Organización Mundial de Comercio*. Madrid: Editorial Síntesis, pp. 19-20.

países máis industrializados puidera resultar nunha forza produtiva con efectos positivos sobre a taxa de beneficio e, polo tanto, sobre a taxa de acumulación¹³⁶.

Desde a súa constitución, os altos cargos que dirixen o *Banco Mundial* e o *Fondo Monetario Internacional* son de nacionalidade americana ou europea, o que é claro indicio do control exercido polos EE. UU., coa axuda das potencias europeas, sobre a economía mundial¹³⁷. Esta relación de dominio económico conduciu, paulatinamente, ao dominio político, militar, cultural, social e das comunicacións sobre o resto das nacións. Seguindo a terminoloxía do teórico Galtung sobre o imperialismo, Washington converteuse nun *Centro* dominante e os países subdesenvolvidos na *Periferia* dominada. Neste esquema hai centros de poder tanto no *Centro* como na *Periferia*, que explotan ás súas respectivas periferias. As elites gobernantes nos centros, tanto do *Centro* como da *Periferia*, están unidas por intereses comúns. As normas a seguir son ditadas polo *Centro* dominante e asumidas polos que ostentan o poder na *Periferia*.

Este sistema de imperialismo serve para reproducir as condicións materiais para a explotación e tamén para lexitimala. En etapas anteriores, as elites na *Periferia* eran os colonizadores, pero, no novo sistema de colonialismo promovido polos EE. UU., as elites serán, maioritariamente, nativos educados nos países do *Centro*. Nesta etapa, as organizacións internacionais e as grandes compañías xogan un papel esencial e os procesos educativos nas distintas nacións veranse favorecidos pola tecnoloxía das comunicacións e da computación que fan que a presenza física para o control das persoas e dos medios de produción sexa innecesaria; a necesidade de entendemento entre o *Centro* e a *Periferia* precisa de fluidez na comunicación, é dicir, da existencia dunha lingua común dominante¹³⁸.

Na época colonial anterior, a lingua de entendemento era imposta pola metrópole, porén, o novo sistema económico global necesita doutros métodos máis efectivos que a forza. A expansión dun idioma común para a comunicación entre o *Centro* e a *Periferia* debe ter a lexitimación suficiente como para ser aceptado polos dominados e, nesta situación, a perspectiva de benestar e progreso económico que se ofrece, xorde como a aspiración lexitima que xustifica a aceptación dunha lingua mundial. Pero os criterios para medir o desenvolvemento e o subdesenvolvemento económico no mundo baséanse no estándar de vida de occidente; así, as teorías económicas para o progreso e a modernización son explicitamente eurocéntricas, o que lexitima a destrución doutros sistemas económicos de sociedades distintas. Na posguerra, non parecía razoable unha visión alternativa ao desenvolvemento da acumulación de capital, á industrialización, ás relacións institucionais entre

¹³⁶ ALVATER, Edmar (1994): *El precio del bienestar*. Valencia: Edicións Alfóns el Magnànim, p.130.

¹³⁷ VASAPOLLO, Luciano, GALARZA, Enrike e JAFFE, Hosea (2005): *Introducción a la historia y la lógica del imperialismo*. Barcelona: Intervención Cultural, pp. 11-12.

¹³⁸ GALTUNG, J. (1980): *The True Worlds. A Transnational Perspective*. New York: The Free Press, pp. 127-128.

traballo e capital e ao mercado libre. Nese contexto os antigos lazos entre as metrópolis e as colonias continuaron a ser necesarios para adherirse ás políticas de desenvolvemento, en especial, en materia de ensino.

As materias, a linguaxe e, nalgúns casos, incluso a nacionalidade mesma dos mestres proceden do período colonial. A relación entre a ex colonia e o ex colonizador é, de moitos modos, máis forte no económico e no cultural que durante a administración colonial. Por tanto nin sequera é necesaria a presenza das metrópolis nacionais para asegurar a característica imperialista das escolas despois do seu período introdutorio. Todo canto se necesita é unha relación de dependencia entre a metrópole e a rexión, o país, a clase ou o grupo de que se trate. Unha vez asentada a dependencia económica, política e cultural queda asegurado o carácter imperial das escolas. Os cambios na economía e na cultura da metrópole transmítense ao grupo dependente por medio das escolas e doutras institucións¹³⁹.

Considerando a lingua como un produto, podemos concibir que existe un mercado de linguas onde cada habitante do planeta, ademais da súa fala, dispón dunha oferta variada doutras falas, se, por calquera motivo, precisa aprender unha segunda lingua. Neste hipotético mercado, cada demandante elixirá a lingua máis beneficiosa para os seus propósitos, ben sexan económicos, culturais, relixiosos, sociais ou de calquera outra índole. Durante a posguerra, as linguas das potencias coloniais dispuñan dun dominio a nivel tecnolóxico e cultural superior e, consecuentemente, o seu nivel de utilidade era máis vantaxoso que o doutras linguas minoritarias.

O concepto da utilidade das linguas percíbese de maneira acusada no mercado laboral, onde o nivel de manexo da lingua de cada traballador emigrante asociarase directamente á competitividade laboral. Se aceptamos esta concepción utilitaria das linguas, pódese concibir cada unha delas como un medio de produción, cunhas funcións comunicativas asociadas, e será demandada por un individuo ou por un grupo en función da súa utilidade ao comparala con outras. As linguas teñen un valor no mercado, que aumentará cando máis xente demande a súa aprendizaxe o que provoca, en opinión de Florian Coulmas, un efecto de bóla de neve, é dicir, cando máis persoas aprendan unha lingua, máis útil se volverá e, en consecuencia, máis xente demandará a súa aprendizaxe¹⁴⁰.

A homoxeneización lingüística parece ser unha premisa necesaria para o óptimo funcionamento das novas actividades económicas nun mundo globalizado. Tal como afirmaba décadas atrás Lenin:

A uniformidade da linguaxe e o seu imparabile desenvolvemento é unha das máis importantes premisas dun comercio libre e que todo o abarca en consonancia co capitalismo moderno [...] é finalmente unha premisa da estreita relación do mercado con todos os empresarios, incluso cos máis insignificantes, con todos os vendedores e compradores¹⁴¹.

¹³⁹ CARNOY, Martin (1977): *La educación como imperialismo cultural*. México: siglo XXI editores, p. 31.

¹⁴⁰ COULMAS, Florian (1992): *Op. cit.* pp. 64-80.

¹⁴¹ Citado por COULMAS, Florian (1992): *Op. cit.* p. 41.

Ao remate da Segunda Guerra Mundial, os idiomas das antigas potencias coloniais contaban cun maior potencial léxico no campo industrial e tecnolóxico e dispuñan, tamén, dun nivel de expansión importante no mundo, razóns polas que partían dunha mellor posición no libre mercado idiomático que as restantes linguas do mundo. Neste contexto, o inglés como lingua oficial do Reino Unido, Irlanda, Estados Unidos, Canadá, Australia, etc., e segunda lingua nas excolonias de Asia e África ocupaba un posto de privilexio, incluso, con respecto ao francés, español, alemán ou ruso. Este status lingüístico servirá aos poderes económicos dos EE. UU. para asegurar o éxito dunha política expansiva do idioma inglés coa axuda da estrutura do imperio británico. Os métodos utilizados polos axentes económicos americanos e británicos para promover a exportación do inglés como lingua internacional centráronse en aumentar a oferta educativa desta lingua, estimulando a súa demanda e potenciando a súa aprendizaxe con incentivos.

Os estadounidenses xa tiñan a experiencia da introdución do inglés nas Filipinas, onde instruíran os habitantes desa rexión con libros de texto americanos co que conseguiron, non só alfabetizar, senón tamén ensinar un estilo de vida. Este mesmo sistema utilizárono nas posesións do Pacífico onde prohibiron a utilización das linguas autóctonas. Despois da guerra, os americanos promoveron unha política cultural máis internacionalista; nesta primeira etapa, o maior inconveniente para os propósitos expansionistas dos EE. UU. eran as aspiracións hexemónicas dos británicos. Porén, as continxencias da guerra deixaran o Reino Unido nunha situación de dependencia e incapacidade para manter os privilexios imperiais precedentes¹⁴²; non obstante, a promoción da lingua inglesa converteuse nun obxectivo que reportaba beneficios comúns.

Durante a guerra e nos anos seguintes á finalización da contenda, tomáronse iniciativas para a promoción da lingua, co que as editoriais británicas e americanas se prepararon para unha política de expansión; o número de estudantes estranxeiros nos EE. UU. medrou de forma apreciable e, tamén, a impresión e promoción de libros de texto. O programa *Fulbright* de axudas á educación patrocinado polo sector público e polo privado, por iniciativa do senador J. William Fulbright, iniciou os primeiros intercambios de formación de persoas no ano 1948. Os fondos destinados polo goberno americano ao ensino e promoción do inglés aumentaron nos anos 50; en concreto, a *United States Information Agency* empezou a funcionar no ano 1953 co obxectivo de informar e propagar en audiencias foráneas a cultura americana. Nesta época, a *Ford Foundation* e a *Rockefeller Foundation*

¹⁴² CHOMSKY, N. (1982): *Towards a New Cold War: Essays on the Current Crisis and How we Got There*. London: Sinclair Browne, p. 95.

iniciaron, igualmente, a concesión de fondos destinados a promover o ensino do inglés en numerosos países e a formación do profesorado en varias universidades americanas¹⁴³.

As actuacións civilizadoras americanas e británicas tiñan obxectivos comúns e, por esta razón, víronse abocadas a unha actividade complementaria, ausente de rivalidade. Os británicos dispoñían, para a difusión da lingua e cultura inglesa, da experiencia do *British Council* que, xa antes da guerra, se dedicaba, con financiamento público e de empresas privadas, ao ensino do inglés en numerosos países. Os obxectivos desta institución fanse evidentes nas declaracións do entón Príncipe de Gales na cerimonia de inauguración no ano 1935:

A base do noso traballo debe ser a lingua inglesa [...] O noso obxectivo é algo máis profundo que a adquisición das nocións da nosa lingua. O noso obxectivo é asistir ao maior número posible de xente para que aprecien as glorias da nosa literatura, a nosa contribución á arte e ás ciencias, e a nosa significativa contribución á práctica política. Isto pódese conseguir de maneira máis axeitada mediante a promoción do estudio da nosa lingua no estranxeiro¹⁴⁴.

No ano 1940, o *British Council*, limitada a súa fase expansiva polos avatares da guerra, tivo como primeiro obxectivo xeográfico os países do Mediterráneo, establecendo sedes en Exipto, Portugal, Romanía, Polonia e España. Durante a guerra dispuña de centros de asistencia en varias cidades de Inglaterra, Escocia e Gales, moitos deles para atender á formación dos refuxiados da contenda no continente; ao remate desta, as operacións estratéxicas da institución foron dirixidas polo xeneral Ronald Adam, do exército británico, con ampla experiencia en organización e administración militar, dando un xiro na política de accións culturais cara a actuacións educativas focalizadas nos países en desenvolvemento. Este xiro percíbese con claridade nos anos 50, despois de que o informe Drogheda orientase a actividade a estreitar os lazos comerciais e políticos británicos cos países de África e Asia.

As devanditas políticas conxuntas de americanos e británicos orientáronse a aumentar a oferta lingüística para que a aprendizaxe da lingua inglesa estivese ao alcance do maior número de demandantes e, paralelamente, promovendo, con incentivos e axudas económicas, a formación do profesorado e o intercambio de alumnado. A preocupación por expandir a lingua tamén se viu axudada pola investigación lingüística desenvolvida por universidades americanas e británicas e orientada aos métodos de aprendizaxe do inglés.

A forma máis significativa de crear unha maneira simple e estándar de ensino desta lingua, iniciouse, antes da guerra, polo filósofo da Universidade de Cambridge C.K. Ogden, no ano 1930; este innovador método de aprendizaxe do inglés básico denominado BASIC (*British American Scientific*

¹⁴³ SPILIMBERGO, Antonio (2007): *Democracy and Foreign Education*. Working paper WP/07/51. International Monetary Fund, p. 3.

¹⁴⁴ Citado por PHILIPSON, Robert (1992): *Linguistic Imperialism*. Oxford: Oxford University Press, p. 138.

International Commercial), está formado por 850 palabras seleccionadas e unha gramática simple. O obxectivo deste traballo era facilitar o ensino do inglés para convertelo nunha segunda lingua universal, o que suscitou o interese da clase política americana e británica. Winston Churchill nunha carta dirixida ao Secretario do Gabinete de Guerra no ano 1943 reflexiona sobre a importancia do método para os intereses británicos.

Estou moi interesado no tema do inglés BASIC. A expansión do seu uso sería un logro para nós moito máis perdurable e beneficioso que a anexión de grandes provincias. Tamén fixaría as miñas ideas dunha relación máis estreita cos Estados Unidos, facéndoo máis proveitoso que a pertenza a un club de falantes de inglés¹⁴⁵.

O interese académico pola estandarización e simplificación da lingua inglesa para a instrución de persoas estranxeiras deu orixe á disciplina da lingüística aplicada, incrementándose o seu estudo na década dos 50, que coincide coa emerxencia dos EE. UU. como superpotencia¹⁴⁶.

Na segunda metade do século XX as potencias coloniais europeas estaban inmersas na súa reconstrución económica, o que propiciou que deixasen ás colonias nun certo nivel de abandono que deu orixe a súa independencia. Francia foi abandonando as posesións de África e, en 1965, Gran Bretaña xa concedera a independencia a todas as colonias deste continente. Nos anos 70 o sistema colonial europeo estaba practicamente morto, deixando tras de si unha herdanza lamentable de pobreza. Pola contra, as antigas potencias coloniais e Xapón emerxían de forma rápida da devastación da guerra coa axuda da tecnoloxía. Os efectos sobre a economía nestas décadas son acusados, aparecen mercados financeiros e de produción industrial e desenvólvese unha ampla capacidade de acceso de compañías e consumidores a produtos de calquera parte do mundo. O comercio internacional de mercancías aumenta de xeito extraordinario, incentivado pola consolidación paulatina de mercados globais baseados na liberdade de intercambios de mercancías e capital. Coa globalización, as empresas poden producir no país onde os custos sexan máis baixos, o que provoca movementos no mundo laboral. Neste proceso, as diferenzas económicas entre o *Primeiro* e o *Terceiro Mundo* fanse cada vez máis acusadas creando unha situación de dependencia non só económica, senón tamén cultural. Isto dará lugar á aparición dunha estrutura que vai condicionar as relacións entre os países, aqueles de economía máis débil vense atraídos pola ideoloxía dominante, en especial pola norteamericana, o que converte o instrumento da comunicación, a lingua, en ferramenta esencial deste proceso¹⁴⁷.

¹⁴⁵ Citado en PENNICOOK, Alastair (1994): *The Cultural Politics of English as an International Language*. Londres: Longman, p. 130.

¹⁴⁶ LÓPEZ GARCÍA, Ángel (1999): *Lingüística general y aplicada*. Valencia: Guada, p.323.

¹⁴⁷ SCHILLER, Herbertl. (1976): *Communication and Cultural Domination*. White Plains, N. Y.: Sharpe, pp. 9-10.

A dinámica da globalización da economía ten efectos importantes no papel da educación e nas reformas educativas dos países. As axencias coma o *Fondo Monetario Internacional*, o *Banco Mundial* e a OCDE están a promover un modelo de globalización neoliberal que, claramente, fomenta a privatización e descentralización do ensino público e a adopción de estándares orientados á medición dos logros académicos para determinar a calidade da educación. Estes cambios véñense plasmando en reformas que dan resposta á demanda internacional dun mercado laboral máis cualificado e tratan de reorganizar as escolas para mellorar a competencia profesional. Outro tipo de reformas responden ás restricións nos orzamentos e á necesidade de mellorar o rol político do ensino¹⁴⁸.

As políticas de privatización dos sistemas educativos son un elemento esencial cara á implantación de mercados abertos e son, polo tanto, ferramentas imprescindibles das políticas neoliberais, xa que, por unha banda, axudan a aliviar os gastos públicos e, pola outra, son un poderoso instrumento para limitar as prácticas reguladoras do Estado. As forzas do mercado fan diminuír ditas prácticas o que afecta a moitas persoas que, pola súa posición de debilidade respecto do ámbito do coñecemento, do acceso a mercadorías e servizos ou do control dos recursos, necesitan de lexislación protectora que impida o deterioro da súa situación. A presión da globalización fai que o poder das corporacións multinacionais medre paulatinamente e este proceso de expansión vese facilitado pola existencia de linguas hexemónicas¹⁴⁹.

Os procesos da globalización inflúen de maneira inevitable no uso da lingua e na súa expansión. Segundo Coupland, hai varios factores que deben ser tidos en conta cando se analiza a linguaxe na era da globalización. O factor máis importante é a interdependencia derivada da estreita relación entre as distintas comunidades que converte a lingua nun medio da globalización¹⁵⁰. Outro a ter en conta é un efecto de redución do tempo e do espazo que se produce, tamén, como consecuencia das interconexións xeradas por negocios multinacionais, turismo, medios de comunicación, etc. Igualmente convén considerar o desarraigo que se produce cando as linguas se desprazan dos seus lugares e contextos culturais de orixe e son reinterpretadas noutros ámbitos xeográficos e sociais. Os procesos enumerados por Coupland teñen unha estreita relación coa dominación e a imposición. Este novo esquema global no que se expanden as linguas transcende o plano meramente económico para incluír o da política e o da cultura, e ten a peculiaridade de facer difícil identificar os axentes que provocan estes procesos. Decidir que lingua falar, a quen e como, non é froito do azar, senón que son decisións tomadas por algúns para os seus propósitos.

¹⁴⁸ CARNOY, Martin (2001): "El impacto de la mundialización en las estrategias de reforma educativa" en *Revista de Educación*. Número extraordinario, pp. 101-110.

¹⁴⁹ TORRES, Carlos Alberto (2009): *Education and Neoliberal Globalization*. New York: Routledge, p. 18.

¹⁵⁰ COUPLAND, Nikolas (2010): *The Handbook of Language and Globalization*. West Sussex: Blackwell Publishing. Part I,8.

Unha interpretación plausible da globalización e de todos os seus efectos é que, indubidablemente, constitúe unha maneira de dominación provocada por un tipo de imperialismo, aínda que de forma diferente ao imperialismo postmoderno, até o momento caracterizado só por vitorias militares ou polo poder político das nacións-estado. Os axentes do imperialismo e, polo tanto, moitos procesos da globalización, non se deben só aos exércitos e gobernos nacionais, senón a compañías multinacionais, organizacións transnacionais de turismo e cultura, corporacións de medios de comunicación ou elites políticas internacionais. Isto pode implicar unha forma de imposición e dominio diferente e máis sutil, pero, non obstante, parece que é un tipo de imperialismo dun mundo postcolonial, unha forma de hexemonía do século XXI¹⁵¹.

En tempos recentes, o desmantelamento de barreiras culturais e nacionais, en especial no contexto de cooperación e colaboración do comercio internacional, acelerou a globalización sociocultural e dos negocios. Este proceso de globalización constitúe un exemplo típico da interacción entre os factores lingüísticos e culturais na construción do discurso. Debido ás presións das diferenzas interculturais inherentes á interpretación dos discursos é preciso posuír excelentes habilidades sociais para a súa construción. O proceso da globalización favorece a lingua inglesa que, a nivel mundial, se percibe como a lingua co maior grao de utilidade e valor de intercambio, xa que ofrece a posibilidade de ser usada para un amplísimo número de propósitos nun grande número de contextos diferentes¹⁵².

3.3 O imperialismo cultural

O termo imperialismo cultural empezou a ser utilizado nos ámbitos académicos a partir da década dos 60. Unha definición coñecida é a do teórico americano Herbert Schiller quen no ano 1975 manifestou que:

O imperialismo cultural é o que mellor describe a adición de procesos polos cales a sociedade entra no sistema moderno mundial e como o seu estrato dominante é atraído, coaccionado, obrigado e, ás veces, subornado para darlle forma ás institucións sociais de xeito que promovan e se identifiquen cos valores e estruturas do centro dominante do sistema. Os medios de comunicación son o exemplo máis importante de empresas que se utilizan neste proceso. Para introducirse de maneira significativa os medios deben ser captados polo poder hexemónico. Isto ocorre, principalmente, a través da comercialización dos medios de comunicación¹⁵³.

¹⁵¹ MAR-MOLINERO, Claire e STEWART, Miranda (2006): *Globalization and Language in the Spanish-Speaking World. Macro and Micro Perspectives*. New York: Palgrave MacMillan, p. 14.

¹⁵² FAIRCLOUGH, Norman, CORTESE, Giuseppina e ARDIZZONE, Patrizia (2007): *Discourse and Contemporary Social Change*. Bern: Peter Lang, p. 143.

¹⁵³ SCHILLER, Herbert I. (1976): *Op. cit.* p. 9.

Schiller estuda o fenómeno do ascenso do poder corporativo americano e analiza a súa expansión ideolóxica polo mundo coa axuda dos medios de comunicación. Aínda que a influencia e dominio dunhas culturas sobre outras non é unha novidade histórica, este proceso imperialista deixa de lado os antigos métodos de expansión da cultura occidental baseados na hexemonía política e militar. Temos un exemplo na actuación civilizadora dos misioneiros, que, aínda que característica da época colonial, continuou despois de 1945, en especial a dos misioneiros dos Estados Unidos; así, o *Summer Institute for Linguistics* e o *New Tribes Mission* expandiron por Latinoamérica a súa misión evangelizadora entre tribos indias, a miúdo co beneplácito e co apoio dos ditadores das rexións. En Venezuela, en 1987, a metade dos 2300 indios Panare foron convertidos e forzados a pagar asignacións mensuais ás misións. Os misioneiros ocupáronse de propagar a relixión cristiá á vez que transmitían a cultura occidental¹⁵⁴.

As organizacións educativas seguiron funcionando como unha forma tradicional de transmitir os valores occidentais no *Terceiro Mundo*. A estrutura do sistema educativo neses países, herdada dos tempos coloniais, é un produto da tradición de Occidente. Os modelos institucionais, as técnicas pedagóxicas, o currículo e as ideas básicas referentes ao papel da educación son occidentais. A falta de recursos dos países subdesenvolvidos que carecen de libros de texto, material de ensino, papel, imprentas, empresas de subministro, etc., fai que para poder manter a actividade educativa despois da independencia sigan dependendo da metrópole e continúen aceptando a imposición cultural occidental. Ademais de que xa foron escolarizados pola metrópole, e, polo tanto, colonizados “mentalmente”, conformado, deste xeito, un sentido común que converte en lóxica e obxectiva a cultura do Imperio¹⁵⁵.

Posteriormente, a introdución da televisión educativa, da radio e da instrución mediante ordenadores facilitou o dominio cultural que os sistemas educativos de corte occidental promovían. Nos anos 70, os Estados Unidos, Inglaterra e Francia, a través da *Axencia Internacional para o Desenvolvemento*, o *Banco Mundial* e fundacións sen ánimo de lucro como as de Ford e Rockefeller eran, con moito, os principais doadores de recursos educativos, moi por encima da UNESCO. Os consellos técnicos que valoran estas doazóns impoñen certas condicións á súa concesión; o obxectivo consiste en crear institucións que promovan unha organización capitalista de produción e unha conduta política que sirva a ese tipo de estrutura xerárquica e aos intereses militares norteamericanos. En xeral, as accións humanitarias e o fomento do desenvolvemento económico foron consecuentes coas necesidades das empresas que daban as axudas, de xeito que o apoio

¹⁵⁴ LEWIS, N. (1988): *The Missionaries: God Against the Indians*. New York: McGraw-Hill, p. 180.

¹⁵⁵ ALTBACH, P. (1987): *Higher Education in the Third World*. New York: Advent Books, p. 51.

americano orientouse ás clases burguesas locais e, consecuentemente, distribuíuse de forma desigual nos países receptores¹⁵⁶.

As novas formas de imperialismo adáptanse ás circunstancias políticas mundiais respecto á independencia das nacións, á guerra fría e ao ascenso dos Estados Unidos a primeira potencia capitalista. O dominio directo sobre outra nación xa non é un comportamento aceptable.

A diferenza estrutural que distingue o imperialismo novo do antigo é a substitución dunha economía na que compiten moitas compañías por outra onde un puñado de corporacións xigantescas compiten en cada sector industrial. Ademais, durante este período, o proceso da tecnoloxía do transporte e das comunicacións e o reto a Inglaterra por parte de novas nacións industriais engadiron dúas características máis á fase imperialista: unha intensificación da loita competitiva no escenario mundial e a maduración dun sistema capitalista verdadeiramente internacional. Nestas circunstancias, tanto a competencia entre grupos de grandes corporacións como entre os seus gobernos, desenvolveuse en todo o globo, tanto nos mercados das nacións desenvolvidas como nos das semindustrializadas e nos das non industrializadas. A loita das nacións industrializadas polo poder, polo control colonial e informal sobre as rexións economicamente atrasadas, non é máis que unha fase desta guerra económica e unha característica do novo imperialismo¹⁵⁷.

O imperialismo cultural, tamén denominado polo teórico Hamelink *sincronización cultural*, implica que un desenvolvemento cultural específico na metrópole transmítese de forma persuasiva a países receptores. A sincronización cultural supón que o tráfico de produtos culturais flúe masivamente nunha dirección e de maneira sincrónica. Este autor estuda a grande expansión do poder cultural das industrias occidentais que tivo lugar despois da guerra, non só da televisión, senón da industria do cine, gravacións, revistas e cómics¹⁵⁸.

Estes cambios apuntan a unha forma universal de unidade que, en principio, será máis beneficiosa para todos os implicados que a dispersión dos centros de poder de tempos pasados. A través do tempo, os poderes económicos das distintas nacións foron capaces de establecer a súa hexemonía estable, dando orixe a estados capitalistas cunha cultura política singular. O estilo occidental de democracia vén operando de forma eficiente mediante unha práctica política de varios partidos de distintas tendencias, que fixeron posible o consenso de aceptar o mercado como regulador da economía. O mercado autoregúlase a partir das relacións sociais que xera a hexemonía burguesa de cada nación que actúa nun plano internacional.

A nova forma de empresa multinacional capitalista que xurdiu despois da Segunda Guerra Mundial nos Estados Unidos actúa en todo o mundo adaptándose ás regulacións nacionais, amosando o camiño a seguir para conseguir a maior eficiencia económica. Os sistemas locais tiveron que

¹⁵⁶ CARNOY, Martin (1977): *Op. cit.* p. 294.

¹⁵⁷ MAGDOFF, Harry (1969): *The Age of Imperialism*. New York: Monthly Review, p. 15.

¹⁵⁸ HAMELINK, C.J. (1983): *Cultural Autonomy in Global Communications*. New York and London: Longman, p. 5.

adaptarse de forma rápida á nova situación de actividade global, aparecendo unha nova contorna internacional para o capital que deixou obsoleto o anterior sistema de relacións coloniais. A interdependencia do capital transcende os límites nacionais e da orixe a unha maior colaboración entre as clases burguesas dirixentes que no pasado. Este escenario de expansión mundial ten lugar baixo o control dun sistema de relacións “entre nacións” e non se percibe, de momento, a formación de ningún tipo de goberno mundial que promova unha cultura global e única. Ulf Hanners defende que esta cultura global xa apareceu:

Xa hai unha cultura mundial, pero debemos estar seguros de entender o que significa [...] Non ocorreu ningunha homoxeneización total dos sistemas de significado e expresión nin parece probable que teña lugar por agora. Pero o mundo converteuse nunha rede de relacións sociais e entre as súas rexións prodúcese un fluxo de significados, así como de persoas e mercancías¹⁵⁹.

Os pensadores do século XIX xa concibían a posibilidade dunha cultura global común a partir da percepción da notable influencia dos avances tecnolóxicos na globalización da economía; así, Marx entendía a sociedade comunista futura como unha cultura global, un mundo onde desaparecerían as divisións entre as nacións e os vínculos locais e relixiosos, que daría paso a unha cultura cosmopolita.

En lugar das antigas necesidades, satisfeitas con produtos nacionais, xorden necesidades novas que reclaman para a súa satisfacción produtos dos países máis afastados e dos climas máis diversos. En lugar do antigo illamento das rexións e nacións que se bastaban a si mesmas establécese un intercambio universal, unha interdependencia universal das nacións. E isto refírese tanto á produción material como á intelectual. As creacións intelectuais dunha nación convértense en patrimonio de todas. A estreiteza e o exclusivismo nacionais son cada vez máis imposibles; das numerosas literaturas nacionais e locais aflora unha literatura universal¹⁶⁰.

Marx menciona os intereses burgueses por un mundo economicamente globalizado e se refire á tendencia do capitalismo transnacional a asentarse e establecer conexións en todas as partes. Aínda recoñecendo as desigualdades que o sistema capitalista deixa tras o seu paso, percibe tamén os efectos beneficiosos da era burguesa coa eliminación das civilizacións premodernas e a preparación, deste xeito, do camiño para a futura sociedade comunista. Marx considera o nacionalismo e o patriotismo forzas reaccionarias opostas aos intereses cosmopolitas do proletariado.

Esta idea dunha cultura global, que se plasmou na elaboración de idiomas universais artificiais, subxace, igualmente, nas ideas dos promotores dunha *lingua franca* mundial. A máis coñecida foi o *esperanto*, difundido por Ludwik Zamenhof no ano 1887, que, a pesar da súa vocación de universalidade, conserva as raíces eurocéntricas, xa que o seu léxico derívase dos idiomas clásicos e modernos do occidente de Europa.

¹⁵⁹ HANNERZ, U. (1990): Cosmopolitans and Locals in World Culture. Featherstone (comp.) en *Global Culture*, pp.237-251.

¹⁶⁰ MARX, Karl. (1969): *Marx and Engels : Basic Writings on Politics and Philosophy*. London: Fontana, pp. 43-82.

Na actualidade, a realidade reflicte que a cultura global se está a converter nunha cultura hexemónica que está dando orixe a un imperialismo cultural das culturas eurocéntricas, dos seus valores, das mercancías e modo de vida occidental, en especial, estadounidense. Esta situación dá lugar a actitudes críticas que consideran que certas culturas dominantes ameazan con acabar con outras máis vulnerables. Refírense, por unha banda, ás prácticas mercantilistas do capitalismo mundial e, pola outra, alertan sobre a ameaza de que a cultura occidental prevaleza en todo o mundo. Para conseguir os seus obxectivos hexemónicos, o capitalismo occidental harmoniza o discurso e adecúase ás novas relacións de poder. Segundo Norman Fairclough¹⁶¹

A hexemonía é liderado e dominación nos dominios económicos, políticos, culturais e ideolóxicos dunha sociedade. A hexemonía é o poder sobre a totalidade da sociedade por parte dunha das clases fundamentais economicamente definida en alianza con outras forzas sociais, pero nunca se consegue máis que parcial e temporalmente, como un 'equilibrio inestable'. A hexemonía trata da construción de alianzas, da integración máis que da simple dominación das clases subordinadas mediante concesións ou a través de medios ideolóxicos para gañarse o seu consentimento. A hexemonía é un foco de loita constante arredor de puntos de gran inestabilidade entre clases e bloques para construír, sustentar ou romper alianzas e relacións de dominación/subordinación e asome formas económicas, políticas e ideolóxicas.

O teórico marxista Herbert Schiller considera que o sistema económico capitalista mundial está promovendo unha nova cultura sobre a base das culturas nacionais. Esta acción lévana á práctica as corporacións transnacionais, en especial as dos Estados Unidos. Estas críticas fan ver o sistema capitalista actual como promotor dunha estrutura de poder da globalización cultural, papel que levan a cabo as mencionadas corporacións, especialmente as dos medios de comunicación; é dicir, o capitalismo non só define a estrutura da economía política global, senón tamén a cultura global e establece o modo de vida e a dirección do crecemento que deben seguir as nacións subdesenvolvidas¹⁶². Esta visión da hexemonía cultural como modeladora da maneira de pensar da xente permite entrever que a estabilidade do sistema se sustenta, en grande medida, na ampla aceptación dunha ideoloxía corporativa global¹⁶³.

Tamén é obxecto de críticas a occidentalización da cultura mundial debido a que tende a destacar a experiencia de Occidente e ignorar ou reprimir a diversidade doutras culturas. Este proceso conduce a unha uniformidade cultural occidentalizada que destrúe as outras versións de formas de vivir; neste sentido, a civilización occidental é paradoxicamente anticultural¹⁶⁴. Non obstante, tamén hai que subliñar que o proceso de expansión das institucións occidentais ao resto do mundo supón unha perda da súa vantaxe social e cultural, de xeito que xa non se debe falar de imperialismo nun só

¹⁶¹ FAIRCLOUGH, Norman (1992): *Op. cit.* p. 92.

¹⁶² SCHILLER, Herbert I. (1985): Electronic Information Flows: New Basis for Global Domination?, en P. Drummond e R. Paterson (comps.), *Television in Transition*. Londres: BFI Publishing, pp. 11-20.

¹⁶³ HERMAN, E.S. e McCHESNEY, R.W. (1997): *The Global Media*. London: Cassell, p. 35.

¹⁶⁴ LATOUCHE, S. (1996): *The Westernization of the World*. Cambridge: Polity Press, p. 43.

sentido; consecuentemente, a fase actual de globalización non debe confundirse coa precedente. En certas partes do *Terceiro Mundo* o imperialismo cultural de occidente perde a súa hexemonía, o rápido crecemento experimentado en países como Corea do Sur, Hong Kong, Singapur, etc., pon en tela de xuízo os efectos da dominación política e económica de Occidente¹⁶⁵. Estes casos fan dudar de que o proceso de globalización teña como consecuencia unha cultura occidentalizada uniforme, o que non quere dicir que o proceso sexa sensible á conservación das diferenzas culturais despois das forzas de dominación.

A lingua é un dos elementos esenciais de transmisión no proceso de imperialismo cultural, como pode constatarase, por exemplo, nas actuais relacións culturais entre África e Europa, que se ven influídas polo uso continuado de linguas europeas como idiomas oficiais en numerosos estados africanos. As políticas lingüísticas son o claro reflexo dos dilemas da modernización do Terceiro Mundo, onde os idiomas nacionais percíbense, por uns, como un inconveniente ao internacionalismo e, por outros, como un símbolo cultural nacional de loita contra o poder colonial. Para estes últimos, o investimento en medidas de protección da cultura autóctona convértese nunha decisión política que quedará determinada polos beneficios que reporte, que non son fáciles de valorar nun mercado de prezos. Por exemplo, a diversidade cultural expresada en termos de multilingüismo é importante para manter e transferir a tradición e a cultura a outras xeracións, pero non existe un mercado que recolla o valor destes beneficios; tendo en conta que a maioría das actividades humanas teñen, dunha ou doutra forma, un prezo, convén ser conscientes de como a tentación de ignorar os beneficios da variedade cultural e lingüística dunha rexión se trasladan, neste tempo de neoliberalismo, aos ámbitos de decisión política; esta idea económica do valor favorece o neoimperialismo de corte occidental, dominado polo poder cultural (imperialismo cultural) e financeiro, máis que polo militar e de organización territorial.

As campañas comerciais das grandes compañías americanas promoven os seus produtos transcendendo diferenzas políticas, étnicas, relixiosas, sociais e económicas, e, incluso, apropiándose de identidades culturais locais. As modernas ferramentas informáticas convértense en medios de promoción do imperialismo cultural, pero a súa efectividade depende da estandarización da lingua inglesa, xa que esta é a lingua da potencia económica e militar indiscutible. Na actualidade, a maior parte do discurso transmitido polo poder non é cara a cara, senón que involucra a participantes separados no tempo e no espazo. Os discursos transmitidos polos medios de comunicación como a televisión, a radio, os periódicos e o cine teñen esta peculiaridade, que fai que a natureza das relacións de poder estean ocultas. No discurso cara a cara os participantes interactúan; pola contra, o discurso dos medios é unilateral, convertendo a mensaxe nun produto entre o emisor e o

¹⁶⁵ GIDDENS, A. (1990): *The Consequences of Modernity*. Cambridge: Polity Press, p. 65.

consumidor. Outra peculiaridade importante é que no discurso cara a cara, o produtor da mensaxe pode adaptala ao perfil da xente coa que está interactuando, porén, o discurso dos medios está deseñado para audiencias masivas sen que os promotores saiban quen está na audiencia, o que obriga a deseñar o discurso para suxeitos ideais.

O poder oculto no discurso dos medios de comunicación precisa dunha actividade repetitiva para ser efectivo, xa que ten efectos acumulativos; deste xeito, altos niveis de exposición a discursos homoxéneos poden ser capaces de persuadir e contribúen, deste xeito, á reprodución social, facendo que cada individuo se converta en transmisor da mensaxe¹⁶⁶.

Nestas circunstancias, a frase falada é unha expresión do individuo que a fala, e daqueles que lle fan falar como o fai, e de toda tensión ou contradición que poidan interrelacionar. Ao falar a súa propia linguaxe, o individuo tamén fala a lingua dos seus dominadores, benfeitores, anunciantes. Non só se expresan a si mesmos, non so expresan o seu propio coñecemento, os seus sentimentos e aspiracións, senón tamén algo que está máis alá deles mesmos. Describindo “por si mesmos” a situación política, xa sexa no seu pobo ou na escena internacional, eles (e eles inclúe nós, os intelectuais que o advertimos e o criticamos) describen o que os seus medios de comunicación de masas lles ditan, e isto disólvese no que pensan, ven e senten¹⁶⁷.

O imperialismo cultural precisa da promoción dunha *lingua franca* mundial para o correcto funcionamento do sistema, necesita que se expanda por todo o mundo en detrimento doutras linguas e, por suposto, sen impoñelo pola forza. Este novo sistema imperial debe xerar dependencia cultural mediante a utilización dos modernos medios de comunicación; como exemplo temos que, hai poucos anos, o xigante das comunicacións Google Inc. acordou dixitalizar miles de libros de 5 importantes librerías e universidades dos Estados Unidos e do Reino Unido. Esta “altruísta” decisión poñerá a disposición de millóns de cidadáns da aldea global unha inconmensurable fonte de coñecemento, pero para ter acceso a ela será necesario dominar a lingua inglesa¹⁶⁸.

3.4 O inglés como lingua internacional

Como xa se mencionou, o ascenso dos Estados Unidos de América a primeira potencia económica mundial ao longo do século XX levou aparelado o espallamento do inglés como lingua internacional. A pesar de que despois de concluír a Segunda Guerra Mundial existía unha certa incerteza política acerca da hexemonía americana debido ao emerxente poder militar e económico da Unión Soviética, na actualidade, tras a caída desta potencia, a hexemonía americana no mundo é un feito, coa consecuencia do ascenso do idioma inglés como lingua global. Este estatus non se debe, unicamente,

¹⁶⁶ FAIRCLOUGH, Norman (1989): *Language and Power*. London: Longman, p. 54.

¹⁶⁷ MARCUSE, Herbert (1994): *Op. cit.* p. 221.

¹⁶⁸ BBC News (14 decembro 2004): *Google to scan famous libraries*. Dispoñible en <<http://news.bbc.co.uk>>

ao feito de que o inglés sexa a lingua materna de Australia, Gran Bretaña, Canadá, Irlanda, Nova Zelandia, Sudáfrica, os Estados Unidos de Norteamérica e algúns países do Caribe, senón a que esta lingua é, tamén, amplamente empregada noutras nacións. O inglés ten estatus especial na administración de máis de 70 países como Nixeria, Singapur, a India, etc., o que implica que nestas nacións é medio de comunicación do goberno e dos tribunais de xustiza, co que o coñecemento e manexo desta lingua faise necesario para a poboación, de feito, recibe un tratamento especial no sistema educativo destes países. Igualmente convén subliñar que o inglés é lingua prioritaria de ensino como idioma estranxeiro en máis de 100 países, entre eles, os Europeos.

Sexa este idioma falado como lingua materna, como segunda lingua ou demandado como lingua estranxeira, o feito é que o ascenso porcentual de poboación mundial que usa o inglés non ten precedentes en ningunha outra lingua na historia da humanidade; a lingua inglesa amosa un nivel de espallamento espectacular nos últimos 500 anos en que pasou, de ser unha lingua minoritaria, a ser o idioma máis utilizado do planeta¹⁶⁹.

A razón de por que unha lingua como o inglés chegou a tales niveis de expansión está imbricada coas relacións de poder económico. Segundo Norman Fairclough a estandarización do inglés foi parte dun proceso amplo de unificación económica, política e cultural, que estivo asociado á emerxencia do capitalismo a partir da sociedade feudal británica. Hai unha razón económica que conecta o capitalismo coa expansión do inglés, que é a necesidade de unificar os mercados domésticos para mellorar a produción de mercadorías. Este proceso precisaba da unificación política e cultural, pois a estandarización da lingua inflúe de forma directa na economía ao mellorar a comunicación, xa que a maioría da xente inmersa na actividade económica entende o estándar acordado.

O inglés estándar desenvolveuse a partir do dialecto falado na rexión do *East Midland* de Gran Bretaña, lingua de uso dos mercadores en Londres a finais da Idade Media; conforme Fairclough, debido a que estes mercadores feudais convertéronse nos primeiros capitalistas, pódese asociar este desenvolvemento co capitalismo, polo tanto o dominio do inglés estándar respecto doutras linguas e dialectos británicos hai que asocialo ao emerxente poder dos comerciantes londinienses. A estandarización empezou inicialmente coa lingua escrita e estendeuse gradualmente á fala (gramática, vocabulario e incluso pronunciación); posteriormente, este inglés estándar, empezou a controlar as institucións sociais desprazando o latín e o francés até converterse na lingua literaria, na lingua do goberno, da administración, da lei, da relixión e do ensino. Na etapa transitoria do feudalismo ao capitalismo, o inglés emerxeu como a lingua do poder do mesmo xeito que a burguesía inglesa foi adquirindo privilexios.

¹⁶⁹ CRYSTAL, D. (1987): *The Cambridge Encyclopedia of Language*. Cambridge: Cambridge University Press, p. 358.

O inglés estándar desenvolveuse non só a expensas do latín e do francés, senón a expensas doutros dialectos sociais “non estándar” (e a expensas doutras linguas de Gran Bretaña, galés e gaélico, e, especialmente desde a Segunda Guerra Mundial, de moitos outros, incluíndo varias linguas asiáticas). O inglés estándar era considerado como o inglés correcto, mentres que dialectos doutras capas sociais eran estigmatizados non só en termos de corrección senón tamén porque, indirectamente, reflectían un estilo de vida, unha moral, etc., dos falantes pertencentes á emerxente clase traballadora da sociedade capitalista que eran tachados de vulgares, lacazáns, xente baixa, bárbaros, etc. O estatus de dominio do inglés estándar e a subordinación doutros dialectos sociais foi parte do establecemento do dominio da clase capitalista e da subordinación da clase traballadora¹⁷⁰.




Figura 15: Gráfico que representa a evolución do número de falantes do idioma inglés desde o século XVI. Fonte: Elaboración propia con datos de Alastair Pennycook

A asociación entre a estandarización da lingua inglesa e a emerxencia do capitalismo, exposta por Fairclough, serve tamén para explicar o ascenso do inglés na esfera internacional; a partir da Revolución Industrial, a clase capitalista inglesa e, posteriormente, a americana convertéronse en referencia dos capitalistas doutras nacións, o que explica a caída de linguas como a española, a francesa ou a alemá e a continua expansión do inglés en función da clara hexemonía económica de Gran Bretaña a partir do século XIX, e dos Estados Unidos durante o século XX. Esta expansión aumentou considerablemente a finais do pasado século e comezos do XXI favorecida pola necesidade das grandes corporacións americanas de estender o seu imperio económico e cultural. O triunfo destas nacións na escena internacional fixo que a súa lingua se convertera no que é na actualidade en menoscabo doutras linguas como o francés ou o español. Como xa se explicou antes,

¹⁷⁰ FAIRCLOUGH, Norman (1989): *Op. cit.* p. 57.

este proceso viuse acelerado, por unha banda, pola demanda de internacionalización e globalización da economía que creou a necesidade crecente dunha lingua franca para os negocios, o mundo académico e a dinámica das Organizacións Internacionais e, pola outra, pola mobilidade tanto física como das ideas, favorecida pola mellora dos transportes e os avances na tecnoloxía da comunicación. Este efecto multiplicador pode observarse no gráfico da figura nº 15 que mostra a evolución exponencial de falantes do inglés a partir do ano 1800. Robert Phillipson, referíndose a Europa, clasifica en dous grandes grupos os factores que contribúen ao aumento do uso do inglés: estruturais e ideolóxicos. Os primeiros gardan relación cos recursos materiais, investimentos en edificios, empresas, produtos, institucións, universidades, formación do profesorado, etc., que xeran un modelo de aprendizaxe e uso da lingua; os factores ideolóxicos refírense ás actitudes con respecto á linguaxe, crenzas acerca do seu valor, utilidade, méritos, etc.¹⁷¹:

Factores estruturais

1. O inglés é parte integrante do actual proceso de globalización no comercio, nas finanzas, na política, nos asuntos militares, na ciencia, no ensino e nos medios de comunicación. A adopción do inglés como clave empresarial, institucional e linguaxe académico para tales actividades é o síntoma desta tendencia. A utilización frecuente do inglés nas redes de comunicación, ONGs, agrupacións subculturais xuvenís e internet consolida a linguaxe a nivel das bases.
2. Os americanos e británicos veñen facendo fortes investimentos na promoción da súa lingua, globalmente, desde mediados dos anos 50.
3. A educación superior nos Estados Unidos, no Reino Unido e Australia atrae un número crecente de estudantes de todo o mundo, incluíndo Europa continental, en parte debido a que a lingua usada é o inglés.
4. Ten habido investimentos importantes no ensino de inglés nos sistemas educativos dos países de Europa continental.
5. Os niveis de competencia en lingua estranxeira varían de xeito apreciable, pero tende a haber máis xente con destreza no inglés nos países demograficamente pequenos.
6. En Europa continental hai unha crecente tendencia a que as universidades ofrezan cursos e grados impartidos en inglés. Esta é unha tendencia xeral, especialmente a nivel de graduados no Norte de Europa, e en campos de estudo como os empresariais e de negocios. Nalgunhas escolas a tendencia é ensinar determinadas materias en inglés.
7. Existe unha pobre infraestrutura académica nas universidades europeas e centros de investigación para a análise da política lingüística, multilingüísmo e dereitos lingüísticos, o que reflicte unha carencia de investimento neste campo.

¹⁷¹ PHILLIPSON, Robert (2003): *English-only Europe. Challenging Language Policy*. London and New York: Routledge, pp. 64-65.

8. A responsabilidade da política lingüística en cada país tende a estar compartida entre os ministerios de asuntos exteriores, educación, cultura, investigación e comercio. Cada un deles adoita ter pouca experiencia en política lingüística, e entre eles, se é que existe algunha coordinación, non é a adecuada. En países con estrutura federal, a responsabilidade é aínda máis imprecisa.
9. Como o inglés é usado amplamente por falantes nativos e non nativos de diferentes partes do mundo, non hai correlación simple entre o inglés e os intereses dun estado particular. A conexión do inglés co sistema económico dominante e coas redes de comunicación globais permanece.
10. A mobilidade laboral, relacións internacionais máis amplas e alianzas interculturais reforzan un patrón de cambio lingüístico a prol das linguas dominantes, especialmente do inglés.

Factores ideolóxicos

11. Diferenzas considerables nas ideoloxías que sustentan a formación dos estados, e no rol adscrito á linguaxe nestas, implican que os asuntos lingüísticos se entenden de xeito diferente nos distintos países, o que impide a existencia dunha comprensión compartida en materia de política lingüística.
12. As actitudes fronte ao multilingüismo vense influídas pola exposición da xente ás linguas estranxeiras e minoritarias e polo uso que fan das mesmas. Isto afecta á conciencia da xente con respecto á diversidade e aos dereitos lingüísticos e inflúe na súa motivación para aprender linguas adicionais.
13. Os niveis de concienciación no que atinxe aos asuntos de política lingüística varían amplamente entre e dentro de cada país da Unión Europea. Tenden a ser relativamente altos en, por exemplo, Finlandia e Grecia, e baixos en Dinamarca e Inglaterra.
14. Existe unha demanda popular pola lingua inglesa baseada na conexión que se establece nos medios e na publicidade entre esta lingua e connotacións de éxito, influencia, consumismo e hedonismo.
15. Clasificar linguas segundo supostas calidades ou limitacións, mediante procesos de enxalzamento ou estigmatización, garda correlación coas xerarquías lingüísticas e a súa racionalización hexemónica.

O proceso de imperialismo cultural que se veu expoñendo precisa dunha lingua vehicular para o seu desenvolvemento, co que xorde o que Robert Phillipson denomina o *imperialismo lingüístico*. A expansión do inglés polo mundo como unha forma de lingua unificada convértese nun medio indispensable para penetrar na mente das persoas e, deste xeito, conseguir a hexemonía cultural e establecer todos os seus subtipos de dominación: científica, dos medios e educativa.

O imperialismo lingüístico impregna todos os demais tipos de imperialismo xa que a lingua é o medio de logralos e expresalos. Cada un é un construto teórico que forma parte do imperialismo como teoría global que se ocupa das relacións estruturais entre os países ricos e os pobres e dos mecanismos mediante os que a desigualdade entre eles se mantén. Cada tipo solápase e mestúrase cos outros e deben ser vistos como aspectos do imperialismo como unha estrutura global. As actividades en cada área contribúen á incorporación da Periferia no “moderno” sistema mundial. Todos os tipos de imperialismo implican presentar modelos, unha norma, un exemplo a seguir pola Periferia, a transferencia de institucións, ideais de educación e formación e ideoloxías ocupacionais. En cada área a relación entre o Centro e a Periferia é asimétrica, é dicir, carece de reciprocidade. É en relación con estes conceptos e coa teoría xeral do imperialismo que algúns aspectos do imperialismo lingüístico do inglés serán investigados¹⁷².

A idea do fenómeno da expansión da lingua inglesa asociada aos negocios e relacións internacionais é suxerida por moitos escritores, entre eles Naysmith¹⁷³, quen considera que tal expansión é o indicio dun proceso polo que unha parte do mundo está sendo dominada política, económica e culturalmente por outra, xa que o inglés é a lingua do capitalismo internacional. Este enfoque indica que o inglés está asociado con certas formas de cultura e coñecemento e, igualmente, co sostemento de elites políticas, sociais e económicas que inducirán, por mor da súa supervivencia, á promoción da lingua inglesa polo mundo. Conforme Skutnabb-Kangas e Phillipson¹⁷⁴, as políticas gobernamentais de británicos e americanos para establecer o inglés como segunda lingua a nivel internacional desde o fin da Segunda Guerra Mundial teñen como obxectivo protexer e promover os intereses capitalistas.

Nos momentos máis críticos da guerra fría o investimento na expansión da lingua inglesa converteuse nunha estratexia esencial para o goberno británico. A evolución da Commonwealth precisaba do desenvolvemento de novas relacións entre os membros e, tamén, era necesario contrarrestar as maquinacións comunistas e os avances do nacionalismo que facían perigar os intereses económicos dos británicos nas colonias. A política do ensino do inglés fóra de Gran Bretaña respondeu a un deseño que tivo a súa orixe nos estamentos de goberno e que considerou o mundo como o seu laboratorio.

Como xa se indicou anteriormente, o impulso para estender o coñecemento da lingua inglesa empezou a adquirir forza despois da Segunda Guerra Mundial e levouse a cabo por institucións americanas e británicas. A organización máis importante no desenvolvemento deste cometido foi o *British Council*, fundado no ano 1934, que na actualidade dispón dunha cobertura de oficinas, centros de ensino, librerías e centros de información no Reino Unido e en máis de 100 países e

¹⁷² PHILLIPSON, Robert (1992): *Op. cit.* p. 65.

¹⁷³ NAYSMITH, J. (1987): English as imperialism? en *Language Issues* 1 (2): 3-5, p.3.

¹⁷⁴ SKUTNABB-KANGAS, Tove e PHILLIPSON, Robert. (1989): *Wanted! Linguistic Human Rights, Rolig Papir 44*, Roskilde Universitetscenter.

territorios, e está activo nuns 30 países máis¹⁷⁵. O deseño da actual política expansiva do *British Council* tivo os seus inicios na conferencia da Universidade de Makerere no ano 1961, onde se estableceu o carácter “non político” da institución. Con isto separáronse os asuntos relativos ao ensino do inglés, dos cometidos sociais, económicos e políticos e, así, permitiuse exportar a lingua inglesa como un produto técnico totalmente neutral. Esta imaxe foi o punto de partida máis significativo do período de expansión do ensino do inglés¹⁷⁶, de xeito que as causas e os efectos da expansión actual do inglés son relegados a unha perspectiva totalmente utilitaria.

Con moito, a expansión do inglés considérase como natural, neutral e beneficiosa. Considérase natural porque, aínda que se poidan referir críticas á imposición colonial do inglés, a súa expansión posterior percíbese como o resultado de forzas globais inevitables. Vese como neutral porque se asome que, unha vez que o inglés chega a ser dalgún xeito apartado do contexto cultural orixinal (en especial Inglaterra e América), se converte nun medio neutral e transparente de comunicación. E é considerado beneficioso porque un punto de vista aséptico da comunicación internacional acepta que esta ocorre baixo aspectos de equidade e cooperación¹⁷⁷.

A noción do inglés como idioma mundial susténtase na súa existencia material e no seu nivel de expansión que deu como resultado que sexa a lingua máis amplamente falada. Este discurso pragmático presenta o fenómeno da expansión da lingua inglesa como froito dunha acción social que evade calquera outro tipo de análises críticas que pretendan explorar as implicacións socioeconómicas e políticas que impulsan o seu espallamento. A demanda da ensinanza do inglés nos países onde non é lingua oficial considérase como unha opción individual que é, á vez, resultado da liberdade de elección; deste xeito, a súa aprendizaxe desconéctase dunha estrutura hexemónica e convértese, grazas ás vantaxes que proporciona, nunha necesidade natural, xusta e inevitable. O propio discurso que presenta o inglés como lingua internacional engloba en si mesmo a relación poder/coñecemento que define a necesidade da súa expansión, pero en palabras de Ndebele, o propio concepto dunha lingua internacional é unha invención do imperialismo occidental¹⁷⁸.

Das deliberacións da conferencia de Makerere saíron certos principios básicos que viñeron rexendo a política da formación do profesorado, dos exames, das necesidades de investigación, da literatura inglesa, do ensino do inglés a principiantes e do inglés para cometidos específicos. Segundo Robert Phillipson¹⁷⁹ a doutrina do traballo do ensino do inglés despois desta conferencia centrouse nunha serie de postulados que poden formularse así:

¹⁷⁵ *British Council, Annual Report 2009-10*. Dispoñible en <www.britishcouncil.org>

¹⁷⁶ CAWSTON, F. (1975): *The International Activities of the Center for Applied Linguistics in Fox 1975 Volume 2:385-434*, p. 395.

¹⁷⁷ PENNYCOOK, Alastair (1994): *Op. cit.* p. 9.

¹⁷⁸ NDEBELE, NS. (1987): *The English Language and Social Change in South Africa* en *The English Academy Review* 4: 1-16, pp. 3-4.

¹⁷⁹ PHILLIPSON, Robert (1992): *Op. cit.* chapter 7, pp. 173-222.

- ✓ A lingua inglesa é mellor ensinada de xeito monolingüe.
- ✓ O mestre ideal de inglés é o falante nativo.
- ✓ Canto máis cedo se ensine o idioma, mellores serán os resultados.
- ✓ Canto máis inglés se ensine, mellores serán os resultados.
- ✓ Se se usan outras linguas en exceso, os estándares do inglés baixarán.

Estes principios son analizados de forma minuciosa por Phillipson quen considera que as hipóteses de traballo de cada un deles son falsas e poden considerarse falacias. Sostén o autor que o principio do **ensino monolingüe do inglés como segunda lingua ou lingua estranxeira exclusivamente en inglés** responde á crenza subxacente de que centrarse unicamente no inglés maximizará a súa aprendizaxe, sen ter en conta o coñecemento que doutras linguas poidan ter as/os aprendices. Considera Phillipson que está conectado coa tradición colonial de facer desaparecer calquera outra lingua que non sexa a da metrópole das aulas da Periferia, de feito, era a expresión natural das relacións de poder na época colonial. Este principio implicitamente apoia moitas das propostas de Makerere que se centran no ensino do inglés antes que en obxectivos educativos máis amplos; o enfoque eurocéntrico monolingüe contribúe ao fracaso da maioría na escola e á súa exclusión do coñecemento técnico e científico; de feito, a metodoloxía monolingüe vai parella á falta de respecto polas linguas, conceptos e maneiras de pensar dos pobos dominados e é altamente produtiva á hora de obter unha “consciencia colonizada”.

Respecto do segundo principio poderíamos preguntarnos **por que o falante nativo tería que estar intrinsecamente mellor cualificado que o non nativo**. O principio mantén que o nativo ten maior facilidade en amosar a súa fluidez e corrección idiomática na lingua, en apreciar as connotacións culturais da linguaxe e en dirimir a aceptabilidade de calquera mostra de lingua que se lle presente. Todas estas calidades considera Phillipson que poden ser adquiridas polo non nativo, e pódese evitar, deste xeito, que un nativo non cualificado ou mal formado, ás veces con evidente descoñecemento da súa propia lingua, sexa admitido como profesorado ideal só por ser nativo. De feito, o profesorado non nativo que ten pasado polo proceso de adquirir unha segunda lingua e ten coñecemento das necesidades culturais e lingüísticas do alumnado, por pertencer á súa mesma contorna, pode estar mellor cualificado.

O terceiro principio que establece que **as/os nenas e nenos deben aprender inglés canto antes** non contempla a posibilidade de que ás/aos rapazas e rapaces cunha sólida base na súa lingua materna, que teñen aprendido a usar a súa lingua como un instrumento de pensamento analítico, podería serlles máis beneficioso comezar a aprendizaxe do inglés máis tarde. A recomendación céntrase en establecer unha correlación entre o inglés, o progreso tecnolóxico e o éxito, como se a súa aprendizaxe automaticamente catapultase as masas exitosamente á escena internacional.

Respecto do cuarto principio que se basea nun razoamento cuantitativo e de “sentido común” **canto máis inglés se ensine, mellores serán os resultados** pódese argumentar que ignora o feito de que a cantidade de *input* é menos importante que que este sexa apropiado e comprensible. Un material ben elaborado, un profesorado formado e métodos mellorados e adecuados son, de feito, máis importantes que a extensión temporal durante a que se ensina unha lingua. Ás consecuencias ideolóxicas deste principio, parecidas ás dos anteriores, podemos engadir unha de tipo económico, que sería un incremento no número de postos para profesorado de inglés. Ironicamente, abandonar este principio e ensinar menos inglés con profesorado máis cualificado a aprendices que xa teñan desenvolvida unha alta competencia académico-cognitiva na súa lingua materna pode resultar en mellores condicións para a aprendizaxe do inglés.

Con respecto ao quinto principio que di que **se outras linguas se usan demasiado, os estándares do inglés diminúen**, cómpre subliñar que este argumento do sostemento do inglés estándar foi xa un leitmotiv na planificación británica para a época post-colonial. A preocupación pola menor importancia ou o cambio de funcións que se lle poden atribuír á lingua inglesa é o que sustenta este principio que, combinado cos anteriores, ten sido efectivo á hora de manter a posición de privilexio do inglés.

Unha clara actitude anglocéntrica está presente nos mencionados principios, referendados na conferencia de Makerere e que sentaron as bases estruturais e ideolóxicas do ensino do inglés e serviron para reforzar a dependencia ideolóxica da *Periferia* respecto do *Centro* no que atinxe ao que é importante no ensino da lingua e que, por extensión, inflúe na planificación e política lingüística dos países de fala non inglesa. Esta dependencia lexitima a exportación desde o *Centro* de libros, proxectos, expertos no ensino, etc., asegurando a penetración do imperialismo lingüístico nos sistemas educativos das nacións, especialmente nas ex colonias.

Estas recomendacións constitúen unha base sobre a que se establece a educación das elites locais nas tradicións, valores e principios do *Centro* de xeito que poidan actuar como expertos, formadores do profesorado, etc., perpetuando un imperialismo na educación e no desenvolvemento científico que asegura unha continua explotación das fontes materiais e inmateriais da *Periferia*.

O marco teórico desenvolvido por Galtung acerca das relacións de poder entre uns e outros grupos sociais identifica tres tipos: o poder innato, o poder dos recursos e o poder estrutural. Este concepto leva a considerar que os medios para conseguir o poder son, respectivamente, a persuasión, o acordo e a forza¹⁸⁰. Para funcionar, a persuasión precisa dalgún tipo de submisión, o acordo, dalgún tipo de dependencia e a forza, da existencia de temor. Desde esta perspectiva teórica, a actual

¹⁸⁰ GALTUNG, J. (1980): *Op. cit.* p. 62.

supremacía do idioma inglés como lingua dominante nunha escena de competencia internacional con outras linguas, reflicte a existencia dunha estrutura de poder que se encarga de asegurar o seu espallamento, e mediante a que se transmite a idea de que a “comunidade” de falantes está en posesión dun valor lingüístico superior ao doutras linguas. Se se analiza o discurso actual transmitido polo *British Council* nos seus informes anuais, pódense detectar os efectos das relacións de poder no ámbito da aprendizaxe do idioma inglés:

- O **poder innato** da lingua inglesa resáltase nomeando o que o inglés é, asociándoo coa superior cultura británica e coa calidade das súas institucións educativas. O Director do *British Council*, Martin Davidson, na súa introdución ao informe anual do ano 2009-2010 claramente resalta o excepcional valor intrínseco da lingua inglesa cando di que

o Reino Unido ten riqueza cultural e educativa coa que renovar e desenvolver as relacións necesarias para construír un futuro mellor, máis próspero e máis seguro. A xente quere poñerse en contacto coas institucións educativas británicas máis prestixiosas do mundo¹⁸¹ [...]

O argumento de que o inglés dispón de calidades innatas superiores a calquera outra lingua é utilizado a cotío por influentes lingüistas, así, Wardhaugh di que

[...] a aprendizaxe do inglés non está ligada a ningún tipo de requirimento cultural, vostede pode aprendelo sen ter que subscribir outros valores [...] O inglés é a lingua menos local de todas as do mundo na actualidade. Falado case en todas partes até certo grao e non ligado a ningún sistema social, político, económico ou relixioso nin a ningún grupo racial ou cultural, o inglés pertence a todos e a ninguén, ou, polo menos, percíbese frecuentemente que ten esta propiedade¹⁸².

- O **poder dos recursos** ou argumentos extrínsecos asociados coa lingua inglesa son tamén utilizados a miúdo para sinalar a superioridade da mesma. O *British Council* desprega estes argumentos

Desde pequenas organizacións a importantes institucións británicas, multinacionais e gobernos, traballamos con máis de 300 socios cada ano. As historias falan por si soas. Este ano a nosa asociación coa *Open University* e coa *Foreign and Commonwealth Office* axudounos a impartir cursos en Burma [...] Estamos orgullosos de traballar co *BBC World Service* de novo para tratar asuntos que afectan a millóns¹⁸³.

Igualmente, os recursos humanos e materiais (profesorado, formadores de profesorado, materiais de ensino da lingua e da literatura, dicionarios, etc.) do *British Council* son utilizados para enxalzar a estrutura desta institución.

¹⁸¹ *British Council, Annual Report 2009-2010*, p. 9.

¹⁸² WARDHAUGH, R. (1987): *Op. cit.* p. 15.

¹⁸³ *British Council, Annual Report 2009-2010*, p. 13.

- O **poder estrutural** plásmase en argumentacións funcionais, no que o inglés fai, establecendo a súa posición xerárquica con respecto ás outras linguas. Neste aspecto, a actividade do *British Council* céntrase nas zonas máis problemáticas do mundo onde se presenta como unha acción civilizadora en nome de occidente paralela ás accións militares norteamericanas.

En Afganistán axudamos a máis de 10.000 profesores de inglés a desenvolver as súas destrezas nas aulas. Pretendemos chegar a axudar a 33.000 profesores a construír a súa confianza. Serán provistos cos últimos recursos para o ensino que lles chegarán desde o Reino Unido. Estamos tratando o problema da escasa cobertura de internet nas rexións máis remotas combinando o uso de material en CD-ROM con series radiofónicas nacionais, ás que o profesorado terá acceso con equipos de radio¹⁸⁴.

Neste mesmo sentido de axuda ao desenvolvemento exprésase con respecto a Ruanda, declarando a superioridade do inglés en relación co francés para o progreso social.

Respondemos á chamada do Presidente Kagame en 2008 para axudar o seu país a cambiar do francés ao inglés como idioma nas escolas. Esta decisión apoiará o progreso económico do país e brindará oportunidades a miles de mozas/mozos ruandeses para participar no desenvolvemento da súa nación¹⁸⁵.

O inglés tamén é presentado como instrumento de mediación nos conflitos militares.

Invitamos a OTAN a compartir unha plataforma con nós para atraer a comunidade internacional de Bruxelas sobre o papel que as relacións culturais poden desenvolver na prevención e resolución de conflitos¹⁸⁶.

O ensino do inglés solápase cos intereses de dominar ás rexións hostís a Occidente; así, Martin Davidson afirma que:

[...] mentres traballamos por relacións duradeiras e a longo prazo a través da nosa rede no estranxeiro, concentramos activamente os nosos recursos nas rexións e países de alta prioridade para o Reino Unido. Este ano ampliamos as nosas relacións co mundo musulmán e continuamos dirixindo recursos cara ao Medio e Próximo Oriente e cara ao Centro e Sur de Asia. Isto permítenos traballar con novos socios e enfrontar os desafíos que a radicalización e a alienación da xuventude representan. Síntome animado pola mellora no rendemento das relacións a longo prazo en Oriente Medio, Asia Central e do Sur e nas rexións de Oriente próximo e África do Norte, zonas que alcanzaron un aumento significativo contra esas medidas¹⁸⁷.

¹⁸⁴ *British Council, Annual Report 2009-2010*, p. 15.

¹⁸⁵ *British Council, Annual Report 2009-2010*, p. 16.

¹⁸⁶ *British Council, Annual Report 2009-2010*, p. 24.

¹⁸⁷ *British Council, Annual Report 2006-2007*, p. 4.

Os recorrentes argumentos utilizados polo *British Council* amosan o seu desexo de lexitimar o poder e a hexemonía da lingua inglesa. Unha actividade que resulta danosa para as sociedades en desenvolvemento debido á súa forte dependencia no que atinxe ao coñecemento e á información. Phillipson ve nesta etapa a última fase evolutiva dos métodos imperialistas que na actualidade tenden ao dominio da mente das persoas.

A sofisticación dos argumentos desenvólvese nunha escala que vai desde o uso da forza á utilización das “cenorias” e ao emprego das ideas. Na primeira etapa, o poder colonial podía utilizar a coerción cando vendía un dos seus produtos, o inglés. Cando o colonizado chegou a ser máis igual, e a forza bruta non puido ser utilizada por máis tempo ou non era unha alternativa eticamente aceptable, as cenorias foron máis adecuadas. Pero a maneira ideal de facer que a xente faga o que un quere é, naturalmente, facer que eles o desexen por si mesmos, facer que eles crean que iso é bo para eles. Isto simplifica o traballo do ‘vendedor’, que entón pode aparecer como alguén que proporciona axuda, en vez de forzar ou regatear coa vítima. E isto é o que ten pasado tamén coa venta do inglés, tal como amosan as vehementes expresións do Presidente do *British Council*: cando os británicos ‘non temos o poder que unha vez tivemos para impoñer a nosa vontade’ (‘paus’), a diplomacia cultural debe ocuparse de que as persoas vexan os beneficios do inglés (‘cenorias’) e os inconvenientes das súas propias linguas e, consecuentemente, desexen o inglés por si mesmas e polo seu propio beneficio (‘ideas’: entón a demanda é insaciable)¹⁸⁸.

Os métodos imperialistas utilizados desde o Centro para expandir a lingua inglesa analizados por Phillipson seguen empregando as mesmas formas na actualidade, como se constatou na análise das recentes actuacións do *British Council*. Os estudos feitos por Phillipson datan de principios dos 90, e desde ese momento tiveron lugar importantes cambios no contexto económico e político mundial que, necesariamente, viñeron influíndo nos métodos do imperialismo lingüístico utilizados polo Centro para impoñer na Periferia unha lingua franca, o inglés. Nestes últimos anos, os atentados de Nova York no 2001, de Madrid no 2004 e de Londres no 2005, froito da radicalización política do mundo islámico, poñen en evidencia o rexeitamento violento á hexemonía dos Estados Unidos e Occidente. Dentro do marco da expansión lingüística do inglés, estes acontecementos fixeron que, por unha banda, como se viu antes, a imposición cultural das ideas se dirixa prioritariamente a países do mundo islámico e, por outra, a política lingüística nos Estados Unidos e no Reino Unido trate de promover un acercamento a outras linguas incentivando a súa aprendizaxe nas escolas americanas e británicas.

As tácticas utilizadas polo *Centro* para demostrar o acercamento cultural foron levadas á práctica o 5 de xaneiro do 2006, cando o Presidente George Bush celebrou unha xuntanza con máis de 120 presidentes de universidades americanas para tratar o tema do ensino de linguas estranxeiras dentro do *National Security Language Initiative* (NSLI). O obxectivo desta conferencia era conseguir que as/os nenas/os americanas/os se implicasen na aprendizaxe de linguas estranxeiras e tamén

¹⁸⁸ PHILLIPSON, Robert (1992): *Op. cit.* p. 286.

incentivar dita aprendizaxe a nivel universitario. O interese desta iniciativa céntrase no ensino do árabe, o chinés, o ruso, o hindi e o persa. Os obxectivos que se perseguen co estudo de linguas estranxeiras nos Estados Unidos son, entre outros, os de implicar a outras nacións na loita contra o terrorismo e promover a “liberdade” e a “democracia”. Estes obxectivos resúmeos de forma perfecta un periodista do *Washington Post* recollendo as opinións de Bush e Condoleeza Rice con motivo desta iniciativa lingüística:

Vostede non pode convencer a xente a menos que fale con eles.

[...]

Cando os americanos aprendan a falar unha lingua, aprendan a falar o árabe, a xente das rexións árabes dirá, ‘ Meu Deus, América interésase por nós. Preocúpase o bastante como para aprender a nosa lingua

[...]

Non facemos como país o tipo de investimento intelectual que debemos facer para intercambiar ideas, en linguas e en culturas e no noso coñecemento delas como fixemos durante a Guerra Fría¹⁸⁹.

A nova estratexia do *Centro*, iniciada polos norteamericanos, que promove o investimento na aprendizaxe da lingua e cultura das rexións da *Periferia* que manifestan hostilidade ao imperialismo cultural, é seguida de similares actuacións político-administrativas en Gran Bretaña; así, a National Languages Strategy (NLS), publicada o 18 de decembro do 2002 e titulada *Linguas para todos: linguas para a vida*, plasma os plans do goberno do Reino Unido para cambiar a capacidade da cidadanía británica no dominio de linguas, á vez que promove iniciativas para que se adquira destreza e fluidez en linguas estranxeiras. A organización governamental que está levando esta política lingüística é o National Centre for Languages (CILT) que, como declara na súa páxina web

CILT traballa para convencer as persoas de calquera idade, en calquera etapa educativa e en calquera fase da súa vida, dos beneficios da aprendizaxe e da utilización de máis dunha lingua. Facemos isto utilizando a nosa experiencia como Centro Nacional de Linguas para influír na política, estender prácticas axeitadas e promover o aumento de profesionais da lingua.

Axudamos a implantar políticas para mellorar o ensino e aprendizaxe de linguas e dar consello independente en todos os aspectos do ensino de linguas, aprendizaxe e utilización. Somos o organismo que fixa no Reino Unido os estándares para as linguas e dá asesoramento, información e outros servizos para a Comisión para o Emprego e Cualificación do Reino Unido.

En todo o que facemos, temos como obxectivo animar as persoas a desenvolver un apreio duradeiro polas linguas e culturas¹⁹⁰.

¹⁸⁹ *Washington Post*: Foreign-language Learning Promoted. 6 January 2006 article by Bradney Graham. Dispoñible en <www.washingtonpost.com>

¹⁹⁰ CILT (*National Center for Language*). Dispoñible en <http://www.cilt.org.uk/home/about_us.aspx>

O feito de que británicos e americanos continúen co investimento para a expansión do inglés e, ao mesmo tempo, desde inicios dos 2000, fomenten o interese da súa cidadanía polas culturas e linguas doutros países é un cambio de estratexia motivada polos acontecementos internacionais. Isto non representa unha marcha atrás do imperialismo lingüístico, senón unha readaptación que pasa pola aceptación da defensa da diversidade lingüística e cultural mundial, sen descoidar o avance do inglés como *lingua franca*. Os acontecementos violentos que sucederon en Túnez, Exipto e Iemen e que se iniciaron en xaneiro do 2011 amosan, por unha banda, un acercamento das poboacións deses países ás ideas occidentais de “liberdade” e “democracia” e, por outra, un “adormecemento” do radicalismo islámico antioccidental. Isto parece reflectir que as novas tácticas imperialistas están dando resultado.

Os métodos de expansión da lingua inglesa en rexións desenvolvidas como Europa Occidental ou Xapón, deben ser analizados atendendo á súa peculiaridade. O ensino do inglés como segunda lingua ou como lingua estranxeira preséntase nestes países como unha opción libre, resultado da súa capacidade de planificación lingüística; nestes casos o éxito da aprendizaxe na escola parece orientarse a dar á persoa interesada beneficios persoais e profesionais. Tamén debe recalcarse que este tipo de ensino é, en moitos casos, autofinanciado sen axudas gobernamentais. Estas peculiaridades poderían interpretarse como se este tipo de expansión lingüística do inglés estivese sucedendo á marxe da influencia das nacións que promoven a súa hexemonía. Cabe observar que a adquisición dunha lingua estranxeira a través da educación regrada nas escolas non é, na actualidade, unha opción libre dos cidadáns, senón que depende da oferta educativa que vén determinada pola racionalidade económica que levará a sinalar a lingua máis expandida como a máis desexable.

No mundo actual, as linguas aínda se expanden a través da conquista, a conversión e o comercio, como sempre sucedeu, pero outra forma de expansión chegou a ser máis importante: o ensino regrado. Como un crecente número de nenas, nenos e adolescentes van á escola, aínda máis en Europa, a instrución regrada é agora o medio primordial de adquisición da lingua. Os pais e nais e os estudantes non son completamente libres para escoller as linguas de aprendizaxe, dependen das ofertas do currículo escolar. Os consellos escolares e ministerios de educación anticipanse ás preferencias dos estudantes e dos seus pais e nais, e toman en consideración as previsións sobre a extensión das linguas en Europa e no mundo occidental. Así, as preferencias individuais e institucionais por unha determinada lingua estranxeira adáptanse máis ou menos unhas ás outras e, á súa vez, estas preferencias baséanse na percepción da elección lingüística que outros aprendices de linguas fan noutros países e continentes. Se se espera que o inglés se estenda máis rápido, entón iso é razón dabondo para preferir o inglés. Isto explica a actual desbandada cara ao inglés en Europa e no resto do mundo¹⁹¹.

¹⁹¹ DE SWAAN, Abram (2007): The Language Predicament of the EU since the Enlargements en *Socialinguística*, p. 3. Dispoñible en <www.desvaan.com>

3.5 A política do multilingüismo e a expansión do inglés na Unión Europea

Os procesos de globalización económica e de hexemonía da lingua inglesa, que se viñeron expoñendo anteriormente, están a ter contestación e resistencia no mundo lingüístico. Estas forzas contrarias ao imperialismo do inglés están determinadas polo discurso lingüístico dos dereitos humanos, entendendo a necesidade de negociar o multilingüismo e os dereitos dos falantes a usar e manter as súas linguas locais.

A persistencia de sociedades multilingües fai que as forzas económicas da globalización se vexan abocadas a aceptar o feito do multilingüismo e que traten de introducirse nos mercados locais a través das linguas das rexións, convertendo, deste xeito, estas linguas en necesarios instrumentos da comunicación. As presións da economía global que, como se expuxo anteriormente, se orientan á expansión do inglés como lingua mundial, están, ao mesmo tempo, dando un xiro estratéxico tendente a promover outras linguas a expensas do inglés, é dicir, a diversidade lingüística parece estar a ser aceptada e controlada desde os centros do poder económico.

Dentro do mundo do comercio é un feito aceptado que a produción de bens ten lugar con máis eficacia na lingua propia pero os produtos véndense mellor na lingua do comprador. Esta realidade deixa patente que as compañías que sexan incapaces de operar cunha determinada lingua estranxeira non terán éxito nos mercados onde sexa utilizada esta lingua. A incapacidade dunha multinacional para adaptarse á lingua dos clientes percíbese como síntoma de debilidade. A globalización das operacións comerciais no mundo, as novas tecnoloxías e a concentración dos poderes corporativos dentro dun sistema económico neoliberal liderado polos Estados Unidos, tenden a asegurar a hexemonía do inglés, pero existen síntomas de fragilidade no sistema que poden percibirse nas periódicas recesións económicas, en medidas proteccionistas que atentan contra a doutrina do libre mercado e no rexeitamentos das desigualdades que se xeran.

A supremacía do inglés non quere dicir que outras linguas estean, polo momento, en vía de desaparición; de feito, na Unión Europea, na actualidade, moitas linguas seguen a manter o número de falantes e aínda é impensable que os gobernos dos estados membros deixen de promover o multilingüismo.

Un dos indicadores fiables para valorar o estado do multilingüismo é internet. Este medio non só permite observar os diferentes estilos lingüísticos utilizados nun mesmo idioma, senón tamén constatar que linguas son as máis utilizadas. O aumento do multilingüismo é unha das características

que os especialistas veñen percibindo desde que comezou o uso da rede xa que este era, nos seus inicios, un medio totalmente dominado polo inglés.

Para moita xente internet segue estando asociado ao manexo da lingua inglesa, pero tal percepción non é real. Como afirma David Crystal:

Coa globalización de internet a presenza doutras linguas está aumentando constantemente. A mediados dos 90 unha cifra comunmente aceptada era que o 80% da rede estaba en inglés –unha cifra avalada polo primeiro gran estudo da distribución das linguas en internet, levado a cabo por Babel en 1997, por iniciativa da Internet Society e Alis Technologies. O estudo mostraba o inglés á cabeza, pero con varias linguas –principalmente o alemán, xaponés, francés e español- entrando na loita. Desde entón as estimacións con respecto ao inglés baixaron e incluso algúns prognostican que, a medida que a infraestrutura das comunicacións se desenvolve en Europa, Asia, África e Sudamérica, a rede pronto deixará de ser inglesa. Unha investigación de alcance global estimou que o número de persoas con acceso a internet en países de fala non inglesa aumentou de 7 millóns a 136 entre 1995 e 2000. En 1998 o número total de novos sitios web non ingleses superou o número de novos sitios web ingleses¹⁹².

O cambio de tendencia que se observa no uso da rede, e que reflicte a emerxencia do multilingüismo, podería ser máis acusado de non ser polos problemas prácticos que viñeron limitando o uso de alfabetos distintos ao latino, impedindo que linguas como o árabe, o hindi, o chinés ou o coreano puidesen estenderse facilmente en internet. Solucionados estes problemas, o futuro do multilingüismo na web é alentador. Esta realidade lingüística dentro e fóra da rede é un proceso da globalización económica que inverte a dinámica da hexemonía do inglés, adoptando unha estratexia multilingüe.




Figura 16: Gráfico coas 10 linguas máis utilizadas en internet en número de usuarios no ano 2011. Fonte: www.internetworldstats.com

¹⁹² CRYSTAL, David: *Languages on the Web*: Guardian Weekly. 25 xaneiro de 2001. Dispoñible en < www.davidcrystal.com>

Este novo rumbo que afecta aos negocios globais, parece abandonar a utopía dunha lingua franca internacional, para pasar a adaptarse aos consumidores na súa lingua materna. Os técnicos de marketing xustifican este cambio ao considerar, por unha banda, as dificultades reais para adquirir un nivel adecuado de fluidez na lingua inglesa e, pola outra, a dificultade de adaptación dos usuarios aos novos sistemas de comunicación.

A medida que internet se expande globalmente, os usuarios teñen cada vez menos coñecementos en tecnoloxía e noutras materias. As súas destrezas e paciencia son menores e non van aprender unha lingua estranxeira para usar a web. Para ser global, falando claro, hai que baixar ao seu nivel. Hai que subministrar presentacións fáciles na lingua local¹⁹³.

A pesar deste aparente ascenso do multilingüismo na rede que parece ir en menoscabo do dominio do inglés, a realidade subxacente apunta noutra dirección. De feito a elaboración das estatísticas da rede é una tarefa complexa no que se refire ao número de falantes de inglés, xa que esta se basea na asignación dunha soa lingua por persoa sen ter en conta que moita xente é bilingüe ou multilingüe. É necesario recoñecer que existe unha tendencia crecente en moitos países a ensinar inglés nas escolas públicas, o que fai que outros estudos sosteñan que o número de falantes desta lingua sexa moi superior ao reflectido polas estatísticas da rede.¹⁹⁴

No que se refire ás zonas máis poboadas do planeta, que están en Asia, a implantación do inglés como segunda lingua é enorme.

Os usuarios do inglés nos dous xigantes por número de habitantes en Asia, China e India, estímense en aproximadamente 533 millóns. Esta comunidade de falantes, entón, é máis grande que a dos Estados Unidos, Reino Unido e Canadá xuntos. En China os datos estimados de estudantes matriculados en programas de inglés como lingua estranxeira é duns 200 millóns¹⁹⁵.

Os axentes do imperialismo económico e cultural utilizan novas estratexias comerciais que fomentan a diversidade lingüística, ao entender que a aprendizaxe do inglés por parte do consumidor de fala non inglesa, a partir de certo nivel, é unha tarefa de máis dificultade que o manexo das tecnoloxías da comunicación. Estas carencias lingüísticas, reflíctense na alta demanda que está a ter a aprendizaxe da lingua inglesa, xa que a adquisición dun nivel aceptable de inglés non ocorre coa simple exposición á lingua a través dos medios de comunicación, senón mediante un coñecemento máis profundo que se obtén a través dun sistema educativo público ou privado; este proceso de aprendizaxe non se caracteriza pola súa brevidade. Esta é a razón pola que os axentes económicos da

¹⁹³ GRAY, Robert (2000): Make the Most of Local Differences en *Marketing* 13: 27-28, p. 26.

¹⁹⁴ GRADDOL, Davids (1997): *The Future of English?: A guide to forecasting the popularity of the English language in the 21st century*, The British Council. Dispoñible en <<http://www.britishcouncil.org/learning-elt-future.pdf>>

¹⁹⁵ KACHRU, Braj B. (2005): *Asian Englishes: Beyond the Canon*, Hong Kong: Hong Kong University Press, p. 14.

globalización se ven abocados a non esperar á conclusión deste proceso de larga duración e intentan, a curto prazo, chegar aos consumidores a través da lingua na que se senten máis cómodos que é a súa lingua materna.

Dentro do mundo empresarial o multilingüismo non é algo excepcional. Os altos executivos das 200 corporacións máis importantes do mundo son multilingües a excepción das empresas americanas e británicas. Segundo un estudo de Harvard, os das empresas suecas e holandesas manexan unha media de máis de tres linguas, os das francesas e alemás case tres. A cidade de Londres ofrece servizos financeiros en case 100 linguas, aínda que en Gran Bretaña só o 35 por cento da poboación ten fluidez nunha lingua estranxeira, fronte a Suecia, por exemplo, cun 88 por cento¹⁹⁶.

A necesidade de acercamento aos consumidores en linguas distintas á inglesa, xa foi detectada nos últimos anos polas empresas británicas, que viron a importancia económica do desenvolvemento de destrezas multilingües e a clara desvantaxe dos británicos neste sentido para moverse fóra do país. O informe da *Nuffield Foundation* do ano 2000 *Languages the Next Generation* alerta de que o establecemento do inglés como *lingua franca* non é de momento suficiente e a política do só inglés pode ser contraproducente para a competitividade das compañías británicas.

²³⁴ Xunta de Galicia (2007), Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09 de xullo de 2007).

²³⁵ Xunta de Galicia (2007), Decreto 133/2007, do 05 de xullo, polo que se establece o currículo das ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007).

²³⁶ Xunta de Galicia (2010), Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG do 12 de xuño de 2010).

²³⁷ Xunta de Galicia (2008), Decreto 126/2008, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2008).

²³⁸ *El País* (2012): “Sin profesores para tanto bilingüe”, 22 de xaneiro. Dispoñible en http://sociedad.elpais.com/sociedad/2012/01/22/actualidad/1327261834_943335.html

²³⁹ *La Opinión A Coruña* (2008): “La Xunta convoca 2500 becas de estudio de idiomas en el exterior”, 22 de xaneiro, Dispoñible en http://www.laopinioncoruna.es/secciones/noticia.jsp?pRef=2645_8_160451__Sociedad-Xunta-convoca-2500-becas-estudio-idiomas-exterior

²⁴⁰ Xunta de Galicia (2011), Orde de 12 de maio de 2011 polo que se establecen as bases reguladoras do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de ensino secundario e centros de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG de 20 de maio de 2011.

²⁴¹ Xunta de Galicia (2012), Orde do 23 de xaneiro de 2012 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2012. DOG do 2 de febreiro de 2012.

Programas Educativos Europeos do Ministerio de Educación con accións descentralizadas en diferentes programas de educación escolar (*Comenius*), superior (*Erasmus*), profesional (*Leonardo da Vinci*) e de adultos (*Grundtvig*), e outras accións coma o *Portfolio*, o *Europass* e o *e-Twinning*²⁴².

Tal como se desprende das actividades organizadas polas autoridades educativas, a política comunitaria de promoción do plurilingüismo levada a cabo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia non favorece ás linguas minorizadas, senón todo o contrario. Dunha forma explícita o manexo do idioma inglés é considerado prioritario polos estamentos de goberno, dirixindo unha grande parte do investimento público á aprendizaxe desta lingua.

Dentro deste esquema de difusión do plurilingüismo, a promoción do galego, desde as institucións, redúcese ao traballo, limitado pola lexislación vixente, que nos centros de ensino poden desenvolver os equipos de normalización lingüística, e que, na maioría dos casos, se limita a conmemoracións puntuais de valor simbólico máis que de apoio ao fomento efectivo e á normalización nas institucións da lingua propia da nosa comunidade, situación que non menoscaba nin pon en perigo a expansión das linguas da economía e do progreso: o castelán e o inglés.

O multilingüismo permite esta distribución que fai que na sociedade multilingüe todas as linguas aparezan clasificadas en función das finalidades distintas que se supón que teñen que desempeñar: unha para a comunicación coa familia, cos amigos e compañeiros de traballo e para as relacións locais; outra para as relacións institucionais co Estado; e outra, polo menos, para as relacións co exterior²⁴³. Neste novo esquema, os conflitos lingüísticos polo momento parecen estar centrados, igual que antano, entre o galego e o castelán. Isto favorece a expansión do inglés con naturalidade, xa que, a diferenza do castelán, non se presenta ante a poboación galega como froito da imposición²⁴⁴. Porén, en amplos sectores da poboación e na contorna educativa estase a percibir unha certa intencionalidade por parte da Administración autonómica de estender a situación de conflito lingüístico tamén á aprendizaxe de linguas estranxeiras, en concreto, á aprendizaxe do inglés, emitindo discursos que falan da “necesidade” de elixir en función da “utilidade” da lingua en cuestión, da necesidade de repartir con criterios de “practicidade” a carga horaria de cada unha das linguas; transmitindo así a mensaxe subliminar de que hai linguas “pouco prácticas”, “inútiles” e “innecesarias”, e aprendizaxes excluíntes.

²⁴² *La Voz de Galicia* (2010): “Educación condecora a los miembros de la red Comenius”, 29 de xaneiro. Dispoñible en <http://www.lavozdeg Galicia.es/santiago/2010/01/29/0003_8259613.htm>

²⁴³ *La Voz de Galicia* (2009): “O reto do ensino en Galicia é incorporarse ao inglés, ademais de respectar o castelán e o galego”, 12 de marzo. Dispoñible en <http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2009/03/12/0003_7584696.htm>

²⁴⁴ *El Mundo* (2010): “A mesa pola normalización pide ante el TSXG la suspensión del decreto del gallego”, 24 de xullo. Dispoñible en <<http://www.elmundo.es/elmundo/2010/07/24/galicia/1279976278.html>>

O inglés altera a base da dominación, substituíndo gradualmente a dependencia persoal que caracterizou historicamente as relacións da cidadanía galega con respecto a nobreza, funcionarios e administradores castelán falantes, pola dependencia da orde obxectiva das cousas, que son as leis económicas e os mercados.

Co pretexto da promoción da política plurilingüe, a aprendizaxe do inglés é fomentada de xeito máis intenso que a de calquera outra lingua. Esta aprendizaxe é levada a cabo basicamente por profesorado do ensino regrado público e privado coa axuda de recursos materiais facilitados polas empresas editoriais. Este material, en especial os libros de texto, é seleccionado de entre a ampla oferta que as editoriais fan ao propio profesorado dos centros. Esta autonomía funcional, na elección dos contidos a divulgar asociados aos libros de texto, transmite a idea dun sistema democrático onde é o propio profesorado, sen imposicións dos poderes públicos, o que decide con que materiais e con que libros se debe traballar a materia co alumnado da nosa Comunidade Autónoma.

Esta liberdade de elección é relativa, aínda que o profesorado non o perciba así. Certamente elixe libremente un manual ou outro pero é a Administración quen, ao dar o visto e prace ás propostas das editoriais, decide e sitúa, indirectamente, no mercado o material didáctico que compón a oferta á marxe do que poida demandar o profesorado, que non é consultado nin preguntado acerca da idoneidade/non idoneidade do material. Desta forma, a Administración educativa mantén o control sobre o currículo e o profesorado asome, de xeito inconsciente, o papel de axente transmisor dos valores hexemónicos sen cuestionarse se son idóneos, no sentido de eficaces e adecuados, para a formación integral do alumnado. O profesorado séntese libre para elixir/cambiar o material didáctico que non considere axeitado para o desenvolvemento do seu labor docente cara a conseguir os obxectivos programados, mais non ten liberdade para elixir/cambiar o contido que xa foi aprobado pola Administración.

Empresa editorial	Libro de texto	Número centros
Burlington	Build up	2
Burlington	Update for Pre-FCE and FCE	1
Burlington	Real English	2
Burlington	Passport	8
Burlington	English for You!	5
Burlington	Challenge	12
Burlington	English Links	3
Burlington	Channel to the future	1
Burlington	New Burlington Top	1
Cambridge	Messages	1
Longman	What's up	4

Longman	New English Zone	2
MacMillan	New Inside out	1
MacMillan	Voices	1
MacMillan	Macmillan Secondary	14
Oxford	New English File	2
Oxford	Spotlight	39
Oxford	No Problem	3
Oxford	English Alive	17
Richmond	Everything for ESO	1
Vicens-Vives	Topstar	1
TOTAL CENTROS.....		121

No mes de outubro de 2011, realicei un mostreo en centros de ensino secundario da nosa Comunidade Autónoma para determinar que libros de texto se estaban a utilizar en cada un deles. Reuníuse información de xeito aleatorio sobre 121 centros públicos e privados das 4 provincias; dada a amplitude da mostra, as observacións da mesma poden extrapolarse a todos os centros da Comunidade Autónoma. Os resultados desta pescuda móstranse no anterior cadro, onde pode observarse que, aínda que hai unha variedade de 21 libros de texto, son só sete as empresas que controlan a súa difusión. Se se observan as porcentaxes das empresas editoriais, no seguinte gráfico, apréciase que máis do 90 por cento do material didáctico utilizado nos centros, cos seus contidos culturais, é elaborado, unicamente, por tres empresas editoriais.




Figura 22: Gráfico que reflicte o grao de implantación dos diferentes grupos editoriais no ensino secundario galego na área de inglés no ano 2011. Fonte: elaboración propia

Como pode observarse na figura, o grupo editorial *Oxford University Press* controla practicamente o 50 por cento do material didáctico utilizado no ensino da lingua inglesa na nosa Comunidade

Autónoma. Esta empresa, que é un departamento da Universidade de Oxford, empezou as súas actividades editoriais no ano 1480 . Na actualidade é a máis grande editorial universitaria do mundo, ten unha cobertura global e publica en máis de 40 linguas, tendo o liderado en material dedicado ao ensino do inglés británico²⁴⁵. Esta preponderancia dunha editorial británica sen dúbida serve os intereses do poder dominante cara a reflectir os valores dunha sociedade anglicista, europeísta e globalizada na que os “outros” non existen porque se invisibilizan nos materiais didácticos.

A empresa privada *Macmillan Publishers Ltd.*, fundada en Escocia no ano 1843 polos irmáns Macmillan, é, na actualidade, un dos grupos editoriais máis grandes do mundo e opera en máis de 80 países. No ano 1995 pasou a ser propiedade do *Georg von Holtzbrinck Publishing Group*.

A editorial *Longman* é unha empresa fundada en Londres en 1724. No ano 1968 foi adquirida polo tamén londiniense grupo Pearson, por iso na actualidade publica baixo o nome de Pearson Longman. Este grupo é na actualidade líder no mercado mundial da educación e edición de libros, cunha presenza importante tanto na bolsa de Londres como na de Nova York²⁴⁶.

Pode afirmarse que os libros e materiais didácticos utilizados na actualidade no ensino da lingua inglesa en Galicia son democraticamente seleccionados polo profesorado. Porén isto non impide que a cultura e expansión da lingua inglesa estea a ser controlada polos mesmos poderes hexemónicos que desde hai máis de 200 anos veñen contribuindo ao imperialismo da lingua e cultura inglesa no mundo.

Dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a expansión das linguas maioritarias, castelán e inglés, en detrimento do idioma minorizado, o galego, ten lugar nun escenario democrático. Neste coexisten, por unha banda, a intención dalgúns de defender e preservar o galego das ameazas da dominación lingüística e, pola outra, a existencia de posturas e políticas que contribúen á expansión imparable das linguas maioritarias, en especial do inglés. A simultaneidade destas posicións antagónicas sinala unha falsa conciencia na cidadanía galega que se incorpora ao aparato político dominante e así contribúe á súa preservación rexeitando as alternativas. A promoción da lingua inglesa é reproducida polo aparato político-educativo dominante, sexa de dereitas ou de esquerdas.

A lóxica coa que se plasma a necesidade da aprendizaxe do inglés dentro da política do plurilingüismo en Galicia, transmítese con naturalidade aos estratos sociais, e non parece esixir unha explicación profunda, xa que os beneficios tanxibles que promete a aqueles que se desenvolvan na lingua inglesa son dignos de ser defendidos; especialmente á vista da alternativa de defenderse

²⁴⁵ Oxford University Press (2011): *Annual Report of the Delegates of the University Press 2010/2011*. Dispoñible en <http://fds.oup.com/www.oup.com/pdf/OUP_Annual_Report_2010-11.pdf>

²⁴⁶ Pearson (2010): *Pearson Annual Report and Accounts 2010*. Dispoñible en <http://www.pearson.com/media/files/annual-reports/Pearson_AR10.pdf>

unicamente en galego. A orientación dos recursos públicos ao fomento dunha lingua maioritaria supón a destrución da minorizada. Este enfoque non é froito do sentimento, senón da razón, e emana dos ámbitos da propia racionalidade económica.

Vivimos e morremos racional e produtivamente. Sabemos que a destrución é o prezo do progreso, como a morte é o prezo da vida, que a renuncia e o esforzo son os prerequisites para a gratificación e o pracer, que os negocios deben ir adiante e que as alternativas son utópicas. Esta ideoloxía pertence ao aparato social establecido; é un requisito para o seu continuo funcionamento e é parte da súa racionalidade²⁴⁷.

²⁴⁷ MARCUSE, HERBERT (1994): *Op. cit.* p. 172.

CAPÍTULO 4: MARCO TEÓRICO: AS ANÁLISES PREVIAS DE LIBROS DE TEXTO E A ANÁLISE DE CONTIDO

4.1 Investigacións previas na análise de libros de texto

A investigación sobre un libro de texto de 4º de ESO de lingua Inglesa que se realiza neste proxecto pode inscribirse na crítica ideolóxica dos contidos. Investigacións realizadas no noso país e no estranxeiro por diferentes autores como Michael W. Apple²⁴⁸, Jurjo Torres Santomé²⁴⁹ ou Jaume Martínez Bonafé²⁵⁰, entre outros establecen que os libros de texto elaborados para seren utilizados nos centros escolares transmiten unha visión do mundo, uns valores sociais e uns modelos culturais que reflicten os intereses políticos, económicos e ideolóxicos dos grupos sociais hexemónicos. Os libros de texto actúan como instrumentos que transmiten a imaxe lexítima da vida social, os modelos sociais que a clase hexemónica propón, e neles atópase o coñecemento oficial, o que se considera socialmente válido e valioso.

En toda sociedade as clases sociais e/ou grupos que posúen o poder tratan de impor e lexitimar o seu dominio e de organizar a súa reprodución [...] nos diferentes escenarios onde se desenvolve a actividade humana [...] un deses escenarios é a institución escolar²⁵¹.

Non abonda con analizar o nivel explícito das informacións contidas nun libro de texto, non debemos limitarnos a unha análise simplemente descritiva do mesmo, senón que debemos tentar chegar ao nivel das mensaxes implícitas, a unha análise do currículo oculto, do latente e subxacente, o que se sitúa no nivel da inconsciencia, xa que non existe intencionalidade ou vontade consciente de transmisión. De aí a importancia que adquire a reflexión analítica dos aspectos denotativos do currículo oficial cara a profundar nas connotacións subxacentes

Nas investigacións e análises que a partir de agora se van realizar sobre o que sucede na escola, cobra grande importancia o desvelamento do Currículo Oculto que se planifica, se desenvolve e se avalía sen chegar a facerse explícito en ningún momento na mente e intencións do profesorado nin, por suposto, ter o asentimento do alumnado ou das súas familias²⁵².

²⁴⁸ APPLE, Michael W. (1986): *Op. cit.*

²⁴⁹ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1991): *Op. cit.*

TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1989a): "Libros de texto y control del currículo" [CD-ROM], en *Cuadernos de Pedagogía*, nº 168, marzo.

TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1989b): "El currículo globalizado o integrado y la enseñanza reflexiva" [CD-ROM], en *Cuadernos de Pedagogía*, nº 172, xullo-agosto.

TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1995): *Op. cit.* pp. 68-69.

²⁵⁰ MARTÍNEZ BONAFÉ, Jaume (1991): "El cambio profesional mediante los materiales", [CD-ROM], en *Cuadernos de Pedagogía*, nº 194.

MARTÍNEZ BONAFÉ, Jaume (1992): "Siete cuestiones y una propuesta", [CD-ROM], en *Cuadernos de Pedagogía*, nº 203, maio.

MARTÍNEZ BONAFÉ, Jaume (1995): "Interrogando al material curricular", en Mínguez, J.G e Beas, M. (Coords.): *Libros de texto y construcción de materiales curriculares*. Granada. Proyecto Sur, pp. 221-245.

²⁵¹TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1998): *Op.cit.* p. 21.

²⁵² TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1998): *Op.cit.* p. 76.

A análise de contido dos materiais curriculares cos que se traballa na escola é o centro de atención da perspectiva crítica, plenamente consciente da importancia desta institución na transmisión dos valores necesarios para a formación de cidadás e de cidadáns solidarios e respectuosos coas diferenzas. Desde esta perspectiva crítica o profesorado encargaríase de desenmascarar o concepto de cultura que se está a transmitir, o dunha cultura eurocéntrica, perpetuadora do patriarcado, centrada no mundo urbano, transmisora dos intereses dos grupos sociais dominantes e afastada das culturas silenciadas e das razas marxinas, encargaríase o profesorado de deslexitimar esta cultura que perpetúa as diferenzas sociais e de revelar a maneira na que a escola desenvolve o seu papel

non dun xeito explícito, senón dunha forma máis difusa, a través das modalidades organizativas e das rutinas que imperan nos centros e aulas escolares, o que P. W. Jackson denomina *currículum oculto*²⁵³.

Como argumenta Apple²⁵⁴

necesitamos examinar criticamente non só como un estudante adquire máis coñecementos (que é a cuestión dominante nese campo mentalizado pola eficacia), senón tamén por que e como uns aspectos particulares da cultura colectiva se presentan na escola como un coñecemento obxectivo e factual (...) a educación non é un produto como o pan ou as cartas, senón que debe ser visto como unha selección e organización de todo o coñecemento social dispoñible nun momento determinado. (...) O investigador debe pensar estrutural e relacionalmente. Debe vincular este proceso de distribución cultural coas cuestións de poder e control externas á escola.

Entidades supranacionais como a UNESCO²⁵⁵ e o Consello de Europa²⁵⁶, hai tempo que son conscientes do potencial da educación na promoción do entendemento internacional. As iniciativas destas institucións representaron en xeral unha resposta aos conflitos bélicos do século pasado que basicamente tiveron lugar por motivos étnicos, nacionalistas ou sectarios; representan, tamén, un intento de atraer a atención cara aos mecanismos inherentes aos sistemas educativos que fan que se perpetúen os prexuízos e os estereotipos e, asemade, de promover un sistema educativo máis coherente coas políticas económicas, laborais e sociais que propugna a Unión Europea.

²⁵³ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1998): *Op. cit.* p. 60.

²⁵⁴ APPLE, Michael W. (1986): *Op. cit.* pp. 26-30.

²⁵⁵ N da I. A UNESCO (United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization) Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, é herdeira da Comisión Internacional de Cooperación Intelectual da Liga de Nacións e fundouse, no ano 1945, co obxectivo de contribuír á paz e á seguridade no mundo, promovendo a colaboración internacional a través da educación, a ciencia e a cultura a fin de fomentar o respecto pola xustiza, a lei, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

²⁵⁶ N da I. O Consello de Europa, fundado en 1949, é o organismo internacional máis antigo que traballa a prol da integración europea poñendo a énfase nos estándares legais, os dereitos humanos, o desenvolvemento democrático, o imperio da lei e a cooperación cultural. Ten 47 membros cuns 800 millóns de cidadáns.

Neste apartado faremos unha revisión dalgunhas investigacións sobre libros de texto coa finalidade de obter pautas e orientacións metodolóxicas que nos permitan abordar a tarefa que nos propomos: a análise do contido sociocultural dun libro de texto de inglés como lingua estranxeira. Ao tempo que facemos a revisión, tentaremos dar unha perspectiva xeral dos métodos usados na análise de libros de texto.

Iniciaremos a exposición cunha panorámica dos métodos máis xenéricos descritos nos traballos da UNESCO e do Consello de Europa e pasaremos logo a revisar traballos nos que a metodoloxía se adapta a usos máis específicos como os de Puig i Moreno²⁵⁷ ou Marina Subirats²⁵⁸

4.1.1 Investigacións xenéricas

Comezaremos coa revisión dunha guía para a análise e investigación de libros de texto elaborada por Falk Pingel²⁵⁹ en colaboración co Georg Eckert Institut für Internationale Schulbuchforschung, (Instituto Georg Eckert para a Investigación Internacional sobre Libros de Texto), baixo os auspicios da UNESCO. A análise internacional de libros de texto para promover o entendemento internacional ocúpase principalmente de libros de historia, xeografía e educación para a cidadanía xa que estas materias inciden especialmente na educación para a democracia, os dereitos humanos e a conciencia internacional e intercultural. Nos libros de texto atopamos grandes cantidades de datos e de feitos, pero tamén referencias a normas e patróns de conduta nas que os adultos cren e que desexan inculcar nos máis novos:

[...] ademais de transmitir coñecemento, os libros de texto tamén buscan consolidar as normas sociais e políticas dunha sociedade. Os libros de texto transmiten unha comprensión global da historia e das regras sociais así como das normas de convivencia²⁶⁰.

Nesta guía expóñense os principios metodolóxicos dunha liña de traballo avalada pola UNESCO e, aínda que centrada na análise comparativa de libros de texto de xeografía, historia e ciencias sociais, a guía aporta pautas de análise que poden, asemade, aplicarse a outras materias. De feito, desde hai unhas décadas os investigadores veñen ocupándose tamén dos libros de lingua e de linguas

²⁵⁷ PUIG I MORENO, Gentil (1996): "Analyse du contenu ethnoculturel des manuels de langues étrangères", en *Diálogos Hispánicos de Amsterdam*, nº 18, pp. 327-346.

²⁵⁸ SUBIRATS, Marina (coordinadora) (1993): *El sexismo en los libros de texto: análisis y propuesta de un sistema de indicadores*. Institut de Ciències de l'Educació. Universitat Autònoma de Barcelona. Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer.

²⁵⁹ PINGEL, Falk (1999): *Guidebook on Textbook Research and Textbook Revision*, [na rede] <<http://unesdoc.unesco.org/images/0011/001171/117188E.pdf>>, París. UNESCO e Georg Eckert Institute for International Textbook Revision.

²⁶⁰ SCHISLER, Hanna (1989): Limitations and priorities for international social studies textbook research, en *The International Journal of Social Education*, 4, p. 81, cit. en PINGEL, Falk, 1999, p. 5.

estranxeiras en tanto que ferramentas que contribúen á construción que o alumnado se fai dos outros. Durante os primeiros anos da análise de libros de texto, estes a cotío considerábanse de xeito independente. O exame centrábase basicamente no texto escrito, porén os libros están feitos para funcionar como ferramentas educativas polo que é necesario contestar a algunhas preguntas: como usan profesorado e alumnado os libros de texto?, son os manuais o centro da práctica educativa nas aulas?, aprende o alumnado parte do libro de memoria?, está o profesorado obrigado a seguir o manual unidade a unidade ou pode libremente decidir aquilo que coincide cos desexos e/ou necesidades do alumnado? Reproducimos un cuestionario co que avaliar o uso que na aula se fai do libro de texto tomado dun proxecto de investigación australiano que pode servir de pauta na observación do funcionamento do manual no contexto da aula.

Asuntos a ter en conta no exame do uso dos libros de texto de secundaria na aula	
1)	Descrición e características do manual en uso.
2)	Tempo empregado en repartir e recoller os manuais.
3)	Como accedeu o alumnado ao texto?
4)	Durante canto tempo se usou o manual no proceso de ensino aprendizaxe?
5)	Tivo lugar un proceso de pre- lectura?
6)	Como leu o alumnado o libro?
7)	Que tarefas puxo o profesorado?
8)	Debía empregarse o texto na realización das tarefas que o profesor marcou para facer na casa?
9)	Como usou o alumnado o texto?
10)	Cal foi o obxectivo do profesorado ao empregar o manual na aula?

Figura 23: Táboa/cuestionario para explorar o papel que xoga o libro de texto na aula. Fonte: elaboración propia adaptada de Falk Pingel (1999).

As actividades da organización neste campo están baseadas nos instrumentos normativos adoptados pola Conferencia Xeral da UNESCO, a saber, a *Recommendation concerning Education for International Understanding*, (Recomendacións relativas á Educación para o Entendemento Internacional), *Co-operation and Peace and Education relating to Human Rights and Fundamental*

Freedoms, (Cooperación e Paz e Educación relacionada cos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais) (París 1974) e a *Declaration and Integrated Framework of Action on Education for Peace, Human Rights and Democracy* (Declaración e Marco de Acción Integrada na Educación para a Paz, os Dereitos Humanos e a Democracia) (París, 1995). Ambos os dous instrumentos normativos fan fincapé nas necesarias revisións que permitan suprimir os estereotipos e a visión deturpada do outro.

Desde o primeiro momento unha prioridade da UNESCO foi a investigación e a análise de libros de texto coa finalidade de fomentar o entendemento internacional, a cooperación, a paz e os dereitos humanos. Desde o ano 1992 a UNESCO en colaboración co *Georg Eckert Institut für Internationale Schulbuchforschung* ven desenvolvendo unha rede internacional de investigación de libros de texto, *The UNESCO International Textbook Research Network* (Rede Internacional de Investigación sobre Libros de Texto), da que forman parte investigadores pertencentes a outras institucións, á universidade e ONGs implicadas nas investigacións de libros de texto en todo o mundo, e que proporciona información sobre novos enfoques, institucións e proxectos relacionados coa investigación no desenvolvemento e revisión de manuais de historia, xeografía e ciencias sociais que poidan estar a ser desenvolvidos en diversos países, xa que se acepta que os libros de texto, en xeral, e os das materias citadas anteriormente, en particular, transmiten non unicamente coñecementos senón tamén unha comprensión global da historia e das normas sociais e reflicten as tradicións e os costumes dunha sociedade contribuíndo a desenvolver a autoestima do individuo. Esta rede cobre o campo das artes, as ciencias sociais, o ensino de linguas estranxeiras e os estudos interdisciplinares para a educación internacional. Resultado da colaboración desta rede de investigadores é un traballo clave no campo dos métodos xenéricos na análise de libros de texto, a *UNESCO Guidebook on Textbook Research and Textbook Revision* de Falk Pingel.

As *Guidelines and Criteria for the Development, Evaluation and Revision of Curricula, Textbooks and other Educational Materials in International Education* (Liñas e Criterios para o Desenvolvemento, Evaluación e Revisión de Currículos, Libros de Texto e outros Materiais Educativos en Educación Internacional) resultado de dúas xuntanzas organizadas pola UNESCO (Braunschweig, Germany, 1988 e Brisbane, Australia, 1991) constitúen un marco conceptual e metodolóxico para as actividades relacionadas co desenvolvemento e revisión de libros de texto.

En París, no ano 1988 a Conferencia Xeral da UNESCO, na súa sesión 28, adoptou a 28/C/Resolución 5.42, *Education for Peace, Human Rights and Democracy* (Educación para a Paz, os Dereitos Humanos e a Democracia) que expón que o deseño e a revisión de libros de texto e do currículo pode xogar

un papel importante na estratexia, a longo prazo, de desenvolver unha cultura de paz, polo que debería dársele prioridade. A resolución invita os países membros a fomentar revisións bilaterais e multilaterais de libros de texto baseadas nos enfoques e criterios da UNESCO, especialmente no que se refire aos libros de historia. Por primeira vez unha resolución sobre libros de texto dálle a mesma categoría aos coñecementos, ás actitudes e ás capacidades. Fomenta, asemade, esta resolución a investigación-acción na aula, feito que abre unha nova perspectiva nos estudos de libros de texto: non só é o contido do libro susceptible de ser analizado, senón tamén o libro no contexto da aula. A guía que estamos a revisar deseñouse para servir como ferramenta no fomento e apoio aos esforzos que, nas liñas de traballo expostas, realicen os diferente países.

Faremos a continuación unha breve exposición acerca das orixes e o desenvolvemento da análise internacional de libros de texto, dos pasos que unha investigación internacional segue e das orientacións metodolóxicas que a guía ofrece para levala a cabo. Faremos, tamén, unha síntese do apartado que a guía dedica á análise internacional de manuais de linguas estranxeiras coa intención de encamiñar o traballo cara ao obxectivo básico de procurar pautas metodolóxicas que axuden nesta investigación sobre libros de texto.

Coa aparición das Nacións Estado fíxose patente que os libros de texto contiñan afirmacións que enalzaban o seu propio país e menosprezaban outros e que enaltecían aos grupos hexemónicos dentro do propio estado desdeñando as minorías. Xa naquel intre educadores e políticos comprometidos foron conscientes de que os libros de texto non só transmitían feitos senón que espallaban ideoloxías, seguían determinadas tendencias políticas e ás investir de lexitimación histórica, intentaban xustificalas. Considerábase que os/as autores/as de libros de texto non sempre eran o bastante críticos coa sociedade na que vivían, polo que se facía necesaria unha revisión dos libros en uso, e o establecemento dunhas pautas na elaboración e deseño de textos para que non presentasen visións estereotipadas e deturpadas do outro.

A revisión de libros de texto como empresa internacional remóntase á fundación da Liga de Nacións.²⁶¹ Ante o devastador impacto da Primeira Guerra Mundial nas nacións estado, a Liga de Nacións comeza a procura de modos de combater a xenofobia mutua e que, asemade, axuden a evitar os estereotipos. Ao remate da guerra tanto o profesorado como a clase política critican o feito de que os libros de texto usados por moitos dos anteriores inimigos fomentaban os prexuízos

²⁶¹ N da I. A Liga de Nacións ou Sociedade de Nacións xurdiu do Tratado de Versalles por iniciativa do presidente dos Estados Unidos, Woodrow Wilson, no ano 1919. Propoñíase sentar as bases para a paz e a reorganización das relacións internacionais unha vez finalizada a 1ª Guerra Mundial. Baseouse a SDN nos principios da cooperación internacional, a arbitraje dos conflitos e a seguridade colectiva. Despois de finalizada a 2ª Guerra Mundial foi disolta e sucedeuna a ONU.

nacionais e neles aparecían imaxes deformadas e estereotipadas do adversario. Nos países nórdicos créase unha asociación, a *Föreningen Norden*,²⁶² que solicita aos editores a supresión da presentación tendenciosa dos países veciños. No ano 1925, o *International Committee on Intellectual Co-operation* (Comité Internacional de Cooperación Intelectual, organismo da Liga de Nacións) baseouse no traballo de asociacións nacionais do profesorado e de certas fundacións privadas, para propor que as comisións nacionais comezasen unha análise comparativa de manuais escolares a fin de revisar aqueles textos que contivesen prexuízos e estereotipos. Este comité aprobou, no ano 1932, unha resolución para crear un modelo internacional de consulta sobre libros de texto. No ano 1937, vinteseis países asinan unha *Declaration regarding the Teaching of History* (Declaración relativa ao Ensino da Historia) que propuña a revisión de libros de texto, de xeito que se lle concedera tanto espazo como fose posible á historia doutros países e a aqueles feitos dos que se desprendera a existencia de interdependencia entre as nacións, nun intento de eliminar nos escolares as ideas e interpretacións que puideran conducirlos a sentir prexuízos contra outros países. A Segunda Guerra Mundial puxo fin aos logros acadados até ese momento que serán retomados pola UNESCO na Primeira Conferencia Xeral no ano 1946.

Nun proxecto de investigación internacional sobre libros de texto hai unha primeira fase previa á posta en marcha do propio proxecto, na que se establecen os contactos persoais entre ministerios, autores de libros, editoriais e investigadores que poderían actuar coordinados por unha institución de investigación pedagóxica independente ou vinculada á universidade para, deste xeito, establecer os obxectivos e a metodoloxía. A continuación faise un intercambio de libros de texto e decídese que materias investigar; ás veces é difícil escoller unha mostra que sexa susceptible de ser comparada xa que non sempre se corresponden os niveis. É neste momento cando os participantes se informan sobre os seus respectivos sistemas escolares. Pásase, posteriormente, a definir a mostra que dependerá do tipo de análise polo que optemos: vertical (cambios a través do tempo) ou horizontal (se o interese reside en verificar novos enfoques e cubrir unha área ampla). Pásase á análise e revisión dos libros seleccionados, logo elabóranse as conclusións e redáctanse as recomendacións, a continuación, se é posible, prepáranse actividades de seguimento para comprobar até que punto as conclusións e/ou recomendacións se poñen en práctica.

Na guía, Falk Pingel ofrécenos consellos prácticos ás persoas interesadas na análise de libros de texto. Con relación aos métodos e categorías a empregar na análise expón que teñen evolucionado

²⁶² N da I. A *Föreningen Norden* é unha organización fundada no 1919 coa finalidade de fomentar a cooperación civil entre os países nórdicos. As seccións nacionais desta organización en Noruega, Suecia, Dinamarca, Finlandia, Islandia, Grenlandia, as illas Faroe e as illas Aland, agrúpanse desde 1965 na organización *Foreningene Nordens Forbund*.

consonte os obxectivos analíticos que inclúen, a saber: identificar o contido explícito, os enfoques didácticos e o currículo oculto.

Canto ao debate metodolóxico comenta Pingel que comeza coa discusión das vantaxes e desvantaxes dos métodos cuantitativo e cualitativo. Recórdasenos nesta guía que ambos os dous métodos se complementan e que non é conveniente consideralos excluíntes xa que a persoa que investiga pode combinalos e beneficiarse dos dous xa que o uso de distintos métodos reflicte a existencia de diferentes obxectivos.

Os métodos cuantitativos, como os que analizan frecuencias e espazos ou miden o texto e determinan cantas veces aparece un termo ou unha persoa ou persoas, ou ben determinan o espazo dedicado a un tópico, etc. serven para indicarnos onde se pon a énfase ou que criterios de selección se empregan pero non indican nada relacionado cos valores ou a interpretación. Como noutros campos de investigación social, os métodos cuantitativos son útiles se se trata dunha mostra moi ampla, pero convén recordar que esta metodoloxía permite abarcar en amplitude pero a expensas da profundidade. Aínda que o método cuantitativo non abonde para poder valorar un manual debido ás súas limitacións, é necesario recoñecer que a análise do espazo que un determinado tema ocupa, nos permite pensar nunha acción deliberada e con significado por parte das persoas que escribiron e/ou editaron o libro.

Pingel describe os métodos cualitativos detalladamente; nestes prima a profundidade sobre a amplitude polo que os resultados son máis ricos canto á comprensión da presentación da información no texto, pero é máis difícil xeneralizar. Pasa logo a enumerar diversos métodos de análise cualitativa de libros de texto. Primeiro fala da análise hermenéutica que amosa as presuncións subxacentes que non se poden medir e calibra o que nos di un libro ou que mensaxes transmite sacando á luz as mensaxes e significados ocultos. Estes métodos axudan á comprensión do modo de presentación: multiperspectivismo fronte á explicación monocausal, resultados dos estudos científicos fronte á redución didáctica que os libros de texto representan, etc. Esboza despois a análise lingüística, que implica o exame da terminoloxía con significados controvertidos, e a análise intercultural, onde todos os participantes nunha investigación multilateral examinan os textos propios e alleos para detectar os prexuízos. Para terminar, fala da análise do discurso na que a persoa investigadora deconstrúe o contido do manual para revelar que grupos, que información ou que acontecementos son importantes ou non para o autor; tamén se refire á análise de continxencia, unha metodoloxía combinada que analiza a representación de textos e imaxes. Aos aplicar, é necesario asegurarse, por unha banda, da súa *fiabilidade* polo que convén comparar os resultados obtidos polos diferentes investigadores para comprobar que, para cada un deles, as categorías teñen o mesmo significado e, pola outra, da súa *validez*, comprobando que cada membro do grupo

investigador aplica o método de análise da mesma maneira. Como exemplo de instrumento metodolóxico empregado neste tipo de investigacións, incluimos un extracto dun cuestionario elaborado polas autoridades educativas canadenses que serviría para comprobar se un libro de texto foi elaborado desde unha perspectiva multicultural ou non.

	Está o material deseñado para axudar o alumnado a	Si	Non	S/R
a)	Apreciar a importancia da diversidade cultural?			
b)	Comprender que costumes e crenzas son importantes para aqueles que as posúen?			
c)	Apreciar que todas as razas/grupos étnicos teñen un patrimonio mixto que serve tanto como fonte de orgullo como de humildade?			
d)	Promover a aceptación de individuos ou grupos raciais /étnicos baseándose na valía persoal?			
e)	Ir máis aló dos estereotipos para ofrecer unha visión auténtica dos outros grupos raciais /étnicos?			
f)	Examinar os estereotipos raciais de xeito crítico?			
g)	Examinar os seus propios valores e actitudes?			

Figura 24: Cuestionario para valorar se o libro de texto responde a unha perspectiva multicultural. Fonte: elaboración propia adaptado de Falk Pingel (1999)

Calquera texto educativo pode ser analizado desde dúas perspectivas: a da análise didáctica que trata do enfoque metodolóxico que se lle dá ao tema e que explora a pedagogía subxacente ao texto, e a da análise de contido que examina o texto en si mesmo. Que nos di o texto? Dá suficiente cobertura ao tema en cuestión? Na guía facilítansenos relacións de criterios e categorías para a análise de libros de texto, resultado do traballo desenvolvido por investigadores e educadores en proxectos internacionais que representan o estándar mínimo na análise de libros de texto xa que, a cotío, os nosos obxectivos son máis específicos e temos que elaborar instrumentos axeitados ás necesidades da nosa investigación. Reproducimos, polo seu interese, unha lista de criterios para a análise de libros de texto. A lista consta de cinco criterios xerais; para cada un deles establécense subcriterios, arredor dos que se deberían formular as preguntas pertinentes segundo os obxectivos específicos da investigación en cuestión.

Sector do libro de texto	<ul style="list-style-type: none"> • Sistema educativo • Directrices /currículum • Procedementos a adoptar • Estrutura das editoriais
Criterios formais	<ul style="list-style-type: none"> • Referencias bibliográficas • Grupo ao que vai destinado • Nivel académico • Tipo de Centro
Modo de presentación/Tipoloxía textual	<ul style="list-style-type: none"> • Intención do autor • Descrición dos textos do autor • Ilustracións/fotos/mapas • Táboas/estatísticas • Fontes • Exercicios
Análise do contido	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dos feitos • Exactitude • Totalidade • Erros • Descrición actualizada dos feitos/ información • Selección dos tópicos • Énfase (equilibrio) • Representatividade • Proporción entre os feitos e as opinións/ interpretacións
Perspectiva	<ul style="list-style-type: none"> • Enfoque contrastivo/comparativo • Orientada ao problema • Racionalidade/evocación de emocións

Figura 25: Táboa de criterios para a análise de libros de texto. Fonte: elaboración propia adaptada de Falk Pingel (1999)

Proporciónanos Falk Pingel, na súa guía, un marco metodolóxico xeral para desenvolver una investigación sobre libros de texto, e dirixe a nosa atención aos problemas que poden aparecer ao longo do proceso e, neste sentido, podemos considerala unha ferramenta útil ; porén a guía non se pode considerar de gran axuda canto a aportar instrumentos concretos para análises específicas; tamén se botan en falta máis exemplos que ilustrasen con claridade o apartado dedicado a métodos e procedementos, pero el mesmo se xustifica dicindo que as categorías e métodos só poden ser presentadas de xeito xeral debido á natureza específica de cada proxecto.

Ademais da UNESCO, o Consello de Europa vén xogando un papel importante co seu apoio a un amplo abano de proxectos dirixidos á mellora dos libros de texto en Europa. O Consello de Europa

ten organizado conferencias para o profesorado e persoal investigador ademais de publicar guías²⁶³ dirixidas aos autores de textos para que eviten os prexuízos. Nos 90 o Consello de Europa emprendeu o proxecto *Learning and Teaching about the History of Europe in the 20th Century* que implicou a investigación e publicación de traballos en toda Europa.²⁶⁴

4.1.2 A análise de libros de texto de linguas estranxeiras

Investigadores de libros de texto de todo o mundo, convocados polo Georg Eckert Institut no ano 1988, mostráronse de acordo, especialmente os africanos, en que son os libros de lingua inglesa e francesa os que conforman a imaxe que o seu alumnado ten de Europa en xeral e da antiga potencia colonial en particular. Como consecuencia do crecente intercambio e colaboración a nivel internacional, investigadores de diferentes países, como Byram²⁶⁵ ou Kramersch²⁶⁶, veñen interesándose pola aprendizaxe de linguas estranxeiras como vía de acceso á comunicación internacional. É por esta razón que a conferencia de Braunschweig (Alemaña), organizada pola UNESCO, recomenda que se preste especial atención á información cultural que os libros de linguas estranxeiras transmiten.

A diferenza dos libros de xeografía ou historia, o obxectivo principal dos libros de texto de linguas estranxeiras non é a transmisión de coñecementos acerca do outro país senón facer que o alumnado sexa capaz de empregar a lingua correctamente. Só nun sentido amplo pode dicirse que coa lingua o alumnado adquire unha visión da outra cultura. Os libros de texto de linguas estranxeiras conteñen moita información relevante do país en cuestión: menciónanse monumentos, museos, rúas, cidade; fálase neles de personaxes célebres, de artistas, de políticos e, pouco a pouco, o alumnado, ademais de aprender as estruturas e o vocabulario, vaise familiarizando con usos, costumes e situacións de comunicación do país alleo que non coñecía e que son diferentes ás súas. Os actos de fala están fortemente arraigados no contexto social e cultural, polo que o profesorado non debería ensinar gramática e vocabulario de xeito descontextualizado senón dentro das situacións comunicativas nas que as palabras e as estruturas se usan. Aínda que o contexto real, a realidade, é sempre complexo, estas situacións nun nivel de principiante deben simplificarse moito, de aquí o perigo de caer no estereotipo, especialmente na presentación de situacións típicas. Para evitar a transmisión de

²⁶³ Consello de Europa (1995): *Against Bias and Prejudice. The Council of Europe Work on History Teaching and History Textbooks* <http://www.coe.int/t/dg4/education/hystoryteaching/Source/Results/General/Bias&Prejudice_en.pdf> Strasbourg.

²⁶⁴ N de la I. Mención especial merece o traballo de Robert Stradling, publicado no 2001, *Teaching 20th Century European History*, no que inclúe apartados sobre métodos para a análise de libros de texto.

²⁶⁵ BYRAM, Michael (1988): Foreign language education and cultural studies, en *Language, Culture and Curriculum*, vol. 1, nº 1, pp. 15-31. Linguistics Institute of Ireland.

BYRAN, Michaél (1998): *Language Learning & Intercultural Perspective: Approaches through Drama and Ethnography*. Cambridge Language Teaching Library. CUP.

²⁶⁶ KRAMSCH, Claire (1996): *Context and Culture in Language Teaching*. Oxford University Press.

KRAMSCH, Claire (1998): *Language and Culture*. Oxford University Press.

prexuízos, introdúcense situacións nas que se presente o contraste entre o país alleo e a cultura propia o que presenta a vantaxe de introducir un elemento intercultural desde o comezo. Falk Pingel²⁶⁷ facilítanos uns criterios para a análise da imaxe do país ou da cultura allea nos libros de texto de linguas estranxeiras desde dúas perspectivas:

- Modo de presentación: na que se teñen en conta os aspectos lingüísticos, os tipos de texto que aparecen, as fotos, os debuxos, as caricaturas, as táboas e se están ou non integrados no texto ou separados en cadros ou unidades aparte.
- Enfoque da presentación: se se refire ao presente ou é un enfoque histórico, que rexións e grupos sociais se mencionan, as datas, os feitos, as institucións, os nomes que aparecen, se se fai referencia a actividades cotiás ou ben o enfoque adoptado e simplemente turístico.

Modo de presentación	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua: literatura, reportaxes xornalísticos, textos do autor. • Imaxes: fotos, caricaturas, debuxos. • Táboas: planos, estatísticas, mapas. • Integrados no texto/separados en cadros ou unidades concretas.
Perspectiva da presentación	<ul style="list-style-type: none"> • Actual/histórica. • Rexións/grupos sociais mencionados. • Datas, nomes e feitos, institucións, actividades cotiás/enfoque turístico.

Figura 26: Táboa cos criterios concretos para a análise de libros de texto de linguas estranxeiras relativos á imaxe do país/cultura allea. Fonte: elaboración propia adaptada de Falk Pingel (1999)

4.1.3 Investigacións específicas

O traballo de Gentil Puig i Moreno²⁶⁸ sobre os estereotipos etnoculturais presentes nos libros de texto de linguas estranxeiras encádrase no que, en didáctica das linguas, se denomina enfoque intercultural, e é froito dunha investigación que se desenvolveu ao longo do curso 93-94 e na que participou activamente o alumnado da materia *Cultura e Intercultura* da Universidade Autónoma de Barcelona, analizando o contido cultural dalgúns libros de linguas estranxeiras (francés, inglés,

²⁶⁷ PINGEL, Falk (1999): *Op. cit.*

²⁶⁸ PUIG I MORENO, Gentil (1996): *Op. cit.* pp. 327-346.

alemán, castelán, catalán e italiano). As fichas de análise de datos fóronse modificando para axustarse a unha concepción etnocultural centrada na percepción da diversidade étnica e cultural presente, virtual ou ausente nos manuais de linguas estranxeiras. Esta investigación, ao partir de criterios antropolóxicos na análise dos contidos culturais, enlaza co obxectivo da nosa investigación que é analizar a función dos libros de texto de linguas estranxeiras na transmisión de determinados valores socioculturais.

Partindo dunha concepción antropolóxica global da cultura, tratarán de explicar os fenómenos culturais subxacentes ao ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Distinguen nas fichas de análise tres bloques dentro dos que se relacionan os aspectos sociais e culturais relevantes:

- 1) Bloque sociolóxico:
 - Tempo e historia
 - Espazo e territorio
 - Estrutura social
 - Economía e produción
 - Sistema político

- 2) Bloque antropolóxico:
 - Cultura e tradicións
 - Sistema de valores
 - Actitudes e comportamentos
 - Prexuízos
 - Costumes e hábitos

- 3) Bloque psicosociolóxico:
 - Percepción do outro
 - Interculturalidade
 - Expresións identitarias
 - Estereotipos e etnotipos

Nas conclusións obsérvase que:

O tempo das situacións e dos diálogos caracterízase pola súa inmediatez o que fai que os textos queden obsoletos rapidamente.

O *espazo* de referencia dos manuais é esaxeradamente etnocéntrico; no caso do inglés a cidade escollida é xeralmente Londres cos estereotipos icónicos correspondentes, como o Big Ben; aínda que aparezan outras vilas é raro que se convertan no espazo central dalgún manual. O mundo rural ou ben non aparece, ou se presenta de xeito superficial, obsoleto e estereotipado.

A *estrutura social* reflíctese nos distintos personaxes fortemente estereotipados que van aparecendo e que maioritariamente representan as clases medias. Riqueza e pobreza son pudicamente agochadas. Os conflitos e problemas sociais como a exclusión, o rexeitamento da inmigración, a situación do mundo subdesenvolvido, a crise económica, o paro, etc... están ausentes.

A *economía e a produción* son criterios complementarios da estrutura social difíciles de percibir ás veces nos manuais, pero non sucede o mesmo co *mundo do consumo* presente nos manuais a través da presenza de billetes de banco, tarxetas de crédito ou en múltiples situacións de compra. Os anuncios publicitarios e as solicitudes e ofertas de emprego presentes nos libros de inglés como lingua estranxeira reflicten, asemade, a situación de certos sectores económicos xeralmente privilexiados: xogadores de tenis, xornalistas, cantantes, aviadores, dentistas, secretarias bilingües, etc...

O *percepción do sistema político* conséguese mediante a presenza de personaxes famosos ou de edificios célebres que ilustran o sistema parlamentario dalgún destes países. Tamén se percibe a presenza dos semanais e xornais representativos das tendencias políticas maioritarias.

A *cultura e as tradicións* reflíctense nos contidos lingüístico e iconográfico que xogan un papel importante no xeito de percibir a outra lingua por parte do alumnado, polo que se fixo tamén unha análise da vinculación dos documentos de carácter cultural que acompañan os temas lingüísticos ou de comunicación.

No *sistema de valores*, entendido non só como o reflexo da cultura que comparte unha sociedade determinada senón tamén como os comportamentos e actitudes resultado de ditos valores, chama a atención a ausencia de conflitos derivados de sistemas de valores opostos como racismo/antirracismo, militarismo/pacifismo, produtivismo/ecoloxismo, sedentarismo/inmigración etc... Tampouco se atopan xeralmente referencias aos Dereitos Humanos. Constátase, asemade, unha homoxeneidade nos sistemas de valores dos países occidentais centrados na familia, o traballo, a amizade, a patria, os cartos, a saúde, o amor, etc.

As *actitudes e comportamentos* están presentes nas situacións de comunicación ou nos textos que as acompañan. Os personaxes posúen uns comportamentos e unhas actitudes propias fronte ás dos interlocutores que non teñen as mesmas opinións e valores ca eles, de xeito que os comportamentos e actitudes dos personaxes van contribuir a explicar certos implícitos da comunicación e dos códigos socioculturais.

Tanto as *condutas morais* como os *costumes* aparecen pouco individualizados e dependen dos hábitos sociais ancorados no inconsciente colectivo. As condutas morais relativas á práctica do ben ou do mal relaciónanse coa moral social ou relixiosa dunha clase e/ou dunha sociedade determinada. Os costumes non posúen esa connotación moral e refírense ás prácticas e hábitos sociais.

A *percepción do outro*, da *alteridade*, está cada vez máis presente nos manuais de linguas estranxeiras nos que aparecen, tanto nos textos como nas ilustracións, personaxes representativos das minorías étnicas, sociais ou culturais.

As *expresións identitarias* e os *símbolos* tales como os himnos, as bandeiras, as cancións, os refráns e obxectos representativos (bus londiniense, folla de pradairo canadense, a guitarra española, etc.) gardan unha relación directa cos estereotipos etnoculturais e, ás veces, refórzanos.

Na perspectiva crítica da análise de contido dos materiais curriculares cos que se traballa nos centros escolares encadraríanse moitas investigacións orientadas ao estudo de trazos sexistas, racistas ou de clase nos libros escolares. Dentro destes estudos referidos ao papel dos libros de texto na lexitimación e perpetuación dos modelos sociais discriminatorios centrarémonos, como modelo ilustrativo dos procedementos metodolóxicos a seguir nun estudo de mostra, na investigación coordinada por Marina Subirats²⁶⁹, onde se analiza o sexismo presente en libros de Ciencias Sociais de diferentes niveis e editoriais, co obxectivo de elaborar un sistema de indicadores que permitise a recollida sistemática de información sobre o sexismo nos libros de texto. A análise dos manuais neste estudo parte da aceptación do libro de texto como unha ferramenta bimedia na que interactúan dous códigos: o lingüístico e o icónico que conflúen na transmisión dunha mensaxe, polo que os corpus dos discursos analizados serán:

²⁶⁹ SUBIRATS, Marina (coordinadora) (1993): *Op. cit.*

- A ilustración.
- Texto.
- As lecturas, citas e exemplos.
- As actividades.

A unidade de análise é o personaxe, recolléndose as referencias que aparecen atribuídas a todo ser humano segundo as variables de sexo e idade, tanto a través do discurso lingüístico como do icónico. O sistema de indicadores preséntasenos no capítulo IX onde, asemade, atopamos diferentes modelos de fichas para a recollida e codificación de datos. O feito de combinar as perspectivas cuantitativa/cualitativa fai que transcendan a simple constatación da presenza/ausencia da muller desde o punto de vista cuantitativo e afonden no estudo dos estereotipos sexistas, e tamén lles permite alcanzar os seguintes obxectivos:

- Identificación, en termos de xénero, dos personaxes que aparecen
- Análise e caracterización dos personaxes
- Contextualización do discurso
- Aproximación ao androcentrismo
- Exploración de variables explicativas

O primeiro paso na concreción dos indicadores é a dimensionalización do concepto sexismo. Cada dimensión coincide cos obxectivos expostos anteriormente e require dun ou de varios indicadores que permitan a súa operativización e a súa constatación a nivel empírico, o que se logrará mediante unha serie de variables que configurarán cada un dos indicadores.

- Na dimensión *identificación en termos de xénero dos personaxes que aparecen*, os indicadores serán: indicador de menor sexismo mediante o uso de indeterminados e o indicador de presenza/ausencia de mulleres individual e colectivamente; as variables asociadas a este último indicador serán as de “personaxe” para o soporte verbal e “personaxe”, “personaxe protagonista” e “personaxe secundario” para o soporte icónico.
- Na dimensión *análise e caracterización dos personaxes*, os indicadores virán asociados ás variables “idade”, “ocupación” en termos de análise de estereotipos de xénero, “ámbito” en termos de público/privado, “verbo” referido á posición de subordinación, dominación, resistencia etc... e “adxectivos” que reifican os estereotipos mencionados.

- Na dimensión *contextualización do discurso*, os indicadores serán : o indicador cualitativo do tratamento que reciben as mulleres, o indicador de reduccionismo do discurso histórico coas variables “ámbitos” e “ocupacións-actividades”.
- Na dimensión *aproximación ao androcentrismo*, xorde novamente a necesidade do establecemento de indicadores cualitativos asociados ás variables que poidan axudar a definir un protagonista do discurso histórico.
- Na dimensión *exploración e identificación de variables explicativas*, recomendan pensar nas posibles variables que poidan explicar as diferenzas presumiblemente atopadas.

Nesta investigación destaca a dimensión da mostra. O sistema de indicadores que constrúen aplícano a unha mostra representativa de todas as editoriais existentes no mercado español no curso 1991-1992. Asemade, é necesario valorar o uso do dobre enfoque cuantitativo/cualitativo que lles permite, ademais de captar a presenza/ausencia das mulleres, constatar os estereotipos atribuídos a un e outro xénero no contexto do discurso. Tamén é importante destacar a posibilidade de empregar o sistema de indicadores elaborado en estudos similares, se ben sería necesario adaptalos ás distintas materias por estar esta investigación centrada na análise de manuais de Ciencias Sociais.

4.2 Procedemento metodolóxico: análise de contido

4.2.1 Definición

As pescudas empíricas sobre o contido das comunicacións remóntanse aos estudos teolóxicos de finais do século XVII, cando a igrexa se sentía desacougada pola difusión de temas non relixiosos nos xornais. Na actualidade, denomínase análise de contido a un grupo de procedementos que se empregan para interpretar os produtos da comunicación rexistrados previamente: as mensaxes, os textos e os discursos. Baséanse estes procedementos unhas veces en técnicas cuantitativas e outras veces nas cualitativas. A análise de contido chegou a ser, a finais do século XX, unha das técnicas máis empregadas polas ciencias sociais gañando en importancia consonte as técnicas informáticas de tratamento de datos íanse desenvolvendo.

É, pois, a análise de contido un conxunto de técnicas que se poden aplicar a mensaxes diversas: a textos literarios, a observacións etnolóxicas, a entrevistas clínicas, a materiais estatísticos, a

intercambios persoais, a documentos históricos, etc. Toda forma de comunicación oral ou escrita pode someterse á técnica de análise de contido. O método pode ser usado por sociólogos, psicólogos, profesores, politólogos, xornalistas etc. Segundo Laurence Bardin

o campo de aplicación é extremadamente vasto. No límite, toda comunicación, é dicir, todo transporte de significacións dun emisor a un receptor, controlado ou non por aquel, debería poder ser descrito e descifrado polas técnicas de análise de contido²⁷⁰.

Consonte este autor²⁷¹, os procedementos de análise de contido deberán adecuarse á diferente natureza dos documentos a estudar e aos obxectivos das persoas que investigan, segundo se trate de desenmascarar a axioloxía subxacente nos manuais escolares, medir as implicacións dun político nos seus discursos, seguir a evolución da moralidade do noso tempo a través da publicidade dunha revista, radiografar a rede de comunicacións formais e informais dunha empresa a través das notas internas ou das chamadas telefónicas, avaliar a importancia da prohibición na sinalización urbana, establecer os estereotipos do papel da muller segundo as fotonovelas, buscar o inconsciente colectivo tras a aparente incoherencia das pintadas nos lugares públicos, etc. O analista ten que esforzarse por elaborar e redefinir as técnicas da análise de contido conforme o código se vaia facendo máis inestable ou mal explorado.

Diversos autores, entre os que podemos citar a Klaus Krippendorff²⁷² ou Robert Weber²⁷³, definiron a análise de contido como unha técnica sistemática e reproducible para condensar moitas palabras nunhas poucas categorías de contido baseándose en regras explícitas de codificación. Sostén Bernard Berelson que é

unha técnica de investigación para a descrición obxectiva, sistemática e cuantitativa do contido manifesto da comunicación²⁷⁴.

A obxectividade enténdese referida ao uso de procedementos que outros investigadores poidan empregar de xeito que os resultados sexan verificables; a sistematización alude á existencia de pautas que comprendan a totalidade do contido observado. Esta definición deixa á marxe o contido

²⁷⁰ BARDIN, Laurence (1986): *El análisis de contenido*. Madrid: Ediciones Akal, D.L. p. 24.

²⁷¹ BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.* p. 23.

²⁷² KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Content Analysis: An Introduction to its Methodology*. Beverly Hills. Sage Publications. The Sage CommText Series.

²⁷³ WEBER, Robert Philip (1990): *Basic Content Analysis*. Newbury Park (California). Sage Publications.

²⁷⁴ BERELSON, Bernard (1952): *Content Analysis in Communication Research*. Free Press. Glencoe. P.18. Cit. en KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.*

implícito dos datos o que impide profundar nos mesmos e interpretalos. Ole Holsti ofrécenos unha definición máis ampla, para el

a análise de contido é calquera técnica para facer inferencias mediante a identificación, de xeito obxectivo e sistemático, das características específicas das mensaxes²⁷⁵.

o que permite que a análise de contido non sexa unicamente cuantitativa, agora pódense realizar inferencias e ocuparse do contido subxacente ás mensaxes. Krippendorff define esta ferramenta de investigación como

unha técnica de investigación para formular, partindo de certos datos, inferencias reproducibles e válidas que poidan aplicarse ao seu contexto²⁷⁶.

Engade na súa definición o contexto, o elemento no que se desenvolven os actos de comunicación, polo que calquera análise de contido ten que ter en conta o contexto dos datos. Segundo este autor este procedemento de investigación sitúa a persoa que investiga nunha posición concreta fronte á realidade. Ofrecenos Krippendorff un marco conceptual de referencia²⁷⁷ no que pode verse a perspectiva da persoa que investiga e no que só recorre a conceptos básicos :

- Os datos tal e como lle son comunicados ao analista.
- Contexto dos datos.
- A forma na que o coñecemento do analista o obriga a dividir a realidade.
- Obxectivo dunha análise de contido.
- A inferencia como tarefa intelectual básica.
- A validez como criterio supremo de éxito.

A finalidade deste marco referencial é tripla: é prescristivo, xa que debe guiar a conceptualización e o deseño das análises de contido prácticas en calquera circunstancia; é analítico, no sentido de que debe facilitar o exame crítico dos resultados da análise de contido efectuada por outros; é metodolóxico pois ten que orientar o desenvolvemento e perfeccionamento sistemático dos métodos da análise de contido. En calquera análise de contido teñen que quedar claros varios aspectos:

²⁷⁵ HOLSTI, Ole (1969) *Content Analysis for the Social Sciences and Humanities*. p. 5. Reading, MA: Addison Wesley.

²⁷⁶ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* p. 21.

²⁷⁷ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* pp. 25-31.

- Que datos se analizan; os datos son os elementos básicos e a superficie que o analista ten que penetrar.
- A comunicación dos datos ao analista é unidireccional e é, polo tanto, incapaz de manipular a realidade.
- É necesario facer explícito o contexto con respecto ao que se analizan os datos.
- Cómpre enunciarse con claridade o obxectivo das inferencias.

Sinala Krippendorff as vantaxes da análise de contido como técnica de investigación social:

- É unha técnica non intrusiva ou non reactiva.
- Acepta material non estruturado.
- É sensible ao contexto e pode procesar formas simbólicas.
- Pode abarcar un grande volume de información.

Robert Philip Weber define a análise de contido como

unha metodoloxía de investigación que usa un conxunto de procedementos para realizar inferencias válidas a partir dun texto. Estas inferencias tratan do/s emisor/es da mensaxe, da mensaxe en si mesma ou da audiencia á que se dirixe. As regras deste proceso inferencial varían dependendo dos intereses teóricos do investigador²⁷⁸.

A definición que fai Laurence Bardin da análise de contido como

o conxunto de técnicas de análise das comunicacións que utilizan procedementos sistemáticos e obxectivos de descrición do contido das mensaxes [...] o propósito da análise de contido é a inferencia de coñecementos relativos ás condicións de produción (ou eventualmente recepción) con axuda de indicadores (cuantitativos ou non)²⁷⁹.

recolle as anteriores. Puntualiza Bardin²⁸⁰ que pode considerarse análise de contido calquera iniciativa que, usando técnicas parciais pero complementarias, trate de explicar e sistematizar o contido das mensaxes e a expresión dese contido coa axuda de indicios, cuantificables ou non, co obxectivo de efectuar deducións lóxicas e xustificadas relativas á fonte (ao emisor e o seu contexto) das mensaxes analizadas. A lectura que debe facer o analista de contido das comunicacións non é só lectura literal, tampouco é traspasar os significantes para chegar aos significados, senón achegarse a

²⁷⁸ WEBER, Robert Philip (1990): *Op. cit.* p. 9.

²⁷⁹ BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.* p. 29.

²⁸⁰ BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.* pp. 31-32.

outros significados de natureza psicolóxica, política, histórica, sociolóxica, etc. mediante os significantes ou significados (manipulados)

4.2.2 Oríxes e etapas na análise de contido

No primeiro capítulo da súa obra, Krippendorff²⁸¹ fai un percorrido que nos permite achegarnos aos principais estudos que usan a análise de contido como ferramenta metodolóxica. O primeiro caso de análise cuantitativa de material impreso levouse a cabo en Suecia no século XVIII, onde unha colección de 90 himnos relixiosos denominados *Os cantos de Sión* foron analizados para saber se exercían unha mala influencia sobre os luteranos. Loeb, no 1903, publicou un esquema clasificatorio para a análise da “estrutura interna” das funcións sociais dos xornais. Na primeira reunión da Sociedade Sociolóxica Alemá, no 1910, Max Weber propuxo levar a cabo unha análise de contido dos medios de prensa, que finalmente non puido facerse. No 1913 Markov, que estaba a traballar nunha teoría sobre as cadeas de símbolos, publicou unha análise estatística dunha mostra extraída de *Eugenio Onegin*, a novela en verso de Pushkin. Thomas e Znanieki realizan, entre 1908 e 1918, un estudo sociolóxico sobre a integración dos emigrantes polacos en Europa e América utilizando unha técnica elemental de análise de contido

Considerando a Laurence Bardin²⁸² e a Krippendorff,²⁸³ podemos falar de catro etapas que nos permiten comprender o desenvolvemento da análise de contido:

4.2.2.1 Análise cuantitativa de material xornalístico

A partires do comezo do século XX, e ao longo de corenta anos, desenvólvese a análise de contido nos Estados Unidos. O material analizado é esencialmente xornalístico. Xurdiron, por esa época, escolas de xornalismo que propuñan o cumprimento de determinadas normas éticas e a necesidade de que se fixeran investigacións empíricas sobre o fenómeno do xornalismo moderno. O problema metodolóxico dominante era que os datos, para ser válidos e servir de apoio ás argumentacións xornalísticas, tiñan que ser cuantitativos. A Escola de Xornalismo de Columbia dá o primeiro paso e logo sucédense os estudos cuantitativos de xornais. Unha das primeiras investigacións nesa liña é a de Speed, publícase no ano 1893 e fai a pregunta “Do newspapers now give the news?”. O autor amosa como as cuestións relixiosas, científicas e literarias desapareceran dos xornais para deixar espazo ás rexoubas, aos escándalos e ao deporte.

²⁸¹ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.*

²⁸² BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.*

²⁸³ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.*

O primeiro nome que aporta algo máis á historia da análise de contido é Harold Lasswell quen fai análises de prensa e propaganda desde 1915; no ano 1927 aparece *Propaganda Technique in the World War*. Conforme Krippendorff²⁸⁴ os trazos que caracterizan estas análises cuantitativas de xornais son:

- Incorporación de eminentes científicos sociais.
- Defínense nos datos conceptos de actitude, estereotipo, símbolo, valor, e mecanismos de propaganda.
- Aplicación na análise de ferramentas estatísticas máis perfectas, especialmente as procedentes de experimentos psicolóxicos e de investigacións mediante enquisas.
- Os datos destas análises de contido chegaron a formar parte de proxectos máis amplos.

Berelson, no ano 1952, fai unha exposición destes traballos no seu volume *Content Analysis in Communication Research*.

4.2.2.2 Análise da propaganda

A técnica de análise de contido recibiu un impulso grazas á súa aplicación práctica para a análise da propaganda durante a 2ª Guerra Mundial. O goberno americano, durante os anos de guerra, convocou os analistas para desenmascarar os diarios e revistas sospeitosos de facer propaganda subversiva (nazi).

Harold Lasswell comeza a traballar na Experimental Division for the Study of Wartime Communications, e Hans Speier no Foreign Broadcast Intelligence Service pertencente á American Federal Communications Commission. Os seus traballos deron como resultado *Propaganda Analysis*, obra que representou unha participación fundamental na conceptualización dos procedementos e os obxectivos da análise de contido. Partindo do suposto de que o propagandista actúa de xeito racional, elixindo as súas afirmacións en función da súa propia teoría da propaganda, reorientouse o eixo da análise pasando do concepto de “contido compartido” a poñer a énfase nas condicións que explican a comunicación e os intereses que ditas condicións favorecen. Entre as leccións que supuxo esta aplicación, Krippendorff²⁸⁵ sinala as seguintes:

- O contido non constitúe unha calidade absoluta ou obxectiva das comunicacións. Emisor e receptor poden diferir radicalmente no xeito de interpretar determinadas emisións radiofónicas. O aspecto do contido que comparten todos os comunicadores non ten importancia na comprensión do proceso político implicado.

²⁸⁴ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* p. 16.

²⁸⁵ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* p. 17.

- O analista, que mira por baixo da superficie das mensaxes propagandísticas, fai predicións ou inferencias sobre os fenómenos sen ter acceso directo a eles. Os analistas que someteran os xornais a unha análise cuantitativa formularon inferencias, pero sen relacionalas coa situación da que xurdían os datos e, erradamente, negaron a súa contribución á comprensión das mensaxes que analizaban.
- Á fin de interpretar as mensaxes propagandísticas e dotalas de sentido, cómpre contar con modelos elaborados sobre o sistema no que teñen lugar as comunicacións (a análise da propaganda ten en conta a natureza sistémica das comunicacións).
- Os indicadores cuantitativos son bastante bastos e pouco axeitados para facer interpretacións políticas. Aínda que se dispoña de grande cantidade de datos que impliquen unha análise estatística, non conducen ás conclusións que os expertos en política son capaces de extraer observando as variacións cualitativas.

A esta etapa pertencen, asemade, outras dúas análises: a da novela autobiográfica *Black Boy* de Richard Wright, na que se fai unha análise estatística de valores e a análise das “cartas de Jenny” que representa un dos primeiros intentos dunha “análise de continxencia” (asociacións/exclusións presentes no material a analizar).

4.2.2.3 Xeneralización da análise de contido

Despois da 2ª Guerra Mundial, o emprego da análise de contido esténdese a numerosas disciplinas. Conforme Krippendorff²⁸⁶, no campo da psicoloxía céntrase en tres aplicacións fundamentais: a primeira foi a análise dos rexistros verbais para descubrir as características motivacionais, psicolóxicas ou de personalidade; unha segunda aplicación vén determinada pola xuntanza de datos cualitativos en forma de respostas a preguntas abertas, respostas verbais aos tests, e elaboración dos relatos do Test de Aptitude Temática; a terceira aplicación relaciónase cos procesos de comunicación dos que o contido é parte fundamental. Na antropoloxía úsase este procedemento para analizar mitos e lendas. Os historiadores viron nesta técnica un método sistemático para o exame do grande volume de documentos dispoñibles. O material educativo, que fora centro de atención dos científicos sociais durante moito tempo, convértese nunha fonte de datos para realizar inferencias, tanto sobre os procesos da lectura como sobre as tendencias de carácter político, actitudinal ou valorativo que poden aparecer nos manuais escolares.

No ano 1955, a *Social Science Research Council's Committee on Linguistics and Psychology* organiza unha conferencia e os participantes descubren, que investigadores procedentes de campos tan diversos como a psicoloxía, as ciencias políticas, a literatura, a historia, a antropoloxía e a lingüística,

²⁸⁶ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* pp. 18-19.

se interesan por esta técnica. As comunicacións recóllense nun volume *Trends in Content Analysis* compilado por Pool no 1959.

No plano metodolóxico iníciase un debate entre os partidarios da análise de contido cuantitativa, que considera as frecuencias de aparición de determinadas características e os defensores da análise de contido cualitativa, que se centra na presenza ou ausencia dunha ou varias características no fragmento considerado. É neste momento cando a esixencia de obxectividade se fai máis flexible e se admite mellor a combinación da comprensión clínica coa aproximación estatística, circunstancias que desbloquean a situación. Ademais xa non se considera que a análise de contido teña un alcance unicamente descritivo senón que se acepta que o seu obxectivo é a inferencia.

4.2.2.4 Análise de contido por ordenador

Esta etapa caracterízase pola aplicación dos ordenadores á análise de contido e polo desenvolvemento de linguaxes de computación apropiadas ao procesamento de datos literais. O volume cuantioso de documentos a analizar e a repetitividade da tarefa, converten ao ordenador no axudante idóneo dos especialistas en análise de contido. Foron probablemente Sebeok e Zeps, no 1958, os primeiros en realizar unha análise de contido por ordenador para analizar catro mil lendas populares dun pobo da rexión de Kazán. No 1960, Hays usa o ordenador para a análise de documentos políticos o que recolle en *Automatic Content Analysis*. Nos 60, Stone e Bales deseñaron e programaron unha versión inicial do General Enquirer que podía aplicarse tanto á ciencia política ou á psicoterapia como á publicidade e á análise literaria. A Escola de Comunicacións de Annenberg reuniu nun congreso a numerosos investigadores que presentaron as súas propias técnicas de computación e puideron cotexar os distintos enfoques na análise de contido. Os debates centráronse nas dificultades para rexistrar as comunicacións non verbais, na necesidade de establecer categorías estandarizadas, no problema da obtención de inferencias e no papel das teorías e das construcións analíticas, todos problemas metodolóxicos e non estritamente computacionais.²⁸⁷

4.2.3 O método: as etapas nunha análise de contido

Conforme Laurence Bardin²⁸⁸, as diferentes fases da análise de contido organízanse arredor de tres etapas cronolóxicas:

- A preanálise.
- Aproveitamento do material: codificación e categorización
- Tratamento dos resultados, a inferencia e a interpretación.

²⁸⁷ KRIPPENDORFF, Klaus (1980): *Op. cit.* p. 27.

²⁸⁸ BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.* pp. 71-89




Figura 27: Esquema "Desenvolvemento dunha análise". Fonte: elaboración propia adaptado de Laurence Bardin (1986).

4.2.3.1 A preanálise

A preanálise é a fase de organización e ten por obxectivo a operacionalización e sistematización das ideas de partida. É nesta fase de preanálise cando se fai a elección dos materiais que se van analizar, fórmase a hipótese e os obxectivos, a elaboración dos indicadores nos que se apoiará a interpretación. Hai que saber por que se analiza (teoría) e explicalo para saber como analizar

(técnica). Ás veces a elección dos documentos depende dos obxectivos, pero noutras ocasións sucede á inversa e o obxectivo só será posible en función dos documentos dos que dispomos. Os indicadores constrúense en función da hipótese ou, polo contrario, basearase as hipóteses na presenza de certos indicios.

- *A elección dos materiais:* na elección dos materiais é necesario determinar o xénero de documentos sobre os que se pode realizar a análise e definir o conxunto de documentos que van ser sometidos a procedementos analíticos. Esta tarefa implica eleccións, seleccións e regras: a *regra da exhaustividade*, que establece que non se pode desbotar ningún elemento; a *regra da representatividade*, que dispón que se pode efectuar a análise cunha mostra que, se é representativa do universo de partida, permitirá que os resultados sexan extensibles ao conxunto; a *regra da homoxeneidade*, que di que os documentos teñen que ser homoxéneos, obedecer a criterios de selección precisos e non presentar excesiva singularidade; a *regra da pertinencia*, que establece que os documentos escollidos deben ser adecuados como fonte de información conforme ao obxectivo que orixina a análise.
- *A formulación da hipótese e dos obxectivos:* a hipótese é unha afirmación provisional que se pretende verificar (confirmar ou rexeitar) mediante os procedementos de análise. Esta suposición ten a súa orixe na intuición, e queda en suspenso mentres non se verifique a través da análise dos datos. O obxectivo é a intención xeral que se lle dá, o cadro teórico e/ou pragmático no que serán empregados os resultados obtidos. Non sempre están establecidas as hipóteses na preanálise, algunhas análises realízanse sen hipóteses de partida.
- *Sinalización dos índices e elaboración dos indicadores:* se consideramos os textos portadores de índices que imos facer falar mediante a análise, cómpre elixilos (en función da hipótese, de estar establecida) e organizalos sistematicamente en indicadores. Unha vez elixidos os índices procédese, pois, á construción de indicadores precisos e fiables. Para asegurarse da eficacia e pertinencia dos indicadores pódese testalos co que se coñece como pretest de análise.
- *Preparación do material:* antes da análise procédese a preparar o material reunido.

4.2.3.2 *Explotación do material: codificación e categorización*

Se as fases da preanálise se executaron cuidadosamente, a fase de análise non é outra cousa senón a administración sistemática das decisións tomadas. Nesta fase, longa e intensa, trátase esencialmente de operacións de codificación, descomposición ou enumeración, conforme criterios establecidos con

anterioridade, que permitirán chegar a unha representación do contido susceptible de informar ao analista sobre as características do texto. Tratar o material é codificalo, operación que corresponde a unha transformación dos datos do texto. A organización da codificación comprende a descomposición, elección das unidades; a enumeración, elección de regras de reconto; a clasificación e a agregación, elección de categorías. A elección dunha unidade de rexistro e de contexto debe gardar pertinencia coas características do material e os obxectivos da análise.

- A *unidade de rexistro* é a unidade de significación a codificar, corresponde ao segmento de contido que teremos que considerar como unidade de base atendendo á categorización e ao reconto frecuencial. A unidade de contexto axuda a precisar o sentido das unidades de rexistro e proporciónalles un marco interpretativo. Entre as unidades de rexistro máis empregadas podemos distinguir: *a palabra*, podéndose ter en conta todas as palabras do texto ou só as palabras chave, as palabras cheas e as baleiras, as distintas categorías de palabras...; *o tema* que é a unidade de significación que se desprende do texto analizado segundo certos criterios; pode, asemade, ser un *obxecto ou referente*; *o personaxe*; *o acontecemento* e *o documento*;
- Canto as *unidades de contexto*, serven de unidade de comprensión para codificar a unidade de rexistro, ás veces é necesario referirse ao contexto da unidade a rexistrar para poder comprendela no seu sentido exacto. Cómpre distinguir entre unidade de rexistro, o que contamos e regras de enumeración, como contamos (presenza/ausencia, frecuencia, frecuencia ponderada, intensidade, dirección, orde e relacións de continxencia).

A categorización é a distribución dos elementos analizados en categorías,

As categorías son seccións ou clases que reúnen un grupo de elementos (unidades de rexistro no caso da análise de contido) baixo un título xenérico, reunión efectuada en función das características comúns destes elementos²⁸⁹.

En xeral as categorías finais obtéñense do reagrupamento progresivo de categorías iniciais máis débiles. As boas categorías deben ter unhas determinadas características: *exclusión mutua*, *homoxeneidade*, *pertinencia*, *obxectividade*, *fidelidade* e *produtividade*.

4.2.3.3 Tratamento e interpretación dos resultados obtidos

A tarefa de manexar, organizar e interpretar os datos, calquera que sexa a súa natureza, para acadar o significado dos mesmos é un proceso que esixe condensalos por medio da codificación e/ou

²⁸⁹BARDIN, Laurence (1986): *Op. cit.* p. 90

categorización e expandilos a través da interpretación, adiantando significados diferentes en relación con diferentes contornas. Trátase, en último termo, de transcender os datos para chegar a interpretacións máis profundas e críticas ata lograr un significado válido. Kvale²⁹⁰ explica que:

O intérprete vai máis aló do que se di directamente para concibir estruturas e relacións de significado que non son aparentes de xeito inmediato nun texto. Por contraste coa de-contextualización das declaracións pola categorización, a interpretación re-contextualiza as declaracións dentro de marcos máis amplos de referencia.

Os resultados son tratados de xeito que resulten significativos. Operacións estatísticas simples (porcentaxes) ou máis complexas (análise factorial) permiten establecer cadros de resultados, diagramas, figuras e modelos que sintetizan e poñen de manifesto as informacións proporcionadas pola análise. Unha vez que o analista dispón de resultados significativos e fiables, pode propor inferencias e adiantar interpretacións relacionadas cos obxectivos previstos ou relativas a feitos imprevistos. O tipo de inferencias obtidas, a confrontación sistemática co material analizado e/ou os resultados acadados, poden ser a base dunha nova análise, organizada arredor dun novo enfoque teórico ou feita empregando técnicas diferentes. Adóptanse así os principios xerais básicos da análise herdados da hermenéutica que resultaron útiles tradicionalmente na análise de textos. Segundo establece S. Kvale²⁹¹,

A interpretación dun texto caracterízase por un “círculo hermenéutico”, onde o significado do mesmo establécese mediante un proceso no que se determinan os significados das distintas pasaxes polo significado global anticipado do texto. A relectura das pasaxes individuais pode cambiar de novo o significado global do texto anticipado no primeiro lugar, o que de novo altera o significado das pasaxes individuais, etc. En principio esta interpretación hermenéutica de textos é un proceso infinito, mentres que na práctica remata cando se logra un significado coherente sensato

Sostén Marcus Banks²⁹² que aínda que a análise de contido podería ser considerada unha técnica carente de trazos ideolóxicos, á que non afectan os coñecementos teóricos previos da persoa investigadora sobre o mundo e as relacións sociais, este non é o caso. Mesmo se se aplica para realizar unha análise cuantitativa o sesgo inevitable na selección dos datos pode deturpar os achados, incluso a elección das categorías e os procedementos de codificación poderían engadir un sesgo adicional, considerando ademais que a ausencia do contexto e do significado é crucial. Para que a codificación sexa fiable é necesario que os procedementos empregados se apliquen de xeito obxectivo e sen ambigüidade, cómpre que se lea o “contido manifesto” dos datos, pero nun nivel

²⁹⁰ KVALE, Steiner (2011): *Las entrevistas en investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata, p. 142

²⁹¹ KVALE, Steiner (2011): *Op.cit.* p. 143

²⁹² BANKS, Marcus (2010): *Los datos visuales en investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata, pp. 69-71.

máis abstracto de análise poderíase aducir que é o “contido latente” o que dá sentido ao grupo completo de datos²⁹³

[...] sóese argumentar, ben de xeito crítico, ou ben como a simple afirmación dun feito, que os debates de significado se ignoran ou se deixan de lado deliberadamente. Por tanto, as análises de contido e outras estratexias analíticas formalistas empréganse de cotío como unha estratexia analítica precursora doutras formas de análise.

²⁹³ BANKS, Marcus (2010): *Op. cit.* p.70.

CAPÍTULO 5: MARCO METODOLÓGICO: A ANÁLISE CRÍTICA DO DISCURSO E O ESTUDO DE CASO

5.1 A análise crítica do discurso

5.1.1 Orixe e definición: discursos e ideoloxía

Na década dos setenta xurdiu unha forma de análise do texto e do discurso que recoñecía o papel da linguaxe na estruturación das relacións de poder. O termo *Lingüística Crítica* foi o que escolleu un grupo de estudosos, entre os que se pode nomear a Roger Fowler, Gunther Kress ou Robert Hodge, que estaba a traballar nese tempo na universidade de East Anglia e que intentaba combinar unha teoría social do funcionamento da linguaxe nos procesos políticos e ideolóxicos cun método de análise lingüística de texto. Caracterízanse por rexeitar o tratamento separado que se lle daba aos sistemas lingüísticos con respecto ao uso da linguaxe e afirman que se a linguaxe é como é, débese á función que desempeña dentro da estrutura social; rexeitan, igualmente, a separación de forma e contido, xa que defenden que a gramática dunha lingua consiste nun sistema de opcións das que o falante escolle segundo as súas circunstancias sociais, polo que a elección dunha forma concreta sempre é significativa; afástanse da sociolingüística porque se limita a establecer correlacións entre lingua e sociedade sen entrar en relacións causais, como os efectos da linguaxe na sociedade; a diferenza dos lingüistas e sociolingüistas tradicionais, os lingüistas críticos analizan textos completos.

Conforme Norman Fairclough²⁹⁴ os lingüistas críticos diferéncianse doutros enfoques na atención que lle prestan á gramática e ao vocabulario dos textos; refírense, de cotío, á *transitividade*, o aspecto da gramática dunha oración que se relaciona coa forma en que representa a realidade; tamén se centran nos procesos gramaticais de *transformación* tales como a *nominalización* ou a *pasivización* (procesos que poden ser ideoloxicamente significativos ao permitir a desaparición do axente nunha cláusula) e nos *aspectos modais* cos que se marcan as relacións e as identidades sociais. A comezo dos noventa aparece a denominación *Análise Crítica do Discurso* que engloba a unha rede de investigadores aos que, tras un simposio celebrado en Amsterdam, se lles ofrece a oportunidade de discutir teorías e métodos de análise do discurso. A saída ao mercado da revista *Discourse and Society* de Teun van Dijk e a publicación dos libros *Language and Power* de Norman Fairclough, *Language, Power and Ideology* de Ruth Wodak ou *Prejudice and Discourse* de Teun van Dijk marcan o comezo deste grupo.

A Análise Crítica do Discurso estuda a linguaxe como práctica social e considera que o contexto no que a linguaxe é empregada é esencial; interésase, igualmente, polas relacións entre o poder e a linguaxe. Sostén G. Kress²⁹⁵ que o proceso educativo xira arredor de procedementos de clasificación, procedementos que sitúan á persoa respecto de poderosos sistemas de clasificación socioculturais. O

²⁹⁴ FAIRCLOUGH, Norman (1992): *Op. cit.* pp. 27-28.

²⁹⁵ KRESS, Gunther (1990): *Op. cit.* pp. 57-64.

poder está totalmente implicado neste proceso, na loita sobre termos concretos, sobre que sistemas de clasificación deben ou non prevalecer e ser valorados en función de quen os propoña; na escola os poderosos poden facer, e fan, acatar as súas clasificacións como se se tratase de “coñecemento” incuestionable. Cando a fonte de poder é demasiado obvia pode ser desafiada, polo que existen estratexias de distanciamento para facela invisible ou inaudible; recórrase, nestes casos, á impersonalidade institucional ou á invisibilidade individual; o efecto que producen ambas as dúas estratexias é facer que resulte difícil detectar as fontes de poder ou autoridade, co que resulta difícil ou imposible desafialas. A impersonalidade identifícase coa obxectividade que, á vez, confire a aparencia de verdade inmutable ás declaracións.

A diversidade de enfoques teóricos e metodolóxicos que se dan neste campo da lingüística comparten unha perspectiva común que se relaciona co termo *crítico*, que, para algúns lingüistas críticos, remóntase á influencia da escola de Francfort ou á de Jürgen Habermas para quen “ a linguaxe é tamén un medio de dominación e unha forza social. Serve para lexitimar as relacións do poder organizado. Na medida en que as relacións de poder non estean articuladas, a linguaxe é ideolóxica”²⁹⁶; Habermas sitúa o potencial emancipador existente na sociedade na linguaxe e entende que o cambio social ten que darse no ámbito da comunicación. Ese potencial emancipador da acción comunicativa desátase progresivamente no decurso da innovación cultural. Habermas concibe unha dialéctica entre innovación cultural e tecnolóxica: as innovacións culturais, incluíndo novas formas de comunicación, ocorren como resposta a crises nos sistemas económicos e crean as condicións para as innovacións tecnolóxicas e a aparición de novos sistemas.

Para Norman Fairclough²⁹⁷ as relacións de causa e efecto nos asuntos humanos poden atoparse deturpadas e ocultas á vista polo que temos que considerar que a *crítica* consiste, basicamente, en facer visibles esas relacións. Polo tanto, como din Lilie Chouliaraki e Norman Fairclough²⁹⁸, a razón da teoría social crítica reside na súa contribución á creación dunha conciencia do que é, como chegou a ser dese modo e que podería chegar a ser (en que se podería converter), considerando que as persoas son quen de crear e re-crear (cambiar/modificar) as súas vidas. Esta é tamén a razón da análise crítica do discurso considerando, especialmente, que as transformacións sociais son até un grao considerable transformacións na linguaxe e no discurso.

Para Teun A. van Dijk²⁹⁹ a análise crítica do discurso é un tipo de investigación analítica sobre o discurso, investigación que estuda, principalmente, a maneira na que o abuso do poder social, o dominio e a desigualdade son practicados, reproducidos e, en ocasións, combatidos polos textos e a

²⁹⁶HABERMAS, Jürgen (1992): *Conocimiento e interés*. Madrid: Taurus, p. 259.

²⁹⁷FAIRCLOUGH, Norman (1985): Critical and descriptive goals in discourse analysis, en *Journal of Pragmatics* nº 9.

²⁹⁸CHOULIARAKI, Lilie e FAIRCLOUGH, Norman (1999): *Discourse in Late Modernity: Rethinking Critical Discourse Analysis*. Edinburgh University Press, p. 4.

²⁹⁹VAN DIJK, T.A. (1999): “El análisis crítico del discurso” en *Anthropos*, nº 186, setembro-outubro 1999, p. 23.

fala no contexto social e político. É un tipo de investigación que se sitúa explicitamente do lado dos desfavorecidos e que aspira a contribuír dalgún xeito efectivo á resistencia contra a desigualdade social.

Conforme Ruth Wodak³⁰⁰ podemos definir a *Lingüística Crítica* e a *Análise Crítica do Discurso* como disciplinas que se ocupan de analizar as relacións de dominación, discriminación, poder e control que se manifestan a través da linguaxe, tanto se son escuras como se son transparentes. Investígase, pois, con estas técnicas, a desigualdade social expresada e lexitimada mediante o uso da linguaxe, é dicir, no discurso.

Tendo en conta que un discurso é un obxecto histórico (situado no tempo e no espazo) e que as estruturas de dominación veñen a ser lexitimadas polos grupos hexemónicos, para facer unha explicación crítica dun discurso é necesario contar con tres conceptos: poder, historia e ideoloxía; os estudosos que traballan neste paradigma comparten unha perspectiva na que estes conceptos son esenciais. As estruturas dominantes converten en algo natural as convencións, as estabilizan; os efectos do poder e da ideoloxía na produción de sentido quedan ocultos e adquiren, deste xeito, formas estables e naturais, considéranse algo “dado”.

Para a Análise Crítica do Discurso a ideoloxía é un factor determinante no establecemento e preservación dunhas relacións desiguais de poder. Esta metodoloxía interésase particularmente polas formas nas que a ideoloxía se expresa mediante a linguaxe nas distintas institucións sociais; estúdase como mediante formas simbólicas se constrúe e se transmite significado e trátase de determinar se a través delas se establecen ou sosteñen relacións de dominación. A linguaxe está mesturada co poder social, expresa poder, clasifica ao poder e xorde en calquera contexto onde o poder se vexa desafiado ou onde se pretenda conseguilo. A linguaxe pode empregarse para subverter o poder e alterar a distribución do mesmo.

O interese deste tipo de análise, como o doutras teorías críticas, reside na produción de ilustración e emancipación, en xerar a conciencia de como nos enganamos con respecto ás nosas necesidades e intereses. A linguaxe carece de poder propio, o poder provén das persoas poderosas que o usan o que explica a razón de que a Análise Crítica do Discurso escolla a perspectiva dos que sofren e analice a linguaxe das persoas que posúen o poder e que son responsables da existencia de desigualdades.

³⁰⁰WODAK, Ruth e MEYER, Michael (compiladores) (2003): *Métodos de análisis crítico del discurso*. Barcelona. Gedisa, pp. 19-20.

Igualmente, fai referencia a autora ao feito de que esta análise se apoie na lingüística de Halliday³⁰¹, na sociolingüística de Bernstein³⁰² e na obra de críticos literarios e filósofos sociais como Pêcheux³⁰³, Foucault³⁰⁴, Habermas, Bajtín³⁰⁵ e Voloshinov³⁰⁶.

5.1.2 Enfoques e metodoloxías da ACD

Para Michael Meyer³⁰⁷ a Análise Crítica do Discurso asome un enfoque diferente e crítico fronte aos problemas xa que tenta facer explícitas as relacións de poder que frecuentemente están ocultas e polo tanto se esforza por tirar resultados que sexan relevantes no plano práctico. Os discursos son históricos e só poden entenderse a través do seu contexto, os factores extralingüísticos son a cultura, a sociedade e a ideoloxía; baseándose neste concepto de contexto xorde a aceptación da relación entre a linguaxe e a sociedade. Segundo o autor o procedemento empregado por a ACD é o hermenéutico, que implica entender unha parte só no contexto do conxunto; outra característica é a adopción dunha perspectiva multidisciplinar; no que respecta á recolleita e análise dos datos, non existe ningunha forma de obtención de datos característica da ACD, de feito algúns autores non

³⁰¹ N. da I. A lingüística sistémica funcional de Halliday é unha teoría que analiza a linguaxe tal como vén configurada polas funcións sociais que está destinada a realizar. Segundo Halliday, existen tres grandes metafuncións da linguaxe: a *función ideativa*, que representa a relación entre o falante e o mundo real e expresa a experiencia do falante, pero, tamén, a estrutura e determina a forma na que ve o mundo, a estrutura ideacional mantén unha relación dialéctica coa estrutura social reflectíndoa e, á vez, influíndo nela; a *función interpersoal*, que permite establecer e manter relacións sociais, trátase dunha función interactiva que serve para expresar os diferentes roles sociais, incluíndo os que cada un asome na comunicación; a *función textual*, mediante a que se establece unha relación entre a lingua e a situación en que se emprega e que permite establecer relacións de cohesión entre as partes dun texto e a súa adecuación á situación concreta.

³⁰² N. da I. Basil Bernstein centra o seu traballo no discurso pedagóxico, aínda que traballa coa pedagogía nun sentido amplo que estende o concepto de educación até abranguer calquera contexto social no que teña lugar a produción e a reprodución social; as relacións de poder cuxos efectos simbólicos quere especificar son as de clase social, xa que son as que xeran, distribúen, reproducen e lexitiman formas de comunicación diferentes que transmiten códigos dominantes e dominados. O código elaborado (dominante) é o que empregan os grupos hexemónicos e o que privilexian as institucións educativas que, igualmente, distribúen o acceso aos códigos elaborados dun xeito que incrementa e reproduce as diferenzas de clase no que atinxe ao acceso á educación.

³⁰³ N. da I. Michel Pêcheux e os seus colaboradores desenvolveron unha perspectiva crítica na análise do discurso que intenta combinar unha teoría social do discurso cun método de análise. A teoría social de Pêcheux inspírase na teoría marxista da ideoloxía de Althusser, quen puxo a énfase na relativa autonomía da ideoloxía con respecto á base económica e na importante contribución da mesma na reprodución ou na transformación das relacións económicas; a achega de Pêcheux a esta teoría consistiu en desenvolver a idea da linguaxe como unha forma material de ideoloxía de crucial importancia, combinando unha teoría marxista do discurso con métodos lingüísticos de análise de texto.

³⁰⁴ N. da I. Michel Foucault tivo unha grande influencia nas ciencias sociais e na popularización do concepto de discurso e da análise do discurso. O seu traballo constitúe unha importante contribución á teoría social do discurso no que respecta ás relacións do discurso e o poder, á construción discursiva dos suxeitos e do coñecemento social e ao funcionamento do discurso no cambio social. Foucault pon a énfase na interdependencia das prácticas discursivas dunha sociedade ou institución, os textos inspíranse e transforman outros textos e calquera práctica discursiva xérase a partir da combinación doutras e defínese polas súas relacións con elas. Débese a el unha perspectiva do discurso que implica velo como constituíndo a sociedade activamente.

³⁰⁵ N. da I. Mijaíl Bajtín é coñecido debido á elaboración dunha serie de conceptos que, xuntos, esbozan unha filosofía da linguaxe e da cultura, unha de cuxas reivindicacións principais é que todo discurso é en esencia un intercambio dialóxico e que os xéneros discursivos constrúense na práctica cotiá dos que utilizan a lingua, o que confire a toda a linguaxe unha especial forza ética ou ético-política.

³⁰⁶ N. da I. Valentín Voloshinov, membro do "Círculo de Bajtín", é un dos referentes da teoría literaria marxista e da teoría da ideoloxía. Para Voloshinov a linguaxe non pode separarse da ideoloxía e constitúe un erro o seu estudo abstracto e sincrónico (Saussure), xa que as palabras son signos sociais que adquiren diferentes significados ao ser usadas por membros de distintas clases sociais en contextos históricos diferentes.

³⁰⁷ WODAK, Ruth e MEYER, Michael (compiladores) (2003): *Op. cit.* pp. 36-42.

No ámbito educativo, os materiais didácticos son os instrumentos dos que a institución escolar se serve para transmitir o *discurso* dos poderes dominantes e converter, o profesorado e o alumnado, en *lectores ideais*. De aí a importancia de sometelos a análise crítica, tanto desde fóra como desde dentro da institución escolar, conxuntamente profesorado e alumnado, xa que a educación debería ter, entre os seus obxectivos, o de converter o profesorado e o alumnado (en tanto que receptores e emisores de *discursos*) en lectores críticos capaces de modificar o contido dos *discursos* coercitivos orientados a perpetuar os valores dun determinado modelo de sociedade ao servizo do poder hexemónico.

Construír un sistema educativo xusto e respectuoso coa diversidade, comprometido con proxectos curriculares antidiscriminatorios obriga, entre outras medidas, a prestar moita atención ás políticas de recursos didácticos, de materiais curriculares para que non funcionen como Cabalos de Troia, cuxos contidos nin docentes, nin estudantes, nin as súas familias aceptarían se fosen conscientes das manipulacións, erros e sesgos que agochan no seu interior⁴⁴⁵.

⁴⁴⁵ TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2011): *Op. cit.* p. 212.

8.2 Características

En coherencia coas liñas seguidas neste traballo de investigación e en función do enfoque práctico co que o afrontamos óptase por desenvolver esta análise lingüística seguindo o mesmo esquema adoptado para a análise icónica (cap. 7). Non obstante, dadas as características do código lingüístico, haberá aspectos que terán que tratarse desde unha perspectiva diferente, máis aglutinadora, conforme se irá razoando nos correspondentes apartados; obviamente, esta circunstancia fará variar os datos en termos de porcentaxes entre ambos os dous tipos de análise: icónica e lingüística. Unha primeira diferenza entre a análise icónica e a lingüística dun libro de texto obriga, no caso desta última, a considerar as peculiaridades da lingua inglesa desde a morfo-sintaxe e a semántica para poder aproximarnos á unidade de análise.

A lingua inglesa está considerada polos expertos como unha lingua morfolóxica e semanticamente sexista debido, entre outras razóns, á ausencia total de morfema de xénero nos artigos, determinantes, adxectivos e algúns pronomes, e case total nos substantivos que describen profesións; o uso xenérico que se fai dos termos lingüísticos pertencentes a estas categorías de palabras impide a diferenciación en función do sexo, o que contribúe a dificultar a comprensión da mensaxe emitida favorecendo que a persoa receptora interiorice as mensaxes subliminares que, de xeito consciente ou inconsciente, se transmiten.

Cremos que, á marxe da natureza desta ou doutra índole atribuída a unha lingua, o que conta en realidade é o uso que se fai dela, a intencionalidade coa que se elixe ou desbota un determinado termo ou unha determinada estrutura e os esquemas que conforman a mentalidade de quen emite e de quen recibe a mensaxe, esquemas que se corresponden cos valores da sociedade á que pertencen e que condicionan a perspectiva desde a que van construír e interiorizar os significados. Tentaremos, a través da análise lingüística do libro de texto⁴⁴⁶, traer a nivel consciente eses esquemas, desvelar esa intencionalidade e o papel que xoga o manual na transmisión dos valores hexemónicos⁴⁴⁷.

Mantense a mesma unidade de análise, o personaxe, esta vez analizado a través dos textos⁴⁴⁸ e do contido lingüístico implícito e explícito nos mesmos, aplicando as técnicas da análise crítica do discurso e desde unha perspectiva sociocrítica.

⁴⁴⁶ Analízanse neste capítulo as 9 unidades máis 3 de consolidación que compoñen o manual. Porén, para una análise máis exhaustiva das unidades 4, 5 e 6, véxanse as conclusións ás sesións de observación correspondentes (cap. 9, apdo. 9.2.3.5.13)

⁴⁴⁷ No capítulo 9 (“Da teoría á praxe: O estudo de caso. Informe de investigación”) inclúese a análise do caderno de traballo (*workbook*) e do resto dos materiais didácticos de uso e/ou influencia na aula.

⁴⁴⁸ A efectos de análise considéranse “textos” as diferentes unidades lingüísticas: palabra, frase, oración, parágrafo e texto.

Comézase, pois, por establecer a presenza masculina/feminina nos textos obxecto de análise, pasando, a continuación, a analizar as características de idade, sexo e etnia, os aspectos do personaxe (protagonismo e profesión) e, finalmente, establecendo as categorías temáticas. Todo este proceso ten, novamente, como finalidade recoller información acerca da presenza/ausencia no libro de texto de contidos socioculturais e do tratamento que se lles outorga, cara a determinar o papel que o manual exerce na transmisión dos valores hexemónicos da cultura dominante.

As táboas elaboradas para a recollida de datos dos que se tiran as inferencias da análise lingüística do libro de texto inclúense no anexo, agás as incorporadas ao corpus deste traballo. As inferencias vértense no apartado 8.5.

8.2.1 Presenza de personaxes femininos/masculinos nos textos obxecto de análise

RESENZA MASCULINA/FEMININA NOS TEXTOS				
Unidade	Temática	Home	Muller	Total
Unidade 0	Let's start	2	4	6
Unidade 1	Teenagers today	23	20	43
Unidade 2	Best sellers	40	15	55
Unidade 3	The material world	13	6	19
Cons. 1	Sen título	5	4	9
Unidade 4	Go trans-global	20	11	31
Unidade 5	Communicating people	17	8	25
Unidade 6	Very visual	29	3	32
Cons.2	Sen título	8	4	12
Unidade 7	Work experience	16	12	28
Unidade 8	Girl meets boy	32	25	57
Unidade 9	Press Conference	30	22	52
Cons. 3	Sen título	8	11	19
TOTAL		243	145	388
%		62.63	37.37	

Figura 70: Táboa que reflicte en termos numéricos a presenza, por unidades, de personaxes femininos e masculinos nos textos do manual Macmillan Secondary Course de 4ª de ESO. Fonte: elaboración propia

A tarefa de comprobar a presenza/ausencia de persoas nos textos escritos e orais do manual obxecto de análise viuse dificultada pola ausencia de morfema de xénero na lingua inglesa, conforme explicamos no parágrafo introdutor deste capítulo. Tivéronse en conta os pronomes suxeito e obxecto de 3ª persoa de singular (he, she, him, her), os posesivos (his, her, hers), os substantivos comúns referentes a un e outro sexo (*man, woman, girl, boy, etc*) e os nomes propios de home/muller; canto aos nomes de profesións e aos termos que reflicten relación de parentesco só se consideraron, a efectos de contabilización, os diferenciados canto ao sexo. Non obstante, o uso de

termos neutros e ambiguos será, obviamente, tido en consideración a medida que profundemos na análise lingüística para inferir significados e tirar conclusión. Nalgúns casos o texto analizado remitía forzosamente ás imaxes, o que axudaba a determinar a presenza/ausencia de persoas; no resto dos textos, tendo en conta que se trata de facer unha análise lingüística e non icónica, renunciouse a considerar as imaxes pois xa foron analizadas no capítulo VI.




Figura 71: Gráfico que reflicte o desequilibrio, por unidades, entre a presenza de personaxes femininos/masculinos nos textos do manual Macmillan Secondary Course de 4º de ESO. Fonte: elaboración propia

Segundo reflicte o gráfico, é maioritaria a presenza masculina en todas as unidades agás a unidade introdutoria ou de presentación (*Let's start*) e a final, de consolidación dos contidos das tres últimas unidades. Se prestamos atención ao título e contido das unidades onde a presenza masculina é dominante, observaremos os ámbitos nos que este manual resta protagonismo á muller.

UNIDADE	TEMÁTICA CON ESCASA PRESENZA FEMININA	CONTIDO NON LINGÜÍSTICO
Unidade 1	Teenagers today	Intereses e preocupacións da adolescencia.
Unidade 2	Best sellers	Os libros máis vendidos e as diferentes clases de narrativa.
Unidade 3	The material world	O mundo do consumo.
Cons. 1	Sen título	Consolidación do contido lingüístico das unidades anteriores
Unidade 4	Go trans-global	Viaxes de pracer e culturais; aventuras.
Unidade 5	Communicating people	O mundo da comunicación: medios, instrumentos.
Unidade 6	Very visual	As artes: pintura, escultura, literatura, cine, etc.
Cons. 2	Sen título	Consolidación do contido lingüístico das unidades anteriores.
Unidade 7	Work experience	O mundo laboral: experiencias, plans, profesións, cargos; voluntariado.
Unidade 8	Girl meets boy	Relacións persoais: amizade, parella, familia, etc.
Unidade 9	Press Conference	As noticias; celebridades e personaxes famosos.
Cons. 3	Sen título	Consolidación do contido lingüístico das unidades anteriores.

Figura 72: Táboa que reflicte a temática na que se resta protagonismo á muller no manual Macmillan Secondary Course de 4º de ESO. Fonte: elaboración propia

O porqué destes feitos sairá á luz consonte profundemos na análise lingüística do contido das unidades e desvelemos o currículo oculto agochado no enfoque androcéntrico do manual que os datos numéricos poñen de manifesto.

Tanto se se consideran os datos unidade por unidade como globalmente a presenza de personaxes masculinos nas unidades lingüísticas analizadas é maioritaria, con independencia da temática das unidades. Só na primeira (a de presentación: *Let's start*) e na última de consolidación dos contidos das unidades 6 a 9 é superior a presenza feminina; nas dez unidades restantes o androcentrismo é evidente.

8.2.2 Características idade, sexo, etnia

8.2.2.1 Idade




Figura 73: Gráfico que reflicte o nº de personaxes identificables/non identificables en función da idade. Fonte: elaboración propia

Non hai referencias concretas á idade dos personaxes e, na maioría dos casos, non é deducible, polo tanto, os totais na táboa que segue a este parágrafo non poden coincidir cos de presenza humana (masculina/feminina) nos textos que reflicte a táboa anterior. Sempre que foi posible tirouse a información do contido semántico da unidade lingüística analizada. Por exemplo, se aparece un personaxe ao que se lle atribúe o exercicio dunha profesión, considérase en idade adulta; as referencias a escolares, estudantes, xente xogando, etc, contabilízanse na idade infancia/adolescencia; termos como *grandfather*, *grandmother* e *grandparents* podíanse incluír na idade adulta (en idade laboral) ou na terceira idade, polo que só se tiveron en conta cando estaba claro;

por exemplo, se estaban a cargo dos netos interpretoúse que pertencían á terceira idade e nos demais casos á adultez.

FRANXA DE IDADE Á QUE PERTENCE O PERSONAXE IDENTIFICABLE CANTO Á IDADE			
Unidade/título	Infancia adolescencia	Adultez	3ª idade
Unidade 0: Let's start	1	0	0
Unidade 1: Teenagers today	13	10	0
Unidade 2: Best sellers	4	2	2
Unidade 3: The material world	1	1	0
Consolidation 1: Sen título	3	3	0
Unidade 4: Go trans-global	2	6	0
Unidade 5: Communicating people	8	10	0
Unidade 6: Very visual	1	13	0
Consolidation 2: Sen título	49	57	0
Unidade 7: Work experience	8	3	0
Unidade 8: Girl meets boy	8	9	0
Unidade 9: Press conference	7	14	0
Consolidation 3: Sen título	2	16	0
TOTAIS	107	144	2
	253		

Figura 74: Táboa que reflicte o nº de personaxes identificables canto á idade e a franxa de idade á que pertencen. Fonte: elaboración propia




Figura 75: Gráfico que reflicte, por unidades, a presenza humana recoñecible canto á idade e a franxa á que pertence. Fonte: elaboración propia

A maioría dos personaxes dos textos pertence á idade adulta, seguida da franxa de idade que denominamos infancia/adolescencia; só dúas persoas puideron encadrarse na terceira idade, o que vén reafirmar o idadismo xa detectado na análise icónica. Só en tres unidades é lixeiramente superior a presenza de adolescentes: na primeira unidade que versa sobre a adolescencia actual, na segunda, sobre os libros máis vendidos e, sobre todo, na unidade sete con temática laboral, traballo vacacional e voluntariado.

8.2.2.2 Sexo

Unha vez establecida a presenza/ausencia masculina ou feminina, interesaba afondar nesta perspectiva en función da perpetuación de estereotipos, tanto illadamente home/muller, como en combinación coas outras variables de idade e etnia. Esta diferenciación canto ao sexo é igualmente importante para analizar os aspectos do personaxe desde a perspectiva do protagonismo que se lle atribúe e da profesión que se lle asigna, segundo se comentará de seguido nos apartados correspondentes. As categorías temáticas de novo aportarán datos avaliábeis en función do sexo.

Son numerosas as actividades que, dalgún xeito, perpetúan os estereotipos de xénero, algúns marcadamente sexistas, ben a través da asignación de calidades estereotipadas á muller ou ao varón, ben representando ou describindo situacións que perpetúan os roles que, cultural e socialmente, se asocian a cada un dos sexos. Por citar algún exemplo (sesión de observación nº 6), na canción de *Blondie* (p. 67 do manual) preséntase unha rapaza dependente afectivamente do seu noivo e en conflito coa nai do rapaz á que responsabiliza de sementar discordia na relación, estendido estereotipo en relación coas sogras, mais non cos sogros. Transmítese, igualmente, o estereotipo masculino de home duro e insensible diante das súplicas da moza e dominado pola súa nai. Na actividade nº 1 de expresión oral da páxina 78 perpetúase o rol da muller ao servizo da familia e ao coidado da prole.

Afondarase en todos estes aspectos máis adiante, pero cómpre salientar o primeiro trazo sexista do manual reificado na disparidade cuantitativa entre as presenzas femininas e masculinas descrita no apartado 8.2.1 e que recolleemos aquí en termos de porcentaxe. A interpretación cualitativa desta disparidade analizarase no apartado das inferencias 8.5 (“Análise cualitativa: inferencias”) e 8.6 (“Consideracións xerais”).




Figura 76: :Gráfico que amosa o sexismo implícito no androcentrismo reflectido nas porcentaxes de presenzas masculinas e femininas nos textos. Fonte: elaboración propia

8.2.2.3 Etnia

Tendo en conta que a maior parte dos textos que conteñen as actividades son palabras para ampliar un determinado campo semántico (exercicios de léxico) ou frases curtas que serven para ilustrar unha determinada estrutura lingüística, rara vez atopamos indicadores claros da pertenza ou non pertenza a etnias minoritarias. Porén, se prestamos atención ao tipo de nomes propios de persoa utilizados, forzosamente temos que concluír que a maioría dos personaxes do manual engrosan a lista de habitantes das sociedades euronorteamericanas. Os escasos representantes doutras culturas preséntanse como asimilados á cultura dominante (px. 4, 12, 37, 65, 119, 124, 125). Atopamos só tres excepcións (px. 51, 73 e 113); non obstante, os personaxes das excepcións ou ben se invisibilizan ou non engaden ningún valor representativo da súa cultura a través do texto; por exemplo, na actividade 1 da páxina 51, (unidade 4 de título *Go trans-global*), o personaxe faise invisible pois está nun exercicio de adquisición de vocabulario no que se ten que emparellar a palabra *camel* (camelo) cunha foto na que aparece este animal ao que se dirixe a atención do alumnado; a persoa a lombos do animal e a cultura que representa “desaparecen”.

Atendendo só ás situacións en que é posible determinar a etnia dos personaxes por tratarse de persoas coñecidas, pódese concluír que a raza branca non só é maioritaria, senón que está omnipresente a través da parella Alison-Pablo, fío condutor de todas as unidades e que asome o protagonismo en numerosas actividades; o único representante das persoas de cor negra atopámolo na actividade 4 da páxina 65 acerca de Martin Luther King pero trátase dunha actividade que ten un obxectivo lingüístico (colocar a forma correcta do verbo); este tratamento da actividade fai pensar nunha forma de racismo latente ou, cando menos, nun intento de invisibilizar ou infravalorar o

personaxe e, de paso, os membros da comunidade escolar e social pertencentes a esta raza. Non afondar na personalidade do personaxe e a súa importancia na loita pola igualdade racial e os dereitos humanos non contribúe a educar para unha convivencia pacífica baseada na tolerancia e o respecto que só se alcanzan a través do coñecemento.

Parece razoable esperar máis sensibilidade dun libro de texto destinado a ser utilizado en aulas onde a diversidade étnica é un feito indiscutible. Entre as celebridades presentes no manual con nome e apelido, tamén é escasa a presenza de persoas representantes doutras etnias e culturas diferentes da raza branca e a cultura euronorteamericana. Aparte do xa mencionado Martin Luther King, alúdese a Michael Jordan, Stevie Wonder e Chester Jones que, certamente, son persoas de cor negra, pero asimiladas á cultura hexemónica, *condicio sine qua non* non terían o recoñecemento da mesma. Menciónase, tamén, a Amitabh Bachchan, considerado como o máximo representante da industria cinematográfica da India (Bollywood) pero, o feito de figurar no texto como embaixador do boa vontade para as Nacións Unidas, e a presenza doutros famosos cos que comparte parágrafo (todos eles pertencentes á sociedade euronorteamericana), réstanlle presenza segundo analizaremos máis adiante. Hai que engadir a presenza de 3 personaxes pertencentes a sociedades non occidentais: Tsái Lun (creador dos cómics Manga) e Tezuca Osama e Hokusai (ilustradores dos Manga).

PERSONAXES FAMOSOS PERTENCENTES A OUTRAS ETNIAS/CULTURAS DIFERENTES DA BRANCA/EURONORTEAMERICANA	
HOME	MULLER
Martin Luther King	-
Stevie Wonder	-
Charles Jones	-
Amitabh Bachchan	-
Ts' sai Lun	-
Tezuca Osama	-
Hokusai	-

Figura 77: Táboa que reflicte a presenza de personaxes famosos en función das variables etnia e sexo. Fonte: elaboración propia

Cruzando as variables sexo e etnia constátase que a muller faise invisible no manual tamén entre as persoas doutras culturas e etnias; o alumnado pode interiorizar a mensaxe subliminar de que non

existen mulleres relevantes para a sociedade entre as persoas de cor negra ou na India e, por extensión, na sociedade en xeral.

A modo de adianto das conclusións da análise canto ás características, cómpre deixar constancia do androcentrismo, idadeismo e sexismo que se deriva dos datos recollidos até agora en relación coa presenza humana e as variables de idade, sexo e etnia.

8.3 Aspectos

8.3.1 Protagonismo


Na análise lingüística deste manual o protagonismo vén determinado, nun primeiro nivel, pola maior presenza masculina/feminina. Conforme quedou reflectido no apartado 8.2.1 o 62.63% das presenzas humanas nos textos corresponde a varóns, polo que se pode falar dun protagonismo léxico (centrado na palabra) de carácter androcéntrico. Nun segundo nivel, analizouse o protagonismo desde o punto de vista sintáctico, tendo en conta a función que as presenzas masculinas/femininas desempeñan dentro da oración. Considerouse que se lle outorga o protagonismo principal (individual ou compartido) á función de suxeito (semellante ao primeiro plano da imaxe na análise icónica) pasando calquera outra función a desempeñar o protagonismo secundario (semellante á posición en segundo plano ou no fondo da imaxe na análise icónica).

Constatouse que é maioritaria a presenza masculina tanto en función de suxeito (protagonismo principal) como de obxecto e outras (protagonismo secundario). Mención especial merecen os textos da unidade 6 na que se traballa a voz pasiva, de uso moi frecuente en inglés, onde é o obxecto directo ou o indirecto de persoa da oración activa (no caso da activa con dous obxectos) o que desempeña a función de suxeito na pasiva, perdendo protagonismo a persoa que executa a acción e que pasa a exercer a función de complemento axente; este cambio de función, de suxeito a complemento axente, supón un desprazamento do personaxe do papel principal ao secundario.

Constátase, por unha banda, que a presenza feminina é case nula nos exemplos que ilustran esta estrutura sintáctica e, pola outra banda, dáselle tamén un trato diferente aos colectivos humanos que non pertencen á sociedade euronorteamericana (p. 84, exercicio 2). Ademais, a presenza feminina aparece en múltiples ocasións en posición dependente física ou afectivamente do varón (p. 67, ex. 3; p. 106, ex. 1; p. 107, ex. 2; etc).

Na páxina 49 preséntanse dous parágrafos acerca dos achados de dúas persoas, un home e unha muller, amantes da aventura. Este protagonismo equilibrado canto ao xénero sofre certa manipulación a través das actividades deseñadas para traballar o contido dos parágrafos, nas que se

resta protagonismo á muller. Así, na actividade nº 1 o alumnado debe identificar que proezas corresponden a Steve, cales a Hellen e cales a ambas as dúas persoas; entre as opcións dadas, catro remiten ao home, unha á muller e outra é compartida. Os símbolos que seguen representan as porcentaxes de protagonismo feminino e masculino derivado da presenza da unidade de análise nas actividades desenvolvidas no manual.



Estudouse o protagonismo, tamén, en función das profesións que se mencionan nos textos das diferentes actividades, segundo se tratase de profesións claramente exercidas por un personaxe feminino ou masculino e, no caso de termos ou situacións non diferenciadas, recorreuse ao “saber” colectivo, á cultura popular, que asocia determinadas profesións a un ou a outro sexo (segundo se explica no apartado seguinte) o que permitiu reafirmar o enfoque androcéntrico do manual tamén canto a este aspecto do personaxe.

Contemplado o protagonismo desde a perspectiva da etnia, outórgaselle o protagonismo principal e secundario case en exclusividade á raza branca, coas excepcións xa comentadas noutros apartados deste traballo representadas por personaxes famosos masculinos exclusivamente.

En raras ocasións se lle outorga protagonismo a personaxes non pertencentes a sociedades non occidentais. É o caso do chinés Ts'ai Lun, inventor do papel (p. 74), e dos creadores dos cómics Manga: o pintor xaponés Hokusai (primeiro en utilizar o termo manga) e Tezuka Osamu (responsable dos Manga modernos). Incluso nestes casos hai que falar tamén dun protagonismo androcéntrico. Con respecto ao texto sobre os Manga, ao sexismo implícito en todo androcentrismo, hai que engadir o feito de que só se dean os nomes propios dos homes que os crearon pero non se dea o de ningunha das mulleres que escriben e debuxan estes cómics na actualidade, ás que o propio texto atribúe (entre outros factores) o éxito dos Manga en todo o mundo e entre todos os públicos. Este caso e a ausencia de mulleres entre as persoas famosas doutras etnias e culturas⁴⁴⁹ son claros

⁴⁴⁹ Inclúese información exhaustiva nas figuras 88 e 89 “Personaxes famosos masculinos/femininos: profesión, etnia e sociedade á que pertencen”.

paradigmas sexistas propios do enfoque androcéntrico deste manual, xa posto de manifesto na análise icónica.

Constátase, asemade, a ausencia da cultura e sociedade rural ou do mundo da mar e de protagonistas pertencentes a elas; o personaxe sitúase sempre na urbe e as cidades son elixidas en función do currículum de turista.

8.3.2 Actividades profesionais e non profesionais exercidas polo personaxe

Establecíase na introdución a este capítulo, a natureza neutra da meirande parte dos termos que designan profesión na lingua inglesa; neutra no sentido de que carecen de marcas de xénero polo que, para afondar na análise lingüística, cómpre transcender o aspecto morfolóxico e prestar atención aos significados derivados das asociacións que as persoas usuarias do manual establecen, tanto a nivel consciente como inconsciente, en relación coas actividades profesionais e non profesionais presentes nas actividades. Fronte á neutralidade morfolóxica mencionada é necesario buscar os trazos semánticos implícitos nesta neutralidade léxica, que varían en función dos patróns culturais de cada sociedade e que, en definitiva, son os que suxiren ao lector, oínte ou falante unha ou outra interpretación.

PROFESIÓNS ATRIBUÍDAS AO PERSONAXE EN FUNCIÓN DO SEXO			
	HOME	MULLER	SEN PRECISAR
PROFESIÓN	Profesor	Profesora	Scientists
	Locutor de radio	Escritora	Inspectors
	Ciclista	Cantante (7)	Officers
	Escritor (10)	Au-pair	Politician
	Pintor (artista, 7)	Xornalista	Stars
	Predicador activista	Deseñadora moda	Reporter
	Cantante (11)	Atleta	Pop stars
	Político (+ Presidente) (2)	Actriz (9)	Teacher
	Arquitecto		Translator
	Físico/ informático		Deliverer
	Xogador de baloncesto		Shop assistant
	Actor (18)		Hairdressers
	Príncipe		Babysitter
	Compositor (8)		Cleaner
	Músico (8)		Gardener
	Adestrador		Bank Manager
	Cómico		Mechanics
	Xornalista		Commentator
	Comentarista		

	Director		
	Orientador profesional		
	Escultor		
	Cineasta		
	Inventor (2)		
	Futbolista		
	Tenista		
	Motorista		
	Director de cine		
	Deseñador gráfico(2)		
TOTAL	29	8	18

Figura 78: Táboa que reflicte a profesión atribuída ao personaxe en función do sexo. Fonte: elaboración propia

É necesario explicar os criterios seguidos para a elaboración desta táboa:

- En “Home” inclúense todas aquelas profesións que aparecen no manual con referente masculino real (persoa coñecida, personaxes dos audios, etc) ou con marca de xénero (*actor*) formando parte dunha lista de vocabulario ou frases para a práctica dunha determinada estrutura lingüística (*prince*); inclúense, tamén, os termos que, carecendo de morfema de xénero, se refiren a un suxeito masculino que vén determinado polo uso dun pronome persoal suxeito ou obxecto ou por un determinante posesivo, ou por calquera outro elemento do contexto lingüístico que clarifique o xénero atribuído.
- En “Muller” séguense os mesmos criterios pero con referente feminino (*actress*; *au-pair*).
- “Sen precisar” abrangue os termos sen marcas de xénero referidos a profesións que aparecen nas listas de vocabulario relacionado coa actividade profesional, frases ou calquera outra unidade lingüística sen que o contexto contribúa a definir o xénero.
- A cifra entre paréntese indica o número de veces que esa profesión aparece referida a home, muller ou sen xénero definido, dato que non é indiferente pois vén reforzar a presenza dun ou doutro xénero.
- Un mesmo termo pode ter, unhas veces, un referente masculino e, outras, feminino; igualmente pode ocorrer que apareza o termo sen referente.

Na lingua inglesa a maior parte dos termos que designan profesións carecen de marca de xénero, polo que cómpre analizar a contorna lingüística na que se atopan todas as palabras referidas a profesión.

A actividade 1 da páxina 64 (unidade 5) presenta nove termos referidos a profesións dos que só un (*actor*) ten marca de xénero masculino (en feminino é *actress*) e o resto (*trainer*, *entertainer*,

reporter, translator, manager e commentator) carecen dela no propio termo pero, para facer a actividade, o alumnado terá que observar, necesariamente, as imaxes ás que se refire o texto e que conteñen referentes masculinos; porén, inclúense na táboa como “sen precisar” dado que estamos a facer a análise lingüística e non icónica. Por outra banda, quen posúa experiencia docente sabe que o alumnado traduciría estas palabras ao español en masculino, amparado polo uso xenérico que este idioma fai deste xénero, e se lle pedíramos que puxera cada unha destas palabras en relación con outras, e dicir, que construíra unha frase engadindo, por exemplo, un adxectivo cualificativo, sen dúbida tomaría como referente un varón na meirande parte dos casos, agora amparado pola mentalidade da cultura dominante, polo que se pode falar dun sexismo léxico implícito neste tipo de palabras cando se utilizan nun contexto sociocultural que se rexe por patróns androcéntricos.

Na sesión de observación número 5 analízase exhaustivamente esta actividade deseñada cun criterio androcéntrico, sexista e occidentalista. No terreo político, aparte de facer alusión directa a Bill Clinton, abundan frases nas que se fai referencia a *the president of the USA* que, por historia e por mentalidade, o alumnado asociará a un varón e interiorizará a mensaxe subliminar que contén: nos EEUU, país que ostenta o poder político e económico e ten grande influencia a nivel mundial, a influencia e o poder está nas mans dos homes.

Esta omnipresenza masculina dáse tamén nas actividades non profesionais e será interpretada desde a óptica androcéntrica do contexto sociocultural no que o alumnado está inmerso e que está presente en todo o manual. Un claro exemplo atopámolo nas actividades de lecer da sección *English in use* (p. 75) atribuídas todas ao home coa excepción de “pasear polo parque” que ten presenza feminina (v. sesión de observación nº 7); pódese aventurar que a maior parte do alumnado, por experiencia propia, asociará o paseo da muller polo parque ao coidado das fillas ou dos fillos, consolidando o estereotipo social correspondente.

DISTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES PROFESIONAIS SEGUNDO O SEXO				
Profesións diferentes	Só home	Só muller	Compartidas	Sen precisar nin compartir
45	24	3	5	13
%	53	7	11	29

Figura 79: Táboa que reflicte a cota de participación nas actividades profesionais atribuída ao personaxe en función do sexo. Fonte: elaboración propia

Na táboa anterior aparece un total de 45 actividades profesionais diferentes, das que 24 teñen un referente masculino, mentres que só 3 son atribuídas exclusivamente a mulleres e 5 son compartidas por muller e home. Este desequilibrio que reflicten os totais de profesións diferentes atribuídas a un

ou a outro sexo agrándase a favor da presenza masculina se consideramos o número de veces que algunhas profesións se repiten. Obviamente trátase dunha visión androcéntrica do mundo laboral de costas á realidade social da incorporación da muller ao traballo fóra de casa e cuxa presenza é cada vez maior en todas as profesións.




Figura 80: Gráfico que reflicte, en termos de porcentaxe, a escasa presenza no mundo laboral atribuída á muller nos textos do manual *Macmillan Secondary Course de 4º de ESO*. Fonte: elaboración propia

Esta escaseza da presenza feminina no mundo laboral contradí os datos oficiais sobre a presenza masculina/feminina no mundo do traballo na maioría das sociedades e, especialmente, nas sociedades da nosa contorna política. A presenza masculina é maioritaria tamén na sociedade real española, a pesar das políticas de discriminación positivas postas en práctica por algúns gobernos, segundo acreditan os datos do Instituto Nacional de Estatística⁴⁵⁰.

	POBOACIÓN ACTIVA		POBOACIÓN ASALARIADA	
	Home	Muller	Home	Muller
2006	12534,1	9050,7	9313,9	6894,3
2007	12802,5	8387,4	9521,9	7238,3
2008	13031,7	9816,5	9279,4	7401,8
2009	12938,5	10099	8493,7	7187
2010	12819,2	10269,7	8195,4	7151,4

Figura 81: Táboa que reflicte a evolución da presenza masculina/feminina no sector de poboación activa/asalariada entre os anos 2006-2010 na sociedade española. Fonte: elaboración propia cos datos do INE⁴⁵¹

⁴⁵⁰ <http://www.ine.es/>

⁴⁵¹ Para a correcta interpretación dos datos reflectidos débese ter en conta que, en termos estatísticos, os miles representan millóns.

Na definición de poboación activa xa se produce a exclusión dun amplo sector feminino que, por razón de sexo e cultura, queda excluído das “persoas que, por idade e condicións, están en disposición de traballar”; estamos a referirnos ás amas de casa cuxo traballo non é recoñecido nin retribuído e que, ao non buscar emprego fóra do fogar, non forman parte da poboación activa (nin ocupada nin desocupada). Os datos oficiais que reflicten a evolución da incorporación da muller ao mercado laboral, xa sexa dentro da poboación activa ou da asalariada (poboación activa con traballo retribuído), non avalan, a pesar da maioría masculina que reflicten os gráficos, o desequilibrio detectado no manual cunha diferenza de 46 puntos nas porcentaxes a favor do home: 53 % homes, 7 % mulleres.




Figura 82: Gráfico que reflicte a evolución da presenza home/muller no sector de poboación activa na sociedade española entre os anos 2006-2010. Fonte: elaboración propia cos datos do INE




Figura 83: Gráfico que reflicte a evolución da presenza home/muller no sector de poboación asalariada na sociedade española entre os anos 2006-2010. Fonte: elaboración propia cos datos do INE

A unidade 7, *Work experience*, ocúpase do mundo laboral fundamentalmente a nivel léxico, de adquisición de vocabulario específico. No exercicio 2 da páxina 89, descríbese unha realidade da sociedade británica pouco frecuente no noso país: o traballo dos adolescentes nos períodos vacacionais. Non se inclúe ningunha actividade de reflexión ou debate sobre este feito nin sobre o paro, os conflitos laborais, o sindicalismo, etc. Trátase superficialmente un tema que, *per se*, debería ser considerado de crucial importancia para a formación da xuventude adolescente, destinataria do manual, cara a súa incorporación ao mundo do traballo.

Na actividade 2 de comprensión oral da páxina 91, reproducécese unha conversa entre a parella Pablo-Alison na que ela manifesta que, no futuro, se ve como profesora porque o que realmente lle gusta é axudar os demais; perpetuase o rol da muller ao coidado dos demais, rol tradicionalmente considerado feminino desde unha óptica androcéntrica. Na sección *Writing* da páxina 94 vemos outro exemplo deste enfoque. Unha rapaza pide traballo en resposta a un anuncio no que se solicita *Au pair*, no anuncio solicítase unha persoa nova, *a young person*, que posúa determinadas calidades para coidar dun rapaz e dunha rapaza pequenos e cociñar. Aínda que no anuncio non se especifica home ou muller, o paradigma que o manual ofrece como única resposta ao anuncio é a carta de Elisabeth, unha moza que fai valer a súa experiencia como coidadora dos seus irmáns pequenos e a súa habilidade na cociña, recórrese novamente ao estereotipo.

No exercicio 5 da páxina 92, un *Careers adviser* (orientador) presenta unha situación totalmente desconectada da realidade social, unha visión idílica, na que se transmite a mensaxe de que cada quen poderá elixir no futuro un posto de traballo conforme ás súas calidades persoais.

8.4 Categorias temáticas: da presenza lingüística á presenza na ausencia

8.4.1 Introducción

Enfróntase aquí o contido temático dos textos cara a comprobar se se poden establecer, a través da análise lingüística, as mesmas categorías temáticas da análise icónica (cap. 7, apdo.7.3) e se xorde algunha outra. Interesa afondar, unidade por unidade, na información denotativa e connotativa que os textos proporcionan, cara a comprobar se contén contidos socioculturais e o tratamento que se lles dá. Estes contidos analizaranse desde a perspectiva das categorías que se establezan e en función do personaxe. Igual que na análise icónica, tamén aquí se busca estudar, a través das diferentes unidades lingüísticas que se manexan neste manual, a mensaxe que se transmite, de forma explícita ou implícita, considerando tanto as presenzas como as ausencias. É necesario recordar que o grupo diana deste material escolar o forman profesorado e alumnado e que, segundo estes colectivos (e cada unha das individualidades que o integran) interioricen, a nivel consciente e

inconsciente, as mensaxes transmitidas, así contribuirán a reproducir o modelo cultural dominante que reflicte o libro de texto.

Finalmente, establécense as seguintes categorías temáticas coincidentes coas da análise icónica, o que facilitará a tirada de conclusións baseada na análise combinada (cap. 10):

- Referencias culturais.
- Relacións persoais.
- A adolescencia.

8.4.2 Referencias culturais

Distínguese entre actividades con contido sociocultural (normalmente trátase de parágrafos, máis ou menos extensos, que aportan información deste tipo (principalmente na sección *English in the World*), e actividades con referencias socioculturais, que soen ser palabras, frases ou oracións coas que se ilustra unha determinada estrutura lingüística nas que se menciona un feito histórico, o nome dun personaxe célebre, unha obra de arte, un país, etc.; son, estas últimas, actividades con contido e obxectivo lingüístico (de adquisición de vocabulario, manexo dunha estrutura concreta, conxugación verbal, etc.) nas que a referencia cultural que poidan conter é só un medio, pero non un fin en si mesma. A táboa reflicte o número de actividades con contido ou referencias socioculturais, non o número de referencias.

Da mesma forma que unha actividade cun claro obxectivo lingüístico pode conter referencias socioculturais, así as actividades de contido sociocultural poden ter un obxectivo estritamente lingüístico, segundo se comentará nas reflexións que seguen.

Renúnciase a incluír na análise aquelas actividades que non amosen un contido ou obxectivo claramente lingüístico ou sociocultural; trátase, en xeral, de tarefas relacionadas co manexo ou uso do material escolar, para axudar o alumnado a familiarizarse con el, ou de actividades de tipo organizativo. Algunhas destas actividades inclúen contido e obxectivo lingüístico e sociocultural; este é o caso da actividade 1 (p. 6) da unidade *Let's start* na que o alumnado debe completar ocos con formas lingüísticas (verbos, determinantes, etc.), pero outro obxectivo é axudar o alumnado a familiarizarse coa estrutura do libro de texto. O número destas actividades é tan insignificante que optamos por non consideralas xa que esta duplicación de obxectivos ou contidos nunha mesma actividade impediría cadrar os totais de actividades cos totais de obxectivos ou de contidos nas táboas de datos.

RELACIÓN ENTRE O CONTIDO E O OBXECTIVO DAS ACTIVIDADES						
Unidade/título	Nº total de actividades	Nº de actividades con contido lingüístico	Nº de actividades con contido sociocultural	Nº de actividades con obxectivo lingüístico ⁴⁵²		Nº de actividades con obxectivo sociocultural
Unidade 0: Let's start	11	7	4	7	4	0
Unidade 1: Teenagers today	41	27	14	27	14	0
Unidade 2: Best sellers	45	31	14	31	5	9
Unidade 3: The material world	44	32	12	32	9	3
Consolidation 1: Sen título	9	5	4	5	3	1
Unidade 4: Go transglobal	41	30	11	30	8	3
5: Communicating people	41	34	7	34	3	4
Unidade 6: Very visual	39	29	10	29	9	1
Consolidation 2: Sen título	7	2	5	2	4	1
Unidade 7: Work experience	46	40	6	40	2	4
Unidade 8: Girl meets boy	40	39	1	39	1	0
Unidade 9: Press conference	39	29	10	29	6	4
Consolidation 3: Sen título	12	10	2	10	2	0
				Cont. Ling	Cont. Socioc	
TOTAIS	415	315	100	315	70	30
				385		

Figura 84: : Táboa que reflicte o desequilibrio entre o nº de actividades con contido lingüístico e con contido sociocultural e entre as actividades con obxectivo lingüístico e as de obxectivo sociocultural. Fonte: elaboración propia

⁴⁵² As cantidades da dereita corresponden a actividades con contido sociocultural pero obxectivo lingüístico.

Os totais reflectidos na táboa evidencian que as actividades con contido lingüístico triplican as de contido sociocultural. É de esperar que as actividades con contido lingüístico persigan obxectivos lingüísticos pero sorprende que, entre as 100 de contido sociocultural, só 30 busquen obxectivos deste tipo e 70 estean pensadas cunha clara finalidade lingüística (adquisición de vocabulario, conxugación verbal, manexo dunha determinada estrutura lingüística, etc.). Así pois, tanto se consideramos o contido das actividades como o obxectivo, a supremacía dos aspectos lingüísticos sobre os culturais é evidente, segundo reflecte o seguinte gráfico.




Figura 85: Gráfico que reflecte a proporción entre actividades de contido lingüístico /sociocultural e a relación entre os contidos e os obxectivos das mesmas. Fonte: elaboración propia.

➤ Euronorteamericanas

Na sección *English in the World* (páxina 15) da unidade 1 (*Teenagers today*), que inclúe un texto sobre fundacións, organizacións e iniciativas de carácter benéfico, con importante carga sociocultural, frivólízase, xa nas dúas primeiras liñas do parágrafo inicial, sobre o tema da solidariedade: “Se estás canso de levar chapas ou cintas para amosar que estás a favor dunha boa causa, hai unha alternativa”⁴⁵³: mercar unha pulseira de caucho de distinta cor segundo a organización que a comercialice a imitación de “moita xente nova británica”. Ao falar da carga sociocultural, non nos referimos só á información útil acerca das devanditas organizacións senón ao enfoque euronorteamericano, pois menciónanse, unicamente, a organización norteamericana *Lance*

⁴⁵³ T. da I.

Amstrong Foundation de axuda as persoas con cancro, e a emisora de radio BBC coa campaña *Beat Bullying* en contra do acoso escolar.

A unidade 2, titulada *Best-sellers*, remítenos a obras literarias, títulos e/ou autores da sociedade euronorteamericana, cun enfoque absolutamente androcéntrico xa que a única autora que se menciona en toda a unidade é Emily Bronte. Cómpre mencionar que na guía do profesorado suxírese atraer a atención do alumnado sobre as notas culturais que están escritas á marxe en sentido vertical e que poden pasar facilmente inadvertidas; de feito, nas sesións de observación constatouse que a profesora facía caso omiso destas suxestións, polo que posiblemente o alumnado non repara na que se menciona a autora J.K. Rowling (Harry Potter). Na sección *English in the World* refórzase o eurocentrismo a través da biografía (ex. 1) de Paul McCartney (como cantante e escritor), das referencias a *The Beatles* e, na letra da canción *Paperback writer* (ex. 2), menciónase o xornal británico *Daily Mail*.

Na unidade 3 (*The material World*), que establece como obxectivos falar acerca da publicidade, os cartos e as compras, describir e comparar produtos e obxectos e expresar as preferencias persoais, fábase do *Buy Nothing Day* ("Día sen compras") en Gran Bretaña (p. 38, ex. 1). O tratamento anecdótico que se fai desta actividade non parece o máis adecuado para enfocar os temas transversais. Unha vez máis estes temas redúcense a "O día de...", o que non contribúe a que o alumnado interiorice actitudes que promovan cambios efectivos nas condutas individuais e nos comportamentos sociais. Na sección *English in the World*, en relación co mundo do consumo, descríbense as moedas e billetes en uso nalgúns países pertencentes só á sociedade anglonorteamericana (incluídas algunhas colonias), reforzando a perspectiva anglocéntrica do manual. O contido sociocultural do resto das actividades son simples referencias léxicas a lugares e persoas pertencentes, igualmente, ao ámbito eurocéntrico.

Na *Consolidation A* atopamos máis referencias culturais anglocéntricas (ex. 2 p. 44) no que se fala do escritor Stephen King e da súa obra.

Na unidade 4, só 3 das 11 actividades con contido sociocultural teñen un obxectivo tamén sociocultural (ex. 3, p. 52 e ex. 1 +2 p. 55), porén na páxina 52, ao enfoque eurocéntrico súmaselle o currículo para turistas a través de actividades que poñen de manifesto os tópicos dunha viaxe turística a Italia e, na sección *English in the world* (p. 55), enfrontámonos coa ocultación de feitos históricos anteriores á entrada dos colonos franceses en Canadá. O enfoque occidentalista co que o manual fala deste país resalta os conflitos entre británicos e franceses por facerse co dominio territorial, así como o uso das dúas linguas coloniais (inglés e francés) ignorando as linguas autóctonas. O resto das actividades desta unidade teñen un claro obxectivo lingüístico sobre o que se

atrae insistentemente a atención do alumnado desviándoa das referencias culturais que poidan conter.

Das 7 actividades con contido sociocultural da unidade 5, só 4 teñen obxectivo cultural: pescudar sobre o comportamento social canto á forma de comunicarse do alumnado (p. 60, ex. 4), problemas derivados do uso do teléfono móbil (p. 61, ex. 1 e 2), e a linguaxe abreviada utilizada polos usuarios do móbil para enviar mensaxes (p. 67, ex. 1); a información que conteñen estes textos é escasa e non se busca transcendela nin fomentar o debate sobre este tema nas propostas didácticas do manual. As outras 3 actividades desta unidade con contido sociocultural (pp. 61, ex. 3; 64, ex. 5; 65, ex. 4), son explotadas desde un punto de vista lingüístico, de comprensión lectora ou oral ou de uso dunha determinada estrutura, respectivamente.

NATUREZA LINGÜÍSTICA/SOCIOCULTURAL DO CONTIDO DAS ACTIVIDADES			
Unidade/título	Nº de actividades	Con contido lingüístico	Con contido socioculturais
Unidade 0: Let's start	11	7	4
Unidade 1: Teenagers today	41	27	14
Unidade 2: Best sellers	45	31	14
Unidade 3: The material world	44	32	12
Consolidation 1: Sen título	9	5	4
Unidade 4: Go trans-global	41	30	11
Unidade 5: Communicating people	41	34	7
Unidade 6: Very visual	39	29	10
Consolidation 2: Sen título	7	2	5
Unidade 7: Work experience	46	40	6
Unidade 8: Girl meets boy	40	39	1
Unidade 9: Press conference	39	29	10
Consolidation 3: Sen título	12	10	2
TOTAIS	415	315	100

Figura 86: : Táboa que reflicte o nº de actividades con contido lingüístico ou sociocultural. Fonte: elaboración propia

Profundando na análise do contido da entrevista sobre a que versan as actividades de comprensión oral da páxina 64, de novo resulta evidente o enfoque eurocéntrico e anglicista co que se deseñaron as unidades do libro de texto: o ton triunfalista co que se fala de “xente que veu a Gran Bretaña e

triunfou” (como emulando ao “soño americano”) ao falar do español Rafael Benítez, (entón a cargo do club de fútbol Liverpool) non parece xustificado porque xa era un triunfador antes de trasladarse ao Reino Unido, consonte reflícten os datos que se dan ao longo da mesma entrevista; a exaltación do idioma inglés tamén se pon de manifesto ao afirmar que o Sr. Benítez se comunica cos xogadores en inglés “porque o aprendeu na escola e coas cancións de *The Beatles*”. Engaden que “en todos os clubs ingleses de primeira división os xogadores falan, como mínimo, seis ou sete linguas pero que, normalmente, todos falan inglés”, o que apunta directamente á hexemonía deste idioma se pensamos na procedencia tan diversa dos membros dos equipos.

Unha das unidades con maior contido ou referencias socioculturais é a 6 (sesións de observación nº 7 e nº 9) porén, das 11 actividades que inclúen referencias ou contidos deste tipo, só 2 outorgan prioridade ao obxectivo sociocultural fronte ao lingüístico. Ao afondar nestes aspectos culturais novamente detéctanse os “ismos” dos que se foi deixando constancia nesta tese. O título da unidade é *Very visual* e inclúe múltiples referencias ás artes e á literatura pero todas elas con referente masculino, de raza branca e pertencente á cultura europea ou, no caso da filmografía, á norteamericana. As únicas excepcións ao enfoque occidentalista atópanse nas actividades sobre os cómics xaponeses Manga (p. 73) e no parágrafo acerca da invención do papel polo chinés Ts'ai Lu (p. 74). O localismo anglicista reflíctese tamén nesta unidade na sección *English in the world* (p. 79): Tate Modern, Milenium Bridge, Saint Paul's Cathedral etc.

Para este manual a muller non está presente na creación artística nin literaria e cómpre preguntarse por que; por que tanto a autora do libro do alumnado como o autor da guía do profesorado introducen abundantes exemplos de pintores, escultores, literatos, etc, pero ignoran a importante contribución de tantas mulleres neste ámbito; a resposta haina que buscar no androcentrismo imperante na sociedade orixinaria e destinataria deste material; as editoriais acomópanse aos esquemas establecidos polo poder hexemónico e á propia ideoloxía do grupo editorial e evitan, consciente ou inconscientemente, o conflito, a confrontación que poida pór en perigo os beneficios económicos.

PERSONAXES FAMOSOS MASCULINOS PRESENTES NO LIBRO DE TEXTO: PROFESIÓN, ETNIA E CULTURA		
HOME	PROFESIÓN	ETNIA/CULTURA
Lance Armstrong	Ciclista	Branco/Euronort (EEUU)
Dan Brown	Escritor	Branco/Euronort (EEUU)
Miguel de Cervantes	Escritor	Branco/Euronort (Esp)
Leonardo Da Vinci	Pintor, inventor, etc	Branco/Euronort (Ital)
George Orwell	Escritor	Branco/Euronort (Br./Ing)
J R R Tolkien	Escritor	Branco/Euronort (Br)
Pérez Reverte	Escritor	Branco/Euronort (Esp)

Shakespeare	Escritor	Branco/Euronort (Br./Ing)
Robby Williams	Cantante	Branco/Euronort (Br./Ing)
Stevenson	Escritor	Branco/Euronort (Br./Esc)
Bill Clinton	Político	Branco/Euronort (EEUU)
Paul McCartney	Cantante/compositor/músico	Branco/Euronort (Br./Ing)
The Beatles	Cantante/compositor/músico	Branco/Euronort (Br./Ing)
Gaudi	Arquitecto	Branco/Euronort (Esp)
Berners-Lee	Informático	Branco/Euronort (Br./Ing)
Michael Jordan	Xogador de baloncesto	De cor negra/Euronort (EEUU)
Stephen King	Escritor	Branco/Euronort (EEUU)
Viggo Mortensen	Actor	Branco/Euronort (EEUU)
Michael Palin	Actor	Branco/Euronort (Br./Ing)
Felipe de Borbón	Príncipe	Branco/Euronort (Esp)
Jim Carey	Actor	Branco/Canadá
Mike Myers	Actor	Branco/Canadá
Harrison Ford	Actor	Branco/Euronort (EEUU)
Keanu Reeves	Actor	Branco/Canadá
Bryan Adams	Cantante	Branco/Canadá
Rafael Benítez	Adestrador	Branco/Euronort (Esp)
Martin Luther King	Predicador activista	De cor negra/Euronort (EEUU)
Stevie Wonder	Cantante/compositor/músico	De cor negra/Euronort (EEUU)
Blondie	Cantante/compositor/músico	Branco/Euronort (EEUU)
Claude Monet	Pintor	Branco/Euronort (Fr)
Picasso	Pintor	Branco/Euronort (Esp)
Van Gogh	Pintor	Branco/Euronort (P. Baixos)
Rodin	Escultor	Branco/Euronort (Fr)
Walt Disney	Produtor/director/guionista	Branco/Euronort (EEUU)
Estopa	Cantante/compositor/músico	Branco/Euronort (Esp)
Cristóbal Colón	Navegante descubridor	Branco/Euronort (Esp)
Dalí	Pintor	Branco/Euronort (Esp)
Matisse	Pintor	Branco/Euronort (EEUU)
Rothko	Pintor	Branco/Euronort (EEUU)
Warhol	Artista/cineasta	Branco/Euronort (EEUU)
Frank Ghery	Arquitecto	Branco/Euronort (EEUU)
O alumnado estivo moi atento durante toda a aula. Notábase que tiña présa por rematar de facer os exercicios para que a profesora lles deixara tempo para repasar para o exame. Como xa veu sendo habitual, en ningún momento pediron explicacións extras nin amosaron ningunha curiosidade especial ante o tema da creación artística ou ante o texto que falaba da *Tate Modern* ou da ponte conmemorativa do ano 2000.

Cómpre subliñar que ninguén aceptou o ofrecemento da profesora para quedar con ela na clase, no tempo do segundo recreo, para resolver dúbidas relacionadas cos contidos do exame, a pesar de que ao comezo da aula pretendían que se xes deixara toda a hora para repasar.

- Relativas aos obxectivos e contidos programados

Os contidos que se traballan nesta última sesión pertencen aos bloques 1 e 3. Respecto ao 1 (Escoitar, falar...), cóbrense os relativos á comprensión escrita “Lectura global dun texto sobre o museo *Tate Modern (London)* para completar as tarefas” e á expresión oral “Activación de coñecementos previos ante a escoita dun texto sobre Leonardo Da Vinci”; “Identificación de información xeral e específica dun texto para completar as tarefas”.

Tamén se traballan os aspectos socioculturais do bloque 3: *Tate Modern* (museo de Londres).

9.2.3.5.13 Resumo das conclusións das sesións de observación

- No apartado de contidos e obxectivos:

Os obxectivos de natureza sociocultural case nunca se cobren debido, por unha banda, ao tratamento que reciben os contidos deste tipo tanto no libro de texto como no resto dos materiais didácticos e, pola outra banda, á actitude da profesora cara a establecer as prioridades a desenvolver durante o acto didáctico. Na praxe diaria priman os contidos lingüísticos e o obxectivo prioritario é a asimilación destes contidos por parte do alumnado; os contidos socioculturais trabállanse desde unha perspectiva lingüística, dirixindo a atención do alumnado cara a aspectos léxicos ou morfo-sintácticos, á comprensión oral ou lectora; non se afonda no contido dos textos e referencias socioculturais; ao non cuestionar a información explícita ou implícita neles non se fomenta a actitude crítica e se contribúe a que o alumnado a asuma como válida e irrefutable e interiorice os significados segundo os estereotipos que conforman a súa mentalidade.

Tipo de contido	Sesión nº 1	Sesión nº 2	Sesión nº 3	Sesión nº 4	Sesión nº 5	Sesión nº 6	Sesión nº 7	Sesión nº 8	Sesión nº 9	Sesión nº 10	Sesión nº 11	Total	
Lingüístico	+	+	-	+	-	+	+	+	+	+	+	220 min	338 min
Socio-cultural con explotación lingüística	-	+	-	+	+	-	+	-	+	+	+	118 min	
Socio-cultural	-	-	+	-	+	+	-	-	+	+	+	120 min	
Tempo total	45 min	45 min	30 min	35 min	45 min	43 min	45 min	45 min	40 min	37 min	48 min	458 min	458 min

Figura 112: Táboa que reflicte o tipo de contidos desenvolvidos nas aulas observadas con indicación do tempo empregado.
 Fonte: elaboración propia

Até aquí viñemos analizando o aspecto cualitativo do tratamento outorgado aos contidos socioculturais desenvolvidos nas sesións de observación constatando, por unha banda, os valores que transmiten e como serven aos intereses que subxacen no currículo oficial e, afondando no currículo oculto, fixéronse visibles as exclusións; pola outra banda, puxemos de manifesto tanto a escaseza destes contidos como a falta de profundidade e de actitude crítica no intre de enfrontalos. Os datos cuantitativos vertidos nesta táboa, e que o gráfico reflicte en termos de porcentaxe, veñen reforzar a análise cualitativa realizada.




Figura 113: Gráfico que reflicte a porcentaxe do tempo dedicado a actividades con contido lingüístico, socio-lingüístico ou sociocultural. Fonte: elaboración propia

As actividades con contido estritamente lingüístico ocuparon case a metade do tempo de traballo (220 minutos sobre 458), as actividades con referencias socioculturais, pero explotadas lingüisticamente, a cuarta parte aproximadamente (118 minutos); sumadas ambas case triplican o tempo dedicado a actividades con contido estritamente sociocultural (118 minutos sobre 458).




Figura 114: Gráfico que reflicte o desequilibrio entre o tempo dedicado a actividades con contido sociocultural e o empregado, conxuntamente, en actividades con contido lingüístico e sociocultural con explotación lingüística. Fonte: elaboración propia

- En relación cos materiais didácticos:

Os carteis situados estratexicamente en distintos lugares da aula para facilitar a interacción alumnado-alumnado e alumnado-profesora non foron utilizados.

Pese a dispor a aula dun canón, só foi utilizado nunha das once sesións observadas (observación nº 8), precisamente a única con contidos e obxectivos estritamente socioculturais. Os ordenadores usáronse ao servizo dos contidos e obxectivos lingüísticos (observación nº 9), como unha prolongación das actividades gramaticais do libro de texto ou do caderno de traballo.

No referente ao material para o alumnado, ademais do libro de texto, completan o método o caderno de traballo (*Workbook*), a revista (*Magazine*) e o sitio na rede (*website*) onde a editorial pon a disposición do alumnado exercicios, xogos, concursos, proxectos *on line*, un blogue, etc. En ningunha das once aulas observadas foi utilizado este material, nin se lle marcaron tarefas ao alumnado que esixiran facer uso deste material complementario, agás o *workbook*. O caderno de traballo (*Workbook*) facíase presente ao remate de cada unidade, momento en que a profesora indicaba as actividades do mesmo que o alumnado debía facer na casa e cuxas solucións se lle proporcionaría tamén en fotocopia para que as autocorrixira, sen intervención da profesora; esta autonomía do alumnado para facer e corrixir na casa as actividades do caderno de traballo facilita máis, se cabe, a interiorización das mensaxes sublimares que poidan agocharse nelas.

O libro de lectura tamén se traballa con obxectivos lingüísticos (adquisición de vocabulario e comprensión lectora) e sen a intervención da profesora.

O libro de texto, CD do método e guía do profesorado estiveron omnipresentes en todas as sesións de observación, en ocasións compartindo protagonismo con copias repartidas pola profesora pero igualmente referenciadas ao libro de texto polo seu contido. A influencia do libro de texto incrementase polo feito de que é incluso o que determina a programación do departamento no referente ao establecemento dos obxectivos e aos contidos a desenvolver segundo se desprende da análise da programación. Tenta, igualmente, a través da guía do profesorado, exercer influencia sobre a didáctica da materia e a metodoloxía a seguir mediante suxestións para o profesorado acerca de como desenvolver as actividades, como agrupar o alumnado e como interactuar cos materiais e co grupo. Isto non é negativo *per se* e, de feito, as/os profesionais da docencia (sobre todo nos primeiros anos de exercicio profesional), agradecen este tipo de orientacións. O problema xorde cando se seguen ao pé da letra, sen sometelas a reflexión crítica, e radica no feito de que, por coherencia editorial, estas suxestións manteñen o enfoque do libro de texto e, consecuentemente, reflicten os mesmos “ismos” que o manual.

Sesión	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª	10ª	11ª
Libro de texto	Si	Si	Non	Si	Si	Si	Si	Non	Si	Si	Si

Figura 115: Táboa que reflicte o uso/non uso do libro de texto nas sesións observadas. Fonte: elaboración propia




Figura 116: Gráfico que reflicte a omnipresenza do libro de texto nas sesións observadas. Fonte: elaboración propia

- Canto ás actividades:

Non favorecían a creatividade, o debate nin a crítica. O agrupamento elixido para a realización das actividades na aula alternaba entre as de carácter individual e as actividades por parellas ou en pequeno grupo pero sen pretensión de establecer discusión nin desenvolver unha actitude crítica.

- En relación coa profesora:

A profesora organiza, guía, dirixe. Adoita situarse á fronte da aula, detrás da súa mesa ou diante do encerado, cando explica ou dirixe as actividades; desprázase entre as mesas cando orienta mentres o alumnado traballa por si mesmo, en parellas ou en pequeno grupo. A rigorosa cronometraxe do tempo empregado para cada actividade non deixa opción para a intervención espontánea do alumnado que, necesariamente, debe concentrarse no que se lle marca. A permanente preocupación por cubrir os obxectivos de tipo lingüístico programados lévaa a facer fincapé nos aspectos gramaticais da materia en detrimento dos contidos e obxectivos socioculturais. A súa actitude durante a impartición das aulas sitúana lonxe de procedementos críticos cos que cuestionar o currículo oficial; non parece ser consciente do papel que exerce de “colaboradora involuntaria e inconsciente” na transmisión dos valores agochados no currículo desenvolvido; en ningunha das sesións observadas considerou oportuno pór en cuestión, puntualizar, debater ou contradicir o contido sociocultural, ou a ausencia de contido sociocultural, normalizando o perfil das presenzas que os materiais evidencian, os “ismos” explícitos e implícitos no currículo oficial e, o que é máis importante, as ausencias.

- En relación co alumnado:

O alumnado adopta, en xeral, unha actitude respectuosa e relaxada tanto na súa relación coa profesora como co grupo. Ten asumido o papel que se lle asigna desde a institución escolar, de persoa “guiada, orientada ou dirixida” o que o conduce a aceptar o papel directivo da profesora e a non manifestarse con espontaneidade.

O alumnado feminino é máis participativo de *motu proprio*, mentres que a participación masculina adoita ser propiciada pola profesora, ás veces como técnica para manter a disciplina. Sorprende que, a pesar da falta de tensións na aula, na que predomina unha atmosfera distendida, o alumnado amose unha actitude pasiva e inhibida incluso nas actividades máis lúdicas. Isto pode responder ao feito de ter interiorizado que este tipo de actividades son menos valoradas pola profesora á hora de avaliar o alumnado; concéntrase en traballar no que se espera que traballen e en responder o que se espera que respondan.

As intervencións do alumnado reflicten que non están afeitos a cuestionar a información que a profesora e os materiais curriculares subministran o que fai que non sexa quen de percibir o currículo oculto, as exclusións, ausencias e ocultacións, circunstancia esta que o habilita para reproducir e, deste xeito, perpetuar os patróns polos que se rexe a sociedade na que está inmerso.

9.2.3.6 *Acerca do grupo observado*

O grupo observado fórmano sete rapaces e once rapazas. A matrícula deste grupo complétase co alumnado de PDC⁵³⁵, que recibe clases desta materia como grupo independente. Sentan por parellas segundo a orde alfabética, agás cando realizan actividades que esixen un agrupamento diferente, resultando 5 parellas mixtas, 3 femininas e 1 masculina distribuídas en 3 filas. A convivencia entre eles non parece presentar grandes problemas e, en xeral, compórtanse con respecto entre si e coa profesora. Non hai no grupo ninguén pertencente a outras culturas nin a grupos étnicos minoritarios.

Para completar o perfil do alumnado tíranse os datos das sesións de observación e das respostas dadas na entrevista. Tratábase, por unha banda, de comprobar como interactúa o alumnado cos materiais curriculares e o seu interese nos contidos socioculturais que se traballan na aula e, por outra banda, esclarecer as razóns polas que elixiron o inglés, posibles influencias nesta elección e grao de satisfacción con respecto á mesma, o concepto que teñen desta lingua e a importancia que lle dan entre o resto das materias estudadas, e o seu grao de coñecemento e experiencias en relación coa lingua e cultura inglesas. Planificouse a entrevista ao alumnado seguindo o modelo elaborado para tal fin⁵³⁶, deseñando **preguntas de aproximación** e **preguntas específicas**, sen perder de vista os obxectivos desta tese, de xeito que permitiran, por unha banda, achegarnos ao perfil do alumnado con obxectividade e, por outra banda, ao utilizar idéntico modelo que o usado para planificar a entrevista á profesora, comparar as respostas ás preguntas con contidos coincidentes. Isto permitiría comprobar se o perfil que a profesora ten do alumnado se axusta ao que se derive das respostas que este dea durante a entrevista.

⁵³⁵ Programa de Diversificación Curricular

⁵³⁶ Doc. nº 8 do anexo: Táboa modelo planificación entrevistas

ENTREVISTA AO ALUMNADO		
EXERCEN OS LIBROS DE TEXTO COMO VEHÍCULOS TRANSMISORES DOS VALORES SOCIOCULTURAIS VINCULADOS AO SISTEMA?	PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E PREGUNTAS DE ENTREVISTA	
	PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN	PREGUNTAS DE ENTREVISTA
	Que factores de índole familiar e/ou sociocultural outorgan ao inglés a posición hexemónica na elección dunha ou outra lingua estranxeira por parte do alumnado?	<p>Recollidas como preguntas de aproximación na planificación da entrevista⁵³⁷:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Por que elixiches inglés e non outra lingua? • Por que non o elixiches como segunda lingua? • Influíu alguén da túa familia nesta decisión? • Participaches algunha vez nunha sección bilingüe? En que idioma? Como valoras esa experiencia? • Teste arrepentido de telo elixido? Por que? • Canto tempo levas estudando inglés? • Canto tempo á semana dedicas a esta materia? E ás outras? • Para que cres que che servirá aprendela? • Estiveches algunha vez nun país de fala inglesa? Onde e por que motivo? • Gustaríache volver/ir? Por que? • Algunha persoa da túa familia ou das túas amizades vive/viviou nun país de fala inglesa? Onde? • Que cousas positivas/negativas che conta cando fala contigo acerca desa experiencia?
Que fontes subministran información ao alumnado sobre a cultura anglosaxona e como interactúa con elas, en especial co libro de texto?	<p>Recollidas como preguntas específicas na planificación da entrevista⁵³⁸:</p> <ul style="list-style-type: none"> • En que outras clases escoitaches falar de países onde se fala inglés? Que che contaron? • Que tipo de exercicios ou que partes da materia che resultan máis atractivos? • Que che gusta máis, o libro de texto, o caderno de exercicios, as fotocopias que reparte a profesora? • Tes que usar o libro de texto para realizar as tarefas que a profesora marca para casa? • Aparte destes materiais, que outras fontes che proporcionan información sobre os países de fala inglesa? 	

⁵³⁷ Documento nº 8 do anexo

⁵³⁸ Documento nº 8 do anexo

	Como interioriza o alumnado o enfoque euronorteamericano e o curriculum de turista propio dos manuais de inglés en uso?	<ul style="list-style-type: none"> • Que países coñeces onde o inglés sexa lingua predominante? • Que países de fala inglesa se mencionan no libro de texto deste ano? • Que recordas deles? • Poderías nomear unha cidade de cada un deses países? • Dime o primeiro que se che ocorra sobre: a India, Escocia, Australia, Irlanda, Sudáfrica, Canadá, Inglaterra... • Con que países relacionas o seguinte: The Beatles, Nelson Mandela, Tate Gallery, Eminem, the Big Ben, Sinn Fein, Maorí, Simple Plan, Taj Majal, The Coral Reef, Roast Beef, Niagara Falls, Ceiline Dion, Mark Twain, All Blacks, Loch Ness... • Que monumentos consideras emblemáticos en: a India, Inglaterra, Canadá, Australia, Irlanda, Sudáfrica, EEUU, Nova Zelandia. • Cita algún personaxe da cultura anglosaxoa relacionado con: a música, a literatura, a pintura, o deporte, as ciencias, a política ... • Que aspectos culturais destacarías relacionados con: Inglaterra, Escocia, Irlanda, EEUU, a India, Sudáfrica, Nova Zelandia, Canadá ...
	En que medida o alumnado é quen de transcender o tratamento anglicista de grande parte dos contidos do manual?	<ul style="list-style-type: none"> • Que similitudes/diferenzas atopas entre a nosa forma de vivir e o modo de vida dos países de fala inglesa que coñeces? • Que países de fala inglesa e/ou doutras falas coñeces que estean a vivir unha situación lingüística semellante á que se vive na Galiza?

Figura 117: Táboa que reflicte a planificación da entrevista ao alumnado con indicación da hipótese que deu lugar a esta tese, as preguntas parciais de investigación e as preguntas de entrevistas. Fonte: elaboración propia adaptada de S. Kvale

As citas recollidas das entrevistas ao alumnado⁵³⁹ reproducense literalmente, respectando a sintaxe e a mestura de linguas coa que se expresa o alumnado.

- A maioría do alumnado ten elixido o estudo desta lingua porque a consideran máis universal, importante e necesaria que as demais para o seu futuro, ou pola orixe dalgún familiar, segundo se desprende das respostas ás preguntas nº 1 (*Por que elixistes inglés e non outra lingua?*), e nº 2 (*Por qué non o elixistes como 2ª lingua?*),

“...porque é un idioma necesario”, “...porque ten máis saídas profesionais”, “...porque ten máis saídas e é unha lingua universal”, “...porque é necesaria para o noso futuro e para un traballo”, “...porque creo que es una lengua más universal que el francés”, “...porque es la lengua internacional que debemos saber”, “... porque es la lengua de mi madre”.

⁵³⁹ A transcripción completa das entrevistas inclúese no anexo: documentos nº 13, 14 e 15

As respostas á pregunta nº 3 (*Influíu alguén da vosa familia nesta decisión?*) revela que a influencia familiar non foi determinante para a elección deste idioma en ningún caso.

Ninguén manifesta terse arrepentido de elixir inglés como primeiro idioma (pregunta nº 5: *Tédesvos arrepentido de telo elixido? Por que?*), aínda que algúns a consideran difícil, recoñecen que lles custa aprobala e que lle teñen que dedicar máis horas que ás outras materias ou, incluso, precisan da axuda de profesorado particular (pregunta nº 7: *Canto tempo á semana dedicades a esta materia? E ás outras?*).

Cando se lles pregunta pola utilidade da aprendizaxe desta lingua (pregunta nº 8: *Para que credes que vos servirá aprendela?*), teñen claro que lles facilitará un mellor posto de traballo e que lles resultará útil para viaxar porque “serve para falar con todo o mundo”.

“...pois principalmente para conseguir traballo, e despois para viaxar”, “...para coller os traballos tes que saber inglés, non é tanto o galego ou o castelán”, “porque o inglés é unha lingua universal, cando vas a algún país todo o mundo fala inglés”, “...para viaxar porque si viajas, la verdad...siempre...el inglés...pues es internacional. La facilidad para aprender otras lenguas también”.

Constátase que o alumnado ten totalmente interiorizado o concepto utilitarista da aprendizaxe do idioma inglés ao que lle atribúe unha universalidade hexemónica, chegando a facer depender o seu futuro éxito laboral do dominio desta lingua. Só un alumno expresa o seu interese polo coñecemento doutros países, sen desbotar o seu desexo, igualmente, de visitar un país de fala inglesa:

“...pero tamén gustaríame ir a outros países por coñecer outras culturas, a África, a países do Este...”

PERFIL DO ALUMNADO EN RELACIÓN COA ELECCIÓN DO INGLÉS		
(preguntas de aproximación 1, 2, 3, 5, 8)		
Razóns	Percepcións	Utilidade
<ul style="list-style-type: none"> – Lingua universal – Importante – Necesario – Lingua materna dalgún familiar – Gústalle máis que o francés – Ten máis saídas e futuro – É a que se estuda na escola – Para ser máis culta 	<ul style="list-style-type: none"> – Difícil – Custa aprobala – Esixe máis horas de dedicación – Require axuda extraescolar 	<ul style="list-style-type: none"> – Mellor traballo – Viaxar – Comunicarse con xente de fóra – Facilita a aprendizaxe doutras linguas – Informática e tecnoloxía

Figura 118: Táboa que reflicte os aspectos que determinaron a elección do inglés por parte do alumnado e a percepción que ten desta materia . Fonte: elaboración propia

- Canto aos seus coñecementos e experiencias en relación coa lingua e cultura inglesa (preguntas nº 4: *Participastes algunha vez nunha sección bilingüe? En que idioma? Como valorades esta experiencia?*, nº 6: *Canto tempo levades estudando inglés?*, nº 9: *Estivestes algunha vez nun país de fala inglesa? Onde e por que motivo?*, nº 10: *Gustaríavos volver/ir? Por que?*) todo o alumnado que participou nas entrevistas carece de experiencia en relación coas unidades bilingües e leva unha media de doce anos estudando inglés, desde a escola primaria. Só tres rapazas tiveron anteriormente contacto directo con anglofalantes e/ou viaxaron a países de fala inglesa e manifestan que lles gustaría repetir porque o consideran unha experiencia moi positiva:

“...si, gustaríame volver porque foi divertido... e a comunicación é diferente, máis interesante”, “...si, gustaríame volver porque foi unha experiencia positiva e ademais de aprender moito inglés ... espabilar e tamén o pasas ben”, “... si, eu fun a Inglaterra un verán para aprender inglés e relacionarme con persoas inglesas e doutros países cos que, evidentemente, tiña que falar en inglés e foi unha experiencia moi positiva”, “... si, de intercambio en Inglaterra para aprender inglés”.

Outro sector do alumnado afirma que non tivo oportunidade pero que lle gustaría ir porque consideran que é unha forma diferente de aprender inglés:

“...nunca tiven oportunidade pero cando remate a universidade gustárame ir a Londres”, “...gustárame ir porque desa maneira aprendes moitísimo máis que nunha clase...e sempre é moito máis divertido”, “...si, porque gustárame coñecer algún deses países, como EEUU e Inglaterra”

ESTADÍAS DO ALUMNADO EN PAÍSES DE LINGUA INGLESA (preguntas de aproximación 9, 10)					
Nº ALUMN.	XÉNERO	LUGAR	MOTIVO	OPINIÓN	DESEARÍAN VISITAR
1	M	Inglaterra	Intercambio	Experiencia positiva, aprendes máis, espabilas e pásalo ben.	Volver
1	M				Londres
1	M				EEUU Inglaterra
1	M	Inglaterra	Curso de verán	Divertido, interesante, mellor comunicación; cambio de aires.	Volver
1	H				Londres, Inglaterra, Australia
1	H		Aprender inglés e coñecer outras culturas.		Calquera de fala inglesa. África
1	M		Boas escolas de teatro		Londres
Varios	H/M				Os mesmos

Figura 119: Táboa que reflicte as estadías do alumnado en países de fala inglesa e a percepción que ten da experiencia .
Fonte: elaboración propia

os 18 alumnos/as entrevistados/as só dúas alumnas tiveron contacto directo coa cultura anglosaxona, en concreto coa inglesa. Esta falta de oportunidades de contextualizar a aprendizaxe sen dúbida dificulta o proceso ensino-aprendizaxe de idiomas restándolle motivación, a pesar de que, ao longo da entrevista, o alumnado asegura ser consciente da utilidade de aprender inglés. Por outra parte, ao non ter a oportunidade de contrastar *in situ* os coñecementos adquiridos acerca da lingua e cultura anglosaxona o alumnado interioriza o modelo que os manuais transmiten e, a través del, todos os estereotipos, prexuízos e deturpacións que o currículo oficial propugna de xeito explícito ou implícito.

Parte do alumnado accede ao coñecemento da sociedade e cultura anglosaxoa a través da experiencia de amigos (fillos/as de matrimonio mixto (inglés- española) ou de familiares na emigración (pregunta nº 11: *Algunha persoa da vosa familia ou das vosas amizades vive/viviu nun*

país de fala inglesa? Onde? Que cousas positivas/negativas vos conta cando fala con vos acerca desa experiencia?)):

“...os meus tíos viviron en Sidney durante algúns anos, a miña prima naceu alí,...outra comunidade, outra lingua, e te encontras perdido, tes que aprender a lingua como sexa”, “...pois eu, unha prima da miña nai...agora está en Londres, leva alí uns anos e agora xa non ten ningún problema, aprendeu a falar inglés”, “...mi amigo Luke sempre pasaba os veráns co seu pai, sempre contaba cousas positivas...para aprender e para pasalo ben”, “...pues bueno, mi abuela está viviendo en Londres..., ella se tuvo que ir allí por causa de trabajo. Mi abuela y sus dos hermanas pues están allí viviendo y están muy contentas, quieren volver pero, bueno...les cuesta porque desde los 18 años, dejar aquello y es como que ahora ya son de allí y muy bien y les encanta”.

Das respostas ao bloque de preguntas específicas da entrevista tírase outra información que completa o perfil do alumnado observado: a súa interacción co libro de texto e co resto dos materiais didácticos (preguntas nº 3 e 4), as fontes a través das que o alumnado recibe ou procura información sobre a cultura e sociedade anglosaxoa (preguntas nº 1, 5, 7, 8 e 9), a influencia que estas fontes e os propios materiais didácticos exercen na forma como o alumnado interioriza os contidos socioculturais traballados durante o curso, en que medida os coñecementos que o alumnado posúe amplían estes contidos (preguntas nº 6, 10, 11, 12, 13 e 14), se é quen de recoñecer e apreciar as diferenzas e similitudes entre culturas (pregunta nº 15) e, finalmente (pregunta nº 16), pescudar o grao de sensibilidade do alumnado ante situacións de conflito lingüístico entre as diversas linguas faladas por unha mesma comunidade.

- Respecto da súa interacción cos materiais didácticos (pregunta nº 3: *Tedes que usar o libro de texto para realizar as tarefas que a profesora vos marca para casa?*) as respostas do alumnado apuntan a unha dependencia do libro de texto e/ou dos apuntamentos proporcionados pola profesora para resolver as tarefas:

“Si, se son exercicios do libro, si, senón non”. “(Teño que usar o libro de texto)...si, se son exercicios do libro ou de vocabulario...”. “Pois o que dixeron os meus compañeiros, que se son do libro, pois que si temos que utilizalo e para as demais cousas, as fichas, non fai falta pois xa nos dan unhas específicas con notas finais, porque aínda que as explicacións veñan no libro... Cando máis se utiliza o libro é para o exame ou para estudar o vocabulario”. “Eu fago sempre os deberes do libro ou das fichas”

Esta dependencia do libro de texto constatouse, igualmente, nas sesións de observación xa que foi utilizado en nove das once sesións; só nas aulas nº 3 (desdobre a cargo da auxiliar de conversa americana) e na nº 8 (desdobre a cargo da profesora titular da materia) prescindíuse do uso do manual, segundo se recolle nas conclusións a cada unha das

observacións e que se resume na táboa e gráfico que aparece no apartado “Resumo das conclusións das sesións de observación”.

- As súas preferencias (pregunta nº 2: *Que tipo de exercicios ou que partes da materia vos resultan máis atractivos?*) inclínanse cara ao inglés oral e ao vocabulario, mais non todos consideran necesario o estudo das estruturas gramaticais para poder comunicarse coas persoas de fala inglesa:

“Pienso que la parte más importante del inglés en el curso es el oral,... porque gramática ya lo vimos todo los años anteriores, son doce años dando gramática”.
“Digo yo, lo llevamos dando doce años, pero es igual, tenemos que seguirlo dando [sic] porque igualmente seguimos suspendiendo... así que será por algo, digo yo, vamos”. “...A parte que mellor está é a da americana porque cando fala ipnotízame, ten unha pronunciación que é unha pasada”. “Es que el oral realmente ... el oral realmente es la parte más importante, porque con la gramática, por mucho que quieras, no te vas a comunicar en inglés con una persona de otro país que hable inglés, con el oral sí”.

A pesar da importancia que o alumnado parece dar ao inglés oral, esta investigadora puido constatar durante a súa presenza no campo, a incoherencia entre o que manifiestan e a súa forma de actuar na aula pois, pese aos esforzos da profesora por manter o inglés como lingua vehicular na aula, rara vez se produciron intervencións espontáneas do alumnado nesta lingua.

- Preguntados acerca dos materiais didácticos favoritos (pregunta nº 4: *Que vos gusta máis, o libro de texto, o caderno de exercicios ou as fotocopias que reparte a profesora?*), amosan unha clara preferencia polas fotocopias e apuntamentos elaborados pola profesora, en detrimento do libro de texto, que non parecen valorar positivamente:

“A min gústanme máis as fotocopias e tamén os exercicios do caderno de traballo”.
“Eu prefiro as fotocopias porque teñen un nivel maior que o do libro, a fin e o cabo, porque os exercicios do libro ao mellor son un pouco chorras, pero ademáis as fotocopias parécense máis aos exercicios que logo nos van poñer no exame”.
“Hombre, el libro de texto es ... a mí el libro de texto me gusta porque está todo bastante claro y las fotocopias que da la profesora siempre son la ayuda ... pues esto va a ser a lo que ella le dé más importancia o...”. “Yo creo que son las fotocopias porque es lo que más se parece al examen”.

Dos entrecomiñados dedúcese que o que realmente lle gusta ao alumnado é que o material utilizado lle facilite a superación dos exames. Este interese de tipo pragmático fai que

ninguén xustifique as súas preferencias en base á natureza da información que os materiais poidan achegar.

- Canto ás fontes de información a través das que o alumnado se achega ao coñecemento da lingua e cultura anglosaxona (preguntas nº 1: *En que outras clases escoitastes falar de países onde se fala inglés? Que vos contaron?*, nº 5: *Aparte destes materiais, que outras fontes vos proporcionan información sobre os países de fala inglesa?*, mencionan as aulas de Historia, Lingua galega, Lingua castelá, o libro de texto e os medios de comunicación de masas (a TV, internet, a radio, os xornais):

“En Historia y háblase de las colonizaciones que hizo Inglaterra y EEUU”. “En lingua galega tivemos que facer un traballo sobre as linguas”. “Únicamente o traballo de Lingua galega”. “Tamén na clase de Lingua castelá, tamén falamos inglés”. “A TV”. “Internet sobre todo”. “Pois eu penso como eles, a TV e internet, a radio, os periódicos, todo fala un pouco de fóra, e a TV sobre todo porque ves películas, series de TV inglesa, de todo”. “Pois, como din os compañeiros, internet, porque podes ver as series americanas...”

Pese ás referencias do alumnado con respecto aos contidos socioculturais relacionados coa sociedade e cultura inglesa traballados noutras materias, non podo menos que comentar que, durante as sesións de observacións, en ningún momento a profesora ou o alumnado fixeron mención destas circunstancias que puideran levar a pensar nun tratamento interdisciplinar destes contidos. Por outra banda, tampouco puideron constatar que se fixera uso das TIC para enfrontar o estudo destes contidos; de feito, o uso da aula de informática centrouse na práctica de exercicios de reforzo dos contidos gramaticais, de tal xeito que os ordenadores funcionaron como substitutos do libro de texto, do caderno de traballo e da función correctora da profesora (observación nº 8).

A través das preguntas nº 7: *Que países de fala inglesa se mencionan no libro de texto deste ano?*, nº 8: *Que recordades deles?* e nº 9: *Poderíades nomear unha cidade de cada un deses países?*), téntase comprobar se o alumnado recorda a información sociocultural subministrada polo manual en uso. Lembran algúns dos países que aparecen no libro pero, en xeral, non son quen de recordar o que se di acerca deles e confunden cidade con nación e estado; noutros casos non son quen de citar ningunha cidade (Nova Zelandia):

“(países mencionados no libro?)...EEUU, Irlanda, Nueva Zelandia e algún máis: “Inglaterra, Canadá”. “Inglaterra”. “EEUU e Inglaterra”. “(Recuerdo) del libro de texto la comida que comen en Inglaterra, moi acaloradas[sic] de máis”. “Pois as eleccións que hai en EEUU”. “¡Sí, jovar!, as comidas que comen, as tradicións, as

actividades que fan...Todo". "(Cidades deses países?)...Canadá, Toronto; EEUU, Florida; Irlanda,.. (non recorda)". "New York, Nueva York"

COÑECEMENTOS E EXPERIENCIAS DO ALUMNADO EN RELACIÓN COA LINGUA E CULTURA INGLESA (preguntas de aproximación 9, 10, 11; específicas 1, 5, 6, 7, 8, 9)		
Fontes	Lugares de fala inglesa dos que teñen coñecemento directo/indirecto	Aspectos culturais que lembran ter traballado este ano.
<ul style="list-style-type: none"> – Materiais didácticos – Familiares – Familiares/amigos na emigración – Amigos – Libro de texto – Internet – TV – Aulas de Historia, L. Castelá e L. Galega – Experiencia propia (estancias por intercambio ou curso de verán) 	<ul style="list-style-type: none"> – Sidney (I) – Londres (I) – Inglaterra (D) – Irlanda – Nova Zelandia – Canadá – Malta – Toronto – Florida – Nova York 	<ul style="list-style-type: none"> – Comida – Programa de TV – Eleccións de EEUU – Tradicións

Figura 120: Táboa que reflicte as fontes polas que o alumnado accede á lingua e cultura inglesas, os seus coñecementos e experiencias en relación con elas . Fonte: elaboración propia

Cómpre subliñar o feito de que non mencionan todos os países de fala inglesa que aparecen no libro, porén mencionan Suíza que non aparece no libro e onde o inglés non é lingua oficial (pregunta nº 6) . Os escasos contidos socioculturais presentes no libro non parecen estar interiorizados polo alumnado, xa que non mencionan ningún en concreto; a esta realidade non é allea a forma de enfrontar, a profesora, a sección *English in the World* e as actividades que, dalgún xeito, contiñan referencias culturais; case sempre as enfocaba desde o punto de lingüístico, desbotaba calquera posibilidade de explotación sociocultural dos textos e a corrección de moitas destas tarefas quedaba relegada a un segundo plano, en función da disponibilidad de tempo. Non obstante, falan da comida e das eleccións en EEUU, que non se mencionan en ningunha das unidades do manual, pero

si na presentación de Power Point exposta pola auxiliar de conversa na hora de desdobre (observación nº 3).

Son as respostas ás preguntas nº 6, 10, 11, 12, 13 e 14 as que achegan información sobre como o alumnado interactúa coas fontes de información cara a interiorizar os contidos socioculturais e como se serve dos coñecementos adquiridos previamente para amplialos, ao tempo que se constata se asimilaron conceptos estereotipados. As respostas á pregunta nº 6 (*Que países coñeces onde o inglés sexa lingua predominante?*) e as asociacións que establecen (pregunta nº 11, *Con que países relacionadas o seguinte: The Beatles, Nelson Mandela, Tate Gallery, The Big Ben, Sinn Fein, Maorí, Simple Plan, Taj Majal, The Coral Reef, Roast Beef, Niágara Falls, Celine Dion, Mark Twain, All Blacks, Loch Ness*) ante determinadas opcións de países, monumentos, personaxes, etc reflicten o enfoque euronorteamericano e anglicista co que o manual presenta o currículo para turistas.

REFERENCIAS SOCIOCULTURAIS E OS LUGARES COS QUE SE RELACIONAN: IDENTIFICACIÓNS REALIZADAS POLO ALUMNADO DURANTE A ENTREVISTA (pregunta 11 específica)				
REFERENCIA	GRUPO A		GRUPO B	
	PAÍS	ERRÓNEO	PAÍS	ERRÓNEO
The Beatles	Londres Liverpool		Inglaterra	
Nelson Mandela	Sudáfrica		Sudáfrica	
Tate Gallery	-		-	
The Big Ben	Inglaterra		Inglaterra	
Sinn Fein	-		-	Canadá
Maorí	-	Sudáfrica India	-	Sudáfrica
Simple Plan	-	Inglaterra	-	Inglaterra
Taj Majal	India		India	
The Coral Reef	Australia		Australia	
Roast beef	Inglaterra		Inglaterra	
Niagara Falls	-		Canadá	Sudáfrica Sudamérica
Celine Dion	Canadá		-	EEUU
Mark Twain	-	Irlanda	-	
All Blacks	-		-	Australia
Loch Ness	-		Escocia	Irlanda

Figura 121: Táboa que reflicte como interioriza o alumnado as referencias culturais presentes no libro de texto . Fonte: elaboración propia

Está presente nas respostas do alumnado a influencia dos medios de comunicación social, especialmente a TV e o cine, xa que se refiren, nalgúns casos, a persoas que están de moda no momento presente:

Pregunta nº 10 (*Decídeme o primeiro que se vos ocorra sobre a India, Escocia, Australia, Irlanda, Sudáfrica, Canadá, Inglaterra, Nova Zelandia*)

ASOCIACIÓNS ESTABLECIDAS POLO ALUMNADO COS PAÍSES SUXERIDOS	
(preguntas específicas 10 + 14)	
Sobre a India	“Mágica”, “Preciosa”, “Bonita”, Very funny”, “Coñézoa pouco, pero sóame Bollywood”, “Moitas divinidades e vacas”, “Comen coas mans”, “A vestimenta”, “Cantidade de deuses e relixións”, “Adoración das vacas”, “Os bailes”
Sobre Escocia	“Braveheart”, “Faldas”, “Gaitas”, “Cuadros”, “Boinas” “Golf”, “A gaita, as faldas...”, “A historia e as lendas”,
Sobre Australia	“Canguros”, “Koalas”, “Surf”.
Sobre Irlanda	“Cerveza”, “Verde”, “Os pubs con cadeas atadas ás costas para emborracharse e non caer de costas”, “Non poder estar na rúa a partir das 11”, “Os horarios das comidas”.
Sobre Sudáfrica	“Partido de rugby”, “Negros”, “Mundial”, “Pobreza”, “Teñen máis cartos alí que no resto de África xuntos”, “Rugby”
Sobre Canadá	“Neve”, “Esquí”, “Toronto Raptors”, “Hockey”, “Hielo”, “A policía montada”, “Hockey”
Sobre Inglaterra	“The Beatles”, “Cricket”, “Boda real” ⁵⁴⁰ , “Big Ben...humor inglés”, “Fish and chips”, “Conducen polo outro lado”, “O té das cinco”, “Os horarios: moito máis cedo que no resto dos países”, “O seu cine, a súa música e os monumentos”.
Sobre Nova Zelandia	“Fría”, “¡Si hace calor!”, “Diablo de Tasmania”, “Rugby”, “As jacas?”
EEUU	

Figura 122: Táboa que reflicte as asociacións que o alumnado establece cos países mencionados. Fonte: elaboración propia

É evidente que o eixo sobre o que trataban as explicacións da profesora non era o dos contidos socioculturais, o que se desprende das respostas estereotipadas e/ou erradas do alumnado á pregunta nº 12 acerca dos monumentos emblemáticos (*Que monumentos considerades emblemáticos en: a India, Inglaterra, Canadá, Australia, Irlanda, Sudáfrica, EEUU, Nova Zelandia?*) canto aos monumentos emblemáticos da India, Inglaterra, Canadá, Australia, Sudáfrica (“Non hai”), EEUU.

⁵⁴⁰ En clara referencia á voda do príncipe Guillelme , neto da raíña Isabel II de Inglaterra, celebrada nesas datas.

MONUMENTOS QUE O ALUMNADO ASOCIA CON CADA PAÍS DURANTE A ENTREVISTA (pregunta 12 específica)				
PAÍS	GRUPO A		GRUPO B	
	MONUMENTO EMBLEMÁTICO	ERRÓNEO	MONUMENTO EMBLEMÁTICO	ERRÓNEO
A India	Taj Majal		Taj Majal	
Inglaterra	The Big Ben		The Big Ben	
Canadá	-	Cataratas del Niágara	-	El estadio de los Toronto Raptors
Australia	Palacio de la Ópera		Aiers Rock	
Irlanda				
Sudáfrica	-		-	Un estadio de fútbol
EEUU	Estatua de la Libertad		Estatua de la Libertad	
Nova Zelandia	-		-	Un estadio de fútbol

Figura 123: Táboa que reflicte o coñecemento/descoñecemento do alumnado sobre monumentos emblemáticos dos países suxeiros. Fonte: elaboración propia

No referente aos personaxes representativos da cultura anglosaxona (pregunta nº 13: *Citade algún personaxe da cultura anglosaxona relacionado con: a música, a literatura, a pintura, o deporte, as ciencias, a política...*) os seus coñecementos cinguense ao mundo da música e o deporte o que me fai volver sobre os medios de comunicación de masas como principal fonte de información para este alumnado; porén, carecen de formación noutros eidos da cultura como a literatura, a pintura, a política, as ciencias, etc. discuten entre si se Obama é ou non político anglosaxón; sitúan nesta cultura a Sarkozy; non mencionan ningún artista plástico nin ningún científico. En resposta á pregunta nº 14 (Que *aspectos culturais destacariades relacionados con Inglaterra, Escocia, Irlanda, EEUU, a India, Sudáfrica, Nova Zelandia, Canadá...*) refiren como aspectos culturais relacionados con Inglaterra “que conducen por el otro lado”, “o seu cine, a súa música e os monumentos”; con Escocia “as lendas”, “as gaitas”, “la gaita, las faldas e nada más”; con Irlanda “los pubs ...”, “cerveza”. Estas

respostas coméntanse soas e deixan en evidencia as carencias do sistema educativo no que respecta aos contidos socioculturais; a superficialidade das respostas son o resultado do currículo para turistas que desenvolve o manual obxecto de análise nesta tese e que impera na maioría dos libros de texto de linguas estranxeiras.

PERSONAXES DA CULTURA ANGLOSAXONA QUE O ALUMNADO ASOCIA A DIVERSAS ACTIVIDADES/ÁREAS DE COÑECEMENTO				
(pregunta 13 específica)				
ÁREA	GRUPO A		GRUPO B	
	PERSONAXE	ERRÓNEO	PERSONAXE	ERRÓNEO
Música	TheBeatles		Rolling Stones	
Literatura	Shakespeare		J.K. Rowling Edgard Alan Poe Shakespeare	
Pintura	-		-	
Deporte	Rooney David Beckan		-	Manchester Liverpool Chelsie
Ciencias	-		-	Koch
Política	Gordon Brown Tony Blair		Obama	Sarkozy

Figura 124: Táboa que reflicte os personaxes da cultura anglosaxona que o alumnado asocia a determinadas actividades/áreas de coñecemento. Fonte: elaboración propia

Só tres alumnas e dous alumnos atopan algunha diferenza entre a nosa forma de vida e o modo de vida dos países de fala inglesa, facendo ver, a través das respostas á pregunta nº 15 (*Que similitudes/diferenzas atopades entre a nosa forma de vivir e o modo de vida nos países de fala inglesa que coñeces?*), que os perciben como diferentes e valorando máis positivamente o *modus vivendi* propio:

“Nosotros somos más caseros”, “Comen hamburguesas y eso, comidas basura”, “Coche por la izquierda”, “Unha diferenza?, os horarios”.

Das respostas dadas á pregunta 16 (*Que países de fala inglesa e/ou doutras falas coñecedes que estean a vivir unha situación lingüística semellante á que se vive na Galiza?*) dedúcese que nas aulas de Lingua e Literatura Galega se tenta sensibilizar ao alumnado sobre a situación de conflito lingüístico que se vive na nosa sociedade. Identifican a Bretaña francesa e Gales como sociedades que están a vivir unha situación lingüística similar á da Galiza; nesos países o uso da lingua propia diminúe por influencia do inglés e do francés, a semellanza do que sucede aquí por influencia do castelán e as últimas normativas educativas que lle dan preponderancia ao estudo do inglés en menoscabo da lingua propia, contribuíndo deste xeito ao imperialismo lingüístico do castelán na nosa contorna e á hexemonía do inglés sobre outras linguas estranxeiras:

“La Bretaña”, “En Francia pasa lo mismo en la zona de la Bretaña francesa, donde el idioma propio de allí, bueno, se habla menos, cada vez menos, influenciado por el francés y el inglés”, “Y en Gales ocurre con el gaélico”.

9.2.3.7 *Acerca da profesora observada*

A primeira impresión que saquei do perfil da profesora correspóndese co dunha persoa de mediana idade, clásica cun toque de modernidade no seu aspecto externo, aberta e falanguera, de aparencia tranquila pero profesionalmente moi activa, preocupada por facer ben o seu traballo. Esta primeira impresión confirmouse ao longo das sesións de observación e na entrevista⁵⁴¹, cando tiveron ocasión de profundar no aspecto profesional.

Para poder completar o perfil da docente tirouse, por unha banda, dos datos obtidos nas sesións de observación, datos recollidos seguindo o modelo do documento nº 4 do anexo (Táboa guía para as sesións de observación) e, pola outra banda, das respostas dadas na entrevista ás **preguntas de aproximación** e ás **específicas** (cuxa formulación se inclúe de seguido), confrontando ambos os dous bancos de datos con vistas a detectar posibles contradicións; a través desta confrontación de datos buscábase, asemade, a validación recíproca dos mesmos que facilitase trazar un perfil obxectivo da docente así como anticipar análises conducentes a dar resposta ás preguntas de investigación co obxecto de confirmar/reformular a hipótese que deu orixe a esta tese.

⁵⁴¹ Doc. nº 15 do anexo: Transcrición da entrevista á profesora

ENTREVISTA Á PROFESORA	
PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E PREGUNTAS DE ENTREVISTA	
PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN	PREGUNTAS DE ENTREVISTA
De que maneira a traxectoria profesional da docente entrevistada pode condicionar o enfoque adoptado á hora de enfrontar o acto didáctico?	<p>Recollidas como preguntas de aproximación na planificación da entrevista⁵⁴²:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que tempo hai que te dedicas a ensinar inglés? • En que niveis educativos? • Canto tempo levas ensinando na ESO? • Que opinión che merecen as unidades bilingües? • Que contactos directos tiveches coa cultura e lingua inglesa? • Participaches algunha vez en cursos de formación no estranxeiro? • Organizaches, nalgunha ocasión, unha viaxe de estudo co teu alumnado a un país anglosaxón?
Como consegue a docente satisfacer os intereses do alumnado e resolver/enfrontar problemas de aprendizaxe desta materia?	<p>Recollidas como preguntas específicas na planificación da entrevista⁵⁴³:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que razóns cres que conducen a maioría do alumnado a elixir inglés como primeira lingua? • Como motivas o teu alumnado para que acollan esta materia de bo grao? • Que problemas atopas á hora de impartir as aulas en 4º ESO? • Que problemas enfronta o alumnado á hora de aprendelo? • Que lugar pensas que ocupa esta materia na educación e formación do alumnado nesta etapa educativa?
Como interactúan profesorado e alumnado cos materiais didácticos e, en particular, co libro de texto?	<ul style="list-style-type: none"> • Que vos levou a elixir este libro de texto? Que valor lle atribúes ao libro de texto respecto do resto dos materiais didácticos que empregas? Cal é a razón pola que distribúes material de elaboración propia entre o alumnado? • Nalgún momento utilizas <i>authentic material</i> nas aulas? Por que/ por que non? Adoitas pedir a colaboración do alumnado para achegar á aula este ou outro tipo de material? • Que tipo de tarefas acostumas pór ao alumnado para facer na casa? Precisan do libro de texto para cumprimentalas? • Pensas que o alumnado podería prescindir do libro de texto? Que tipo de material didáctico prefiren usar? Cales son as actividades que acollen con máis/menos entusiasmo? • Que valor lle concedes ao uso das novas tecnoloxías na aprendizaxe dun idioma estranxeiro?
Que papel desenvolven a docente e os materiais curriculares na importancia que se outorga e no tratamento que se dá aos contidos socioculturais na aprendizaxe do inglés?	<ul style="list-style-type: none"> • Que orde de preferencia atribúes ás catro destrezas do estudo dunha lingua? • Botas en falta unha quinta destreza vinculada aos contidos socioculturais? Que opinas de inverter o enfoque do proceso ensino-aprendizaxe accedendo ao estudo da lingua a través da inmersión na cultura e sociedade que a utiliza? • Como te achegas aos contidos socioculturais? Paréceche dabondo a presenza que teñen no libro de texto? Cuestionas co teu alumnado o tipo de valores e sociedade que reflicten/ignorán? • Que contidos socioculturais, non incluídos no libro de texto, lembras ter traballado con este grupo? Cal espertou maior interese no alumnado?

⁵⁴² Doc. nº 8 do anexo: Planificación da entrevista á profesora

⁵⁴³ Doc. nº 8 do anexo: Planificación da entrevista á profesora

	Desenvólvese na aula unha actitude crítica cara a detectar as razóns explícitas e implícitas que xustifican a hexemonía dunha determinada lingua?	<ul style="list-style-type: none"> • Estableches algunha vez as canles necesarias para que o alumnado reflexionase sobre a situación lingüística galega mediante a comparación con outras situacións semellantes que están a vivir noutros países?
--	---	---

Figura 125: Táboa que reflicte a planificación da entrevista á docente con indicación da hipótese que deu lugar a esta tese, as preguntas parciais de investigación e as preguntas de entrevista. Fonte: elaboración propia adaptada de S. Kvale

Licenciouse en Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago e, tras superar as oposicións a Agregada de Bacharelato, impartiu sempre clases neste nivel até a implantación da ESO, desde entón imparte aulas en ambos os dous niveis educativos⁵⁴⁴. Tivo os primeiros contactos coa cultura inglesa cando era estudante de filoloxía asistindo a algún curso de formación nas universidades inglesas e desenvolvendo traballos no Reino Unido durante as vacacións, o que lle facilitou un coñecemento da lingua e da sociedade británica máis amplo e auténtico. Admite que foron experiencias moi enriquecedoras, tanto no persoal como no profesional.

Ten máis de 20 anos dedicada á docencia⁵⁴⁵ e, desde os comezos da súa traxectoria profesional, leva participando con relativa frecuencia en xornadas e cursos de formación do profesorado, o que lle permite manterse ao día canto a materiais e a métodos de ensinanza das linguas estranxeiras e coñecer outras formas de traballar máis innovadoras.

Durante as súas estancias no Reino Unido tivo ocasión de participar en grupos de traballo a nivel europeo que propiciaron que se mantivese en contacto coa lingua e cultura anglosaxona, entre outras, e lle permitiron coñecer xente interesante profesionalmente⁵⁴⁶. Recorda con especial satisfacción un intercambio realizado entre o seu alumnado de bacharelato e o dunha *High School* en Inglaterra que deu ao alumnado a oportunidade de contextualizar a aprendizaxe do idioma⁵⁴⁷.

Na actualidade procura participar nos grupos de traballo que se organizan no centro, estean ou non directamente vinculados á aprendizaxe de linguas estranxeiras, pois di que o departamento ao que pertence gusta de traballar a materia desde un punto de vista interdisciplinar⁵⁴⁸, feito que non se puxo de manifesto en ningunha das sesións observadas (observación nº 6, 9, etc.). Mantén o contacto coa cultura e lingua anglosaxona a través de publicacións como *Speak-up* _á que está

⁵⁴⁴ Transcrición entrevista á profesora: preguntas de aproximación nº 2, 3. Doc. nº 15 do anexo

⁵⁴⁵ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 1. Doc. nº 15 do anexo

⁵⁴⁶ Transcrición entrevista á profesora: preguntas de aproximación nº 5, 6. Doc. nº 15 do anexo

⁵⁴⁷ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 7. Doc. nº 15 do anexo

⁵⁴⁸ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 6. Doc. nº 15 do anexo.

subscrito o departamento_ xornais, internet, a televisión e viaxes vacacionais⁵⁴⁹. Ten moi claro que o interese do alumnado pola materia reside en razóns de tipo práctico, segundo as respostas que o alumnado deu no cuestionario inicial (analizado no apartado de material destinado ao alumnado) que ten por costume pasarlles ao comezo do curso; a maioría escólleo porque pensa que pode serlles útil no futuro, outro sector porque quere entender a letra das cancións ou navegar por internet:

M. S. (Investigadora): Que razóns cres que conducen á maioría do alumnado a elixir inglés como primeira lingua?

Profesora: A maioría faino porque cre que lle será útil no futuro para viaxar, para o seu traballo: Iso téño claro xa que adoito pasarlles un cuestionario na primeira clase preguntándolles isto e outras cousas, como se teñen familiares que falen inglés ou que vivan nun país de fala inglesa, que esperan da clase de inglés, que é o que lles gusta máis ou o que menos [...] ⁵⁵⁰.

A pesar desta aparente motivación inicial do alumnado, e pese á súa longa experiencia profesional como docente, segue a sorprendelleva que precisamente sexa a falta de motivación un dos principais problemas que atopa á hora de impartir as aulas en 4º de ESO. Pensa que a razón desta desmotivación é que o alumnado non percibe resultados prácticos inmediatos da aprendizaxe ao non ter ocasión de pór en práctica o que aprende, en contextos auténticos, non simulados. Entende que isto, xunto coa falta de hábitos de estudo, e a cultura do non esforzo, é o principal problema que atopan docentes e discentes á hora de conseguir os obxectivos que se propoñen. Neste sentido, un obxectivo prioritario para a profesora é concienciar ao seu alumnado da importancia que o dominio de linguas estranxeiras ten nunha sociedade global de libre circulación dos traballadores⁵⁵¹.

Na súa opinión, e a pesar dos decretos máis ou menos afortunados da Administración, nin o inglés nin ningunha outra lingua estranxeira ten o peso que debería ter nas políticas educativas; nin a carga horaria, nin os medios, nin a formación do profesorado é a adecuada para formar cidadanía capacitada para vivir nunha sociedade cada vez máis globalizada; entende que se está a xogar un dobre xogo:

M. S. (Investigadora): *Que lugar pensas que ocupa esta materia na educación e formación do alumnado nesta etapa educativa?*

⁵⁴⁹ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 5. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁰ Tradución ao galego da investigadora. Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº1. Doc. nº 15 do anexo

⁵⁵¹ Transcrición entrevista á profesora: preguntas específicas nº 2,3,4. Doc. nº 15 do anexo

Profesora: [...] legislar, lexíslase; pero logo non se arriman os recursos necesarios para desenvolver esas normativas, e así non hai forma de derrubar a fronteira que supón o descoñecemento da lingua para achegarnos a outras culturas e á cultura mesma[...] ⁵⁵².

No referente aos materiais didácticos explica que o libro de texto se elixiu en función da súa adecuación ao currículo oficial, da natureza dos temas e textos de xeito que respondan aos intereses do alumnado e ao aspecto máis ou menos atractivo visualmente. Xorde de inmediato a pregunta (non programada) de quen decide cales son eses intereses e cal é ese aspecto... A profesora séntese incómoda e de feito, en principio, non sabe que responder; logo busca argumentos baseados na experiencia persoal e profesional e nas enquisas que se pasan ao alumnado ⁵⁵³.

Considera imprescindible o libro de texto para o alumnado porque é algo que sempre está aí para consultar e porque lle facilita o estudo de xeito máis organizado; tamén o considera moi importante para o profesorado e de feito é o principal material didáctico e o que marca o ritmo das aulas (observación nº 4, 5, 7...); incluso a distribución de contidos por avaliación faise en función das unidades nas que se divide o libro de texto:

M. S. (Investigadora): Que valor lle atribúes ao libro de texto respecto do resto dos materiais didácticos que empregas?

Profesora: É imprescindible, é a única forma de que o alumnado dispoña dun libro de consulta; é como unha guía para o estudo e para a preparación de exames. A nós evítanos moito traballo pois xa os contidos veñen organizados por avaliacións. O que nos sobra é traballo, tal como están as cousas... calquera material que facilite a tarefa é ben acollido ⁵⁵⁴.

Aclara a profesora que o departamento decide o material extra a distribuír entre o alumnado, en fotocopias, para repasar ou profundar naqueles contidos gramaticais que o libro presenta superficialmente ⁵⁵⁵. Non se fai uso de material auténtico nin se conta co alumnado para achegar material, nin sequera canto ás cancións a traballar na aula ⁵⁵⁶. Con respecto ás preferencias do alumnado asegura que o que máis lles atrae é traballar cos ordenadores, porque non se senten tan observados nin xulgados, e con cancións. De novo xorde outra pregunta non programada acerca de que tipo de actividade fan cos ordenadores ⁵⁵⁷ e, de novo, trátase de actividades de reforzo ou ampliación dos contidos gramaticais (observación nº 8). Porén afirma que o uso das TIC na

⁵⁵² T.I. Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 5. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵³ Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 6. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁴ T.I. Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 7. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁵ Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 8. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁶ Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 9. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁷ Transcripción entrevista á profesora: pregunta específica nº 9. Doc. nº 15 do anexo.

aprendizaxe de idiomas ten moito futuro pero previamente hai que formar o profesorado e dotar aos centros dos recursos imprescindibles para afrontar o ensino con estes medios⁵⁵⁸.

Canto ás destrezas da lingua, concede máis importancia á comprensión e expresión oral:

M. S. (Investigadora): Que orde de preferencia atribúes ás catro destrezas do estudo dunha lingua?

Profesora: Pois., a comunicación é basicamente oral, o importante é entender e falar pero...se tes moitos coñecementos gramaticais, controlas vocabulario e estruturas, loxicamente che resultará máis doado comunicarte. Non sei... penso que todo é importante sobre todo se estudas fóra de contexto⁵⁵⁹.

Engade que o ideal é estudar a lingua en permanente contacto coa sociedade e cultura que a conforman pero non considera a posibilidade de introducir unha quinta destreza vinculada aos contidos socioculturais e, moito menos, inverter o enfoque do proceso ensino aprendizaxe accedendo ao estudo da lingua a través da inmersión na cultura e na sociedade que a utiliza, xa que pensa que non se dan as circunstancias que posibilitarían este cambio⁵⁶⁰. Neste sentido fai referencia á escaseza de bolsas de estudo e outras axudas, tanto para alumnado como para profesorado, e ás políticas e programas educativos doutros países nos que o futuro profesorado de linguas estranxeiras cursa parte dos seus estudos universitarios no país da correspondente lingua⁵⁶¹.

Non considera, non obstante, a posibilidade de compensar estas carencias a través dun tratamento diferente dos contidos socioculturais nas aulas e confórmase co enfoque que o manual lles outorga, sen cuestionar os valores que se transmiten mediante as presenzas/ausencias que nel se reflicten⁵⁶² (v. observacións nº 4, 6,7, 10 e 11).

Os datos tirados das sesións de observación, permiten asegurar que incluso parte dos escasos contidos socioculturais presentes no libro de texto foron ignorados en beneficio dos de tipo lingüístico (observación nº 7) ou desaproveitados ao non profundar neles (observación nº 1, 2, 3, 5, etc.). De novo ponse de manifesto o papel de “colaborador inconsciente” (observación nº 5) que desempeña o profesorado na transmisión dos valores da cultura e o poder hexemónicos, incluso en persoas que amosan ter unha actitude crítica diante da Administración, como no caso desta profesora⁵⁶³. Naturalmente o sistema funciona incluso a pesar desta “inconsciencia crítica” porque a propia profesora ten interiorizados eses valores que lle fan ver a lingua como algo illado do social, e a educación como algo separado da política; percibe a educación como unha institución lingüística pero non social cuxos significados sociais se expresan lingüisticamente; non é consciente de que a

⁵⁵⁸ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 12. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁵⁹ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 13. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁶⁰ Transcrición entrevista á profesora: preguntas específicas nº 14, 15. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁶¹ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 6. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁶² Transcrición entrevista á profesora: preguntas específicas nº 16-18. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁶³ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 2, 4, 6. Doc. nº 15 do anexo.

mensaxe subliminar que emana do omnipresente control que a institución educativa exerce sobre o profesorado dá como resultado, precisamente, o significado social que se desprende da súa resposta á pregunta específica nº 20:

M. S. (Investigadora): Estableciches algunha vez as canles necesarias para que o alumnado reflexionase sobre a situación lingüística galega mediante a comparación con outras situacións semellantes que estiveron/están a vivir noutros países e máis en concreto na sociedade anglosaxona?

Profesora: Non. Realmente creo que son cuestións políticas que quedan á marxe da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Lembra ter traballado, mediante unha presentación en Power Point, contidos socioculturais relativos á celebración do Halloween nos EEUU, e outra sobre a comida; ambas as dúas presentacións foron preparadas pola auxiliar de conversa norteamericana e ao alumnado resultoulle máis interesante a de Halloween. Chamoume a atención que non aproveitaran a ocasión para traballar o tema de xeito interdisciplinar galego-inglés comparando esta celebración co Samaín⁵⁶⁴. A actitude crítica que a profesora presenta diante da Administración educativa faina extensiva ao profesorado das unidades bilingües⁵⁶⁵ pois entende que, en moitos casos, as solicitan por intereses persoais e profesionais pero non educativos, sen ter a preparación lingüística que requiren.

9.2.3.8 *Acerca dos materiais didácticos*

Non se describen, por ser irrelevantes para esta investigación, todos os materiais didácticos de que dispón o centro nin a súa distribución por departamentos. Neste traballo centrámonos na descrición dos recursos didácticos do departamento de inglés e, máis concretamente, nos utilizados, directa ou indirectamente, na aula observada.

Esta análise de materiais didácticos céntrase, fundamentalmente, nos compoñentes do método utilizado: os destinados ao alumnado (libro do alumnado, caderno de traballo, libro de lectura, revista con CD, *Website*, exames, etc) e o material para o profesorado proporcionado pola editorial (guía, *class-CD*, DVD, *tests-CD* e recursos de apoio). Completarán a análise outro tipo de material didáctico complementario, tamén de uso nas aulas, calquera que sexa a súa procedencia (cuestionario inicial aplicado pola profesora, traballos, carteis, etc, expostos no cortizo, fotocopias, *authentic material*, *tests*, exames, etc.). Un terceiro grupo de documentos a analizar constitúeno aqueles que teñen incidencia nas aulas mais non se utilizan directamente (nin durante as sesións de observación), como a programación do departamento, actas de reunións, memoria final do curso,

⁵⁶⁴ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 19. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁶⁵ Transcrición entrevista á profesora: pregunta de aproximación nº 4. Doc. nº 15 do anexo.

etc., así como as respostas ao cuestionario de elaboración propia aplicado ao profesorado de inglés ao remate dunha reunión de departamento cuxo contido tamén se somete a análise.

MATERIAL SUSCEPTIBLE DE SER ANALIZADO		CAPÍTULO	
Destinado ao alumnado	COMPOÑENTES DO MÉTODO EN USO	Libro de texto	cap. 9
		Caderno de traballo	cap. 9
		Revista con CD	Non se utilizou
		Website	Non se utilizou
		DVD	Non se utilizou
		Class CD	cap. 9
	OUTRO MATERIAL COMPLEMENTARIO DE USO NAS AULAS	Cuestionario inicial	cap. 9
		Contido do cortizo	cap. 9
		Libro de lectura	cap. 9
		Fotocopias	cap. 9
		Authentic material	cap. 9
		Tests, controis, exames	cap. 9
Destinado ao profesorado	COMPOÑENTES DO MÉTODO EN USO	Guía	cap. 9
		Class CD	cap. 9
		DVD	Non se utilizou
		Tests CD	Non se utilizou
		Recursos de apoio	Non se utilizaron
	MATERIAL DE INCIDENCIA NAS AULAS PERO NON DE USO DIRECTO	Programación do departamento.	cap. 9
		Convocatorias/actas reunión do departamento.	cap. 9
		Memoria final de curso.	cap. 9
		Cuestionario ao profesorado de inglés.	cap. 9

Figura 126: Táboa que reflicte o material didáctico susceptible de ser analizado. Fonte: elaboración propia

9.2.3.8.1 Material destinado ao alumnado

Inclúese neste grupo tanto material do método en uso⁵⁶⁶ como o elaborado pola profesora.

Un primeiro grupo de documentos analizouse por rigorosa orde de utilización ou mención na aula durante as sesións de observación, e as análises reifícanse na descrición de cada unha das sesións segundo se indica de seguido:

⁵⁶⁶ SPENCER, David (2006): *Macmillan Secondary Course 4*. Oxford, U.K.

MATERIAL ANALIZADO DESTINADO AO ALUMNADO		
Nº E DATA DA OBSERVAÇÃO	CAPITULO	DOCUMENTO QUE SE ANALIZA
Observación nº 1 (21-02-2011)	9	Libro de texto, unidade 5, p. 62 + CD do método.
Observación nº 2 (23-02-2011)	9	<i>Present Perfect 1</i> (dossier, doc. 1) + Libro de texto, unidade 5, p. 65. Libro de texto, unidade 4, p. 52 + CD do método. <i>Workbook</i> unidade 4, ps. 24-29. Libro de texto, unidade 4, p. 55.
Observación nº 3 (25-02-2011)	9	Presentación <i>Power Point</i> + copias (dossier, doc. 2)
Observación nº 4 (28-02-2011)	9	<i>Present Perfect vs. Past Simple, 2</i> (dossier, doc. 3). Libro de texto, unidade 5, p. 63 + CD do método. Libro de lectura: <i>The Mind Map</i> + exame (dossier, doc. 10).
Observación nº 5 (2-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 5, ps. 61, 60, 64, 66 + CD do método.
Observación nº 6 (14-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 5, p. 66 + CD do método (canción). <i>Texting</i> (dossier, doc. 4). <i>Passive voice, 1</i> (dossier, doc. 5). Libro de texto, unidade 6, p. 74. <i>Workbook</i> , unidade 5, ps. 30-35.
Observación nº 7 (16-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 6, ps. 77, 75 + CD do método <i>Passive voice, 2</i> (dossier, doc. 6)
Observación nº 8 (18-03-2011)	9	Autoest 3 (dossier, doc. 7).
Observación nº 9 (21-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 6, p. 73 (<i>Mangamania</i>) + CD do método. <i>Passive voice, 3</i> (dossier, doc. 8).
Observación nº 10 (23-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 6, p. 78. Libro de texto, unidade 6, pp. 72, 76 (exercicios 1, 2, 3, 4) + CD do método.
Observación nº 11 (25-03-2011)	9	Libro de texto, unidade 6, p. 76 (exercicios 4 (cont), 5, 6 e 7) + CD do método. Libro de texto, unidade 6, p. 79 (<i>English in the world</i>). <i>Workbook</i> , unidade 6, ps. 36 (ex. 1, 2, 3), 37 (ex. 4, 5), 38 (ex. 6,8), 39 (ex. 9, 10), 40 (ex. 1,3), 41 (ex. 1,3).
	9	Cuestionario inicial (dossier, doc. 9).
	9	Material sobre o cortizo.
	7	Libro de texto: análise icónica.
	8	Libro de texto: análise lingüística.
	9	Libro de lectura + exame (dossier, doc. 10).
	9	Exame 2ª avaliación (dossier, doc. 11).

Figura 127: Táboa que reflicte o material analizado destinado ao alumnado. Fonte: elaboración propia

Para a **análise icónica** do libro de texto completo remítome ao capítulo 7 e para a **análise lingüística** das unidades non desenvolvidas durante as sesións de observación ao capítulo 8. Con independencia

destas análises procedeuse tamén a examinar o contido das unidades 4, 5 e 6 do libro e o uso que del facían alumnado e profesorado durante as sesións de observación.

Con respecto ao **caderno de traballo**, a única referencia ao mesmo facíase por parte da profesora ao finalizar a unidade que se estaba a traballar, momento no que se lle indicaba ao alumnado o número dos exercicios que tiña que facer na casa e a data en que tiña que telos feitos; entón repartíanse as solucións para que o alumnado realizase a autocorrección na casa; non se traballa con este material na clase pero será analizado en cada sesión de observación na que se mencione⁵⁶⁷.

Tampouco se traballa na clase o **libro de lectura**; o alumnado debe lelo na casa e facer os exercicios de comprensión que se inclúen ao remate de cada capítulo, así como adquirir novo vocabulario relacionado coa lectura. A profesora controla esta tarefa a través dun exame, co que pretende comprobar se o leron e se asimilaron o vocabulario. En varias ocasións a profesora lémbbralles que o exame do libro de lectura está convocado para o día 28 de marzo. Pareceume de particular interese para esta investigación analizar o contido, tanto desta lectura como do exame sobre a mesma que deseñe a profesora, cara a comprobar os contidos socioculturais e os valores que aparecen no mesmo. así como o tratamento que se lles dá e que describimos nos parágrafos que seguen.

Nas reunións coa profesora, destinadas a triangular os datos recollidos, tiven a oportunidade de puntualizar e recadar información sobre determinados aspectos como, por exemplo, que tanto o libro de lectura como o caderno de traballo son considerados por este departamento como material de reforzo, entendido o reforzo como un medio de afianzar os contidos estritamente lingüísticos (estruturais e léxicos) pero en ningún momento se fai referencia ao posible contido sociocultural deste material. Explica que os libros de lectura obrigatoria teñen, para o departamento de inglés, un interese engadido, á marxe do lingüístico, que é o de contribuír a fomentar entre o alumnado o hábito da lectura dentro do proxecto didáctico que o centro programa anualmente para tal fin. Xorde entón a pregunta de que criterios se manexan para elixir estes libros e que resultan ser, fundamentalmente, o nivel de dificultade estrutural e que o argumento responda aos intereses do alumnado, intereses que se filtran e determinan en función das suxestións das editoriais, da idade do destinatario e da percepción que o profesorado teña sobre esta cuestión. Comenta que, en ocasións, é difícil encaixar ambos os dous criterios debido a que o nivel de coñecemento da lingua inglesa de determinados grupos é tan baixo que non poden ler o que correspondería segundo os filtros mencionados, o que conleva unha perda de interese pola lectura.

⁵⁶⁷ Sesións nº 2, 6 e 11

O libro⁵⁶⁸ s'érvese da metalinguaxe para reflectir o mundo escolar tradicional dentro da propia historia; tradicional non por amosar métodos anticuados xa que, de feito, o alumnado utiliza internet para desenvolver proxectos fóra da aula, traballa en equipo, desenvolve mapas conceptuais etc.; porén, no manual aparecen elementos tradicionais _como o encerado, a distribución espacial co profesorado situado diante_ e o libro de texto está omnipresente como ferramenta básica nas dúas materias cuxas clases forman parte do argumento (Historia e Inglés). Está ambientado en Colombia (Sta. Marta-Sierra Nevada) e trátase dunha escola homoxénea canto á orixe do alumnado. O título (*The Mind Map: O Mapa Conceptual*) fai referencia ao proxecto que o profesor de Historia lle propón ao alumnado: elaborar un mapa conceptual a partir da palabra *Guaca*. O desenvolvemento do proxecto por parte dos principais protagonistas aporta referencias moi superficiais a Cristobal Colón e aos españois, ao ouro sacado do país polos estranxeiros e tamén á tribo dos *Kogi*, un grupo étnico amerindio de Colombia. Penso que este libro, doado de ler e aparentemente intranscendente no seu contido, daría unha grande oportunidade para abordar temas como a colonización, as minorías étnicas, as súas linguas e culturas, e tamén para establecer paralelismos e diferenzas entre culturas. Tamén sería posible analizar o modelo de familia (monoparental: avoa e nai de clase baixa realizando tarefas de limpeza e domésticas) e de parella (mozo-moza) que se reflicte no libro e os roles atribuídos a homes e mulleres.

Canto ao **exame deste libro de lectura**, consta de 26 enunciados sobre diferentes aspectos da narrativa (personaxes, obxectos, animais, lugares, etc.))que o alumnado debe cualificar de verdadeiro ou falso. Este tipo de exames ten dous obxectivos claramente diferenciados: comprobar que o alumnado leu o libro e avaliar o seu nivel de comprensión lectora a través da identificación do argumento, a contorna na que se desenvolve e os elementos materiais e humanos que interveñen na historia. A xulgar polo contido do exame, non só non se espera que o alumnado teña profundado ou reflexionado sobre os aspectos culturais implícitos na lectura, senón que tampouco as referencias a feitos históricos explícitas na mesma foron incluídas no exame; ningún dos items transcende a trama para pescudar se a lectura do libro espertou no alumnado un interese por ampliar coñecementos ou se o alumnado é quen de ler con sentido crítico.

En ningunha das sesións de observación se fixo uso da revista *Magazine* que inclúe o material do alumnado nin se traballou na *website*. Ao preguntarlle á profesora sobre este asunto, explicou que o departamento decidira destinar este material á aprendizaxe autónoma do alumnado, xa que con só 3 horas semanais de clase é imposible traballar con todo o material que forma parte do método utilizado. Aínda que o obxectivo da fase de análise de documentos era analizar só aqueles especificados nos parágrafos anteriores, de novo inquietoume a ausencia dun material que, en

⁵⁶⁸ MORRISON, David (2009): *The Mind Map*. Cambridge Discovery Readers. Cambridge University Press.

principio, podía ser proclive a estender o tratamento de contidos socioculturais ao período de lecer do alumnado, polo que pedín un exemplar da revista para pescudar neste sentido pero non foi posible facelo porque o departamento non contaba con ningún exemplar.

Canto ao **material exposto no espazo do cortizo** da aula reservado a esta materia, conséntase que tampouco foi utilizado durante as sesións de observación. Non obstante, cómpre salientar que tipo de material figuraba colgado neste espazo: un calendario en inglés, un mapa icónico do Reino Unido, un cartel plastificado coa lista de verbos irregulares, outro ilustrado sobre o uso dos verbos modais e un póster que ilustra o uso das preposicións. Con independencia da súa non utilización, estas presenzas (que sen dúbida están para contextualizar a aprendizaxe) veñen reforzar, por unha banda, o enfoque anglicista detectado nas análises realizadas ao longo deste traballo (non hai mapas doutros países de fala inglesa) e, por outra banda, a importancia que se lle outorga aos contidos lingüísticos en detrimento dos socioculturais.

Xusto ao finalizar as sesións de observación o grupo observado realizará o exame sobre os contidos programados para a 2ª avaliación, entre os que se inclúen os desenvolvidos durante a miña presenza na aula. Cómpre, pois, someter a análise tamén o contido deste exame para comprobar se se inclúen aspectos socioculturais e, no caso de que figuren, que tratamento reciben e que puntuación se lles outorga no conxunto do exame⁵⁶⁹. O documento consta de sete apartados con múltiples ocas que o alumnado debe completar:

- 1 Un texto acerca dun roubo nunha casa luxosa no que se inclúe o interrogatorio ao que é sometida, como sospeitosa, a muller que se encarga da limpeza da casa.
- 2 Unha chamada telefónica da Sra Robinson á policía dando parte do rapto da súa filla mentres xogaba no xardín.
- 3 Unha breve conversa entre Pat e Jane na que a primeira, que está a facer un curso de literatura, se queixa de ter que ler un libro tan grosa como *Guerra e Paz*.
- 4 A noticia do secuestro dun avión ruso.
- 5 Exercicio de transformacións lingüísticas.
- 6 Vocabulario.
- 7 Facer preguntas para unhas respostas dadas.

⁵⁶⁹ Dossier. Doc. nº 11
468

Os sete apartados teñen un denominador común: o alumnado debe completar os ocios facendo uso de estruturas lingüísticas: conxugación verbal, uso da voz pasiva, preposicións, comparativos, relativos, uso de determinadas partículas, vocabulario, etc.

Excepción feita do apartado de vocabulario e a referencia a Tolstoi como autor de *War and Peace*, entre os contidos a avaliar no exame non se inclúen os socioculturais, e debo admitir que non me sorprende pois, por pura coherencia co desenvolvemento das aulas observadas, non cabía esperar que tivesen un peso específico na avaliación. As referencias culturais no exercicio de vocabulario limitáanse a identificar Gran Canaria como unha illa, Trevi como unha fonte, Eiffel como unha torre, e Thomas Edison como o inventor da luz eléctrica. Ao analizar o contido das sesións de observación xa se deixa constancia da escasa presenza de contidos deste tipo. Asemade, durante a entrevista á docente conséntase que non lles outorga moita importancia⁵⁷⁰:

M. S. (Investigadora): Botas en falta unha quinta destreza vinculada aos contidos socioculturais?

Profesora: Non, xa se inclúen eses contidos no libro. Moi limitados porque non están contextualizados, pero penso que son dabondo.

Non considera posible cambiar o ensino de linguas estranxeiras dándolle un enfoque máis centrado na cultura, adquirindo a lingua como unha manifestación máis desa cultura⁵⁷¹:

M. S. (Investigadora): Que opinas de inverter o enfoque do proceso ensino- aprendizaxe accedendo ao estudo da lingua a través da inmersión na cultura e sociedade que a utiliza?

Profesora: unha utopía. É imposible [...]

Segundo queda reflectido nos datos tomados durante as sesións de observación e na entrevista, e a pesar das referencias constantes á escaseza de tempo para impartir a materia, é curioso que amplíe os contidos lingüísticos do libro pero, non obstante, considere que os aspectos socioculturais teñen presenza dabondo na sección *English in the World*, sobre todo se recordamos que non sempre se traballou na clase esta sección porque “non daba tempo”. Está claro que na expresión “dar o nivel” non teñen presenza os contidos relacionados coa cultura e sociedade anglosaxona⁵⁷².

M. S. (Investigadora): Cal é a razón pola que distribúes material de elaboración propia entre o alumnado?

Profesora: Pois para ampliar os contidos gramaticais ..., cada vez baixamos máis o nivel para que aproben máis, cos obxectivos mínimos, pero ... aínda que non o esixas nos exames ... eu négome a non dar o nivel.

⁵⁷⁰ Doc. nº 15 do anexo. Entrevista á profesora, pregunta específica nº 12.

⁵⁷¹ Doc. nº 15 do anexo. Entrevista á profesora, pregunta específica nº 12.

⁵⁷² Doc. nº 15 do anexo. Entrevista á profesora, preguntas específicas nº 6 e 13.

M. S. (Investigadora): *Como te achegas aos contidos socioculturais?*

Profesora: Pois no libro de texto trabállanse na sección *English in the World*.

M. S. (Investigadora): *Paréceche dabondo a presenza que teñen no libro de texto?*

Profesora: Si, é dabondo pois non hai tempo para amplialos.

Á marxe dos aspectos lingüísticos do exame, centrando a atención nos significados agochados, obsérvase que nos dous primeiros apartados se perpetúan os tópicos androcentristas: o poder exérceno os homes, a autoridade osténtana os *policemen* non as *policewomen*; subxacen prexuízos de clase social ao verter as sospeitas do roubo sobre a muller da limpeza; os roles atribuídos á muller nos tres apartados non están exentos de prexuízos sexistas: a muller dedicada á limpeza e a muller ao coidado da prole (e non queda claro se polo seu “descoido” secuestran á filla); incluso cando a muller está a exercer unha actividade de tipo intelectual (un curso de literatura) téntase infravaloralo a través do seu comentario de que ten que ler “un libro moi grosso, máis grosso que o do ano anterior”; aliméntanse os prexuízos racistas (antiárabe) a través da noticia do secuestro do avión, desviado a Arabia Saudí nun acto terrorista.

Certamente as situacións reflectidas nos exercicios do exame danse na sociedade actual e non sería o exame sometido a unha análise tan crítica de terse enfrontado nas aulas, con espírito crítico, situacións similares, en cuxo caso o alumnado ´disporía da ferramenta necesaria para discriminar e interiorizar o seu contido de xeito menos “discursivo”.

Finalmente analízase o cuestionario⁵⁷³ que a profesora aplica, ao principio do curso, ao alumnado para determinar cales son os seus intereses, motivacións, experiencias previas coa lingua inglesa, etc., documento que a profesora cita en varias ocasións durante a entrevista

M.S. (Investigadora): *Quen decide cales son eses intereses (os temas e textos que interesan ao alumnado) e cal é o aspecto adecuado do libro?*

Profesora: Como? Non sei..., home, por experiencia, polo que se deduce do cuestionario que lles paso ao comezo do curso; non sei..., nótaloo cando están traballando, se lles gusta ou non.⁵⁷⁴

O devandito cuestionario consta dunha primeira parte de recollida de datos persoais da/do alumna/o e a súa familia; unha segunda parte na que se pretende debuxar o seu perfil académico facendo fincapé no rendemento escolar na área de inglés e nos coñecementos e experiencias previas do alumnado e da súa familia en relación coa lingua e sociedades de fala inglesa; trátase, asemade, de

⁵⁷³ Dossier. Doc. nº 9

⁵⁷⁴ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 6. Doc. nº 15 do anexo.

coñecer as razóns que a/o alumna/o ten para estudar inglés e se lle gusta ou non, e por que, esta materia; indágase acerca dos recursos de apoio ao proceso de aprendizaxe cos que conta a familia (ordenador, biblioteca, dicionarios, etc,) e, por último, pídeselle que faga suxestións para a clase de inglés.

O feito de interesarse polo contacto que as familias do alumnado puidesen ter coa lingua e cultura inglesas levoume a pensar que a profesora quizais consideraba a posibilidade de colaboración das familias para achegarse a contidos socioculturais de xeito máis concreto e máis próximo ao alumnado. Tratei de pescudalo a través da pregunta específica nº 7:

M.S. (Investigadora): Nalgún momento utilizas “authentic material” nas aulas? Por que/por que non? Adoitas pedir a colaboración do alumnado ou das familias para achegar á aula este ou outro tipo de material?

Profesora: Xa non; adoitaba facelo cando había máis horas de clase; de feito teño montóns de folletos e cousas que traía das miñas viaxes... pero agora non dá tempo e o alumnado cambiou moito; hai unha grande diferenza entre a ESO e o bacharelato actual co de antes e co COU; en xeral poñen pouco interese en colaborar e sempre tes que ter un plan B por se non traen o que lles pediches⁵⁷⁵.

Durante a celebración da entrevista xurdiu a oportunidade de preguntar máis directamente a primeira vez que a profesora mencionou o cuestionario:

M.S. (Investigadora): Que razóns cres que conducen á maioría do alumnado a elixir inglés como primeira lingua?

Profesora: [...] Isto téño claro pois adoito pasarlles un cuestionario na primeira clase preguntándolles isto e outras cousas, como se teñen familiares que falen inglés, ou que vivan nun país de fala inglesa [...]

“M.S.(Investigadora): Por que che interesa saber se as familias falan inglés ou viven nun país de fala inglesa?

Profesora: Sempre poderán axudalos cos exercicios e terán máis oportunidades de pór en práctica o que aprenden; dalgún xeito esperas que este alumnado estea máis motivado e contaxie o seu interese aos demais⁵⁷⁶.

As respostas deixan claro que a profesora pensa nas familias en termos de colaboración na motivación e como apoio cos deberes, máis que como unha fonte de información que lle permita renovar ou actualizar o material auténtico do que di dispor (procedente das súas viaxes) e lle facilite profundar nos contidos socioculturais.

⁵⁷⁵ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 7. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁷⁶ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 1. Doc. nº 15 do anexo.

9.2.3.8.2 Material para uso do profesorado

MATERIAL ANALIZADO DESTINADO AO PROFESORADO ⁵⁷⁷		
COMPOÑENTES DO MÉTODO EN USO	Guía	Cap. 9
	Class CD	Cap. 9
	Material complementario	Cap. 9
MATERIAL DE INCIDENCIA NAS AULAS PERO NON DE USO DIRECTO	Programación do departamento ⁵⁷⁸	Cap. 9
	Convocatorias/actas reunión do departamento ⁵⁷⁹	Cap. 9
	Memoria final de curso ⁵⁸⁰	Cap. 9
	Cuestionario ao profesorado de inglés ⁵⁸¹	Cap. 9

Figura 128: Táboa que reflicte o material analizado destinado ao profesorado. Fonte: elaboración propia

Compoñentes do método en uso

Do material que a editorial Macmillan destina ao profesorado, utilízase na aula só o **libro-guía da profesora**, que inclúe o libro do alumnado, breves orientacións didácticas e as solucións aos exercicios. A propia guía contén unha pequena introdución na que se establecen os obxectivos e os principios xerais do método: “O *Macmillan Secondary Course* incorpora as últimas tendencias no ensino do inglés na etapa de secundaria de xeito práctico e sinxelo para o profesorado. Estas inclúen os contidos establecidos na lexislación educativa e no Marco Común Europeo de Referencia [...]”.

Canto á motivación do alumnado ofrece: “[...] materiais dinámicos e actualizados de interese real para o grupo de idade a quen vai dirixido. As lecturas e exercicios de comprensión oral foron adaptados de textos auténticos dispoñibles para os adolescentes de fala inglesa”.

No referente aos temas socioculturais: “A sección *English in the World* enfatiza aspectos interesantes da vida diaria en países de fala inglesa. Na guía para o profesorado hai referencias culturais acerca da vida en países de fala inglesa. O DVD desenvolve os aspectos culturais presentados na sección *English in the World* do libro do alumnado, en forma de pequenos documentais”.

⁵⁷⁷ Dossier.

⁵⁷⁸ Dossier. Doc. nº 12

⁵⁷⁹ Dossier. Doc. nº 13 e 14

⁵⁸⁰ Dossier. Doc. nº 16

⁵⁸¹ Dossier. Doc. nº 15

Canto ao Marco Común Europeo de Referencia: “O Marco Común Europeo de Referencia inflúe en moitos aspectos do manual, desde a inclusión de determinados obxectivos ao enfoque da avaliación da competencia lingüística”.

Os subliñados dos tres parágrafos anteriores son meus. Quen establece cal é o “interese real” do grupo diana, das/dos adolescentes neste caso? Non responde máis ben aos intereses do *establishment*, dos grupos culturais hexemónicos? Quen determina cales son os “aspectos interesantes da vida diaria nos países de fala inglesa”?; e, en que países de fala inglesa? Que parámetros rexen o establecemento de obxectivos e a “competencia lingüística” para contar coa aquiescencia do MCER? Atopámonos ante unha situación cen por cen europeísta conducente a atinxir unha uniformidade lingüística que exclúa calquera outra variante cultural? Obsérvase que as liñas orientativas para o profesorado expresadas na guía non contradín as conclusións tiradas da análise icónica e lingüística do manual⁵⁸²; polo contrario, abonda nun enfoque eurocéntrico perpetuador dos valores e intereses propios das clases dominantes.

Esta declaración de intencións da editorial tradúcese, na práctica, no referente aos aspectos socioculturais, en certas representacións icónicas e textuais, principalmente na sección *English in the World*, e nunha breve pregunta por cada unidade, dirixida ao alumnado, en relación con algún produto do mercado, algún personaxe histórico, popular ou famoso e, na guía do profesorado, proporciónase unha pequena resposta explicativa a esas preguntas. Chama a atención a colocación desta pregunta no libro do alumnado: en letra miúda, á marxe dereita ou esquerda e en sentido vertical de xeito que pode pasar desapercibida; de feito non se mencionou en ningunha das sesións observadas e é difícil que ninguén repare nela se non manexa a guía do profesorado. Nesta, curiosamente, introdúcese a actividade con estas palabras: *Draw students’ attention to the cultural note at the side of the page* (“Dirixa a atención do alumnado á referencia cultural á marxe da páxina”). Así, as preguntas non formuladas, correspondentes ás unidades 4, 5 e 6 traballadas durante a fase de observación deste traballo, foron:

- *Sabías que a primeira persoa que deu a volta ao mundo foi Magallanes, no século XVI? Levoulle tres anos!*
- *Sabías que a estatua de David é de Miguel Anxo? Levoulle tres anos completala e ten 4.34 m. de altura.*
- *Sabías que existen virus de teléfonos móbiles desde 2004? O primeiro chamouse Cabir.*
- *Sabías que os animais poden ser bos comunicadores? Un loro chamado N’Kisi tiña un vocabulario de 950 palabras e era quen de contar chistes.*

⁵⁸² Capítulos 7, 8 e 10.

- Sabías que os comics xaponeses chámanse Manga, pero as versións en banda deseñada para TV ou para o cine chámanse Anime?
- Sabías que a nai de Leonardo DiCaprio chamoulle así por mor de Leonardo Da Vinci?

Realmente atraer a atención do alumnado sobre estas preguntas daríalle ocasión de traballar o inglés de xeito interdisciplinar e de achegarse a diferentes culturas a través da procura de información na rede.

Material complementario

A profesora lamenta que esta materia non dispoña da carga horaria necesaria para poder facer uso do material complementario que proporciona a editorial ou do “authentic material” que trouxo de Inglaterra.⁵⁸³

Aparte do libro-guía, usouse o CD para exercicios de comprensión oral pero non se utiliza o DVD nin os recursos de apoio. Se lembramos que na propia introdución á guía descríbese o DVD como o medio de profundar nos aspectos culturais que reflicte a sección *English in the World*, de novo parecen sacrificarse este tipo de contidos e, consecuentemente, os obxectivos con eles relacionados, en favor dos gramaticais.

Material de incidencia na aula pero non usado durante as sesións de observación:

Sendo a **programación do departamento** un documento que establece o ritmo a imprimir ao acto didáctico e de clara incidencia nas actuacións que se desenvolven na aula ao tratarse dun marco de referencia que garante a coordinación do profesorado pertencente a un mesmo departamento no relativo aos obxectivos a alcanzar e aos contidos a desenvolver en cada unha das tres avaliacións oficiais⁵⁸⁴, así como á didáctica a aplicar, incluímos a súa análise neste traballo orientada principalmente a comprobar a importancia que se lle dá na programación aos contidos socioculturais, que tratamento se lles dá sobre o papel e se durante as sesións de observación se leva a cabo consonte o programado. Non debe esquecerse que as programacións remítense no mes de setembro á Inspección Educativa para a súa aprobación, o que estende a responsabilidade sobre o seu contido máis alá do departamento e do centro de orixe. Tamén convén recordar que os departamentos deben axustar as súas programacións a un esquema establecido pola Administración Educativa e que abrangue os seguintes apartados:

- ❖ Actitudes, valores e normas.
- ❖ Obxectivos didácticos e competencias.

⁵⁸³ Transcrición entrevista á profesora: pregunta específica nº 9. Doc. nº 15 do anexo.

⁵⁸⁴ Dossier. Doc. nº 12 (Apdo 7, p. 128-129 da programación “Temporalización”).

- ❖ Contidos :
 - Bloque 1 : escoitar, falar, conversar, ler e escribir.
 - Bloque 2 : Coñecemento da lingua.
 - Bloque 3 : Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.
- ❖ Outros aspectos a recoller na programación son:
 - Procedementos para avaliar a propia programación.
 - Tratamento dos temas transversais.
 - Criterios de avaliación.

De seguido recóllense parágrafos da programación de 4º de ESO⁵⁸⁵ ilustrativos da maneira como se programan, nos diferentes apartados (desde os máis xerais aos máis concretos), os contidos socioculturais e certos aspectos con eles relacionados, e procédese a comentalos desde a perspectiva da análise icónica e lingüística do libro de texto e do observado no campo:

No apartado de “Actitudes, valores e normas”, lese:

“Desexo de practicar a partir de modelos válidos⁵⁸⁶ para se desenvolver na lingua inglesa.

Interese polo traballo cooperativo.

Interese por coñecer e respectar opinións sobre crenzas, costumes, [...] distintas das propias.

Desexo por gozar coa lectura de textos de toda índole na lingua estranxeira.

Interese por participar nas actividades propostas”.

As actividades desenvolvidas por parellas ou en pequenos grupos nas aulas observadas ían claramente encamiñadas a despertar no alumnado o interese por participar e polo traballo en equipo, sen dúbida necesario para contribuír á construción da sociedade da que forma parte. Porén bótanse en falta proxectos en equipo de máis calado sociocultural pois o contido das devanditas actividades era maioritariamente lingüístico (léxico, estruturas, etc.).

Da análise do libro de texto e doutros materiais didácticos e a interrelación dos suxeitos da investigación con eles extráese a conclusión de que non hai, (debería dicir non se ofrecen), “modelos”, en plural, senón un único modelo válido da lingua e que é o que fala a clase media inglesa; son escasas as referencias ao inglés falado por outras comunidades ou culturas. Igualmente limitada é a “índole” dos textos traballados nas aulas, sen apenas contido sociocultural, orientados a acadar ou reforzar os obxectivos lingüísticos programados. Canto a fomentar o respecto pola diferenza, non houbo cabida para actividades de análise, crítica e contraste de pareceres ou opinións nas once sesións de observación realizadas. A ocultación das diferenzas, das especificidades, posta

⁵⁸⁵ Dossier. Doc. nº 12

⁵⁸⁶ N. da I. Os subliñados non están na programación.

de manifesto tanto na análise icónica como na análise lingüística do manual, tampouco vén favorecer a consecución deste obxectivo.

No apartado de obxectivos didácticos e competencias recóllese:

- *Falar sobre temas actuais de interese xeral (unidade 1).*
- *Describir hábitos e estilos de vida (unidade 1).*
- *Describir, [...] pedir e dar información sobre acontecementos e situacións do pasado (unidade 2).*
- *Falar e intercambiar información sobre os bens de consumo (unidade 3).*
- *Describir e comparar obxectos e produtos (unidade 3).*
- *Falar e preguntar sobre viaxes e aventuras (unidade 4).*
- *Describir lugares (unidade 4).*
- *Intercambiar información e opinións sobre os medios de comunicación (unidade 5).*
- *Describir situacións e acontecementos do presente e do pasado (unidade 5).*
- *Falar e preguntar sobre arte, ilustracións e fotografías (unidade 6)*
- *Intercambiar opinións sobre o mundo laboral (unidade 7).*
- *Falar e preguntar sobre relacións persoais (unidade 8).*
- *Falar sobre sentimentos (unidade 8).*
- *Falar sobre situacións irrealis ou imaxinarias (unidade 8).*
- *Falar sobre personaxes e feitos das noticias (unidade 9).*
- *Intercambiar opinións sobre o mundo da fama e os famosos (unidade 9).*

O primeiro que chama a atención neste apartado é a forma en que se redactan os obxectivos, máis como actividades ou procedementos que como meta ou finalidade. Un obxectivo é algo que se persegue, que se tenta conseguir, e para iso establécense uns contidos determinados e unhas actividades concretas que os desenvolvan cara a conseguir os obxectivos propostos. No eido educativo, os obxectivos deben expresarse en termos de capacitación; o que se busca é que o alumnado sexa quen de...

Descoñezo o tratamento dado pola profesora aos contidos socioculturais presentes nas seis unidades desenvolvidas nas aulas que non foron obxecto de observación (correspondentes á primeira e terceira avaliación), polo que remito ao lector desta tese aos capítulos 7 e 8, nos que_ a través da análise icónica e lingüística do libro de texto_ se establece o espazo que a editorial lles outorga.

No referente aos obxectivos resaltados, pertencentes ás unidades 4, 5 e 6 (que comprenden a segunda avaliación) desenvolvidas nas once sesións de observación levadas a cabo para este traballo de investigación, as viaxes e aventuras, os lugares que se describen, as ilustracións, fotos e textos referidos ao mundo das artes céntranse na sociedade e cultura euro- norteamericana (observación nº 6). As referencias a situacións e acontecementos do pasado e do presente manteñen estas referencias euro-norteamericanas. Os medios de comunicación están só representados polo teléfono móbil (observación nº 5).

No apartado que determina os contidos a traballar neste nivel da ESO, centramos a atención directamente no bloque 3 “Aspectos socioculturais e consciencia intercultural” de cada unidade:

- *Temas de interese para a mocidade de hoxe en día no Reino Unido e no mundo (unidade 1).*
- *Causas solidarias promovidas por personaxes famosos (unidade 1).*
- *A literatura na sociedade actual (unidade 2).*
- *Cancións en lingua inglesa: “Paperback writer” (unidade 2).*
- *A mocidade fronte aos produtos de consumo e as súas reaccións (unidade 3).*
- *Feitos históricos sobre a moeda nos países de fala inglesa (unidade 3).*
- *Grande aventureiros no mundo de hoxe (unidade 4)*
- *Aspectos xerais sobre Canadá: historia, cultura, deportes, actualidade (unidade 4).*
- *Os medios de comunicación no mundo actual (unidade 5).*
- *Cancións en lingua inglesa: “Hanging on the telephone” (unidade 5).*
- *mundo da arte e da creación artística (unidade 6).*
- *Tate Modern (museo de Londres) (unidade 6).*
- *Accións solidarias (unidade 7).*
- *Asociacións dedicadas á organización de expedicións de voluntariado xuvenil no Reino Unido: Raleigh International (unidade 7).*
- *Acontecementos históricos e personalidades de Irlanda (unidade 8).*
- *Cancións en lingua inglesa: What can I do? (unidade 8).*
- *Embaixadores de boa vontade: famosos solidarios (unidade 9).*
- *Actitude reflexiva ante o papel da fama e os famosos na sociedade actual (unidade 9).*
- *Valoración das causas benéficas no mundo de hoxe (unidade 9)”.*

Da propia redacción dos contidos socioculturais despréndese, en moitos casos, o enfoque que se lles dá sobre o papel: eurocéntrico, anglocéntrico, localista (Londres), referidos á sociedade euro-americana. Remítome ás análises icónica e lingüística do libro de texto (capítulos 7 e 8,

respectivamente) para afondar nesta aproximación ao tratamento dos contidos socioculturais. Porén, outra cousa é o tratamento que o profesorado fai dos enfoques correspondentes, se os enfrenta de xeito crítico e profunda no significado das ausencias.

